ArGaMed 8/2026
eISSN 2695-3951

Cantigas de Santa María.
Proposta de edición crítica

Elvira Fidalgo Francisco

XUNTA DE GALICIA

ArGaMed 8/2026
eISSN 2695-3951

Cantigas de Santa María.
Proposta de edición crítica

Elvira Fidalgo Francisco

XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Secretaría Xeral da Lingua
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario xeral da lingua
Valentín García Gómez

Coordinador científico do CIRP
Manuel González González

Coordinadora do proxecto Arquivo Galicia Medieval
Pilar Lorenzo Gradín

Directora da colección
Déborah González

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Santiago de Compostela, 2026

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela
Tfno. +34 881 996 152 Fax. +34 881 996 140
Enderezo electrónico crpih@cirp.gal
http://www.cirp.gal

Imaxe: RBME T-I-1, f. 227v.

Autora: Elvira Fidalgo Francisco

Título: Cantigas de Santa María. Proposta de edición crítica

Este traballo monográfico corresponde ao número 8
da serie ArGaMed. Arquivo Galicia Medieval

eISSN: 2695-3951
DOI: https://www.doi.org/10.52740/argamed.26.08.00119

Índice

Introdución..... 7

PROPOSTA DE EDICIÓN 31

Índice Cantigas 853

Quel che è certo è che il testo che leggiamo
in un manoscritto ha una storia dietro di sé.

Lino Leonardi, *Filologia Romanza* (2022)

Pasado o primeiro cuarto do século XXI, non parece necesario lembrar o que son as *Cantigas de Santa María*, sobre todo a quen está interesado nunha nova proposta de edición crítica, que é o que aquí se presenta. Porén, a cortesía académica aconsella non prescindir dunha brevísima introdución para alguén que se achegue a esta obra con curiosidade e sen coñecela previamente en detalle.

Co rótulo de *Cantigas de Santa María* desígnase a colección de 429 cantigas compostas en loanza da Virxe María, cuxa autoría se atribúe o rei Afonso X xa desde os versos da primeira delas. Estes textos, acompañados na súa totalidade da notación musical correspondente e dun texto iconográfico para boa parte delas, repártense entre dúas modalidades esenciais, cantigas de milagre e cantigas de loor, pero non son as únicas. Como se sabe, hai outros textos nos que se conmemoran os gozos da Virxe (algúns deles, confundidos entre as cantigas de loor), hai cinco cantigas cristolóxicas e outras que funcionan como marcas de prólogo e epílogo do cancioneiro, nas que é fácil imaxinar o propio monarca afrontando o compromiso que acaba de adquirir e rogando pola súa alma, unha vez cumprido aquel.

As cantigas de milagre (un total de 356) son textos narrativos que relatan diferentes vicisitudes acaecidas a persoas protexidas —ou castigadas— pola Virxe. Nelas nárranse diferentes historias protagonizadas polos personaxes más variados, sen distinción de sexo, idade, estamento social —ás veces, nin sequera de relixión— que, nunha situación extrema, cando nada os pode auxiliar, apelan á misericordia da Nosa Señora que acode en axuda dos aflixidos para liberalos do sufrimento no que se atopan, pero tamén para premiar aqueles devotos que demostraron a súa incondicional confianza nela. De fondas raíces na tradición miraculística ou de recente invención, estas narracións presentan unha ampla gama de situacións de pecado ou de graza nas que calquera individuo dentro do potencial público receptor se puidese identificar sen dificultade e, por esa razón, considerarse tamén beneficiario do favor divino.

As cantigas de loor marcan as decenas, aparecendo nos códices despois de nove narrativas, coas que non gardan unha conexión temática expresa. Son cancións confeccionadas coa finalidade de loar a Virxe María, tanto enxalzando as súas calidades excepcionais que a designaron a ela como a muller elixida para ser a nai de Deus, como destacando a súa privilexiada posición de

intermediaria entre o seu fillo e os homes, posta de manifesto na súa capacidade taumatúrxica en favor dos seus fieis. Ritmicamente máis dinámicas por non estaren constrinxidas á narración, parécense máis ás cantigas de amigo polo artificio formal que as caracteriza que ás súas conxéneres narrativas, ou, incluso, a antigos himnos litúrxicos pola gravidade dos seus versos. E, se nos fixamos ben, algunhas delas parecen desvelar a presenza confiada do rei detrás da composición.

Se a pregaria e a gratitude son os sentimentos que enfían cada unha das páxinas deste marial, observado desde o exterior un queda abraiado diante da magnificencia dos manuscritos, e, secundariamente, aparece a curiosidade por poder distinguir a man de trobadores coñecidos ou a do propio Afonso sinalando algún destes textos singulares. A cuestión da autoría persoal é algo que xa non se discute dada a envergadura do proxecto final e o resto das obras de distinto xénero que o monarca se autoatribúe (como neste caso); nin sequera estamos en condicións de asegurar se el mesmo escribiu algunha delas e, se este fose o caso, cales e cantas. Sen dúbida, súa terá sido a iniciativa de compoñer un cancioneiro tan novidoso en chan hispánico: mandaría recompilar o material necesario, daría instrucións para a súa (re)composición e a súa copia, xulgaría o resultado e, na miña opinión, podería terse involucrado máis directamente neste proceso coa composición dalgún texto en concreto posto que coñecía ben as regras da arte poética, e razóns para solicitar a misericordia da Virxe non lle faltarían. Pero, como xa se ten sinalado en diversas ocasións, é moi improbable que sexan do seu puño e letra todas as que comezan polo tan significativo coma enganoso «eu fiz», que figura en non poucas cantigas.

Do que non hai dúbida é do interese persoal do rei por darlle vida a esta obra magnífica, como o evidencian os catro espléndidos cancioneiros que a salvagardan, tres deles ricamente miniados, perfectamente preservados grazas ao afán que o seu promotor puxo no seu coidado e conservación, tal como permite adiviñar o testamento rexio no que os libros das *Cantigas* aparecen explicitamente mencionados, coa orde de que sexan custodiados no mesmo templo no que o seu corpo fose soterrado. O rei deixa consignada ademais a finalidade deste mandato: as cantigas deberían de ser cantadas nos días das festas da Virxe, pois, para iso, esta ampla colección de textos de milagres e himnos de louvanza vén acompañada pola notación musical, necesaria para a súa execución. A maiores, como estamos a falar de códices de luxo, o rei non escatimou esforzos de ningún tipo e estas cancións, en dous dos seus testemuños, foron adornadas con espléndidas miniaturas que, repartidas en seis viñetas por folio, contan en imaxes o que se canta na páxina inmediatamente anterior: este é o mellor indicio da importancia que o Sabio lle quixo conceder a esta empresa poética, que se distingue, xustamente, por ese texto iconográfico.

Son catro os manuscritos, dous deles complementarios, como se se tratase da primeira e a segunda parte dunha obra única. Estoume a referir ao *Códice T* (RBME T.I.1 ou Códice Rico de El Escorial), de 212 páxinas con un total de 1.264 viñetas, que debería conter as primeiras duascentas cantigas —se ben, por problemas de conservación, hoxe só presenta 195, catro en estado fragmentario, máis unha parte do índice— e ao seu irmán, o *Códice F* (Biblioteca Nazionale Centrale de Florencia, B. R. 20) que, atendendo ás súas características formais, debeu de ser concibido como continuación do anterior, como adiantaba arriba; quedou incompleto, tanto polo que respecta ao número de composicións que debería conter (as duascentas seguintes), como á

notación musical (absolutamente ausente) e á ilustración dos textos, de xeito que non nos transmite máis que cento catro cantigas e non todas provistas da iconografía.

Ademais destes códices impresionantes, contamos co Códice da Biblioteca Nacional de Madrid 10069 que antes estivo gardado na Biblioteca Capitular de Toledo, de onde deriva o seu nome: *To*; conserva —en liñas xerais— as cen cantigas primeiras de *T*, ás que habería que sumar outras 26 cantigas que tamén se recollen, con raras excepcións, nalgún dos outros códices. Non contén miniaturas pero si a notación musical para o refrán e a primeira estrofa coa que comeza cada cantiga e podería ser o manuscrito máis novo de todos, pero copia do máis antigo, aquel que recollía o proxecto inicial dun centenar de cantigas (ao que seguramente remite a famosa mención feita na CSM 209), hoxe perdido. O cuarto é o *Códice E* do Escorial (RBME B. I. 2), máis modesto desde o punto de vista iconográfico, pero de igual extensión que *T* + *F*, pois contén 417 textos, ou sexa, case a totalidade das cantigas marianas do proxecto rexio. Presenta notación musical pero non as páxinas miniadas dos anteriores; non obstante, a cantiga prólogo vese enriquecida cunha espléndida imaxe a ancho de folio e as corenta cantigas de loor veñen adornadas por cadansúa viñeta a ancho de columna nas que se representan diferentes personaxes tocando variados instrumentos musicais, polo que esta copia é coñecida como o "Códice dos músicos".

Outra incógnita que continúa sen despexar é a da data de composición, xa que estes manuscritos non conteñen información específica sobre este asunto. Podemos deducir cando se compuxeron algunhas das cantigas porque fan referencia a feitos concretos dos que se coñece a data precisa (a enfermidade do rei en Fitero, os seus intereses na coroa imperial, a rebelión dos nobres, a revolta dos mudéxares de Murcia, a reunión das Cortes etc.), pero nada sabemos de cando o seu equipo se puxo a traballar no proxecto nin cando este tomou a dirección que culminou no que agora coñecemos nin cando foron materialmente confeccionados os códices que hoxe nos admiran. O único que podemos supoñer con certa seguridade é que o Códice *F* estaba aínda en construción cando, en 1284, morreu o rei e que esta circunstancia paralizou e puxo fin a esta obra que advertimos inacabada, e inconcluso quedou aquel soño do rei que debeu empezar por volta de 1270.

Así mesmo, o interrogante que atinxe a elección do patrón estrófico escollido permanece aberto, aínda que podemos especular que á elección do zéxel foi ben meditada. O desexo de espallar o culto á Virxe por todo o seu reino, sobre todo polos territorios máis recentemente anexionados, imprimindo no seo dos oíntes as bondades da devoción mariana, sería o que aconsellou un modelo estrófico de aire andalusí no que facilmente se pode combinar a función propedéutica dun relato exemplarizante cunha composición destinada ao canto. O resultado foi a escolla do modelo zexelesco, que se caracteriza por presentar un refrán inicial seguido dunha estrofa que retoma de novo aquel retrouso que se volve repetir despois de cada cobra, segundo o modelo AA / bbba/AA // ccca/AA // etc..., que admite múltiples variacións a partir deste esquema básico. O refrán concentra e expande a máxima moralizante ao longo da narración duns feitos acordes a esa lección primordial que se transmite a través do canto. A meirande parte das composicións de carácter narrativo respectan esta armazón e así mesmo case todas as *de loor*, pero unhas poucas cantigas destas ou das outras modalidades prefiren estrofas distintas, demostrando así o dominio dunha gran variedade métrica e musical en todo o repertorio.

Esta proposta de edición

A presente proposta de edición constitúe unha etapa intermedia dentro dun proxecto ambicioso que pretende culminar nunha Base de Datos encadrada baixo o paraugas do proxecto matriz *Arquivo Galicia Medieval* (*ArGaMed*) que, como é ben coñecido, acolle xa ricas ferramentas dixitais para o estudo da literatura medieval galego-portuguesa. O obxectivo fundamental do futuro recurso, que se etiquetará como *e-Strela*, é o estudo do magno repertorio das poesías marianas do rei Afonso X o Sabio, cuxo texto poderá ser abordado desde diferentes ángulos segundo os intereses do usuario, pero para iso, o establecemento dunha nova proposta textual amósase como un paso previo fundamental.

Se cadra, a forza da inercia anubra a percepción da necesidade de dispor dunha reprodución dos textos mariais afonsinos que mellore a actual edición de Walter Mettmann (1986-1989), valiosísima, porque, polo de agora, é a compilación de referencia que permite o acceso a este repertorio tan extenso, pero que non sempre ofrece as lecturas máis acaídas. Aínda que os textos que enchen os tres volumes de Castalia emendan a opción presentada polo mesmo autor nunha publicación anterior (1959-1972), considero que supoñen un precioso punto de partida (e así se sinala cando corresponde) que pode ser mellorable en determinados aspectos, particularmente, no que atinxe á grafía do material lingüístico co que se confeccionaron as cantigas marianas. Mettmann, no seu apego ao texto dos manuscritos, adoita conservar numerosas grafías que duplican innecesariamente a consoante (*apparecer, peccador, soffrer*), aínda que estas sexan antietimolóxicas (*deffendudo*, *falsso, conssello*); en moitas outras ocasións, a duplicación débese a unha incorrecta separación de palabras por parte do copista, que, por exemplo, se ve forzado a escribir un ese dobre (-ss-) para evitar a pronuncia sonora da consoante en caso de aparecer grafada como ese simple (s) cando dúas unidades gramaticais diferentes aparecen transcritas xuntas (*assa moller*): o editor alemán corrixe e escribe a secuencia separada, pero sen eliminar ese carácter consonántico sobrante despois da corrección; un caso similar dáse cando o copista quere asegurar a pronuncia da vibrante múlpiple (*onrrar*), sobre todo naquelas situacións en que o fonema ocupa a posición inicial de palabra, pero que, polo mesmo motivo que no caso anterior, aparece grafada no interior da secuencia (*derrij*o por *de rijo*). Así mesmo, a aplicación de normas ortográficas propias da lingua portuguesa (moito máis evidentes noutras propostas editoriais, como en Montero Santalha 2021) desvirtúan un modelo ortográfico ben específico, común a outros testemuños contemporáneos peninsulares e máis acordes á actual ortografía da lingua galega, polo que pretendo seguir de moi preto a escrita dos códices afonsinos coas intervencións imprescindibles.

A partir destes presupostos, a miña intención foi a de ofrecer unha versión fiel ao texto que presentan os manuscritos, sen intervencións que excedan a limpeza de grafías superfluas ou a regularización xeral das mesmas na medida do posible, sen ocultar nin igualar as posibles evidencias do proceso de variación lingüística que poidan estar representadas por grafías diferentes que acaso reflictan etapas evolutivas próximas. O resultado é unha presentación do material poético e narrativo afonsino nunha versión ortograficamente máis próxima á lingua galega actual e, por conseguinte, coido que máis fácil de abordar nun primeiro achegamento ás *Cantigas*, pero sempre desde un criterio de respecto absoluto ao texto que as recollen. Con esa finalidade introducíronse os signos de

puntuación mínimos, pero necesarios, incluíndo os signos de interrogación, exclamación (sempre ao final da secuencia), comiñas para resaltar un fragmento do texto e indicar o contido dos diálogos, e guións longos (–) para indicar a intervención do narrador dentro do discurso do personaxe que ten a palabra, como, por exemplo, na CSM 105, v. 110: «Tod' esto –diss' ela– creo de chão». Non se empregarán corchetes para indicar a reconstrución de sílabas ou grafemas ausentes nos versos, xa que, cando se opere neste sentido, queda indicado no aparato de variantes e/ou nunha nota no rodapé. En calquera caso, o estado que presentan os manuscritos poderase comprobar co cotexo das transcricións paleográficas que se ofrecerán no recurso *e-Strela* cando estea dispoñible.

Marcarase o refrán (inicial, final e/ou intercalar) en tipografía itálica. O refrán inicial reprodúcese completo, grazas á práctica habitual seguida polos copistas dos códices que adoitan transcribilo así; canto ao refrán que remata cada cobra, nesta edición (salvo excepcións, que serán convenientemente xustificadas) só se consigna o primeiro verso, como vén sendo tradicional na edición deste corpus, pois consideramos que a transcrición de todos os versos alongaría innecesariamente cantigas xa de por si extensas (véxase, por exemplo o caso das CSM 115, con trinta cobras de dez versos cada unha, que aínda irían rematadas por cadanseu refrán de cinco versos, ou a CSM 57, de nove estrofas de once versos, e cuxo refrán consta doutros sete).

Así mesmo, preténdese dar coherencia á formulación das rúbricas presentativas de cada cantiga de milagre, polo que optamos pola fórmula introdutoria máis común «Esta é como...», desbotando outras tales como «Esta é a nº x» coa que adoitan comezar as cantigas no códice *To*. Tendo en conta a (ás veces notable) diferenza textual que preside unha mesma cantiga, sobre todo, entre os códices *E* e *F* (pero non só), escollemos a que nos parece más axeitada en cada caso e a que mellor se axusta ao contido da cantiga, ofrecendo a do(s) outro(s) manuscritos como variante. Cando se trate de rúbricas notoriamente diferentes, ofrécense en nota a rodapé as non escollidas (*Vid*., por exemplo, CSM 64) e indícase cando a rúbrica non figura nalgún dos códices (*Vid*. CSM 269, 270, 273 etc.). Canto ás rúbricas das cantigas de loor, tamén quedan unificadas na expresión «Esta é de loor de Santa María», anotando as variantes doutros códices. Cando se trate de cantigas específicas (como as das *Festas*), así se reflectirá na rúbrica.

Ofrécese un aparato crítico positivo no que só se recollen as variantes significativas e os erros de copia[1], omitindo as variantes gráficas que poderán ser verificadas nas transcricións paleográficas cando estean dispoñibles en liña. Polo mesmo, poderase cotexar facilmente a resolución das abreviaturas adoptada para a edición do texto, o que coido que me autoriza a non recargar estas páxinas con información relativa á transcrición paleográfica dos textos.

Canto ás variantes, nas que se ofrece a lectura das mesmas, serán recollidas, na medida do posible, a carón do verso afectado; cando a lonxitude ou o número das mesmas impida poder ofrecelos nesta disposición, sinalarase o verso cunha nota que remitirá a consignación das variantes en rodapé. Desenvolveranse en tipografía normal, sen recorrer a marcas específicas, e grafadas segundo a lectura alternativa ou errónea que presentan os manuscritos, que irán indicados sempre na

1 Pero tamén os fragmentos de palabras que quedan truncados (sobre todo no refrán) cando remata o espazo da caixa, coa finalidade de ofrecer unha idea máis completa da transcrición destes versos segundo os códices.

mesma orde (*To*, *T*, *F*, *E*, E_1)[2], a menos que a lonxitude do fragmento reproducido (basicamente, nos refráns) aconselle a alteración desta secuencia para evitar repeticións textuais innecesarias.

No desexo de facilitarlle ao lector ese achegamento amable ao texto das cantigas, acordáronse unha serie de intervencións textuais a través duns procedementos relativamente sinxelos e por todos coñecidos por seren os tradicionais.

1. Unión e separación de palabras. Seguiranse, tanto para a separación como para a unión de vocábulos, os criterios actuais. Ora ben, cómpre ter presentes certos casos que, con frecuencia, amosan determinados usos específicos da lingua:

a) Escribiremos unidas formas do tipo *eno*, *ena*, *cono*, *cona, contigo*, pero grafaranse separadas *por én*, *des i, des oimais, toda vía, tan toste…*

b) Mantemos a unión gráfica de elementos correspondentes aos que modernamente se grafan aglutinados: *quenquer*, *qualquer*, *comigo*, pero tamén *comoquer* ou *quantoquer*[3].

c) Polo que respecta ao pronome, as formas átonas enclíticas irán unidas ao verbo, sen guión[4] (*foio deitar*, *quérovos demostrar*, *devémola muit' amar*). No caso da mesóclise, o pronome unirase ao verbo principal, manténdose separado o auxiliar (*prazerm' ía*, *ficarll' ía*, *servila an…*).

d) Marcaranse as **elisións vocálicas** (por fonética sintáctica ou sinalefa) cun apóstrofo (*noss' avogada*, *d' alegría*, *quer' eu*), así como os casos de elisión por razóns métricas (CSM 32, v. 25: *leixass' da cidade*) e nas contraccións da preposición *de* cos adverbios de lugar: *d' aquí, d' alí, d' alá*, *d' u*. Non se empregará ningunha marca para aquelas crases que aínda hoxe se manifestan na ortografía (*da entrada*, *do día*, *nas pallas*, *na grade*, *dela, deste, doutros*), e outras facilmente asimilables (*daquesta*). Tampouco se utilizará o apóstrofo nas formas pronominais contractas do tipo *llo, lle, volo, nola* etc.

Igualmente, empregarase o apóstrofo nos casos de aférese, pola cal a vogal elidida pertence ao segundo vocábulo entre os que se produce a elisión, como por exemplo CSM 65, v. 160: *outr', e 'n gẽollos*; CSM 196, v. 31: *teta 'n boca* e naqueles casos nos que non podemos asegurar a pronuncia do *-s* líquido, como en CSM 15, v. 89: *a terra toda 'sclareceu* ou CSM 20, v. 38: *do demo que 'sterreces*.

---

2 Dentro do Códice *E* imos distinguir eses tres pregos e os restos dun caderno (ff. 1v-12v) que conteñen as *Festas* da Virxe, que deberon ser copiadas separadamente para facilitar a súa execución autónoma, se cadra, nos días dedicados a conmemorar as festas da Nosa Señora, tal como o rei Afonso deixou estipulado no seu testamento. Designámolo como E_1 cando sexa preciso para identificar as diferentes copias do mesmo texto. Así mesmo, desígnanse como E_1 aqueles folios correspondentes aos textos que se copiaron unha segunda vez (á parte dos mencionados folios iniciais de *E*) que, por tanto, aparecen repetidos cara ao final do códice *E* (e que, en puridade, habería que descontar do cómputo final de cantigas). Trátase das CSM 373 (= 267), 387 (= 349), 388 (= 295), 394 (= 187), 395 (=165), 396 (= 289), 397 (= 192), 412 (= 340) e 416 (= 210). O usuario saberá distinguilos pola numeración dos folios que encabezan a presentación de cada cantiga.

3 Na CSM 230, v. 15 figura *quanto quer*, por considerar que o verbo funciona de maneira autónoma como tal.

4 A menos que coincida a final de verso (CSM 103, vv. 4-5: *rogar-/ ll' ía sempre*; CSM 271, vv. 44-45: *chegou-/ lles*). Non obstante, manteranse separados, sen marca, cando o verbo e o pronome se atopen en versos consecutivos e non esteamos seguros de que non se trata dun artificio poético de dislocación do pronome semellante a outros casos (como por exemplo CSM 7, vv. 43-44: *criar / lo mandou*; CSM 17, v. 33: *E pero ll' o Emperador dizer…*; CSM 221, v. 38: *Quantos la ir assí viron*; CSM 239, vv. 26-27: *Sol detẽer / non me quero*; CSM 13, v. 26: *m' o laço non matou*; CSM 17, v. 20: *e u a nengũu non viu*; CSM 315, v. 55: *logo lla saír viron*; 329, v. 46: *pera el o trager* etc.); nestas ocasións optarase por non marcalo (CSM 7, vv. 42-42: *tirar / lle* foi…; CSM 391, vv. 18-19: *preguntar / lle foi*), en consonancia con exemplos de dislocación como os referidos e que deben de obedecer ás mesmas razóns.

e) As **asimilacións** marcaranse cun guión cando se verifica a asimilación do artigo ou do pronome homófono despois de *–r* e *–s* finais de palabra (*poi-lo mozo*, *mai-lo crego*, *poi-lo couseces*, *Deu-lo confonda, mai-la Virxe, po-lo matar, po-la veer*) e, así mesmo, cando se trate da forma verbal ante a correspondente forma do artigo como na actualidade: *veer faze-los errados*, *faze-lo peor*, *dize-lo seu ben*, *vesti-los panos*, *da-las graças* etc[5]. En todos estes casos, aínda que os manuscritos opten por grafías con asimilación ou sen ela, en liñas xerais, escollemos a forma asimilada cando é maioritaria. Non obstante, mantemos ligada graficamente a aglutinación *polo*, *pelo*, a da preposición derivada de SUPER co artigo (*sóbelo, sóbrela*) e formas que a día de hoxe se escriben unidas (*tódolos/as*).

2. Regularización e distribución de grafías. Regularizamos de maneira sistemática os grafemas *i*, *y* e *j*, equivalentes, que representan a vogal palatal, tanto en posición de núcleo como de marxe silábica. Empregarase sempre *i* para o valor vocálico e para a representación da semivogal palatal: *ir*, *rei, foi, oimais, vistes, físicos, dizían, viía, assí, destroíu* etc., e para o pronome adverbial *i* (< IBI). A grafía *j* reservarase para a representación da fricativa prepalatal sonora /ʒ/ en combinación con calquera vogal diferente de *e, i;* nestoutros casos, o fonema irá grafado como *g*, así: *Jacme, jazer, eigreja, jograr, joízo, judeo, juigar, ajudar*, pero *gente, Virgen, omagen, monge, linnagen, gentil, aginna, tingira, eregía, changía*. Con todo, voces como *Jerusalén*, *Jesús*, *Jesucristo*[6]*, majestade, oje*[7] irán grafadas con iota. Cando, por elisión da vogal final, a representación gráfica da fricativa queda en contacto cunha vogal distinta á que se elide, procederase á acomodación gráfica que mellor reproduza foneticamente a secuencia textual; así, *o monj' a* (CSM 103, vv. 19 e 27; CSM 65, v. 116: *lonj' albergar*)[8].

Utilizarase a grafía *u* con valor vocálico e *v* con valor consonántico (aínda que nos textos se empreguen con valor equivalente): *seu = seu*, *muy = mui*, *bvscar = buscar; uertude = vertude*, *ceuada = cevada*, *uirgen = virgen*.

Manterase a distinción entre *b* e *v* (ou *u*) de acordo co seu uso no maioritario nos manuscritos: *uirgen = virgen*; *ualuera = valvera*; *aver = aver*; *cobrar = cobrar*; *receua = receva*; *liurou = livrou*; *barua = barva*; *laurar = lavrar*; *carvon = carvón* etc.

Eliminaranse todas as consoantes dobres a non ser *–rr–* e *–ss–* en posición intervocálica, único contexto no que ten rendemento a oposición fonolóxica coa vibrante simple, no primeiro caso, e coa fricativa apical sonora, no segundo. Así: *mill = mil*; *ssa = sa*; ssi= si, *ffe = fe*; *soffia = Sofía*; *soffrer = sofrer*, *peccador = pecador*, *rrauia = ravia* pero *querria = querría*, *fosse = fosse*; *correger = correger, guarrej= guarrei*. Nos casos de reduplicación de *r* e *s* tras consoante tamén se procederá á súa simplificación: *onrrados = onrados*; *canssada = cansada*.

---

5 Tivemos que valernos do mesmo recurso na CSM 426, v. 34 (*Pois est' ouve dito, nas nuves subiu / e a gent' aos Ceos subi-lo viu*), aínda sendo conscientes de que se trata dun pronome. Se este quedase enclítico e sen guión podería dar pé a pensar na Asunción e non na Ascensión. Por outro lado, mantemos o infinitivo sen a asimilación se así aparece nos testemuños: CSM 224, v. 41, *levar la meninna.*

6 Mantense *Jesocristo* nos casos en que todos os códices así o reflicten.

7 A diferenza no emprego dunha grafía ou outra non é significativa nos testemuños, pero o feito de aparecer varias veces diante de elisións vocálicas e en contacto coa vogal seguinte en expresións como «d' oj' a un ano» e en contextos similares, fíxome decantar por esta opción gráfica, como se xustificará seguidamente.

8 A iso nos autorizan os códices, por exemplo CSM 53, v. 6: *salvaj' ouço* (*E*); CSM 53, v. 65: *d' oj' a trinta días* (*T, E*); CSM 59, v. 38: *da igreg' e* (*To, T, E*) etc.

Eliminaranse sempre os *h* antietimolóxicos. No caso das formas con *h* etimolóxico, conservarase a forma dos códices, isto é, o grafema manterase se está na maioría das formas manuscritas e non se reporá cando este estea ausente. Deste xeito*: herdade = erdade*, *hũa = ũa*, *ome = ome, omẽes = omẽes*; *herege = erege*, *a = á, an = an*[9]. No caso de *-h-* intervocálico, este eliminarase sempre: *Johan = Joán, nehũa = neũa.*

Para as consoantes oclusivas velares xorda e sonora utilizaranse as grafías *ca / ga*, *que / gue*, *qui / gui*, *co / go*, *cu / gu* como na actualidade: *alcavela*, *roga*, *franqueza*, *roguemos*, *quite*, *guisa*, *cousimento*, *amigo*, *culpados*, *folgura*. Conservaranse, no entanto, formas do tipo *quando*, *quanto*, *quantas*, *guarda*, *guardar*, *guannar*, *gualardón,* palabras nas que a grafía podería responder a unha pronuncia labiovelar [kwa] / [gwa]. No caso de que eses termos aparezan grafados sen o apéndice labial, deixarase a forma que aparece nos manuscritos[10]. Procedemos á acomodación gráfica coa realización fonética producida logo da elisión da vogal final en termos que, por este mecanismo, acaban en consoante velar ou palatal (polo xeral, pero non só) ante a vogal da palabra seguinte, por exemplo: *logu' ela*, *branqu' e, fogu' infernal* etc.*,* seguindo unha práctica que algunhas veces tamén se manifesta nos manuscritos: CSM 115, v. 33: *riqu' e* (*E, T*); 125, 25: *crerigu' e* (*E, T*); 419, 79: *vosqu' e* (*To*, *E*); 401, 6: *migu' en* (*E*); 132, 52: *faagu' e* (*To, T, E*), 355, 19: *Vilasirgu' e* (*E*)[11]; 268, 30: *padesqu' e* (*E*) etc.

Para a representación da primitiva africada predorsal xorda empregarase a grafía *c* ante *–e*, *–i*, e *ç* ante as outras vocais (*–a*, *–o*, *–u*). Así: *preçadas = preçadas*; *pareçer = parecer*; *creçia = crecía*, *moço = moço, vençudo = vençudo, çurame = çurame*. Para a correspondente sonora empregarase *z*: *riqueza*, *requeza*, *azarello*, *fazendas, dizer, lazerar, razón, faz, vez* etc., segundo a distribución case perfecta dos manuscritos. Nas secuencias nas que se produce a elisión da vogal final, pero a palabra seguinte empeza por unha vogal diferente á elidida, mantemos a grafía orixinal (ç), para non desvirtuar graficamente o vocábulo ou evitar posibles ambigüidades: *moç' e, mereç' o, amparanç' e, creenç' e, Besanç' e*, entre outros.

Os fonemas apicoalveolares, polo xeral, manteñen a súa diferenciación gráfica ben establecida nos códices[12]. Así, manterase, en posición intervocálica, a distinción existente no texto entre *–s–* /z/ e *–ss–* /s/. Deste xeito, reproduciremos os respectivos vocábulos como *assí, calasse*, *assaz, missa, vossa* e *mesura, quiser, Paraíso, cousa.* Regularizamos o uso do dígrafo despois de consoante e a final

9 Os códices concordan en escribir o verbo *haber* sen o *h-* preceptivo hoxe en día e así o facemos nesta edición. Diferenciamos ortograficamente a 3P (*á*) da preposición (*a*).

10 Temos o caso de *nunqua* grafado dese xeito na CSM 210, v. 9, e na CSM 272, v. 61 no códice *E*, que regularizamos segundo as ocorrencias habituais.

11 Pero toda regra ten excepcións ante a dificultade de aplicala a todos os supostos; así CSM 101, v. 36 *lingue* [gw] (*To*, *T*, *E*), polo que optamos por transcribir *lingü' e* (*lingua + e*).

12 Non obstante, en moitas ocasións, repoñemos o dígrafo cando no manuscrito o fonema xordo está representado unicamente por un *-s* nas formas verbais correspondentes ao imperfecto de subxuntivo por situarse a final da forma verbal seguida de vogal, pero grafados separadamente (*perdõas e*, *ouves el = perdõass' e*, *ouvess' el*) ou cando se trata dun pronome reflexivo que na edición reflectimos en posición enclítica, seguido de vogal (CSM, v. 32: *namorous enton = namorouss' entón*; v. 52: *fillous a chorar = fillouss' a chorar* etc.). Queda, de todos os xeitos, constancia no aparato de variantes e o/a lector/a advertirá que a duplicación do ese no pronome responde a unha solución puramente gráfica nesta edición. Non duplicamos a consoante se o pronome aparece grafado separadamente por coincidir co final/principio de verso (CSM 269, vv. 20-21: *fillou-/ se a jajũar*; CSM 281, vv. 50-51: *espantou-/ s'a gente* etc.).

de palabra (normalmente en posición intervocálica por fonética sintáctica): *conssigo = consigo, manss e = mans' e, tornous en = tornouss' en, fillous a = fillouss' a*, como se acaba de especificar.

3. Representación da nasalidade. Cando o til colocado sobre unha vocal represente unha consoante nasal implosiva –tanto a final de sílaba como de palabra– grafarase mediante vogal máis *-n*. Así: *mãtẽ = mantén*; *ẽmentar = enmentar*; *tĩta = tinta*; *cõfortada = confortada*; *iũtar = juntar*.

Ante as oclusivas bilabiais /p/ e /b/ empregarase *m*, aínda considerando o problema que presenta o emprego da nasal ante esas dúas consoantes oclusivas. Deste xeito, resolveremos ãpar *= ampar*; *enperadriz = emperadriz*; *conprida = comprida*[13].

Cando o til de nasalidade represente unha vocal nasal, resultado da caída dun –n– intervocálico, este conservarase sobre a vogal que sufriu a nasalización: *gãar*, *bẽes*, *virgĩidade*. Respectaranse as grafías que poidan responder ao proceso de desnasalización da lingua, o cal provoca a coexistencia de formas nasais e orais, con frecuencia na transcrición dunha mesma cantiga no seu rexistro nos diferentes manuscritos; nestas ocasións, dáselle preferencia á forma que presenta a marca da nasalidade: *enlumẽada/enlumeada, perdõar/perdoar, ũu/un* etc. Así mesmo, tendemos á conservación do til de nasalidade naqueles casos que actualmente presentan o desenvolvemento da consoante nasal en galego: *fĩir*, *virxĩidade*.

Cando, esporadicamente e, polo que parece, ligado ao *usus scribendi* dun determinado copista, os termos figuran rematados cun *-m* final, este remprazarase por *-n*: *tam = tan*, *faziam = fazían*, *creem = creen, quem = quen*, *Virgem = Virgen*, *razom = razón*, *com = con* etc.

4. Nasal e lateral palatais. Para a lateral palatal /ʎ/ empregarase a grafía *ll*; para a palatal nasal /ɲ/, que, polo xeral, aparece grafada nos textos como *-nn-*, pero tamén mediante a abreviatura *-n̄-*, utilizarase *-nn-*, dígrafo, igual que se procede para a lateral palatal, característicos dos códices afonsinos[14]. Así, *fillar = fillar*; *ollos = ollos*; *meninna = meninna*; *puña = punna*; *sañudo = sannudo*. Cuestión máis delicada é a representación da palatal nasal cara ao final de palabra, con frecuencia representando o diminutivo *-iño*, *-iña* e outras pronuncias similares, que presenta gran variedade de opcións gráficas, como se pode constatar nas transcricións paleográficas respectivas[15].

5. Mantéñense os **hiatos** etimolóxicos: *veer, creer, pee, maa, diáboos, póboo, paancadas* etc., aínda que, ás veces, o cómputo silábico suxira unha realización monosilábica: *ũu* (é o caso máis frecuente), pero tamén *creemos*, *pees*, *cobiiça*, *siían, viían*[16], entre outras ocorrencias. Cómpre ad-

13 Pero deixamos *Monpisler*, por tratarse dun topónimo foráneo.

14 Hai, non obstante, algúns casos nos que a representación de dous enes pertencentes a dúas sílabas distintas (final e principio en elementos consecutivos), en xeral, producidas pola enclise do pronome átono, e cuxa pronuncia non debe confundirse coa do dígrafo. Véxanse, CSM 238, v. 5: *tennos*; CSM 371, v. 26: *ían̄o i ver*; CSM 350, v. 51: *mantennos*; CSM 254, v. 31: *connosco* etc.

15 Véxase a modo de exemplo: *menȳo*, *agȳa*, *camȳo*, *meirȳo*, *fremoſ̈ña*, *estrāyo*, *marȳeıro*, *madudīnos*, ou as formas verbais, comunmente grafadas como *uīja*, *tīja tīya*. A veces conviven distintos xeitos de grafar a mesma palabra ou palabras que teñen que soar necesariamente idénticas por atoparse en posición de rima, como o caso da CSM 195, vv. 37, 38, 39 e 42: *ágȳńña, menȳa, fremosȳna, meſqīa*, respectivamente. Hai que advertir que no Códice *E* hai múltiples casos de grafía -n- que poderían estar representando unha pronuncia palatal, como *compañía*, *meezina*, *senor*, *ordinado, agina, menino* etc. Marcámolos e editamos co dígrafo (-nn-) por coherencia co resto dos códices.

16 Atopamos numerosos casos de hiatos arcaicos en formas verbais do pretérito imperfecto similares a estas; márcase co acento gráfico a segunda vogal para facilitar a pronuncia.

vertir que hai ocasións nas que se xera un hiato derivado do encontro do final silábico do pretérito coa vogal do pronome enclítico; aínda que adoita aparecer grafado como *matouo*, *levouo*, *mandouo* etc., moitas veces (sobre todo en *E*) atopamos *matoo*, *levoo*, *mandoo* etc.; nestes casos adoitamos respectar a lección do manuscrito[17].

6. Respecto aos **grupos cultos,** transcribiremos o digrama *ph* como *f*, de acordo co seu valor fonético representado: *propheta = profeta*; *prophetizar = profetizar, Theophilo = Teófilo*. Canto aos grupos consonánticos pseudoclasiscistas, regularízanse: *barqua = barca, archetecrinno = arquetecrinno, Rachel = Raquel, Joseph = José, Anna = Ana*[18].

7. Emprego de maiúsculas e minúsculas e acentuación. As normas que se seguirán serán as observadas na práctica actual, e incluiranse letras maiúsculas a principio de cobra (aínda cando a segunda dependa da anterior a causa dun encabalgamento interestrófico ou por mor da sintaxe —*cobras ateúdas*—), despois de punto e nos topónimos e antropónimos. Agora ben, neste corpus hai numerosas advocacións, nomes ou pronomes, que non poden ser tomados por nomes propios, pero que, sendo as advocacións marianas máis usuais –frecuentemente funcionando como antonomasia ou aposición—, poderían ir tamén en maiúscula; porén, preséntanse numerosísimos casos de antonomasias ou construcións excesivamente longas (tal é o caso, por exemplo, de CSM 129, vv. 28-31: «Loand', a Virgen santa, groriosa / madre de Deus, reínna poderosa, / que o sãara come piadosa»; CSM 265, vv. 130-131: «Mais la que sempre aduz / ben»; CSM 89, vv. 30-31: «A moi comprida / reínna das outras reínnas»*;* CSM 95, vv. 40-41: «A que non erra d' acorrer seus amigos nen lles a porta serra», CSM 314, vv. 25-27: «A que o mundo ten en poder» etc.), polo que, xeralmente, se optou por grafalas en minúscula[19], así como os atributos empregados para designala a ela ou ao seu fillo, por exemplo; pero escribimos Deus, a Virxe, o Ceo, o Paraíso... Con todo, tal vez, levadas polo costume, sempre grafamos «Santa María», pero «san Basillo», porque por algo ela é a «dos santos fror». Polo contrario, cando *virxe* aluda á circunstancia concreta da virxindade de María, e *madre* á súa maternidade, irán en minúscula, o mesmo que advocacións non tan usuais, como *filla*, *criada* ou *avogada*.

A acentuación acomódase ás normas editoriais do galego actual, implementada por unha acentuación diacrítica. Deste xeito: *vos* (átono) /*vós* (tónico); *e* (conxunción) / *é* (verbo); *a* (preposición) / *á* (verbo); *mais* (conxunción) / *máis* (adverbio); *en* (preposición) / *én* (adverbio); *este* (determinante) / *éste* (verbo); *da* (contracción prep. + artigo) / *dá* (verbo), pero tamén *mí*: pron. tónico / *mi*: pron. átono[20]; *tí*: pron. tónico / *ti*: pron. átono; *sí*: pron. tónico / *si*: pron. átono ou

17 A realización fonética da vogal pechada que quedaría entre as dúas homófonas máis abertas, ás veces debía ser case imperceptible, como o demostran as formas da CSM 214, vv. 38-40, en rima cono «avoo». Ao mesmo efecto pode responder a forma *tornoa* (v.50) que aparece en rima con *passoua* e *sacoua* (vv. 48 e 49) na CSM 383, a menos que non se trate dun simple erro de transcrición.

18 Véxome na obriga de manter *Beleén* (no canto de *Belén*) tanto por respectar a etimoloxía como por cuestións de cómputo silábico.

19 Cómpre remarcar, non obstante, que, aínda que se optou pola sobriedade no emprego das maiúsculas, preferindo o uso de minúsculas cando nos referimos á Virxe e a todo o relativo á orde celestial, non sempre fun quen de poñer en práctica esta tendencia reducionista, polo que se pode botar en falta sistematicidade neste desexo. Opere o usuario nestes casos como considere, poñendo ou quitando as maiúsculas.

20 A veces, no texto coinciden ambas as formas, como en CSM 64, v. 41: *que mi vos guarde e leix' a mí cedo tornar* ou CSM 407, v 16: *aquí por mí que mi meu pee britou*, ou se distinguen o pronome átono (*mi*) do tónico (*min*): CSM 353, v. 70: que *mi a min dan*. Non

adverbio de afirmación. Con todo, temos que advertir dunha intervención no texto exixida polo acomodamento ao cómputo silábico: os manuscritos presentan a variante *mi* do pronome átono grafada separadamente do termo que antecede, sexa este un artigo (*mi o demo*), un pronome (*mi aquesta*) ou un verbo (*mi acorra; mi á*), nestes casos e, tendo en conta a dificultade de advertir da necesaria sinalefa que se debe realizar para acadar o número de sílabas regular (xa que a aglutinación *mi*+*a*- debe ser monosilábica, igual que a variante *mia* do pron. átono), optamos por marcar cun apóstrofo o que sería a elisión da vogal palatal por sinalefa (*mi o demo, mi os venda, mi aquesta, mi acorra, mi á = m' o demo*, *m' os venda*, *m' aquesta*, *m' acorra*, *m' á*)[21], reflectindo no aparato de variantes a forma orixinal orixinal, de xeito que o usuario poderá escoller unha realización fónica ou outra.

Marcamos con acento gráfico (*á, ó*) a posible contracción da preposición *a* máis o artigo feminino ou masculino (*a*, *o*) nos complementos indirectos con prep. (actualmente *á* / *ao*, coa variante *ó* menos usada), xa que, polo que se observa nos manuscritos, existe esta posibilidade na lingua medieval (sen poder descartar que se trate dunha redución gráfica por cuestións métricas). Por exemplo, rexístrase **aa** nas CSM 16, v. 20; CSM 18, v. 61; CSM 93, v. 22; CSM 94, v. 62; CSM 96, v. 14; CSM 99, vv. 4, 10; CSM 104, rúbrica, refrán; CSM 114, v. 28; CSM 117, v. 1 e 35; CSM 118, v. 13; CSM 125, vv. 31, 100, 113; CSM 139, v. 24; CSM 248, v. 10; 217, v. 2; CSM 335, v. 104; v. 341, v. 79 etc., polo que, en funcións gramaticais similares, cando non se verifique a existencia a dobre vogal, grafarase ***á*** (= aa) como nas CSM 75, v. 36; CSM 125, v. 111[22]; CSM 136, v. 90; CSM 241, 15; CSM 251, 85 etc.

Do mesmo xeito, adóitase rexistrar **ao** cando se trata do complemento indirecto masculino (como nas CSM 75, v. 96; CSM 92, v. 30; CSM 95, v. 1; CSM 104, v. 2; CSM 115, v. 305; CSM 117, v. 36; CSM 125, vv. 11, 117; CSM 139, v. 49; CSM 253, v. 8 etc.); pódense atopar incluso algúns casos de complemento directo con preposición como nas CSM 4, R.: *guardou ao fillo do judeo*; CSM 75, vv. 27-28: *a vella aa Virxen avía por seu conorte, e o rico ao demo*; CSM 146, R: *guareceu a un donzel*; CSM 175, v. 59: *aos maos abaixa e aos bõos avanta* etc. Consígnase **ó** (=ao) nas CSM 4, v. 99, CSM 91, v. 12 e CSM 422, v. 45, en construcións de complemento indirecto masculino cando non se verifique a existencia da dobre vogal.

Pola mesma razón, márcase a posible contracción da preposición *a* mais o artigo feminino (*a*) nos complementos circunstanciais de lugar[23], cando as testemuñas non marquen a vogal dupla[24], como se recolle nalgúns exemplos. Así, cando só apareza a vogal simple, esta irá marcada

---

é infrecuente a convivencia de ambas as dúas formas pronominais (átona e tónica) na mesma cantiga ou, incluso, na mesma cobra ao longo de todo o corpus.

21 Así aparece recollido nos propios manuscritos nalgunhas ocasións: CSM 65, v. 189, *m' a Virgen mostrou / mi a Virgen mostrou*, segundo os códices; CSM 107, v. 26: *ca mester m' á*, en todos os testemuños, ou CSM 237, v. 109: *que m' á ben acorrudo* e CSM 336, v. 91: *A omagen m' amostrade*, que figuran transcritos *ma*, tanto en *F* coma en *E* no caso destes dous últimos exemplos.

22 Neste caso, aparece tanto en masculino como en femenino: *diss' ao padre e á madre*.

23 Rexístrase *aa* con esta función nas CSM 18, v. 63; CSM 75, v. 81, 83, 130; CSM 105, v. 77; CSM 109, vv. 26; CSM 117, v. 29; CSM 125, vv. 31, 100; CSM 146, v. 51; CSM 251, v. 39; CSM 367, v. 53; CSM 371, v. 48.

24 Sería o caso dos exemplos que se propoñen a continuación, onde, segundo os manuscritos, aparece cunha vogal dupla ou simple: CSM 59, v. 56: *aa omagen* (*To, T*), *a omagen* (*E*); CSM 104, v. 58: *aa igreja* (*To*), *a eigreja* (*T, E*) etc.

co acento gráfico como en CSM 11, v. 84: «ao sagrado / foron e á agua fría, / u viron...»; CSM 122, v. 24: «a fez pera ás Olgas a levar» (*Vid*. igualmente, CSM 18, v. 43; CSM 251, 68 etc.). Máis comprometido é o circunstancial «a/á casa», xa que casos como CSM 75, v. 70 («En casa do rico») ou CSM 359, v. 31 («en cas teu padre») poderían indicar a ausencia de preposición nestas construcións. Con todo, e para facilitar o sentido do texto, en caso de dúbida optouse por marcalo graficamente (CSM 9, v. 142: «e foisse á casa da dona onrada»).

Para finalizar, cómpre advertir que non se debe esperar nesta presentación a gran cantidade de notas críticas e explicativas (de diverso tipo) que adoitan acompañar o labor ecdótico, pero que serán agregadas na base de datos mencionada anteriormente. Dado o elevado número de cantigas, prefiro, polo de agora, achegar unicamente aquelas indicacións que sirvan para aclarar o contido ou a disposición dos versos, algunha xustificación que se considere necesaria para comprender a intervención realizada e pouco máis[25]. A fixación do texto da cantiga foi o que centrou a miña atención, así como a consignación das variantes e/ou erros de copia. En calquera caso, considero que esta proposta pode ser un bo punto de partida para a abordaxe dun estudo máis profundo da modalidade grafemática presente nas cantigas que poida contribuír ao mellor coñecemento dun determinado estadio dunha lingua en pleno proceso de formación e, polo tanto, aínda non estabilizada, pero xa cun notable grao de fixación e normalización scriptolingüística, da que dan conta as relativamente escasas variantes de lingua. Paralelamente, a observación atenta deste xogo de variantes textuais podería dar pé a unha análise sistemática que desemboque en hipóteses que axuden a concretar o proceso de copia e composición dos diferentes manuscritos e a establecer un *stemma codicum* definitivo.

Acertadas ou discutibles, as decisións adoptadas son responsabilidade de quen escribe, pero o proxecto é produto da colaboración de moitas persoas ás que lle quero agradecer de maneira explícita a axuda prestada en diferentes etapas do proceso que culminará nunha rica base de datos que facilitará o estudo deste extraordinario corpus desde diferentes enfoques, e do que esta edición é só unha etapa. Vaia, pois, o meu agradecemento para as sucesivas bolseiras do *Proxecto Cantigas de Santa María* que se está a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: Alba Alonso Morais, Manuel Magán Abollo, Mª Encina Fernández Berrocal, Alessia Schininà e Malena Correa Freitas. Agradezo, así mesmo, a guía e axuda de Antonio Fernández Guiadanes, e debo un agradecemento particular a Mercedes Brea, o xigante que me soporta nos seus ombreiros.

25 Nin sequera nos atrevemos a indicar todos aqueles casos nos que unha sinalefa é obrigada (e evidente) para manter o cómputo silábico, por non multiplicar notas reiterativas (sobre todo no último centenar) e confiando no bo criterio do/a usuario/a.

Bibliografía

A bibliografía relativa ao proceso de edición dos textos medievais, dos retos que supón o labor ecdótico e das solucións para superalos na medida do posible é extensísima, polo que nesta ocasión optouse por ofrecer unha bibliografía de carácter máis específico que, se se me permite, ten máis que ver coa hermenéutica que coa ecdótica. Neste sentido, sinálanse basicamente aquelas referencias clásicas relativas á edición crítica dos textos, combinadas con algunhas máis recentes e outras centradas (máis ou menos especificamente) na edición crítica de textos galego-portugueses medievais e, por encima de todo, os estudos referentes ao texto das *Cantigas*, tanto no plano métrico e melódico que contribúen ao establecemento do texto, como, e esencialmente, á comprensión do mesmo a causa das numerosas referencias (históricas, relixiosas, temáticas etc.) que agochan moitos dos versos afonsinos. Inclúense, así mesmo, estudos particulares que analizan cantigas específicas. Os asteriscos (*) que acompañan algunhas das entradas indican que no seu interior hai un ou varios capítulos individuais dedicados á edición e/ou estudo das *CSM*, o que evita repeticións innecesarias.

Previamente, ofrécense as referencias obrigadas aos códices das *Cantigas de Santa María* e aos recursos dixitais máis prácticos para o seu estudo, aínda que, nalgúns casos, só sexa por comparación.

Repositorios en liña, edicións facsimilares e edicións críticas:

Cantigas de Santa María. BNE MSS/10069 (Códice de Toledo), en liña: https://bnedigital.bne.es/bd/es/viewer?id=89bd7dac-33f8-4e48-91c3-fd822f2bb177

Cantigas de Santa María. RBME T-I-1 (Códice Rico), en liña: https://rbme.patrimonionacional.es/s/rbme/item/11337#?xywh=-4758%2C-312%2C13259%2C6239

Cantigas de Santa María. BNCF Banco Rari 20 (Códice de Florencia), en liña: https://archive.org/details/b.-r.-20/mode/2up

Cantigas de Santa María. RBME b-I-2 (Códice dos músicos), en liña: https://rbme.patrimonionacional.es/s/rbme/item/11338#?xywh=-3636%2C-246%2C10450%2C4917

Cantigas de Santa Maria. Edición facsímile do Códice de Toledo (To), Biblioteca Nacional de Madrid (Ms. 10069). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008.

Cantigas de Santa María: Códice Rico, Ms. T-I-1, Real Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo de el Escorial. Madrid: Patrimonio Nacional-Testimonio Compañía Editorial, 2011. Edición facsimilar.

El Códice de Florencia de las Cantigas de Alfonso X el Sabio. Madrid: Edilán, 1989. Edición facsimilar.

Mettmann, Walter (ed.) (1959-1972): *Afonso X, o Sábio*, *Cantigas de Santa Maria*. Coimbra: Universidade (4 vols.).

Mettmann, Walter (ed.) (1986-1989), *Alfonso X el Sabio*, *Cantigas de Santa Maria*. Madrid: Castalia (3 vols.).

Montero Santalha, José Martinho (2021): *Afonso X o Sabio. Cantigas de Santa Maria. Texto crítico completo*. (PDF). [https://www.academia.edu/50870774/Cantigas_de_Santa_Maria_Texto_cr%C3%ADtico_completo_2021_]

Recursos electrónicos:

Brea, Mercedes/Lorenzo, Pilar (dirs.): MedDB = *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa* [base de datos en liña]. Versión 3.6. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [http://www.cirp.gal/meddb]

Brea, Mercedes/Lorenzo, Pilar (dirs.): PalMed = *Base de datos paleográfica da lírica Galego-Portuguesa* [base de datos en liña]. Versión 2.1. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [https://cirp.es/bdo/bdo-palmed.html]

Per nulla ren que ll' o emperador dissesse, nunca quis
a dona tornar a el; ante lle disse que fosse fis
que ao segre non ficaría nunca, par san Denís,
nen ar vestiría pano de seda nen pena de gris,
mas ũa cela faría d' obra de París,
u se metesse por máis o mund' avorrecer.
Quen as coitas deste mundo ben quiser sofrer…

Denís] Dinís *To*

CSM 6

To 14r-16r; T 12v-13r; E 35v-36v

Esta é como Santa María ressucitou ao meninno que o judeu matara porque cantava
Gaude Virgo Maria

Esta é] Esta V é *To*
meninno] mininno *To*

A que do bon rei Daví
de seu linnage decende,
némbralle, creed' a mí,
de quen por ela mal prende.

Por end' a Sant' Escritura, que non mente nen erra,
nos conta un gran miragre que fez en Engraterra
a Virgen Santa María, con que judeus an gran guerra
porque naceu Jesucristo dela, que os reprende.
A que do bon rei Daví…

Avía en Engraterra ũa moller menguada,
a que morreu o marido, con que era casada;
mas ficoulle del un fillo, con que foi mui confortada,
e log' a Santa María o ofereu por ende.
A que do bon rei Daví…

menguada] meguada *T, E*

mas] mais *To* | **mui confortada**] *Om E*

O meninn' a maravilla er' apost' e fremoso,
e d' aprender quant' oía era muit' engẽoso;
e demais tan ben cantava, tan mans' e tan saboroso,

meninn'] mininn' *To*

que vencía quantos eran en sa terr' e alende.
A que do bon rei Daví…

E o cantar que o moço máis aposto dizía,
e de que se máis pagava quenquer que o oía,
era un cantar en que diz *Gaude Virgo Maria*
e pois diz mal do judeu, que sobr' aquesto contende.
A que do bon rei Daví…

Gaude] guaude *To*
sobr' aquesto] sobrasto *E*

Este cantar o meninno atán ben o cantava,
que qualquer que o oía tan toste o fillava
e por levalo consigo conos outros barallava,
dizend': «Eu darll' ei que jante, e demais que merende».
A que do bon rei Daví…

meninno] mininn' *To*
e] *Om. E*

Sobr' esto diss' o meninno: «Madre, fe que devedes,
des ojemais vos consello que o pedir leixedes,
pois vos dá Santa María por mí quanto vós queredes,
e leixad' ela despenda, pois que tan ben despende».
A que do bon rei Daví…

meninno] mininno *To*

Depois, un día de festa, en que foron juntados
muitos judeus e crischãos e que jogavan dados,
entón cantou o meninno e foron én mui pagados
todos, senón un judeu que lle quis gran mal des ende.
A que do bon rei Daví…

meninno] mininno *To*

No que o moço cantava o judeu meteu mentes,
e levoo a sa casa, pois se foron as gentes;
e deulle tal dũa acha, que ben atro enos dentes
o fendeu bẽes assí, ben como quen lenna fende.
A que do bon rei Daví…

Poi-lo meninno foi morto, o judeu muit' aginna
soterroo na adega, u sas cubas tiinna;
mas deu mui maa noite a sa madre, a mesquinna,
que o andava buscando e d' alend' e d' aquende.
A que do bon rei Daví…

meninno] mininno To
mas] mais *To*
d' alend' e] d' alende e *T*

A coitada por seu fillo ía muito chorando
e a quantos ela viía, a todos preguntando
se o viran; e un ome lle diss': «Eu o vi ben quando
un judeu o levou sigo, que os panos revende».
A que do bon rei Daví…

todos] tods *T*

As gentes, quand' est' oíron, foron alá correndo,
e a madre do meninno braadand' e dizendo:
«Dime que fazes, meu fillo, ou que estás atendendo,
que non vẽes a ta madre, que ja sa mort' entende».
A que do bon rei Daví…

meninno] mininno *To*

Pois diss': «Ai, Santa María, Sennor, tu que es porto
u arriban os coitados, dáme meu fillo morto
ou viv' ou qualquer que seja; se non farasme gran torto,
e direi que mui mal erra quen o teu ben atende».
A que do bon rei Daví

diss'] dis' *To*
arriban] ariban *E*

O meninn' entón da fossa, en que o soterrara
o judeu, começou logo en voz alta e clara
a cantar *Gaude Maria*, que nunca tan ben cantara,
por prazer da Groriosa, que seus servos defende.
A que do bon rei Daví…

meninn'] mininn' *To*
clara] crara *To*

Entón tod' aquela gente que i juntada era
foron correnḍ' aa casa ond' essa voz vẽera,
e sacaron o meninno d' u o judeu o posera
viv' e são, e dizían todos: «Que ben recende!».
A que do bon rei Daví…

correnḍ'] correndo *T, E*
meninno] mininno *To*

A madr' entón a seu fillo preguntou que sentira;
e ele lle contou como o judeu o ferira,
e que ouvera tal sono que sempre depois dormira,
ata que Santa María lle disse: «Lévat' ende;
A que do bon rei Daví…

ferira] firira *To*
disse] dise *To*

Ca muito per ás dormido, dormidor te feziste,
e o cantar que dizías meu ja escaeciste;
mas lévat' e día logo mellor que nunca dissiste,
assí que achar non possa null' om' i que emende».
A que do bon rei Daví…

Quand' esto diss' o meninno, quantos s' i acertaron
aos judeus foron logo e todo-los mataron;
e aquel que o ferira eno fogo o queimaron,
dizendo: «Quen faz tal feito, desta guisa o rende».
A que do bon rei Daví…

meninno] mininno *To*
ferira] firira *To*

CSM 7

To 16r-17r; T 14r; E 36v-37v

Esta é como Santa María livrou a abadessa prenne, que adormecera ant' o altar chorando

Esta é] Esta VII é *To*

Santa María amar
devemos muit' e rogar
que a sa graça ponna
sobre nós, por que errar
non nos faça, nen pecar,
o demo sen vergonna.

Por ende vos contarei
un miragre que achei
que por ũ' abadessa
fez a madre do Gran Rei
ca, per com' eu apres' ei,
éraxe súa essa.
Mas o demo enartar
a foi, por que emprennar
s' ouve dun de Bolonna,
ome que de recadar
avía e de guardar
seu feit' e sa besonna.
Santa María amar…

un] dun *E*

Mas] mais *To*

recadar] racadar *E*

Santa María amar] *Om. T*

As monjas, pois entender
foron esto e saber,
ouveron gran lediça
ca, porque lles non sofrer
quería de mal fazer,
avíanlle maiça.
E fórona acusar
ao bispo do logar,
e el ben de Colonna
chegou i; e pois chamar
a fez, vẽo sen vagar,
leda e mui risonna.
Santa María amar…

lles] les *To*

Colonna] Collonna *E*

O bispo lle diss' assí:
«Dona, per quant' aprendí,
mui mal vossa fazenda

fezestes; e vin aquí
por esto, que ante mí
façades end' emenda».
Mas a dona sen tardar
a Madre de Deus rogar
foi; e, come quen sonna,
Santa María tirar-
lle fez o fill' e criar
lo mandou en Sansonna.
Santa María amar…

lle] le *To*

Pois s' a dona espertou
e se guarida achou,
log' ant' o bispo vẽo;
e el muito a catou
e desnuala mandou;
e pois lle viu o sẽo,
começou Deus a loar
e as donas a brasmar,
que eran d' ordin d' Onna,
dizendo: «Se Deus m' ampar,
por salva poss' esta dar,
que non sei que ll' aponna».
Santa María amar…

lle] le *To*

CSM 8

To 18r-19r; T 15r; E 37v-38r

Esta é como Santa María fez en Rocamador decender ũa candea na viola do jograr que cantava ant' ela

Esta é] Esta oitava é *To*
ant' ela] ent' ela *To*

A Virgen Santa María
todos a loar devemos,
cantand' e con alegría,
quantos seu ben atendemos.

E por aquest' un miragre vos direi, de que sabor
averedes poi-l' oírdes, que fez en Rocamador
a Virgen Santa María, madre de Nostro Sennor;
ora oíd' o miragre e nós contárvolo emos.
A Virgen Santa María…

oírdes] oiírdes *T*

Un jograr, de que seu nome era Pedro de Sigrar,
que mui ben cantar sabía e mui mellor violar,
e en tódalas eigrejas da Virgen que non á par
un seu lais sempre dizía, per quant' én nós aprendemos.
A Virgen Santa María…

cantar] catar *To*

Aquel lais que el cantava era da Madre de Deus,
estand' ant' a sa omagen, chorando dos ollos seus;
e pois diss': «Ai, Groriosa, se vos prazen estes meus
cantares, ũa candea nos dade a que cẽemos».
A Virgen Santa María…

Aquel lais que el] O lais que ele *To*

De com' o jograr cantava Santa María prazer
ouv', e fezlle na viola ũa candea decer;
mas o monge tesoureiro foilla da mão toller,
dizend': «Encantador sodes, e non vola leixaremos».
A Virgen Santa María…

mas o] mai-lo *E*

Mas o jograr, que na Virgen tiinna seu coraçón,
non quis leixar seus cantares, e a candea entón
ar pousoulle na viola; mais o frade mui felón
tolleulla outra vegada máis toste ca vos dizemos.
A Virgen Santa María…

mais] mas *E*

Pois a candea fillada ouv' aquel monge des i
ao jograr da viola, foia põer ben alí
u x' ant' estav', e atoua mui de rij' e diss' assí:
«Don jograr, se a levardes, por sabedor vos terremos».
A Virgen Santa María…

atoua] atoa *To*

O jograr por tod' aquesto non deu ren, mas violou
como x' ante violava, e a candea pousou
outra vez ena viola; mas o monge lla cuidou
fillar, mas díssell' a gente: «Esto vos non sofreremos».
A Virgen Santa María…

mas o] mai-lo *T*

Poi-lo monge perfiado aqueste miragre viu,
entendeu que muit' errara, e logo s' arrepentiu;
e ant' o jograr en terra se deitou e lle pediu
perdón por Santa María, en que vós e nós creemos.
A Virgen Santa María…

lle] le *To*
vós e nós] nós e vós *E*

Poi-la Virgen Groriosa fez este miragr' atal,
que deu ao jograr dõa e converteu o negral
monge, d' alí adeante cad' an' un grand' estadal
lle trouxe a sa eigreja o jograr que dit' avemos.
A Virgen Santa María…

CSM 9

To 19r-20v; T 16r-16v; E 38v-39v

Esta é como Santa María fez en Sardonai, preto de Domas, que a sa omagen, que era pintada en ũa távoa, se fezesse carne e manass' oio

Esta é] Esta novena é *To*

Por que nós ajamos
sempre, noit' e día,
dela renembrança,
en Domas achamos
que Santa María
fez gran demostrança.

En esta cidade, que vos ei ja dita,
ouv' i ũa dona de mui santa vida,

mui fazedor d' algu' e de todo mal quita,
rica e mui nobre e de ben comprida.
Mas, por que sabiamos
como non quería
do mundo gabança,
como fez digamos
ũ' albergaría,
u fillou morança.
Por que nós ajamos…

albergaría] alberguería *To*
morança] moraça *T*

E alí morand' e muito ben fazendo
a tódalas gentes que per i passavan,
vẽo i un monge, segund' eu aprendo,
que pousou con ela, com' outros pousavan.
Diss' ela: «Ouçamos
u tẽedes vía,
se ides a França».
Diss' el: «Mas cuidamos
dereit' a Suría
logu' ir sen tardança».
Por que nós ajamos…

Suría] Soría To

Logu' entón a dona, chorando dos ollos
muito, lle rogava que per i tornasse,
des que el ouvesse fito-los gẽollos
ant' o San Sepulcro e en el beijasse.
«E máis vos rogamos
que, se vos prazía,
ũa semellança
que d' alá vejamos
da que sempre guía
os seus sen errança».
Por que nós ajamos…

Pois que foi o monge na santa cidade
u Deus por nós morte ena cruz prendera,
comprido seu feito, ren da majestade
non lle vẽo a mente, que el prometera;
mas disse: «Movamos
–a sa companía–,
que gran demorança
aquí u estamos
bõa non sería
sen aver pitança».
Por que nós ajamos…

Quand' est' ouve dito, cuidouss' ir sen falla;
mas a voz do Ceo lle disse: «Mesquinno,
e como non levas, assé Deus te valla,
a omagen tigo e vas teu caminno?
Esto non loamos,
ca mal ch' estaría
que, per obridança,
se a que amamos
monja non avía
da Virgen sembrança».
Por que nós ajamos…

Mantenent' o frade os que con el ían
leixou ir, e logo tornou sen tardada
e foi buscar u as omages vendían,
e comprou end' ũa, a mellor pintada.
Diss' el: «Ben mercamos;
e quen podería
a esta osmança
põer? E vaamos
a noss' abadía
con esta gaança».
Por que nós ajamos…

E pois que o monge aquesto feit' ouve,
foiss' entón sa ví', a omagen no sẽo.
E logu' i a preto un león, u jouve,
achou, que correndo pera ele vẽo
de so ũus ramos,
non con felonía,
mas con omildança,
por que ben creamos
que Deus o quería
guardar, sen dultança.
Por que nós ajamos…

Des quando o monge do león foi quito,
que, macar se fora, non perdera medo
del, a pouca d' ora un ladrón maldito,
que romeus roubava, diss' aos seus quedo:
«Por que non matamos
este, pois desvía?
Darll' ei con mia lança,
e o seu partamos
logo sen perfía

cuidouss'] cuidous' *T*

assé] a se *T, E*

quería] fazía *T, E*

roubava] robava *To*

todos per iguança».
Por que nós ajamos…

Quand' est' ouve dito, quis en el dar salto,
dizendo: «Matémolo ora, irmãos».
Mas a voz do Ceo lles disse mui d' alto:
«Sandeus, non ponnades en ele as mãos;
ca nós lo guardamos
de malfeitoría
e de malandança,
e ben vos mostramos
que Deus prendería
de vós gran vingança».
Por que nós ajamos…

Pois na majestade viu tan gran vertude,
o mong' entón disse: «Comoquer que seja,
bõa será esta, assé Deus m' ajude,
en Costantinobre na nossa eigreja;
ca, se a levamos
allur, bavequía
e gran malestança
será, non erramos».
E ao mar s' ía
con tal acordança.
Por que nós ajamos…

E en ũa nave con outra gran gente
entrou, e gran peça pelo mar singraron;
mas ũa tormenta vẽo mantenente,
que do que tragían muit' en mar deitaron,
por guarir, osmamos.
E ele prendía
con desasperança
a que aoramos,
que sigo tragía
por sa delivrança,
Por que nós ajamos…

Por no mar deitala. Que a non deitasse
ũa voz lle disse, ca era pecado,
mas contra o ceo suso a alçasse,
e o tempo forte sería quedado.
Diz: «Prestes estamos».
Entón a ergía

Sandeus] maos *T*
vingança] vengança *E*
assé] a se *T, E*
Costantinobre] Costantinoble *To, E*
desasperança] desesperança *To*

e diz con fiança:
«A tí graças damos
que es alegría
noss' e amparança».
Por que nós ajamos…

E log' a tormenta quedou essa ora,
e a nav' a Acre entón foi tornada;
e con sa omagen o monge foi fóra
e foisse á casa da dona onrada.
Ora retraiamos
quan grand' artería
fez per antollança;
mas, como pensamos,
tanto lle valría
com' ũa garvança.
Por que nós ajamos…

O monge da dona non foi connoçudo,
onde prazer ouve, e irse quisera
logo da capela u era metudo
non viu end' a porta nen per u vẽera.
«Por que non leixamos
-contra sí dizía-,
e sen demorança,
esta que compramos,
e Deus tiraría-
nos desta balança?»
Por que nós ajamos…

El esto pensando, viu a port' aberta
e foi aa dona contar sa fazenda,
e deull' a omagen, ond' ela foi certa,
e sóbelo altar a pos por emenda.
Carne, non dultamos,
se fez e saía
dela, mas non rança,
grossain, e sejamos
certos que corría
e corr' avondança.
Por que nós ajamos…

pensamos] pessamos *T*

grossain] grosain *To*

CSM 10

To 20v-21r; T 17v; E 39v

Esta é de loor de Santa María, com' é fremosa e bõa e á gran poder

Esta é] Esta dezẽa é To

Rosa das rosas e fror das frores,
dona das donas, sennor das sennores.

fror] flor *To* | **frores**] flores *To*

Rosa de beldad' e de parecer
e fror d' alegría e de prazer,
dona en mui piadosa seer,
sennor en toller coitas e doores.
Rosa das rosas e fror das frores...

fror] flor *To*

e fror das frores] e flor das flores *To*, *Om. T*

Atal sennor dev' ome muit' amar
que de todo mal o pode guardar
e pódell' os pecados perdõar
que faz no mundo per maos sabores.
Rosa das rosas e fror das frores…

fror] flor *To* | **frores**] flores *To*

Devémola muit' amar e servir
ca punna de nos guardar de falir,
des i dos erros nos faz repentir
que nós fazemos come pecadores.
Rosa das rosas e fror das frores…

Devémola] devémosla *To*

e fror das frores] e flor das flores *To*, *Om. T*

Esta dona que tenno por sennor
e de que quero seer trobador,
se eu per ren poss' aver seu amor,
dou ao demo os outros amores.
Rosa das rosas e fror das frores…

e fror das frores] e flor das flores *To*
das rosas … frores] *Om. T*

CSM 11

To 21r-22r; T 18v-19r; E 39v-40v

Esta é de como Santa María tolleu a alma do monge que s' afogara no río ao demo, e fézeo ressocitar

Esta é] Esta XI é *To*
de] *Om. To, T*
ressocitar] resocitar *To*

Macar ome per folía
aginna caer
pod' en pecado,
do ben de Santa María
non dev' a seer
desasperado.

Por én direi toda vía
com' en ũa abadía
un tesoureiro avía,
monge que trager
con mal recado
a sa fazenda sabía,
por a Deus perder,
o malfadado.
Macar ome per folía…

per folía] *Om. E*

Sen muito mal que fazía,
cada noit' en drudaría
a ũa sa druda ía
con ela tẽer
seu gasallado;
pero ant' «Ave María»
sempr' ía dizer
de mui bon grado.
Macar ome per folía…

Quand' esto fazer quería,
nunca os sinos tangía,
e log' as portas abría
por ir a fazer
o desguisado;
mas no río que soía
passar foi morrer
dentr' afogado.
Macar ome per folía…

E u ll' a alma saía,
log' o demo a prendía
e con mui grand' alegría
foi po-la põer
no fogu' irado;
mas d' ángeos companníaa
po-la socorrer
vẽo privado.
Macar ome per folía…

Gran referta i crecía,
ca o demo lles dizía:
«Ide d' aquí vossa vía,
que dest' alm' aver
é juigado;
ca fez obras noit' e día
sempr' a meu prazer
e meu mandado».
Macar ome per folía…

Quando est' a compann' oía
dos ángeos, se partía
d' alí triste, pois viía
o demo seer
ben rezõado;
mas a Virgen que nos guía
non quis falecer
a seu chamado.
Macar ome per folía…

E pois chegou, lles movía
sa razón con preitesía
que per alí lles faría
a alma toller
do frad' errado,
dizéndolles: «Ousadía
foi d' irdes tanger
meu comendado».
Macar ome per folía…

O demo, quand' entendía
esto, con pavor fogía;
mas un ángeo corría
a alma prender,
led' aficado,

companníaa] companía *T, E*

rezõado] razõado *To*

fogía] fugía *E*

e no corpo a metía
e fezlo erger
ressucitado.
Macar ome per folía…

O convento atendía
o sino a que s' ergía,
ca des peça non durmía;
por én, sen lezer,
ao sagrado
foron e á agua fría,
u viron jazer
o mui culpado.
Macar ome per folía…

Tod' aquela crerezía
dos monges logo liía
sobr' ele a ledanía,
po-lo defender
do denodado
demo; mas a Deus prazía,
e logo viver
fez o passado.
Macar ome per folía…

Tod'] Tot' *E*

ledanía] lodanía *E*

CSM 12

To 23v-24r; T 20r; E 40v-41r

Esta é como Santa María se queixou en Toledo eno día de sa festa de agosto porque os judeus crucifigavan ũa omagen de cera a semellança de seu fillo

Esta é] Esta trezera é *To*
crucifigavan] crocefigavan *To*
a semellança de seu fillo] a sa semellança *E*

O que a Santa María máis despraz,
é de quen ao seu fillo pesar faz.

E daquest' un gran miragre vos quer' eu ora contar,
que a Reínna do Ceo quis en Toledo mostrar
eno día que a Deus foi corõar,

na sa festa que no mes d' agosto jaz.
O que a Santa María máis despraz…

O arcebisp' aquel día a gran missa ben cantou;
e quand' entrou na segreda e a gente se calou,
oíron voz de dona, que lles falou
piadosa e doorida assaz.
O que a Santa María máis despraz…

E a voz, come chorando, dizía: «Ai Deus, ai Deus,
com' é mui grand' e provada a perfía dos judeus
que meu fillo mataron, seendo seus,
e aínda non queren con ele paz».
O que a Santa María máis despraz…

Poi-la missa foi cantada, o arcebispo saíu
da eigreja e a todos diss' o que da voz oíu;
e toda a gent' assí lle recodiu:
«Esto fez o poblo dos judeus malvaz».
O que a Santa María máis despraz…

Entón todos mui correndo começaron logo d' ir
dereit' aa judaría, e acharon, sen mentir,
omagen de Jesucrist', a que ferir
ían os judeus e cospirlle na faz.
O que a Santa María máis despraz…

E sen aquest', os judeus fezeran ũa cruz fazer
en que aquela omagen querían logo põer.
E por est' ouveron todos de morrer,
e tornóuxelles en doo seu solaz.
O que a Santa María máis despraz…

arcebisp'] arcebispo *T, E*

assaz] asaz *To*, e assaz *E*

con ele] connosco *To*

judaría] judería *T*

Jesucrist'] Jesocrist' *To, E*

tornóuxelles] tornóuselles *To*

CSM 13

To 24r-25r; T 21r; E 41r-41v

Esta é como Santa María guardou o ladrón que non morresse na forca porque a saudava

Esta é] Esta XIIII é *To*

Assí como Jesucristo estando na cruz salvou
un ladrón, assí sa madre outro de morte livrou.

Jesucristo] Jesocristo *To*, *Om. T* | **estando na**] estand' ena *E*

E por end' un gran miragre vos direi desta razón
que feze Santa María dun mui malfeitor ladrón
que Elbo por nom' avía, mas sempr' en sa oraçón
a ela s' acomendava e aquelo lle prestou.
Assí como Jesucristo estando na cruz salvou…

lle] le *To*
como … salvou] *Om. T*

Onde ll' avẽo un día que foi un furto fazer,
e o meirinno da terra óuveo log' a prender
e tan toste, sen tardada, fezlo na forca põer;
mas a Virgen, de Deus madre, logu' entón del se nembrou.
Assí como Jesucristo estando na cruz salvou…

Onde ll' avẽo] Odell' avẽo *To*, Unde ll' avẽo *T*
estando … salvou] *Om. T*

E u pendurad' estava na forca por s' afogar,
a Virgen Santa María non vos quis entón tardar,
ante chegou muit' aginna e foill' as mãos parar
so os pees e alçoo assí que non s' afogou.
Assí como Jesucristo estando na cruz salvou…

pendurad'] pendorad' *To* | **na**] da *To*
foill' as] foll' as *To*
estando … salvou] *Om T*

Assí esteve tres días o ladrón que non morreu,
mais o meirinno passava per i e mentes meteu
com' era viv', e un ome seu logo lle corregeu
o laço per que morresse, mas a Virgen o guardou.
Assí como Jesucristo estando na cruz salvou…

o] lo *To, E*
estando … salvou] *Om T*

U cuidavan que mort' era, o ladrón lles diss' assí:
«Quérovos dizer, amigos, ora por que non morrí:
guardoume Santa María, e aquévola aquí
que me nas sas mãos sofre que m' o laço non matou».
Assí como Jesucristo estando na cruz salvou…

U] E *E* | **lles**] les *To*
aquévola] aquéivola *T*
estando…salvou] *Om. T*

Quand' est' oíu o meirinno, deu aa Virgen loor
Santa María, e logo foi decer por seu amor,
Elbo, o ladrón, da forca, que depois por servidor
dela foi sempr' en sa vida, ca en orden logu' entrou.
Assí como Jesucristo estando na cruz salvou…

Assí …salvou] *Om. T*

CSM 14

To 25r-26r; T 22r-22v; E 41v-42v

Esta é como Santa María rogou a seu fillo pola alma do monge de san Pedro porque rogaran tódolos santos e o non quis fazer senón por ela

Esta é] Esta XV é *To*
rogou a seu fillo] a seu fillo rogou *E*
monge] moge *T*
rogaran] rogaron *E*

Par Deus, muit' é gran razón
de poder Santa María máis de quantos santos son.

E muit' é cousa guisada de poder muito con Deus
a que o troux' en seu corpo, e depois nos braços seus
o trouxe muitas vegadas, e con pavor dos judeus
fugiu con el a Egipto, terra de rei faraón.
Par Deus, muit' é gran razón…

fugiu] fogiu *To*

Esta sennor groriosa quis gran miragre mostrar
en un mõesteir' antigo, que soía pret' estar
da cidade de Colonna, u soían a morar
monges e que de san Pedro avían a vocaçón.
Par Deus, muit' é gran razón…

mõesteir'] moesteir' *To*

Ontr' aqueles bõos frades avía un frad' atal,
que dos sabores do mundo máis ca da celestial
vida gran sabor avía; mas por se guardar de mal
beveu ũa meezinna e morreu sen confissón.
Par Deus, muit' é gran razón…

Ontr'] Entr' *E*

E tan toste que foi morto, o dem' a alma fillou
dele e con gran lediça logo a levar cuidou;
mas defendeullo san Pedro e a Deus por el rogou
que a alma do seu monge por el ouvesse perdón.
Par Deus, muit' é gran razón…

E] A *T*

Pois que san Pedr' esto disse a Deus, resposll' el assí:
«Non sabes la profecía que diss' o bon rei Daví,
que o ome con mazela de pecado ante mí
non verrá, nen de mia casa nunca será compannón?».
Par Deus, muit' é gran razón…

Mui triste ficou san Pedro quand' esta razón oíu,
e chamou tódolos santos alí u os estar viu,

Mui] Qui *E*

e rogaron polo frade a Deus; mas el recodiu
ben com' a el recodira e en outra guisa non.
Par Deus, muit' é gran razón…

Quando viu san Pedr' os santos que assí foran falir,
entón a Santa María mercee lle foi pedir
que rogass' ao seu fillo que non quisess' consentir[7]
que a alma do seu frade tevess' o dem' en prijón.
Par Deus, muit' é gran razón…

quisess'] quises' *To*

Logu' entón Santa María a seu fill', o Salvador,
foi rogar que aquel frade ouvesse por seu amor[8]
perdón. E diss' el: «Fareio, pois end' avedes sabor;[9]
mas torn' a alma no corpo, e compra sa profissón».
Par Deus, muit' é gran razón…

ouvesse] perdõass' *T*, perdõas' *E*

U Deus por Santa María este rogo foi fazer,
o frade que era morto foiss' en pees logu' erger
e contou ao convento como s' ouver' a perder,
se non por Santa María, a que Deus lo deu en don.
Par Deus, muit' é gran razón…

U] A *T*, E *E*

Par … razón] *Om. T*

CSM 15

To 43v-45v; T 10r; E 42v-44r

Esta é como Santa María defendeu a cidade de Cesaira do emperador Juião

Esta é] Esta XXXIII[a] é *To*
emperador] emperidor *T*

Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor
Santa María a Virgen, madre de Jesucristo, Nostro Sennor.

Jesucristo] Jesocristo *To, E*

E de lle seeren ben mandados,
esto dereit' e razón aduz,
pois que por eles encravelados

7 Mantemos a forma *quisess'* sen o final vocálico, tal como figura nos mss. para non aumentar o cómputo silábico.

8 Preferimos a lectura de *To* para os vv. 39-40 porque a grafía non se ve forzada como sucede nos outros códices.

9 V. 40: **perdón**] *Om. T, E* | **diss' el: «Fareio, pois**] diss' el madre fareio pois *T, E*.

ouve seu fill' os nembros na cruz;
demais, per ela santos chamados
son, e de todos é lum' e luz;
por end' están sempr' aparellados
de fazer quanto ll' en prazer for.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Ond' en Cesaira a de Suría
fez un miragre, á gran sazón,
por san Basillo Santa María
sobre Juião fals' e felón,
que os crischãos matar quería,
ca o demo no seu coraçón
metera i tan grand' eregía,
que per ren non podía maior.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Este Juião avía guerra
con persiãos e foi sacar
oste sobr' eles, e pela terra
de Cesaira ouve de passar;
e san Basill' a pé dũa serra
saíu a el por xe ll' omillar,
e diss' assí: «Aquel que non erra,
que Deus é, te salv', Emperador».
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Juião diss' ao ome santo:
«Sabedor es e muito me praz;
mas quer' agora que sabias tanto
que mui máis sei eu ca tí assaz,
e de tod' esto eu ben m' avanto
que sei o que en natura jaz».
Basillo diz: «Será est' enquanto
tu connoceres teu criador».
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

O sant' ome tirou de seu sẽo
pan d' orjo, que lle foi ofrecer
dizend': «Esto nos dan do allẽo
por Deus con que possamos viver.
Pois ta pessõa nobr' aquí vẽo,
fíllao, se te jaz en prazer».
Juião disse: «Denti do fẽo,
pois me cevada dás por amor.
Tódolos santos que son no Ceo de sevir muito an gran sabor…

nembros] nebros *T*
per] por *To*
eregía] erigia *To*, *E*
Basillo] Bisilo *T,* Basilo *E*
ofrecer] oferecer *T*

E máis ti digo que, se conqueiro
terra de Persia, quero vĩir
per aquí logu' e teu mõesteiro
e ta cidade ti destroír;
e fẽo comerás por fazfeiro
ou te farei de fame fiir;
e se t' aqueste pan non refeiro,
terreime por doutr' ome peior».
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Pois san Basill' o fẽo fillado
ouve, tornándosse diss' atal:
«Juião, deste fẽo que dado
mi ás que comesse feziste mal;[10]
e est' orgullo que mi ás mostrado,
Deus tio demande, que pod' e val;
e quant' eu ei tenn' encomendado
da Virgen, madre do Salvador».
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Basill'] Basil' *E*

Pois se tornou aos da cidade,
fezlos juntar, chorando dos seus
ollos, contand' a deslealdade
de Juião e disse: «Por Deus,
de quen é madre de piadade
Santa Marí', ai amigos meus,
roguémoslle pola sa bondade
que nos guarde daquel traedor».
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

chorando] chorado *T*

de] *Om. T*

Marí'] María *T, E*

Demais fezlles jajũar tres días
e levar gran marteir' e afán,
andando per muitas romarías,
bevend' agua, comendo mal pan;
de noite lles fez tẽer vigías
na eigreja da do bon talán,
Santa María, que désse vías
per que saíssen daquel pavor.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

jajũar] gejũar *To, E*

lles] les *To*

Poi-lo sant' om' aquest' ouve feito,
ben ant' o altar adormeceu
da Santa Virgen, lass' e maltreito;

maltreito] maltreto *E*

10 Lémbrese que *mi ás* conta unha única sílaba, igual que no verso seguinte. O mesmo sucede con *tio Cfr.* CSM 21, v. 44, *tí o* no v. 62.

e ela logo ll' apareceu
con gran poder de santos afeito
que a terra toda 'sclareceu,
e dizendo: «Pois que ei congeito,
vingarm' ei daquele malfeitor». **malfeitor**] mlfeitor *T*
Tódolos santos que son no Ceo de sevir muito an gran sabor…

Pois esto disse, chamar mandava
san Mercuiro e díssell' assí:
«Juião falso, que rezõava
mal a meu fill' e peior a mí,
por quanto mal nos ele buscava
dános dereito del ben alí
d' u vai ontr' os seus, en que fiava,
e sei de nós ambos vingador».
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

E mantenente sen demorança
san Mercuiro logu' irse leixou
en seu cavalo branqu', e sa lança
muito brandind'; e toste chegou
a Juião e deulle na pança
que en terra morto o deitou
ontr' os seus todos e tal vingança **vingança**] vengança *To, T*
fillou del come bon lidador.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Tod' aquesto que vos ora dito
ei, san Basill' en sa visón viu; **Basill'**] Basil' *E* | **visón**] viso *T*
e Santa María deull' escrito
un livro, e ele o abriu,
e quant' i viu no coraçón fito
teve ben e logo s' espidiu **s' espidiu**] s' espediu *To, E*
dela. E pois da visón foi quito,
ficou én con med' e con tremor.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Depós aquest' un seu companneiro
san Basillo i logo chamou, **Basillo i**] Basilio *To*, Basilo *T*
e catar foi logo de primeiro
u as sas armas ante leixou
de san Mercuiro, o cavaleiro
de Jesucrist', e non as achou; **Jesucrist'**] Jesocrist' *T*
e teve que era verdadeiro **verdadeiro**] verdairo *E*
seu sonn', e deu a Deus én loor.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Essa ora logo sen tardada
san Basillo, com' escrit' achei,
u a gente estav' assũada
foilles dizer como vos direi:
«Gran vengança nos á ora dada
san Mercuiro daquel falso rei,
ca o matou dũa gran lançada,
que nunca atal deu justador.
Tódolos santos que son no Ceo de sevir muito an gran sabor…

E se daquesto, pela ventura,
que digo non me creedes én:
eu fui catar a sa sepultura
e das sas armas non vi i ren.
Mas tornemos i log' a cordura,
por Deus que o mund' en poder ten,
ca este feit' é de tal natura
que dev' om' én seer sabedor».
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Logo tan toste foron correndo
e as armas todas essa vez
acharon, e a lança jazendo,
con que san Mercuir' o colbe fez,
sangoent'; e per i entendendo
foron que a Virgen mui de prez
fez fazer esto en defendendo
os seus de Juião chufador.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

Eles assí a lança catando,
que creer podían muit' adur,
maestre Líbano foi chegando,
filósofo natural de Sur,
que lles este feito foi contando,
ca se non detevera nenllur
des que leixara a ost' alçando
e Juião morto sen coor.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

E contoulles a mui gran ferida
que ll' un cavaleiro branco deu,
per que alma tan toste partida[11]

Basillo] Basilo *To*, Basilio *T*
gente] gent' *E* | **assũada**] asũada *To*
fui] foi *To* | **sepultura**] sepoltura *To*
detevera] deteveron *E*

11 «que alma» debe entenderse «que a alma».

lle foi do corp'. «Aquesto vi eu
–diss' el–, por én quero santa vida
fazer vosqu' , e non vos seja greu,
e receber vossa lei comprida,
e serei dela preegador».
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

E log' a auga sóbela testa
lle deitaron, e batismo pres;
e começaron logu' i a festa
da Virgen, que durou ben un mes;
e cada día pela gran sesta
viinnan da ost' un e dous e tres,
que lles contaron da mort' a gesta
que pres Juião a gran door.
Tódolos santos que son no Ceo de servir muito an gran sabor…

batismo] bastimo *To*

de … sabor] *Om. E*

CSM 16

To 22r-23v; T 27v-28r; E 44r-45r

Esta é como Santa María converteu un cavaleiro namorado, que s' ouver' a desasperar porque non podía aver sa amiga

Esta é] Esta XII é *To*
desasperar] desesperar *To*
sa amiga] sa a amiga *T*

Quen dona fremosa e bõa quiser amar,
am' a Groriosa e non poderá errar.

E desta razón vos quer' eu agora dizer
fremoso miragre, que foi en França fazer
a madre de Deus, que non quiso leixar perder
un namorado que s' ouver' a desasperar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

desasperar] desesperar *To*

Este namorado foi cavaleiro de gran
prez d' armas, e mui fremos' e apost' e mui fran;
mas tal amor ouv' a ũa dona, que de pran
cuidou a morrer por ela ou sandeu tornar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

E po-la aver fazía o que vos direi:
non leixava guerra nen lide nen bon tornei,
u se non provasse tan ben, que conde nen rei
polo que fazía o non ouvess' a preçar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

E, con tod' aquesto, dava seu aver tan ben
e tan francamente, que lle non ficava ren;
mas quando dizía aa dona que o sén
perdía por ela, non llo querí' ascoitar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

Macar o cavaleir' assí despreçar se viu
da que el amava, e seu desamor sentiu,
pero, con tod' esto, o coraçón non partiu
de querer seu ben e de o máis d' al cobiiçar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

Mas con coita grande que tiinna no coraçón,
com' ome fóra de seu siso, se foi entón
a un sant' abade e díssell' en confissón
que a Deus rogasse que lla fezesse gãar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

O sant' abade, que o cavaleiro sandeu
viu con amores, atán toste s' apercebeu
que pelo dem' era; e por én se trameteu
de buscar carreira pera o ende tirar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

E por én lle disse: «Amigo, creed' a mí,
se esta dona vós queredes, fazed' assí:
a Santa María a pedide des aquí,
que é poderosa e vola poderá dar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

E a maneira en que lla devedes pedir
é que duzentas vezes digades, sen mentir,
«Ave María», d' oj' a un ano, sen falir,
cada día, en gẽollos ant' o seu altar».
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

O cavaleiro fez todo quanto ll' el mandou
e tod' ess' ano sas aves marías rezou,
senón poucos días que na cima én leixou

con coita das gentes que ían con el falar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

Mas o cavaleiro tant' avía gran sabor
de comprir o ano, cuidand' aver sa sennor,
que en un' ermida da madre do Salvador
foi comprir aquelo que fora ant' obridar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

E u el estava en aqueste preit' atal,
mostrand' a Santa María sa coit' e seu mal,
pareceulle log' a Reínna Esperital,
tan fremos' e crara que a non pod' el catar;
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

esperital] espirital *To*
crara] clara *To*

E díssell' assí: «Toll' as mãos d' ante ta faz
e párami mentes, ca eu non tenno anfaz;
de mí e da outra dona, a que te máis praz
filla qual quiseres, segundo teu semellar».
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

de] *Om. E*

Quen … amar] *Om. E*

O cavaleiro disse: «Sennor, madre de Deus,
tu es a máis fremosa cousa que estes meus
ollos nunca viron; por én seja eu dos teus
servos que tu amas, e quer' a outra leixar».
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

E entón lle disse a sennor do mui bon prez:
«Se me por amiga queres aver, máis rafez,
tanto que est' ano rezes por mí outra vez
quanto pola outra antano fuste rezar».
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

Poi-la Groriosa o cavaleiro por seu
fillou, des alí rezou el, e non lle foi greu,
quanto lle mandara ela; e, com' oí eu,
na cima do ano foio consigo levar.
Quen dona fremosa e bõa quiser amar…

CSM 17

To 17r-18r; T 29r; E 45r-45v

Esta é de como Santa María guardou de morte a onrada dona de Roma a que o demo acusou po-la fazer queimar

Esta é] Esta VII é *To*

Sempre seja bẽeita e loada
Santa María, a noss' avogada.

bẽeita] beeita *E*

Maravilloso miragre d' oír
vos quer' eu ora contar sen mentir,
de como fez o diabre fogir
de Roma a Virgen de Deus amada.
Sempre seja bẽeita e loada…

En Roma foi, ja ouve tal sazón,
que ũa dona mui de coraçón
amou a Madre de Deus; mas entón
sofreu que fosse do demo tentada.
Sempre seja bẽeita e loada…

A dona mui bon marido perdeu,
e con pesar del per poucas morreu;
mas mal conorto dun fillo prendeu
que del avía, que a fez prennada.
Sempre seja bẽeita e loada…

A dona, pois que prenne se sentiu,
gran pesar ouve; mas depois pariu
un fill', e u a nengũu non viu
matoo dentr' en sa cas' enserrada.
Sempre seja bẽeita e loada…

nengũu] nengún *T, E*

En aquel tempo o demo maior
tornouss' en forma d' ome sabedor,
e mostrándosse por devinnador,
o emperador lle fez dar soldada.
Sempre seja bẽeita e loada…

E ontr' o al que soub' adevinnar,
foi o feito da dona mesturar;
e disse que llo quería provar,
en tal que fosse logu' ela queimada.
Sempre seja bẽeita e loada…

E pero ll' o emperador dizer
oíu, ja per ren non llo quis creer;
mas fez a dona ante sí trager,
e ela vẽo ben acompannada.
Sempre seja bẽeita e loada…

Poi-lo emperador chamar mandou
a dona, logo o dem' ar chamou,
que lle foi dizer per quanto passou,
de que foi ela mui maravillada.
Sempre seja ben bẽeita e loada…

O emperador lle disse: «Moller
bõa, de responder vos é mester».
«O ben –diss' ela–, se prazo ouver
en que eu possa seer consellada».
Sempre seja bẽeita e loada…

O emperador lles pos praz' atal:
«D' oj' a tres días, u non aja al,
venna provar o maestr' este mal;
se non, a testa lle seja tallada».
Sempre seja bẽeita e loada…

A bõa dona se foi ben d' alí
a un' eigreja, per quant' aprendí,
de Santa María, e diss' assí:
«Sennor, acorre a túa coitada».
Sempre seja bẽeita e loada…

Santa María lle diss': «Est' afán
e esta coita que tu ás de pran
faz o maestre; mas mẽos que can
o ten en vil, e sei ben esforçada».
Sempre seja bẽeita e loada…

A bõa dona sen niún desdén
ant' o emperador aquea vén;
mas o demo entón per nulla ren
non a connoceu nen lle disse nada.
Sempre seja bẽeita e loada…

Diss' o emperador: «Par san Martín,
maestre, mui pret' é a vossa fin».
Mas foiss' o demo e fezll' o bocín,

mandou] mndou *E*

O Emperador] L' emperador *To*

e derribou do teit' ũa braçada.
Sempre seja bẽeita e loada…[12]

Sempre seja bẽeita e loada] Par Deus muit é gran razón de poder Santa María *To*, *Om.T.*

CSM 18

To 26v-27v; T 30r; E 45v-46r

Esta é como Santa María fez fazer aos babous que crían a seda dúas toucas porque a dona que os guardava lle prometera ũa e non lla dera

Esta é] Esta XVI é *To*
prometera] promera *T*

Por nos de dulta tirar,
praz a Santa María
de seus miragres mostrar
fremosos cada día.

E por nos fazer veer
sa apostura,
gran miragre foi fazer
en Estremadura,[13]
en Segovia, u morar
ũa dona soía,
que muito sirgo criar
en sa casa fazía.
Por nos de dulta tirar…

Porque os babous perdeu
e ouve pouca
seda, por én prometeu
dar ũa touca
per a omagen onrar
que no altar siía
da Virgen que non á par
en que muito criía.
Por nos de dulta tirar…

12 En *To* cópiase por erro o refrán da CSM 14, talvez porque coincide co cambio de folio.

13 Verso hipérmetro.

Pois que a promessa fez,
sempre creceron
os babous ben dessa vez
e non morreron;
mas a dona con vagar
grande que i prendía,
da touca da seda dar
sempre ll' escaecía.
Por nos de dulta tirar…

Onde ll' avẽo assí
ena gran festa
d' agosto, que vẽo i
con mui gran sesta
ant' a omagen orar;
e alí u jazía
a prezes, foille nembrar
a touca que devía.
Por nos de dulta tirar…

Chorando de coraçón
foisse correndo
á casa e viu entón
estar fazendo
os bischocos e obrar
na touca a perfía,
e começou a chorar
con mui grand' alegría.
Por nos de dulta tirar…

E pois que assí chorou,
meteu ben mentes
na touca; des i chamou
muitas das gentes
i que vẽessen parar
mentes como sabía
a Madre de Deus lavrar
per santa maestría.
Por nos de dulta tirar…

As gentes, con gran sabor,
quand' esto viron,
dando aa Madre loor
de Deus, saíron
aas rúas braadar,

esto viron] est' oíron *To, T*

dizendo: «Vía, vía
o gran miragre catar
que fez a que nos guía».
Por nos de dulta tirar…

Un e un, e dous e dous
logu' i vẽeron;
ontre tanto os babous
outra fezeron
touca, per que fossen par,
que se alguén quería
a ũa delas levar,
a outra leixaría.
Por nos de dulta tirar…

Por én don Afons', el Rei,
na sa capela
trage, per quant' apres' ei,
end' a máis bela,
que faz nas festas sacar
por toller eregía
dos que na Virgen dultar
van per sa gran folía.
Por nos de dulta tirar…

CSM 19

To 28r-29r; T 31r; E 46r-46v

Esta é como Santa María fillou vengança dos tres cavaleiros que mataron seu ẽemigo ant' o seu altar

Esta é] Esta XVIIII é *To*
vengança] vingança *E*

Gran sandece faz quen se por mal filla
cona que de Deus é madre e filla.

Desto vos direi un miragre fremoso
que mostrou a madre do Rei Grorioso
contra un ricome fol e sobervioso,
e contarvos ei end' a gran maravilla.
Gran sandece faz quen se por mal filla…

quen se por mal filla] *Om. T*

Ele e outros dous un día acharon[14]
un seu ẽemigu' , e pos el derranjaron
e en ũa eigreja o enserraron
por prazer do demo, que os seus aguilla.
Gran sandece faz quen se por mal filla…

O enserrado teve que lle valría
aquela eigreja de Santa María;
mas ant' o altar con sa gran felonía
peças del fezeron per sa pecadilla.
Gran sandece faz quen se por mal filla…

E pois que o eles peças feit' ouveron,
logo da eigreja saírse quiseron;
mas aquesto por ren fazer non poderon,
ca Deus os trillou, o que os maos trilla.
Gran sandece faz quen se por mal filla…

Non foi quen podesse arma nen escudo
tẽer niún deles, assí foi perdudo
de fogo do ceo, ca tod' encendudo
foi ben da cabeça tro ena virilla.
Gran sandece faz que se por mal filla…

Poi-los malapresos arder s' assí viron,
logo por culpados muito se sentiron;
a Santa María mercee pediron
que os non metesse o dem' en sa pilla.
Gran sandece faz quen se por mal filla…

Pois se repentiron, foron mellorados
e dun santo bispo mui ben confessados,
que lles mandou, por remiir seus pecados,
que fossen da terra como quen s' eixilla.
Gran sandece faz quen se por mal filla…

Demais lles mandou que aquelas espadas
con que o mataran fossen pecejadas
e cintas én feitas, con que apertadas
trouxessen as carnes per toda Cezilla.
Gran sandece faz quen se por mal filla…

Ele] El *To, T, E*

sandece … filla] *Om. T*

E] P *E*

os trillou] los trillou *To*

virilla] verilla *E*

remiir] remīir *E*

que fossen] ques fossen *To*

14 Concordamos con Mettmann e engadimos un «e» paragóxico ao pronome «El» para reparar a hipometría do verso.

CSM 20

To 30r-31r; T 32r; E 46v-47r

Esta é de loor de Santa María, por quantas mercees nos faz

Esta é] Esta XXª e *To*

Virga de Jesse,
quen te soubesse
loar como mereces
e sén ouvesse
per que dissesse — **per que**] por que *To* | **dissesse**] disesse *To*
quanto por nós padeces.

Ca tu noit' e día
sempr' estás rogando
teu fill', ai María,
por nós que, andando
aquí pecando
e mal obrando
que tu muit' avorreces,
non queira, quando — **queira**] quera *T, E*
sever julgando,
catar nossas sandeces.
Virga de Jesse…

E ar toda vía
sempr' estás lidando
por nós a perfía,
o dem' arrancando — **arrancando**] arrando *E*
que sossacando — **sossacando**] sosacando *To*
nos vai tentando
con sabores rafeces;
mas tu guardando
e amparando
nos vas, poi-lo couseces.
Virga de Jesse…

Miragres fremosos
vas por nós fazendo,
e maravillosos
per quant' eu entendo,
e corregendo
muit' e sofrendo
ca non nos escaeces,

e contendendo
nos defendendo
do demo que 'sterreces.
Virga de Jesse…

Aos soberviosos
d' alto vas decendo,
e os omildosos
en onra crecendo
e enadendo
e provezendo
tan santas grãadeces;
por én m' acomendo
a tí e rendo,
que ós teus non faleces.
Virga de Jesse…

Aos] Eos *E*

m' acomendo] mi acomendo *T*

CSM 21

To 35v-36v; T 33r; E 47r-47v

Esta é como Santa María fez aver fillo a ũa moller maninna e depois morreulle e ressucitoullo[15]

Esta é] Esta XXVI[a] é *To*
ressucitoullo] ressocitoullo *To, E*

Santa María pod' enfermos guarir
quando xe quiser e mortos resorgir.

Na que Deus seu sant' espérit' enviou
e que forma d' ome en ela fillou,
non é maravilla se del gaannou
vertude per que podess' esto comprir.
Santa María pod' enfermos guarir…

Por end' un miragr' aquesta reínna
santa fez mui grand' a ũa mesquinna
moller, que con coita de que maninna

espérit'] espírit' *To,* espérir *T*

15 Obsérvese a alternancia do cómputo silábico entre as estrofas pares e impares nesta cantiga.

era, foi a ela un fillo pedir.
Santa María pod' enfermos guarir…

Santa … guarir] *Om. T*

Chorando dos ollos mui de coraçón,
lle diss': «Ai, Sennor, oe mia oraçón,
e por ta mercee un fillo barón
me dá, con que goi' e te possa servir».
Santa María pod' enfermos guarir…

Log' o que pediu lle foi outorgado,
e pois a seu temp' aquel fillo nado
que a Santa María demandado
ouve, ca lle non quis eno don falir.
Santa María pod' enfermos guarir…

Mas o meninn', a pouco pois que naceu,
dũa forte féver mui cedo morreu;
mas a madre per poucas ensandeceu
por el, e sas faces fillouss' a carpir.
Santa María pod' enfermos guarir…

meninn'] mininn' *To*

Entón a cativa con gran quebranto
ao mõesteir' o levou e ant' o
altar o pos, fazendo tan gran chanto,
que tódalas gentes fez a sí vĩir.
Santa María pod' enfermos guarir…

gran] gn *E*

E braadando começou a dizer:
«Santa María, que me fuste fazer
en darm' este fill' e logo mio toller,
por que non podesse con ele goír?
Santa María pod' enfermos guarir…

Sennor, que de madre nome me déste,
en tollermio logo mal me fezeste;
mas polo prazer que do teu ouveste
fillo, dám' este meu que veja riir.
Santa María pod' enfermos guarir…

Ca tu soa es a que mio podes dar,
e por end' a tí o venno demandar;
onde, Groriosa Sennor, sen tardar
dámio vivo, que aja que ti gracir».
Santa María pod' enfermos guarir…

ti] te *To*

Log' a oraçón da moller oída
foi, e o meninno tornou en vida
por prazer da Virgen Santa comprida,
que o fez no leit' u jazía bolir.
Santa María pod' enfermos guarir…

Quand' esto viu a moller, ouve pavor
da primeir', e pois tornóussell' en sabor;
e deu por én graças a Nostro Sennor
e a sa madre, porque a quis oír.
Santa María pod' enfermos guarir…

meninno] mininno *To*
bolir] bulir *To*
tornóussell'] tornoussel' *E*
Santa … guarir] *Om. T*

CSM 22

To 31v-32v; T 34r; E 47v-48r

Esta é como Santa María guardou a un lavrador que non morresse das feridas que lle dava un cavaleiro e seus omees

Esta é] Esta XXII é *To*
feridas] firidas *To*
omees] omẽes *To*

Mui gran poder á a madre de Deus
de defender e ampara-los seus.

Gran poder á, ca seu fillo llo deu,
en defender quen se chamar por seu.
E dest' un miragre vos direi eu
que ela fez grande nos días meus.
Mui gran poder á a madre de Deus…

en] de *To*

En Armenteira foi un lavrador,
que un cavaleiro, por desamor
mui grande que aví' a seu sennor,
foi po-lo matar, per nome Mateus.
Mui gran poder á a madre de Deus…

de Deus] *Om. To*

E u o viu seu millo debullar
na eira, mandoulle lançadas dar;
mas el começou a madr' a chamar

mandoulle] mandoulli *T*

do que na cruz mataron os judeus.
Mui gran poder á a madre de Deus…

Dúas lançadas lle deu un peón,
mas non ll' entraron, e escantaçón
cuidou que era; o coteif' entón
máis bravo foi que Judas Macabeus.
Mui gran poder á a madre de Deus…

máis] mas *E*

Entón a sa azcũa lle lançou
e feriuo, pero non o chagou;
ca el a Santa María chamou:
«Sennor, valme como vales os teus,
Mui gran poder á a madre de Deus…

E non moira, ca non merecí mal».
Eles, pois viron o miragr' atal
que fez a Reínna Esperital,
creveron ben, ca ant' eran encreus.
Mui gran poder á a madre de Deus…

esperital] espirital *To*
ca] que *T*

E filláronse log' a repentir
e ao lavrador perdón pedir,
e déronll' algu'; e el punnou de s' ir
a Rocamador con outros romeus.
Mui gran poder á a madre de Deus…

CSM 23

To 32v-33r; T 35r; E 48r-48v

Esta é como Santa María acrecentou o vinno no tonel, por amor da bõa dona de Bretanna

Esta é] Esta XXIII[a] é *To*

Como Deus fez vinno d' agua ant' arquetecrinno,
ben assí depois sa madr' acrecentou o vinno.

Desto direi un miragre que fez en Bretanna
Santa María por ũa dona mui sen sanna,

en que muito bon costum' e muita bõa manna
Deus posera, que quis dela seer seu vezinno. **vezinno**] vizinno *To*
Como Deus fez vinno d' agua ant' arquetecrinno… **ant' arquetecrinno**] *Om. T* | **fez … arquetecrinno**] *Om. E*

Sobre tódalas bondades que ela avía, **Sobre**] Dobre *To*
era que muito fiava en Santa María;
e por ende a tirou de vergonna un día
del Rei, que a sa casa vẽera de caminno.
Como Deus fez vinno d' agua ant' arquetecrinno…

A dona po-lo servir foi muit' afazendada,
e deulle carn' e pescado e pan e cevada;
mas de bon vinno pera el era mui menguada,
ca non tiinna senón pouco en un tonelcinno. **pouco**] mui pouc' *To*
Como Deus fez vinno d' agua ant' arquetecrinno…

E dobraváxell' a coita, ca pero quisesse
avelo, non era end' en terra que podesse
por dinneiros nen por outr' aver que por el désse,
se non fosse pola madre do Vell' e Meninno.
Como Deus fez vinno d' agua ant' arquetecrinno…

E con aquest' asperança foi aa eigreja
e diss' «Ai, Santa María, ta mercee seja
que me saques daquesta vergonna tan sobeja;
se non, nunca vestirei ja máis lãa nen linno». **nunca vestirei**] a carón nunca *To* | **lãa nen**] vestirei *To*
Como Deus fez vinno d' agua ant' arquetecrinno…

Mantenent' a oraçón da dona foi oída,
e el Rei e sa companna toda foi comprida
de bon vinn' e a adega non én foi falida
que non achass' i avond' o riqu' e o mesquinno.
Como Deus fez vinno d' agua ant' arquetecrinno… **Como … arquetecrinno**] *Om. E*

CSM 24

To 27v-28r; T 36r; E 48v-49r

Esta é como Santa María fez nacer ũa fror na boca ao crérigo depois que foi morto e era en semellança de lilio porque a loava

Esta é] Esta é XVII *To*
fror] flor *To*

Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen**] que *E*

Non pod' errar nen falecer
quen loar te sab' e temer. **quen**] que *T, E*
Dest' un miragre retraer
quero, que foi en França.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança.

En Chartes ouv' un crerizón **ouv' un**] ouun *To, T, E* | **crerizón**] creriçón *T*
que era tafur e ladrón,
mas na Virgen de coraçón
avía esperança.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

Quand' algur ía mal fazer,
se vía omagen seer **omagen**] omage *To*
de Santa María, correr
ía 'lá sen tardança.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

E pois fazía oraçón,
ía comprir seu mal entón;
por én morreu sen confissón
per sa gran malandança. **sa gran**] súa *T, E*
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T* | **errar**] e *E*

Porque tal morte foi morrer,
non o quiseron receber
no sagrad' e ouv' a jazer
fóra sen demorança.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

Santa María en visón
se mostrou a pouca sazón
a un prest' e díssell' entón:
«Fezestes malestança,

Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

Porque non quisestes coller
o meu crérigo nen meter
no sagrad' e longe põer
o fostes por viltança.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

Mas cras, assé Deus vos perdón,
ide por el con procissón,
con choros e con devoçón,
ca foi grand' a errança».
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

O preste logo foiss' erger
e mandou os sinos tanger,
por ir o miragre veer
da Virgen sen dultança.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

Os crérigos en mui bon son
cantando *Kirieleison*,
viron jazer aquel barón,
u fez Deus demostrança.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

Que, porque fora ben dizer
de sa madre, fezlle nacer
fror na boca e parecer **fror**] flor *To*
de liro semellança.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **quen en tí á fiança**] *Om. T*

Esto teveron por gran don
da Virgen e mui con razón;
e pois fezeron én sermón,
levárono con dança.
Madre de Deus, non pod' errar quen en tí á fiança. **Madre … fiança**] *Om. T*

CSM 25

To 50r-51r; T 37r-38r; E 49r-50v

Esta é como a imagen de Santa María falou en testimonio entre o crischão e o judeu

Esta é] Esta XXXVIII[a] é *To*
entre o] entro *To,* ontro *E*

Pagar ben pod' o que dever
o que a madre de Deus fía.

E desto vos quero contar
un gran miragre mui fremoso,
que fezo a Virgen sen par,
madre do Gran Rei Grorioso,
por un ome que seu aver
todo ja despendud' avía
por fazer ben e máis valer,
ca non ja en outra folía.
Pagar ben pod' o que dever…

Pagar … dever] *Om. To*

Quand' aquel bon ome o seu
aver ouv' assí despendudo,
non pod' achar, com' aprix eu,
d' estranno nen de connoçudo
quen sol ll' empréstido fazer
quisess'; e pois esto viía,
a un judeu foi sen lezer
provar se ll' algu' emprestaría.
Pagar ben pod' o que dever…

E o judeu lle diss' entón:
«Amig', aquesto que tu queres
farei eu mui de coraçón
sobre bon pennor, se mio deres».
Díssell' o crischão: «Poder
d' esso fazer non avería,
mas fiador quero seer
de cho pagar ben a un día».
Pagar ben pod' o que dever…

O judeu lle respós assí:
«Sen pennor non será ja feito
que o per ren leves de mí».

Diz o crischão: «Fas un preito:
irt' ei por fiador meter
Jesucrist' e Santa María».
Respós el: «Non quer' eu creer
en eles; mas fillarchos ía,
Pagar ben pod' o que dever…

Porque sei que santa moller
foi ela e el ome santo
e profeta; por én, senner,
fillarchos quer' e darch' ei quanto
quiseres, tod' a teu prazer».
E o crischão respondía:
«Sas omagẽes, que veer
posso, dout' en fiadoría».
Pagar ben pod' o que dever…

Pois o judeu est' outorgou,
ambos se foron mantenente,
e as omagẽes lle mostrou[16]
o crischão, e ant' a gente
tangeu e fillouss' a dizer
que por fiança llas metía
por que ll' o seu fosse render
a seu prazo sen tricharía.
Pagar ben pod' o que dever…

«E vós, Jesucristo, Sennor,
e vós, sa madre muit' onrada
–diss' el–, se d' aquí longe for
ou mia fazenda embargada,
non possa per prazo perder,
se eu pagar non llo podía
per mí, mas vós ide põer
a paga u mia eu porría.
Pagar ben pod' o que dever…

Ca eu a vós lo pagarei,
e vós fazed' a el a paga,
por que non diga pois «Non ei
o meu», e en preito me traga,
nen mi o meu faça despender[17]

Jesucrist'] Jesocrist' *E*

omagẽes] omagees *To*

omagẽes] omages *T*

Jesucristo] Jesocristo *To, E*

fazed' a el a paga] fazer a el paga *E*

16 Aínda que *T* parece querer resolver a irregularidade métrica, preferimos manter a coherencia gráfica.

17 Lémbrese que *mi o* conta como unha única sílaba.

con el andand' en preitesía;
ca se de coita a morrer
ouvesse, desta morrería».
Pagar ben pod' o que dever…

Poi-lo crischão assí fis,
fez o judeu. A poucos días,
con seu aver quant' ele quis
gãou en bõas merchandías
ca ben se soub' entrameter
dest' e ben fazelo sabía;
mas foill' o praz' escaecer
a que o el pagar devía.
Pagar ben pod' o que dever…

O crischão, que non mentir
quis daquel prazo que posera,
ant' un día que a vïir
ouvesse, foi en coita fera;
e por esto fez compõer
un' arca, e dentro metía
quant' el ao judeu render
ouv', e diss': «Ai, Deus, tu o guía».
Pagar ben pod' o que dever…

Dizend' est', en mar la meteu;
e o vento moveu as ondas,
e outro día pareceu
no porto das aguas mui fondas
de Besanç'. E po-la prender
un judeu mui toste corría,
mas logu' i ouv' a falecer,
que a arc' ant' ele fogía.
Pagar ben pod' o que dever…

E pois o judeu esto viu,
foi, metendo mui grandes vozes,
a seu sennor, e el saíu
e dísselle: «Sol dúas nozes
non vales, que fuste temer
o mar con mui gran covardía;
mas esto quer' eu cometer,
ben leu a mí Deus la daría».
Pagar ben pod' o que dever…

Pois esto disse, non fez al,
mas correu alá sen demora,
e a arca en guisa tal
fez que aportou ant' el fóra.
Entón foi sa mão tender
e filloua con alegría,
ca non se podía sofrer
de saber o que i jazía.
Pagar ben pod' o que dever…

Des i fézea levar én
a sa casa, e seus dinneiros
achou en ela. E mui ben
se guardou de seus companneiros
que non ll' ouvessen d' entender
de como os el ascondía;
poi-los foi contar e volver,
a arca pos u el dormía.
Pagar ben pod' o que dever…

Pois ouve feito de sa prol,
o mercador alí chegava,
e o judeu ben come fol
mui de rijo lle demandava
que lle déss' o que ll' acreer
fora; se non, que el diría
atal cousa per que caer
en gran vergonna o faría.
Pagar ben pod' o que dever…

O crischão disse: «Fiel
bõo tenno que t' ei pagado:
a Virgen, madre do donzel
que no altar ch' ouvi mostrado,
que te fará ben connocer
como foi, ca non mentiría;
e tu non queras contender
con ela, que mal t' én verría».
Pagar ben pod' o que dever…

Diss' o judeu: «Desso me praz;
pois vaamos aa eigreja,
e se o disser en mia faz
a ta omagen, feito seja».
Entón fillárons' a correr,

filloua] filloa *To*

mentiría] metiría *E*

e a gente pos eles ía,
todos con coita de saber
o que daquel preit' averría.
Pagar ben pod' o que dever…

Pois na eigreja foron, diz
o crischão: «Ai, Majestade
de Deus, se esta paga fiz,
rógote que digas verdade
per que tu faças parecer
do judeu sa aleivosía,
que contra mí cuida trager
do que lle dar non devería».
Pagar ben pod' o que dever…

Entón diss' a madre de Deus,
per como eu achei escrito:
«A falsidade dos judeus
é grand'; e tu, judeu maldito,
sabes que fuste receber
teu aver, que ren non falía,
e fuste a arc' asconder
so teu leito con felonía».
Pagar ben pod' o que dever…

Quand' est' o judeu entendeu,
bẽes alí logo de chão
en Santa María creeu
e en seu fill', e foi crischão;
ca non vos quis escaecer
o que profetou Isaía,
como Deus verría nacer
da Virgen por nós toda vía.
Pagar ben pod' o que dever…

como eu] com eu *E*

CSM 26

To 33v-34v; T 39v-40r; E 50v-51v

Esta é como Santa María juigou a alma do romeu que ía a Santiago, que se matou na carreira por engano do diabo, que tornass' ao corpo e fezesse pẽedença

Esta é] Esta XXIIII[a] é *To*
diabo] diaboo *To*
fezesse] fizesse *To*

Non é gran cousa se sabe bon joízo dar
a madre do que o mundo tod' á de joigar.

Mui gran razón é que sabia dereito
quen Deus troux' en seu corp' e de seu peito
mamentou, e del despeito
nunca foi fillar;
por én de sén me sospeito
que a quis avondar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

Sobr' esto, se m' oíssedes, diría
dun joízo que deu Santa María
por un que cad' ano ía,
com' oí contar,
a San-Jam' en romaría,
porque se foi matar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

Este romeu con bõa voontade
ía a Santiago de verdade;
pero desto fez maldade
que ant' albergar
foi con moller sen bondade,
sen con ela casar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

Pois esto fez, meteuss' ao caminno,
e non se mãesfestou o mesquinno;
e o demo mui festinno
se lle foi mostrar
máis branco que un arminno,
po-lo tost' enganar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

meteuss' ao] meteuse ao *T*
lle] le *E*

Semellança fillou de Santiago
e disse: «Macar m' eu de tí despago,
a salvaçón eu cha trago
do que fust' errar,
por que non caias no lago
d' inferno, sen dultar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

inferno] iferno *To, E*

Mas ante farás esto que te digo,
se sabor ás de seer meu amigo:
talla o que trages tigo
que te foi deitar
en poder do ẽemigo,
e vaite degolar».
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

O romeu, que sen dóvida cuidava
que Santiag' aquelo lle mandava,
quanto lle mandou tallava;
poi-lo foi tallar,
logu' entón se degolava,
cuidando ben obrar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

Seus companneiros, poi-lo mort' acharon,
por non lles apõer que o mataron,
fórons'; e logo chegaron
a alma tomar
demões, que a levaron
mui toste sen tardar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

E u passavan ant' ũa capela
de san Pedro, muit' aposta e bela,
san James de Compostela
dela foi travar,
dizend': «Ai, fals' alcavela,
non podedes levar
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

James] Jaimes *T*

A alma do meu romeu que fillastes,
ca por razón de mí o enganastes;
gran traiçón i pensastes,
e, se Deus m' ampar,
pois falsament' a gãastes,

non vos pode durar».
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

Responderon os demões loções:
«Cuja est' alma foi fez feitos vãos,
por que somos ben certãos
que non dev' entrar
ante Deus, pois con sas mãos
se foi desperentar».
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

Santiago diss': «Atanto façamos:
pois nós e vós est' assí rezõamos,
ao joízo vaamos
da que non á par,
e o que julgar, façamos
logo sen alongar».
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

Log' ante Santa María vẽeron
e rezõaron quanto máis poderon.
Dela tal joíz' ouveron:
que fosse tornar
a alma onde a trouxeron,
por se depois salvar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

Este joízo logo foi comprido,
e o romeu morto foi resorgido,
de que foi pois Deus servido;
mas nunca cobrar
pod' o de que foi falido,
con que fora pecar.
Non é gran cousa se sabe bon joízo dar…

resorgido] resurgido *To*

CSM 27

To 34v-35v; T 41r; E 51v-52r

Esta é como Santa María fillou a sinagoga dos judeus e fez dela eigreja

Esta é] Esta XXV[a] é *To*

Non devemos por maravilla tẽer
d' a madre do vencedor sempre vencer.[18]

tẽer] teer *T*

Vencer dev' a madre daquel que deitou
Locifer do Ceo e depois britou
o ifern' e os santos dele sacou
e venceu a mort' u por nós foi morrer.
Non devemos por maravilla tẽer…

Por end' un miragre a madre de Deus
fez na sinagoga que foi dos judeus
e que os apóstolos, amigos seus,
compraran e foran eigreja fazer.
Non devemos por maravilla tẽer…

Os judeus ouveron desto gran pesar
e a César se foron ende queixar,
dizendo que o aver querían dar
que pola venda foran én receber.
Non devemos por maravilla tẽer…

O emperador fez chamar ante sí
os apóstolos e dísselles assí:
«Contra tal querela que or' ante mí
os judeus fezeron, que ides dizer?»
Non devemos por maravilla tẽer…

Apóstolos] Apóstelos *To*
querela] querella *To*

Os apóstolos, com' omes de bon sén,
responderon: «Sennor, nós fezemos ben,
pois que lla compramos e fezemos én
eigreja da que virgen foi conceber».
Non devemos por maravilla tẽer…

omes] omees *To, E*

Sobr' esto deu César seu joíz' atal:
«Serren a igreja, u non aja al,

18 Mantemos graficamente separada a preposición do artigo xa que se trata dunha deslocación sintáctica da preposición que forma parte da perífrase modal obrigativa (*dever de*).

e a quaraenta días, qual sinal
de lei i acharen, tal a dev' aver.
Non devemos por maravilla tẽer…

Os apóstolos log' a Monte Sión
foron, u a Virgen morava entón,
Santa María, e mui de coraçón
a rogaron que os vẽess' acorrer.
Non devemos por maravilla tẽer…

Assí lles repós a mui santa sennor:
«Daqueste preito non ajades pavor,
ca eu vos serei i tal ajudador
per que a os judeus ajan de perder».
Non devemos por maravilla tẽer…

E pois que o prazo chegou, sen falir,
mandou entón César as portas abrir,
e ámbalas partes fez log' alá ir
e dos seus que fossen a prova veer.
Non devemos por maravilla tẽer…

Des que foron dentr', assí lles conteceu
que logo san Pedr' ant' o altar varreu,
e aos judeus tan tost' apareceu
omagen da Virgen pintada seer.
Non devemos por maravilla tẽer…

Os judeus disseron: «Pois que a Deus praz
que esta omagen a María faz,
leixémosll' aqueste seu logar en paz
e non queramos con ela contender».
Non devemos por maravilla tẽer…

Fórons' os judeus e gãou dessa vez
aquela eigreja a Sennor de Prez,
que foi a primeira que se nunca fez
en seu nome dela, sen dulta prender.
Non devemos por maravilla tẽer…

Depois Juião, emperador cruel,
que a Santa María non foi fiel,
mandou ao póboo dos d' Irrael
que ll' aquela omagen fossen trager.
Non devemos por maravilla tẽer…

eu] en *To*

E os judeus, que sempr' acostumad' an
de querer gran mal a do mui bon talán,
foron i; e assí os catou de pran
que a non ousaron per ren sol tanger.
Non devemos por maravilla tẽer…

E] M *To*

Non … tẽer] *Om. T, E*

CSM 28

To 36v-38v; T 42r-42v; E 52v-53v

Esta é como Santa María defendeu Costantinobre dos mouros que a combatían e a cuidavan fillar

Esta é] Esta XXVII[a] é *To*

Todo logar mui ben pode seer defendudo
o que a Santa María á por seu escudo.

Onde daquesta razón
un miragre vos quero
contar mui de coraçón,
que fez mui grand' e fero
a Virgen que non á par,
que non quis que perdudo
foss' o póboo que guardar
avía, nen vençudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo…

Onde] Unde *T*

poboo] poblo *To*

De com' eu escrit' achei,
pois que foi de crischãos
Costantinobre, un rei
con oste de pagãos
vẽo a vila cercar
mui brav' e mui sannudo,
po-la per força fillar
por seer máis temudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo…

Costantinobre] Costantinoble *To*

sannudo] sanudo *To*

força] forcia *E*

pode seer defendudo] *Om. T*

E começou a dizer,
con sanna que avía,

que se per força prender
a cidade podía,
que faría én matar
o póboo miúdo
e o tesour' én levar
que tiinnan ascondudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… **pode seer defendudo**] *Om. T*

Na cidade, com' oí,
se Deus m' ajud' e parca,
san Germán dentr' era i,
un santo patriarca,
que foi a Virgen rogar
que dela acorrudo
foss' o poblo sen tardar
daquel mour' atrevudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… **pode seer defendudo**] *Om. T*

E as donas ar rogou
da mui nobre cidade **nobre**] noble *To, T*
mui de rij' e consellou
que ant' a majestade
da Virgen fossen queimar
candeas, que traúdo
o póboo do logar
non fosse, nen rendudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… **pode seer defendudo**] *Om. T*

Mas aquel mouro soldán
fezlles põer pedreiras
per' aos de dentr' afán
dar de muitas maneiras,
e os arqueiros tirar;
e assí combatudo
o muro foi sen vagar,
que toste foi fendudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… **pode seer defendudo**] *Om. T*

E coita sofreron tal
os de dentro e tanta,
que presos foran sen al,
se a Virgen mui santa
non fosse, que i chegar
con seu mant' estendudo
foi polo mur' amparar

que non fosse caúdo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… | **pode seer defendudo**] *Om. T*

E ben alí u deceu,
de santos gran companna
con ela apareceu;
e ela mui sen sanna
o seu manto foi parar,
u muito recebudo
colb' ouve dos que i dar
fez o soldán beiçudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… | **pode seer defendudo**] *Om. T*

E avẽo dessa vez
aos que combatían
que Deus por sa madre fez
que d' alí u ferían | **ferían**] firían *To, T*
os colbes, ían matar
daquel soldán barvudo
as gentes, e arredar
do muro ja movudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… | **pode seer defendudo**] *Om. T*

Aquel soldán, sen mentir,
cuidou que per abete
o querían envaír | **o**] non *To*
os seus, e Mafomete | **Mafomete**] Mofomete *T*
começou muit' a chamar,
o falso connoçudo,
que os vẽess' ajudar;
mas foi i decebudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… | **pode seer defendudo**] *Om. T*

Ca alí u el ergeu | **Ca alí u el ergeu**] Alí u ergeu os seus *T, E*
os ollos ao ceo,[19] | **os ollos ao ceo**] ollos contra o ceo *T, E*
viu log' a Madre de Deus
coberta de seu veo | **veo**] vẽo *T*
sóbela vila estar | **sóbela**] sóbrela *To*, *T*
con seu manto tendudo,
e as feridas fillar. | **feridas**] firidas *To*
Pois est' ouve veúdo,
Todo logar mui ben pode seer defendudo… | **pode seer defendudo**] *Om. T*

19 V. 93-94: Preferimos a corrección que figura na marxe dereita de *To* xa que parece máis acaída sintacticamente.

Tévesse por pecador,
ca viu que aquel feito
era de Nostro Sennor;
por én per niún preito
non quis combater mandar,
e fez come sisudo,
e na vila foi entrar
dos seus desconnoçudo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… | **pode seer defendudo**] *Om. T*

Pera san Germán se foi
aquel soldán pagão
e dísselle: «Sennor, oi-
mais me quer' eu crischão | **crischão**] cschão *T*
per vossa mão tornar
e seer convertudo
e Mafomete leixar,
o falso recreúdo.
Todo logar mui ben pode seer defendudo… | **pode seer defendudo**] *Om. T*

E o por que esto fiz,
diréivolo aginna:
segundo vossa lei diz,
a mui Santa Reínna
vi, que vos vẽo livrar;
pois m' est' apareçudo
foi, quérome batiçar, | **batiçar**] batizar *To*
mas non seja sabudo».
Todo logar mui ben pode seer defendudo… | **pode seer defendudo**] *Om. T*

Poderíavos de dur
dizer as grandes dõas
que aquel soldán de Sur
deu i, ricas e bõas;
demais foios segurar
que non fosse corrudo
o reino, se Deus m' ampar,
e foille gradeçudo.
logar mui ben pode seer defendudo… | **defendudo**] *Om. To* | **pode seer defendudo**...] *Om. T* | **seer defendudo**...] *Om. E*

CSM 29

To 39r-39v; T 43v; E 53v-54r

Esta é como Santa María fez parecer nas pedras omagẽes a sa semellança

Esta é] Esta XXIX[a] é *To*

Nas mentes sempre tẽer
devemo-las sas feituras
da Virgen, pois receber
as foron as pedras duras.

Per quant' eu dizer oí
a muitos que foron i,
na santa Gessemaní
foron achadas figuras
da madre de Deus, assí
que non foron de pinturas.
Nas mentes sempre tẽer…

muitos] omes *To*, omẽes *E*

Nen ar entalladas non
foron, se Deus me perdón,
e avía i faiçón
da Sennor das Aposturas
con seu fill', e per razón
feitas ben per sas mesuras.
Nas mentes sempre tẽer…

foron, se Deus] foron i se Deus *E*

Por én as resprandecer
fez tan muit' e parecer,
per que devemos creer
que é sennor das naturas,
que nas cousas á poder
de fazer craras d' escuras.
Nas mentes sempre tẽer…

Deus xas quise figurar
en pedra por nos mostrar
que a sa madre onrar
deven todas creaturas,
pois deceu carne fillar
en ela das sas alturas.
Nas mentes sempre tẽer…

CSM 30[20]

To 53v-54r; T 44v; E 54r-54v

Esta é de loor de Santa María, de como Deus non lle pode dizer de non do que lle rogar nen ela a nós

Esta é] Esta XL[a] é *To*

Muito valvera máis, se Deus m' ampar, — **máis**] ma mais *T*
que non fóssemos nados, — **nados**] nads *E*
se nos non désse Deus a que rogar
vai por nossos pecados.

Mas daquesto nos fez el o maior — **Mas**] Mais *To*
ben que fazer podía
u fillou por madr' e deu por sennor
a nós Santa María,
que lle rogue, quando sannudo for
contra nós toda vía,
que da sa graça nen do seu amor — **amor**] *Om. E*
non sejamos deitados.
Muito valvera máis, se Deus m' ampar… — **Muito … ampar**] *Om. To* | **se Deus m' ampar**] *Om. T*

E al foi el meter entre nós e sí — **E**] *Om. To* | **entre**] ontre *T*
e deu por avogada
que madr', amiga ll' é, creed' a mí,
e filla e criada;
por én non lle diz de non mas de si,
u a sent' aficada
rogándolle por nós, ca log' alí
somos del perdõados.
Muito valvera máis, se Deus m' ampar…

Nen ela outrossí a nós de non
pode, se Deus m' ajude,
dizer que non rogue de coraçón
seu fill' ond' á vertude;
ca por nós lle deu el aqueste don,
e por nossa saúde
fillou dela carn' e sofreu paxón
por fazernos onrados
Muito valvera máis, se Deus m' ampar…

20 A partir desta composición, a numeración das cantigas de loor vese alterada en *To*. Numeramos de acordo aos outros códices.

No seu reino, que el pera nós ten,
se o nós non perdermos
per nossa culpa non obrando ben
e o mal escollermos;
mas seu ben non perderemos per ren
se nós firme creermos
que Jesocrist' e a que nos mantén
por nós foron juntados.
Muito valvera máis, se Deus m' ampar…

obrando] obrado *T*

CSM 31

To 42r-43v; T 45v-46r; E 54v-55v

Esta é como Santa María levou o boi do aldeão de Segovia que ll' avía prometudo e non llo quería dar

Esta é] Esta XXXII[a] é *To*

Tanto, se Deus me perdón,
son da Virgen connoçudas
sas mercees, que quinnón
queren end' as bestias mudas.

Desto mostrou un miragre a que é chamada Virga
de Jesse na sa eigreja que éste en Vilasirga,
que a preto de Carrón
é dúas leguas sabudas,
u van fazer oraçón
gentes grandes e miúdas.
Tanto, se Deus me perdón…

é] a *E*

Alí van muitos enfermos que receben sãidade,
e ar vanx' i muitos sãos, que dan i sa caridade;
e per aquesta razón
son as gentes tan movudas,
que van i de coraçón
ou envían sas ajudas.
Tanto, se Deus me perdón…

receben] reciben *To*
vanx' i] vax i' *To*

E por end' un aldeão de Segovia, que morava
na aldea, ũa vaca perdera que muit' amava;
e en aquela sazón
foran i outras perdudas,
e de lobos logu' entón
comestas ou mal mordudas.
Tanto, se Deus me perdón…

E porque o aldeão desto muito se temía,
ante sa moller estando, diss' assí: «Santa María,
dart' ei o que tragu', en don,
a vaca, se ben m' ajudas
que de lob' e de ladrón
mia guardes, ca defendudas
Tanto, se Deus me perdón…

Son as cousas que tu queres, e por aquesto te rogo
que m' aquesta vaca guardes». E a vaca vẽo logo
sen dan' e sen ocajón,
con sas orellas merjudas,
e fez fillo sen lijón
con sinaes pareçudas.
Tanto, se Deus me perdón…

Pois creceu aquel bezerro e foi almall' arrizado,
a sa moller o vilão diss': «Irei cras a mercado;
mas este novelo non
irá nas ofereçudas
bestias qu' en ofereçón
son aos santos rendudas».
Tanto, se Deus me perdón…

Dizend' esto aa noite, outro día o vilão
quis ir vende-lo almallo; mas el saíulle de mão,
e correndo de randón
foi a jornadas tendudas,
come se con aguillón
o levassen de corrudas.
Tanto, se Deus me perdón…

Pois foi en Santa María, mostrousse por bestia sage:
meteusse na sa eigreja e parouss' ant' a omage;
e por aver sa raçón
foi u as bestias metudas
eran, que ena maisón

e] *Om. T*
m' aquesta] mi aquesta *To, T, E*
me perdón] *Om. To*
meteusse] meteuse *T*

foran dadas ou vendudas.
Tanto, se Deus me perdón…

E des alí adeante non ouv' i boi nen almallo
que tan ben tirar podesse o carr' e sofrer traballo,
de quantas bestias i son
que an as unnas fendudas,
sen ferilo de bastón
nen d' aguillón a 'scondudas.
Tanto, se Deus me perdón…

ferilo] firilo *To*

O lavrador, que pos ele a mui gran pressa vẽera,
poi-lo viu en Vilasirga, ouv' én maravilla fera
e fez chamar a pregón,
e gentes foron vĩúdas,
a que das cousas sermón
fez que ll' eran conteçudas.
Tanto, se Deus me perdón…

ll'] l' *To*

CSM 32

To 45v-46v; T 47r; E 55r-56r

Esta é como Santa María amẽaçou o bispo que descomungou o crérigo que non sabía dizer outra missa senón a súa

Esta é] Esta XXXIIII[a] é *To*
amẽaçou] ameaçou *E*

Quen loar podía,
com' ela querría,
a madre de quen
o mundo fez,
sería de bon sén.

Dest' un gran miragre vos contarei ora,
que Santa María fez, que por nós ora,
dũu que al, fóra
a sa missa, ora-
ción nunca per ren
outra sabía
dizer mal nen ben.
Quen loar podía…

dũu] dun *E*

Onde ao bispo daquele bispado
en que el morava foi end' acusado;
e ant' el chamado
e empreguntado
foi, se era ren
o que oía
del. Respós: «O ben».
Quen loar podía...

Poi-lo bispo soube per el a verdade,
mandoulle tan toste mui sen piedade
que a vezindade
leixass' da cidade
tost' e sen desdén,
e que sa vía
logo se foss' én.
Quen loar podía...

Aquela noit' ouve o bispo veúda
a Santa María con cara sannuda,
dizéndolle: «Muda
a muit' atrevuda
sentença, ca ten
que gran folía
fezist'. E por én
Quen loar podía...

Te digu' e ti mando que destas perfías
te quites; e, se non, d' oj' a trinta días
morte prenderías
e alá irías
u dem' os seus ten
na sa bailía,
ond' ome non vén».
Quen loar podía...

O bispo levousse mui de madrugada
e deu ao preste sa raçón dobrada.
«E missa cantada
com' acostumada
ás –disse–, mantén
da que nos guía,
ca assí convén».
Quen loar podía...

Onde] Unde *T, E*
el] ele *To*

levousse] se levou *T, E* | **madrugada**] madurgada *To*
deu ao preste] ao capelán deu *T, E*

CSM 33

To 46v-48r; T 48r-48v; E 56r-57r

Esta é como Santa María levou en salvo o romeu que caera no mar e o guiou per so a agua ao porto ante que chegass' o batel

Esta é] Esta XXXV[a] é *To*
a … o batel] *Om. To*

Gran poder á de mandar
o mar e tódolos ventos
a madre daquel que fez
tódolos quatr' elementos.

Desto vos quero contar
un miragre, que achar
ouv' en un livr', e tirar
o fui ben d' ontre trezentos,
que fez a Virgen sen par
por nos a todos mostrar
que seus son os mandamentos.
Gran poder á de mandar…

Ũa nav' ía per mar,
cuidand' en Acre portar;
mas tormenta levantar
se foi, que os bastimentos
da nave ouv' a britar,
e começouss' afondar
con romeus máis d' oitocentos.
Gran poder á de mandar…

Un bispo fora entrar
i, que cuidava passar
con eles; e pois torvar
o mar viu, seus pensamentos
foron d' alí escapar;
e por én se foi cambiar
no batel ben con duzentos
Gran poder á de mandar…

Omẽes. E un saltar
deles quis e se lançar
cuidou no batel; mas dar
foi de pees en xermentos

Omẽes] Omees *To* | **un**] ũu *To*, *T*

que i eran, e tombar
no mar foi e mergullar
ben até nos fondamentos.
Gran poder á de mandar…

Os do batel a remar
se fillaron sen tardar
por se da nav' alongar
e fogir dos escarmentos,
de que oíran falar,
dos que queren perfiar
sen aver acorrimentos.
Gran poder á de mandar…

E con coita d' arribar,
sa vea foron alçar,
e terra foron fillar
con pavor e medorentos;
e entón viron estar
aquel que perigoar
viran enos mudamentos.
Gran poder á de mandar…

Começárons' a sinar,
e fórono preguntar
que a verdad' ensinar
lles fosse sen tardamentos,
se guarira per nadar,
ou quen o fora tirar
do mar e dos seus tormentos.
Gran poder á de mandar…

E el fillouss' a chorar
e disse: «Se Deus m' ampar,
Santa María guardar
me quis por merecimentos
non meus, mas por vos mostrar
que quen per ela fiar,
valerll' an seus cousimentos».
Gran poder á de mandar…

Quantos eran no logar
começaron a loar
e mercee lle chamar,
que dos seus ensinamentos

fogir] fugir *E*

os quisess' acostumar,
que non podessen errar
nen fezessen falimentos.
Gran poder á de mandar…

quisess'] quises' *T*

CSM 34

To 48r-49r; T 49v; E 57r-57v

Esta é como Santa María fillou dereito do judeu pola desonra que fezera á súa omagen

Esta é] Esta XXXVI[a] é *To*
fezera] fizera *To*

Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento
quen contra Santa María filla atrevimento.

atrevimento] atrevemento *E*

Por én direi un miragre, que foi gran verdade,
que fez en Costantinoble, na rica cidade,
a Virgen, madre de Deus, por dar entendimento
que quen contra ela vai, palla é contra vento.
Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento…

por escarmento] *Om. T*

Ũa omage pintada na rúa siía
en távoa, mui ben feita, de Santa María,
que non podían achar ontr' outras máis de cento
tan fermosa, que furtar foi un judeu a tento
Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento…

ontr' outras] ent' outras *To, T*
por escarmento] *Om. T*

De noit'. E poi-la levou so sa capa furtada,
en sa cas' a foi deitar na cámara privada,
des i assentouss' alí e fez gran falimento;
mas o demo o matou e foi a perdimento.
Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento…

na cámara] amara *T*
des i] *Om. T* | **assentouss'**] assentous' *To* | **e**] *Om. T*
por escarmento] *Om. T*

Pois que o judeu assí foi mort' e confondudo
e o demo o levou que nunc' apareçudo
foi, un crischão entón con bon ensinamento
a omagen foi sacar do logar balorento.
Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento…

confondudo] cofondudo *E*
por escarmento] *Om. T*

E pero que o logar muit' enatío estava,
a omagen quant' en sí mui bõo cheiro dava,
que 'specias d' Ultramar, bálsamo nen onguento,
non cheiravan atán ben com' esta que emento.
Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento…

omagen] omage *To*
onguento] unguento *To*
por escarmento] *Om. T*

Pois que a sacou d' alí, mantenente lavoua
con agua e logu' entón a sa casa levoua,
e en bon logar a pos e fezlle comprimento
de quant' ouve de fazer por aver salvamento.
Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento…

levoua] levoa *E*
por escarmento] *Om. T*

Pois lle tod' esto feit' ouve, mui gran demostrança
fez i a madre de Deus, que d' oio semellança
correu daquela omage grand' avondamento,
que ficasse deste feito por renembramento.
Gran dereit' é que fill' o demo por escarmento…

Gran … escarmento] *Om. T*

CSM 35

To 117r-120r; T 50v-52r; E 57v-59v

Esta é como Santa María fez queimar a lãa aos mercadores que ofereran algo á súa omagen e llo tomaran depois

Esta é] Esta LXXXXII[a] é *To*
omagen] omage *E*

O que a Santa María der algo ou prometer,
dereit' é que s' en mal ache se llo pois quiser toller.

Ca muit' é ome sen siso quen lle de dar algu' é greu,
ca o ben que nós avemos, Deus por ela nolo deu.
E por esto non lle damos ren do nosso, mas do seu,
onde quen llo toller cuida gran sobervia vai fazer.
O que a Santa María der algo ou prometer…

mas] mais *To*

Desta razón un miragre direi fremoso, que fez
a Virgen Santa María, que é sennor de gran prez,
por ũas sas reliquias que levaron ũa vez
ũus crérigos a França, de que vos quero dizer.
O que a Santa María der algo ou prometer…

crérigos] clérigos *To*

Estes foron da cidade que é chamada León
do Ródão, u avía mui grand' igreja entón, — **grand' igreja**] gran eigreja *T*
que ardeu tan feramente que se fez toda carvón;
mas non tangeu nas relicas, esto devedes creer.
O que a Santa María der algo ou prometer…

Ca avía i do leite da Virgen Esperital, — **esperital**] espirital *To*
outrossí dos seus cabelos envoltos en un cendal, — **outrossí**] outro si *To*
tod' aquest' en ũa arca feita d' ouro, ca non d' al;
estas non tangeu o fogo, mais lo al foi tod' arder. — **mais lo**] mai-lo *E*
O que a Santa María der algo ou prometer...

Os crérigos, quando viron que a igreja queimar — **crérigos**] clérigos *To* | **igreja**] eigreja *E*
se fora, como vos digo, ouvéronse d' acordar
que se fossen pelo mundo conas relicas gãar — **relicas**] reliquias *To*
per que sa eigreja feita podess' aginna seer. — **eigreja**] igreja *To*
O que a Santa María der algo ou prometer…

Mestre Bernald' avía nom' un que er' én daián — **Bernald'**] Bernad *E*
da eigreja, ome bõo, mans' e de mui bon talán,
que por aver Paraíso sempre sofría afán;
este foi conas relicas po-las fazer connocer.
O que a Santa María der algo ou prometer…

E andou primeiro França, segundo com' aprendí,
u fez Deus muitos miragres per elas; e foi assí — **miragres**] mragres *E*
que depois a Ingraterra ar passou e, com' oí,
po-las levar máis en salvo, foias na nave meter — **foias**] fuias *To*
O que a Santa María der algo ou prometer…

Dun mercador que avía per nome Colistanús,[21]
que os levass' a Bretanna, a que pobrou rei Brutús; — **Brutús**] Britús *To*
e entrou i tanta gente que non cabían i chus,
de mui ricos mercadores que levavan grand' aver.
O que a Santa María der algo ou prometer…

E u ja pelo mar ían todos a mui gran sabor,
ouveron tan gran bonaça que non podían maior; — **podían**] podía *E*
e estando en aquesto, ar ouveron gran pavor,
ca viron ben seis galeas leixars' a eles correr,
O que a Santa María der algo ou prometer…

21 Marcamos o antropónimo como palabra aguda para manter a rima e o cómputo silábico. Procedemos do mesmo xeito no verso seguinte.

De cossarios que fazían en aquel mar mal assaz.
Mas pois o sennor da nave os viu, disse: «Non me praz
con estes que aquí vẽen; mais parémonos en az,
e ponnamos as relicas alt' u as possan veer». **relicas**] reliquias *To*
O que a Santa María der algo ou prometer…

Logo que esto foi dito, maestre Bernalt sacou **foi**] fui *To*
a arca conas relicas; e tanto que as mostrou, **relicas**] reliquias *To*
dos mercadores que ían ena nav' un non ficou[22]
que tan toste non vẽessen mui grand' algu' i oferer.
O que a Santa María der algo ou prometer…

Todos entón mui de grado oferían i mui ben:
os ũus davan i panos, os outros our' ou argén,
dizendo: «Sennor, tod' esto filla que non leixes ren,
sol que nos guardes os corpos de mort' e de mal prender».
O que a Santa María der algo ou prometer…

En tod' est' as seis galeas non quedavan de vĩir,
cada ũa de sa parte, por ena nave ferir.
E o que tiinn' a arca das relicas, sen mentir, **tiinn' a**] tiinna a *T, E* | **relicas**] reliquias *To,* religas *T*
alçoua contra o ceo, pois foia alte põer. **foia**] fuia *To*
O que a Santa María der algo ou prometer…

O almiral das galeas viinna muit' ant' os seus, **O**] E o *T,* E *E* | **almiral**] armiral *E*
e o que tiinna a arca da Virgen, madre de Deus,
lles diss' a mui grandes vozes: «Falsos, maos e encreus,
de Santa María somos, a de que Deus quis nacer,
O que a Santa María der algo ou prometer…

E por én mal non nos faças, se non, logo morrerás
e con quantos tigo trages ao inferno irás, **inferno**] iferno *To*
e de quant' acabar cuidas ren én non acabarás, **cuidas**] coidas *To*
ca a nav' estas relicas queren de tí defender». **nav' estas**] nav' u estas *T, E* | **relicas**] reliquias *To*
O que a Santa María der algo ou prometer…

Quant' o crérigo dizía o almiral tev' en vil, **dizía**] dezía *T*
e fez tirar das galeas saetas mui máis de mil
por mataren os da nave; mas un vento non sotil **mas**] mais *To*
se levantou muit' aginna, que as galeas volver
O que a Santa María der algo ou prometer…

Fez, que a do almirallo de fond' a cima fendeu,
e britou logo o maste, e sobr' el entón caeu

22 V. 55: **dos mercadores que**] de quantos mercadores *T, E* | **nav' un**] nav' uun *E.*

e deulle tan gran ferida, que os ollos lle verteu
logo fóra da cabeça e fezlo no mar caer.
O que a Santa María der algo ou prometer…

E fez as outras galeas aquele vento de sur
alongar entón tan muito que as non viron nenllur;
e apareceulles Dovra, a que pobrou rei Artur,
e entón cuidaron todos o seu en salvo tẽer.
O que a Santa María der algo ou prometer…

a] *Om. To* | **pobrou**] poblou *T* | **rei**] bon rei *To*
cuidaron] cuidaran *T*

E logo aas relicas correndo mui gran tropel
vẽo desses mercadores, e cada un seu fardel
fillou e quant' alí dera, e non cataron o bel
miragre maravilloso, per que os fez guarecer
O que a Santa María der algo ou prometer…

relicas] reliquias *To*
un] ũu *T*

A Virgen Santa María, madre do muit' Alto Rei,
que matou seus ẽemigos, como vos eu ja dit' ei.
E maestre Bernal disse: «Un preito vosco farei:
darvos' ei a meiadade, e leixad' o al jazer».
O que a Santa María der algo ou prometer…

eu ja dit'] ja dito *T, E*
preito] pleito *To*
meiadade] meadade *To, T*

Todos responderon logo: «Preit' outr' i non averá
que o todo non tomemos, mas tornaremos d' acá;
daquelo que gaannarmos cada ũu i dará[23]
o que vir que é guisado, como o poder sofrer».
O que a Santa María der algo ou prometer…

mas] mais *To*

Os máis desses mercadores de Frandes e de París
eran; e pois s' apartaron, cada ũu deles quis
comprar de seu aver lãa, cuidando seer ben fis
que en salvo a sa terra a podería trager.
O que a Santa María der algo ou prometer…

E poi-l' ouveron comprada, un día ante da luz[24]
moveron do porto Dovra; mais o que morreu na cruz,
querendo vingar sa madre, fez com' aquel que aduz
gran poder de meter medo que ll' ajan de correger
O que a Santa María der algo ou prometer…

poi-l' ouveron] poi-ll' ouveron *To, T, E*

O gran torto que fezeran a sa madr' Emperadriz,
a que é sennor do mundo. E por én, par san Fiiz,

madr' Emperadriz] madre Emperadriz *E*

23 V. 105: **gaannarmos**] guaannarmos *T*, gãarmos *E* | **cada ũu**] cad' ũu *E*.

24 Rectificamos o pronome por considerar que se trata dun complemento directo (a la da ovella).

feriu corisco na nave, e com' o escrito diz,
queimou tod' aquela lãa e non quis o al tanger.
O que a Santa María der algo ou prometer…

Quand' este miragre viron, tornaron mui volonter
u leixaran as relicas e disseron: «Pois Deus quer
que a sa madre do nosso demos, quis do que tever
dará i de bõa mente, e ídeo receber.
O que a Santa María der algo ou prometer…

volonter] volunter *To*
relicas] reliquias *To*

Disso maestre Bernaldo: «Esto mui gran dereit' é
de vos nembrar das relicas da Virgen que con Deus sé,
a que fezestes gran torto guardando mal vossa fe».
E non quis én máis do terço, que fezo logo coller.
O que a Santa María der algo ou prometer…

relicas] reliquias *To* | **sé**] é *T*

CSM 36

To 49r-50r; T 53v-54r; E 59v-60v

Esta é de como Santa María apareceu no maste da nave, de noite, que ía a Bretanna, e a guardou que non perigoasse

Esta é] Esta XXXVII[a] é *To*
apareceu] pareceu *E*

Muit' amar devemos en nossas voontades
a sennor que coitas nos toll' e tempestades.

E desto mostrou a Virgen maravilla quamanna
non pode mostrar outro santo, no mar de Bretanna,
u foi livrar ũa nave, u ía gran companna
d' omees por sa prol buscar, no que todos punnades.
Muit' amar devemos en nossas voontades…

E u singravan pelo mar, atal foi sa ventura
que se levou mui gran tormenta, e a noit' escura
se fez, que ren non lles valía siso nen cordura,
e todos cuidaron morrer, de certo o sabiades.
Muit' amar devemos en nossas voontades…

Pois viron o perigo tal, gemendo e chorando
os santos todos a rogar se fillaron, chamando

por seus nomes cada un deles, muito lles rogando
que os vẽessen acorrer polas sas piedades.
Muit' amar devemos en nossas voontades…

Quand' est' oíu un sant' abade, que na nave ía,
dísselles: «Tenno que fazedes ora gran folía,
que ides rogar outros santos, e Santa María,
que nos pode desto livrar, sol non a ementades».
Muit' amar devemos en nossas voontades…

Quand' aquest' oíron dizer a aquel sant' abade,
entón todos dun coraçón e dũa voontade
chamaron a Virgen Santa, madre de piedade,
que lles valvess' e non catasse as súas maldades.
Muit' amar devemos en nossas voontades…

E dizían: «Sennor, valnos, ca a nave se sume!»
E dizend' esto, cataron, com' era de costume,
contra o masto, e viron en cima mui gran lume,
que alumẽava mui máis que outras craridades.
Muit' amar devemos en nossas voontades…

E pois lles est' apareceu, foi o vento quedado,
e o ceo viron claro e o mar amansado,
e ao porto chegaron cedo, que desejado
avían; e se lles prougu' én, sol dulta non prendades.
Muit' amar devemos en nossas voontades…

un] ũu *E*

folía] felonía *T*

aquest'] aquesto *T* | **a**] *Om. T*

as] a *To*

era] er e *To, T, E*

alumẽava] alumeava *T, E* | **craridades**] claridades *To*

claro] craro *E*

Muit' … voontades] *Om. T*

CSM 37

To 52v-53r; T 55r-55v; E 60v-61r

Esta é como Santa María fez cobrar seu pee ao ome que o tallara con coita de door

Esta é] Esta XXXVIIII[a] é *To*

Miragres fremosos
faz por nós Santa María
e maravillosos.

Fremosos miragres faz que en Deus creamos,
e maravillosos, por que o máis temamos;
por end' un daquestes é ben que vos digamos,

dos máis piadosos.
Miragres fremosos…

Est' avẽo na terra que chaman Berría,
dun ome coitado a que o pé ardía,
e na sa eigreja ant' o altar jazía
entr' outros coitosos.
Miragres fremosos…

entr'] ent' *To, T, E*

Aquel mal do fogo atanto o coitava,
que con coita dele o pé tallar mandava;
e depois eno conto dos çopos ficava,
desses máis astrosos.
Miragres fremosos…

fremosos] fremos *E*

Pero con tod' esto, sempr' ele confiando
en Santa María e mercee chamando
que dos seus miragres en el fosse mostrando
non dos vagarosos,
Miragres fremosos…

Santa] Sant *To*

E dizendo: «Ai, Virgen, tu que es escudo
sempre dos coitados, queras que acorrudo
seja per tí; se non, serei oimais tẽúdo
por dos máis nojosos».
Miragres fremosos…

tẽúdo] teúdo *E*

Logo a Santa Virgen a el en dormindo,
per aquel pé a mão indo e vĩindo
trouxe muitas vezes, e de carne comprindo
con dedos nerviosos.
Miragres fremosos…

comprindo] coprindo *To*

E quando s' espertou, sentiusse mui ben são,
e catou o pé; e pois foi del ben certão,
non semellou log', andando per esse chão,
dos máis preguiçosos.
Miragres fremosos…

Quantos aquest' oíron, log' alí vẽeron
e aa Virgen Santa graças ende deron,
e os seus miragres ontr' os outros teveron
por máis groriosos.
Miragres fremosos…

ontr'] entr' *T*

CSM 38

To 54r-56v; T 56v-57r; E 61r-62r

Esta é como a omagen de Santa María tendeu o braço e tomou o de seu fillo, que quería caer da pedrada que lle dera o tafur, de que saíu sangui

Esta é] Esta XLI[a] é de *To*
sangui] sangue *To*

Pois que Deus quis da Virgen fillo
seer, por nos, pecadores, salvar,
por ende non me maravillo
se lle pesa de quen lle faz pesar.

Ca ela e seu fillo son juntados
d' amor, que partidos per ren nunca poden seer;
e por én son mui neicios provados
os que contra ela van, non cuidand' i el tanger.
Esto fazen os malfadados
que est' amor non queren entender
como madr' e fill' acordados
son en fazer ben e mal castigar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

Pois … fillo] *Om. To*

Daquest' avẽo, tempos son passados
grandes, que o conde de Peiteus quis batall' aver
con Rei de Franç'; e foron assũados
en Castro Radolfo, per com' eu oí retraer,
un mõesteiro d' ordinnados
monges qu' el Conde mandou desfazer
porque os ouv' el sospeitados
que a franceses o querían dar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

mõesteiro] moesteiro *E*
desfazer] deffazer *E*
querían] queirían *T*
fillo] *Om. T*

Poi-los monges foron ende tirados,
mui maas compannas se foron tan tost' i meter,
ribaldos e jogadores de dados
e outros que lles tragían i vinno a vender;
e ontr' os malaventurados
ouv' i un que começou a perder,
per que foron del dẽostados
os santos e a Reínna sen par.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

Mas ũa moller, que por seus pecados
entrara na eigreja, como sol acaecer,
ben u soían vesti-los sagrados
panos os monges quando ían sas missas dizer,
porque viu i ben entallados
en pedra Deus con sa madre seer,
os gẽollos logo ficados
ouv' ant' eles e fillouss' a culpar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

O tafur, quand' esto viu, con irados
ollos a catou, e começou a mal a trager
dizendo: «Vella, son muit' enganados
os que nas omagẽes de pedra queren creer;
e por que vejas com' errados
son, quer' eu ora logo cometer
aqueles ídolos pintados».
E foilles log' ũa pedra lançar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

E deu no fillo, que ambos alçados
tiinna seus braços en maneira de bẽeizer;
e macar non llos ouv' ambos britados,
britoull' end' un assí que ll' ouvera log' a caer;
mas a madre os seus deitados
ouve sobr' el, con que llo foi erger,
e a fror que con apertados
seus dedos tiinna foi logo deitar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

Maiores miragres ouv' i mostrados
Deus, que sangui craro fez dessa ferida correr
do meninno, e os panos dourados
que tiinna a madre fez ben so as tetas decer,
assí que todos desnuados
os peitos ll' ouveron de parecer;
e macar non dava braados,
o contenente parou de chorar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

E demais ouve os ollos tornados
tan bravos, que quantos a soían ante veer,
atán muit' eran dela espantados
que sol ena face non ll' ousavan mentes tẽer.
E demões log' assembrados

os] los *To, T* | **quando**] quand *T*

fillouss'] fillous' *E*

bẽeizer] bẽizer *T*

fror] frol *To, T*

meninno] mininno *To*

non] no *To*

demões] demoes *To*

contra o que esto fora fazer,
come monteiros ben mandados
o foron logo tan toste matar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

Outros dous tafures demoniados
ouv' i, porque foran aquel tafur mort' asconder;
por én sas carnes os endiabrados
con gran ravia as começaron todas de roer;
e pois no río afogados
foron, ca o demo non lles lezer
deu, que todos escarmentados
fossen quantos dest' oíssen falar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

demoniados] demonniados *T*

lles] les *To*

O conde, quando' est' oíu, con armados
cavaleiros vẽo e ant' a eigreja decer
foi; e un daqueles máis arrufados
diss' assí: «No meu coraçón non pod' esto caber,
se a pedra que me furados
os queixos ouv', e mia vedes trager,
e por que dinneiros pagados
ouvi muitos, se me non quer sãar».
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

me] men *To*

Pois esto disse, pernas e costados
e a cabeça foi log' ant' a omagen merger,
e log' os ossos foron ben soldados
e a pedra ouv' ele pela boca de render.
Desto foron maravillados
todos, e el foi a pedra põer,
estand' i omees onrados,
ant' a omagen sóbelo altar.
Pois que Deus quis da Virgen fillo…

Pois que… fillo] *Om. T*

CSM 39

To 50r-58v; T 58r; E 62r-62v

Esta é como Santa María guardou a sa omagen, que a non queimass' o fogo

Esta é] Esta XLIII[a] é *To*
queimass'] quemas' *E*

Torto sería grand' e desmesura
de prender mal da Virgen sa figura.

Ond' avẽo en San Miguel de Tomba,
un mõesteiro que jaz sobre lomba
dũa gran pena, que ja quant' é comba,
en que corisco feriu noit' escura.
Torto sería grand' e desmesura…

un] no *To, T*

Toda a noite ardeu a perfía
alí o fogu' e queimou quant' avía
na eigreja, mas non foi u siía
a omagen da que foi virgen pura.
Torto sería grand' e desmesura…

Toda] Eoda *To*

E comoquer que o fogo queimasse
en redor da omagen quant' achasse,
Santa María non quis que chegasse
o fum' a ela, nen a caentura.
Torto sería grand' e desmesura…

achasse] achase *T*

Assí guardou a Reínna do Ceo
a sa omagen, que nen sol o veo
tangeu o fogo, come o ebreo
guardou no forno con sa vestidura.[25]
Torto sería grand' e desmesura…

Assí lle foi o fog' obediente
a Santa María, que sol niente
non tangeu sa omagen veramente,
ca de seu fill' el era creatura.
Torto sería grand' e desmesura…

omagen] omage *T, E*

Daquesto foron mui maravillados
quantos das terras i foron juntados,

Daquesto] E aquesto *E* | **mui**] *Om. T, E*

25 Vv. 20-21: *Vid.* CSM 4, vv. 77-93.

que solament' os fíos defumados
non viron do veo, nen a brancura
Torto sería grand' e desmesura…

brancura] pintura *To*

Da omagen nen ar foi afumada,
ante semellava que mui lavada
fora ben toda con agua rosada,
assí cheirava con sa cobertura.
Torto sería grand' e desmesura…

Torto … desmesura] *Om. T*

CSM 40[26]

To 39v-40v; E 62v-63r

Esta é de loor de Santa María, das maravillas que Deus fez por ela

Esta é] Esta XXX[a] é *To*
fez] faz *E*

Deus te salve, Groriosa
Reínna María,
lume dos santos fremosa
e dos Ceos vía.

Sálvete, que concebiste
mui contra natura
e pois teu padre pariste
e ficaste pura
virgen e por én subiste
sóbela altura
dos Ceos, porque quesiste
o que el quería.
Deus te salve, Groriosa…

subiste] sobiste *E*

Sálvete, que enchoísti
Deus gran sen mesura
en tí e dele fizisti

fizisti] fezisti *E*

26 Esta cantiga de loor ven transmitida, ademais de polos códices *To* e *E* (hai unha perda de folios no caderno número 8 de *T*, que contería este texto e as súas imaxes), polo *Códice de Biblioteca Nacional de Lisboa* (coñecido como *B*) que recolle as cantigas profanas dos trobadores galegos e portugueses. Entre a produción profana do rei Afonso, maiormente de escarnio, figura esta cantiga mariana que se copiou neste manuscrito do século XVI (ff. 103r-103v), aínda non sabemos moi ben por que.

om' e creatura.
Esto foi porque ouvisti
gran sén e cordura
en creer quando oísti
sa messagería.
Deus te salve, Groriosa…

Sálvete Deus, ca nos disti
en nossa figura
o seu fillo, que trouxisti,
de gran fremosura
e con el nos remiisti
da mui gran loucura
que fez Eva, e vencisti
o que nos vencía.
Deus te salve, Groriosa…

Sálvete Deus, ca tollisti
de nós gran tristura
u per teu fillo frangisti
a cárcer escura
u iamos, e metísti-
nos en gran folgura.
Con quanto ben nos vïisti,
quen o contaría?
Deus te salve, Groriosa…

seu] teu *E*

per] por *E*

CSM 41[27]

To 58v-59r; T 59r; E 63r-63v

Esta é como Santa María guareceu o que era sandeu

Esta é] Esta XLVIIII[a] é *To*

A Virgen, madre de Nostro Sennor,
ben pode dar seu siso
ao sandeu, pois ao pecador
faz aver Paraíso.

En Seixóns fez a Garín cambiador
a Virgen, madre de Nostro Sennor,
que tant' ouve de o tirar sabor
a Virgen, madre de Nostro Sennor,
do poder do demo, ca de pavor
del perdera o siso;
mas ela tolleull' aquesta door
e deulle Paraíso.
A Virgen, madre de Nostro Sennor…

Gran ben lle fez en est' e grand' amor
a Virgen, madre de Nostro Sennor,
que o livrou de dem' enganador,
a Virgen, madre de Nostro Sennor,
que o fillara come traedor
e tollérall' o siso;
mas cobroullo ela, e por mellor
ar deulle Paraíso.
A Virgen, madre de Nostro Sennor…

madre de Nostro Sennor] *Om. T*

Loada será mentr' o mundo for
a Virgen, madre de Nostro Sennor,
de poder, de bondad' e de valor,
a Virgen, madre de Nostro Sennor,
porque a sa mercé é mui maior[28]
ca o nosso mal siso,
e sempre a seu fill' é rogador
que nos dé Paraíso.
A Virgen, madre de Nostro Sennor…

mercé] mercee *To, T, E*

de Nostro Sennor] *Om. T*

27 Repárese en que neste texto, ademais de insertarse o refrán intercalar, se repite, de xeito paralelístico, o último verso de cada cobra, paralelismo reforzado polo termo «siso» que funciona como «palabra rima», de xeito que se sente o eco do refrán ao longo de toda a cantiga.

28 Nas *CSM* conviven as formas *mercee* e *mercé*, sen que poidamos asegurar se son variantes de lingua ou se son o resultado dunha redución por apócope ou sinalefa. Escollemos a forma máis acaída metricamente cando corresponda.

CSM 42

To 76r-78r; T 60r-61r; E 63v-65r

Esta é de como o crerizón meteu o anel eno dedo da omagen de Santa María e a omagen encolleu o dedo con el

Esta é] Esta LVII[a] é *To*
crerizón] *Om. E*

A Virgen mui groriosa,
Reínna Espirital,
dos que ama é ceosa,
ca non quer que façan mal.

espirital] esperital *T*

Dest' un miragre fremoso, ond' averedes sabor,
vos direi, que fez a Virgen, madre de Nostro Sennor,
per que tirou de gran falla a un mui fals' amador,
que ameúde cambiava seus amores dun en al.
A Virgen mui groriosa…

ameúde] amiúde *To*, amīude *E*

Foi en terra d' Alemanna que querían renovar
ũas gentes sa eigreja, e por én foran tirar
a majestad' ende fóra, que estava no altar,
e posérona na porta da praça, so o portal.
A Virgen mui groriosa…

Alemanna] Aleimanna *To*

En aquela praç' avía un prado mui verd' assaz,
en que as gentes da terra ían tẽer seu solaz
e jogavan a pelota, que é jogo de que praz
muit' a omẽes mancebos máis que outro jog' atal.
A Virgen mui groriosa…

omẽes] omees *To, T*

Sobr' aquest' ũa vegada chegou i un gran tropel
de mancebos por jogaren a pelot', e un donzel
andava i namorado e tragía seu anel
Esto dit', un diaboo a puxou
dentro no poç'; e ela braadou
por Santa María, que a sacou
del, a Reínna Nobre 'Spirital.
De muitas guisas nos guarda de mal…

Des que a pós fóra, díssell' assí:
«Des ojemais non te partas de mí
nen de meu fillo, e se non, aquí
te tornarei, u non averá al».
De muitas guisas nos guarda de mal…

Pois passou esto, acordou entón
a monja, treméndoll' o coraçón;
e con espanto daquela vijón
que vira, foi logo a un portal
De muitas guisas nos guarda de mal…

U achou os que fezera vĩir,
aqueles con que posera de s' ir,
e dísselles: «Mal quisera falir
en leixar Deus por ome terrẽal.
De muitas guisas nos guarda de mal…

Mais, se Deus quiser, esto non será,
nen fóra d' aquí non me verá
ja máis null' ome; e ídevos ja,

d' omes] d' omees *T*

cate-los] cates los *E*

e non] a non *To*, a no *T*

Nobre] Noble *To, E*

Des que] E desque *T* | **a pos**] foi *T*

U] Uu *E*

aqueles] aquele *To, E*

terrẽal] terreal *T*

Mais] Mas *To, T*

ca non quer' os panos nen o brial,
De muitas guisas nos guarda de mal…

Nen mentre viva nunca amador
averei, nen non quer' eu outr' amor
senón da madre de Nostro Sennor,
a Santa Reínna Celestial».
De muitas guisas nos guarda de mal…

Santa Reínna] Sancta Reina *E*

CSM 59

To 96v-97v; T 86v-87r; E 78v-79v

Esta é como o crucifisso deu a palmada a onra de sa madre aa monja de Fontebrar que posera de s' ir con seu entendedor

Esta é] Esta LXXV[a] é *To, Om. E*
a onra] aa onra *E*
de Fontebrar] *Om. T*

Quen a Virgen ben servir
nunca poderá falir.

E daquesto un gran feito
dun miragre vos direi
que fez mui fremos' afeito
a madre do alto Rei,
per com' eu escrit' achei,
se me quiserdes oír.
Quen a Virgen ben servir…

ben servir] *Om. T*

Esto foi dũa donzela
que era en Fontebrar
monja, fremosa e bela,
que a Virgen muit' amar
sabía, se Deus m' ampar.
Mais quis da orden saír
Quen a Virgen ben servir…

Fontebrar] Font enbrar *To, T*

quis da orden] da orden quis *E*

Con un cavaleir' aposto
e fremos' e de bon prez,

e non catou seu dẽosto,
mais como moller rafez
quisérass' ir dessa vez.
Mais non a quis leixar ir
Quen a Virgen ben servir…

mais] mas *T*

mais] mas *T*

servir] *Om. T*

A Virgen Santa María,
a que mui de coraçón
saudava noit' e día
cada que sa oraçón
fazía, e logu' entón
ía beijar, sen mentir,
Quen a Virgen ben servir…

Os pees da majestade
e dun crucifiss' assí,
que i de gran santidade
avía, com' aprendí.
E pois s' ergía d' alí,
ía as portas abrir
Quen a Virgen ben servir…

Da igrej', e sancristãa
era, com' oí dizer,
do logar, e a campãa
se fillava a tanger
por s' o convento erger
e a sas oras vïir.
Quen a Virgen ben servir…

sancristãa] sacristãa *To, T*

fillava] filava *E*

Fazend' assí seu ofiço,
mui gran temp' aquest' usou,
atẽes que o proviço
a fez que se namorou
do cavaleir', e punnou
de seu talante comprir.
Quen a Virgen ben servir…

ofiço] oficio *E*

E por end' ũa vegada
a meia noite s' ergeu
e, com' era costumada,
na igreja se meteu
e á omagen correu[38]

por end'] por ende *E*

á] aa *To, T*

38 Tanto os códices *To* como *T* ofrecen a lección coa vogal dupla, non obstante temos que preferir a proposta de *E* para evitar a hipermetría do verso, a menos que xa se producira a contracción das dúas vogais.

por se dela espedir.
Quen a Virgen ben servir…

E ficando os gẽollos,
disse: «Con graça, Sennor».
Mas chorou logo dos ollos
a Madre do Salvador,
en tal que a pecador
se quisesse repentir.
Quen a Virgen ben servir…

Entón s' ergeu a mesquinna
por s' ir log' ante da luz;
mas o crucifiss' aginna
tirou a mão da cruz
e, com' ome que aduz,[39]
de rijo a foi ferir.
Quen a Virgen ben servir…

mesquinna] mesquina *E*
aduz] a aduz *To, T*
ferir] firir *To*

E ben cabo da orella
lle deu orellada tal
que do cravo a semella
teve sempre por sinal,
por que non fezesse mal
nen s' assí foss' escarnir.
Quen a Virgen ben servir…

Desta guisa come morta
jouve tolleita sen sén,
trões o convent' a porta
britou; e espantouss' én
quand' ela lles contou quen
a feriu po-la partir
Quen a Virgen ben servir…

orella] orela *E*
trões o] trões que o *To*
espantouss'] espantous' *E*
feriu] firiu *To*

Do grand' erro que quisera
fazer, mais que non quis Deus
nen a sa madre, que fera-
mente quer guarda-los seus,
segund' Lucas e Mateus
e os outros escrivir
Quen a Virgen ben servir…

mais] mas *To, T*

39 Ocorre aquí algo semellante ao que vimos no v. 56. Se se escollese a lección de *To* ou *T*, este sería hipérmetro.

Foron. Por end' o convento
se pararon logu' en az,
u avía mil e cento
donas, todas faz a faz,
e cantando ben assaz
est' a Deus foron gracir.
Quen a Virgen ben servir…

assaz] asaz *E*

CSM 60

To 91r-91v; T 88r; E 79v-80r

Esta é de loor de Santa María, do departimento que á entre Ave e Eva[40]

Esta é] Esta LXX[a] é *To*

Entre Av' e Eva[41]
gran departiment' á.

Av' e Eva] Ave e Eva *T*

Ca Eva nos tolleu
o Paraís' e Deus,
Ave nos i meteu;
por end', amigos meus:
Entre Av' e Eva…

Av' e] Ave *T* | **e Eva**...] *Om. T*

Eva nos foi deitar
do dem' en sa prijón,
e Ave én sacar,
e por esta razón:
Entre Av' e Eva…

Av' e Eva] Ave e Eva *T*

Eva nos fez perder
amor de Deus e ben,
e pois Ave aver
nolo fez, e por én:
Entre Av' e Eva…[42]

40 A rúbrica que ofrece o códice *T* é errónea, pois é a que corresponde á CSM 70: «Esta é de loor de Santa María das cinco léteras que á no seu nome e o que queren dizer».

41 Por cuestións de rima (e tamén melódicas), *Eva* debe pronunciarse como unha palabra aguda, aínda que non nos atrevamos a marcalo graficamente.

42 O copista de *T* parece terse dado conta do erro na copia e tanto neste refrán como no seguinte, xa prescinde da conxunción, que neste verso figura riscada.

Eva nos enserrou[43]
os ceos sen chave,
e María britou
as portas per Ave.
Entre Av' e Eva…

CSM 61

To 60v-62r; T 89r; E 80r-80v

Esta é como Santa María guareceu ao que xe lle torcera a boca porque descreera en ela

Esta é] Esta XLVIII[a] é *To, Om. E*
ao] o *To*
xe lle] se *E*

Fol é o que cuida que non podería
faze-lo que quisesse Santa María.

Dest' un miragre vos direi que avẽo
en Seixóns, ond' un livro á todo chẽo
de miragres ben d' i, ca d' allur non vẽo,
que a madre de Deus mostra noit' e día.
Fol é o que cuida que non podería…

que non podería] *Om. T*

En aquel mõesteir' á ũa çapata
que foi da Virgen por que o mundo cata,
por que diss' un vilão de gran barata
que aquesto per ren ele non creía.
Fol é o que cuida que non podería…

mõesteir'] moesteir' *E*
creía] criía *To, T*

Diss' el: «Ca de o creer non é guisada
cousa; pois que tan gran sazón é passada,
de seer a çapata tan ben guardada
que ja podre non foss', esto non sería».
Fol é o que cuida que non podería…

Diss' el] Dis' el *E*

Esto dizend' ía per ũa carreira
ele e outros quatro a ũa feira;
e torcéuxell' a boca en tal maneira
que quenquer que o visse espantars' ía.
Fol é o que cuida que non podería…

43 Obsérvese a desigualdade silábica e rítmica nos versos desta estrofa con respecto ás anteriores.

E tal door avía que ben cuidava
que ll' os ollos fóra da testa deitava,
e con esta coita logo se tornava,
u a çapata era, en romaría.
Fol é o que cuida que non podería…

E logo que chegou deitousse tendudo
ant' o altar en terra como perdudo,
repentíndosse de que for' atrevudo
en sol ousar dizer atán gran folía.
Fol é o que cuida que non podería…

Entón a abadessa do mõesteiro
lle trouxe a çapata por seu fazfeiro
pelo rostro, e tornoullo tan enteiro
e tan são ben como xo ant' avía.
Fol é o que cuida que non podería…

Poi-lo vilão se sentiu ben guarido,
do sennor de que era foi despedido,
e ao mõesteiro logo vĩido
foi, e d' alí sergent' é pois toda vía.
Fol é o que cuida que non podería…

deitousse] deitosse *To*, deitouse *E*

repentíndosse] repentíndose *E*

mõesteiro] moesteiro *E*

foi] fui *E*

CSM 62

To 62v-63r; T 90r; E 80v-81r

Esta é como Santa María deu o fillo a ũa bõa dona que o deitara en pennor e crecera a usura tanto que o non podía quitar

Esta é] Esta XLVIIII[a] é *To, Om. E*
pennor] pinnor *To, T*
quitar] quitar e começa assí *E*

Santa María sempr' os seus ajuda
e os acorr' a gran coita sabuda.

A qual acorreu ja ũa vegada
a ũa dona de França coitada,
que por fazer ben tant' endevedada
foi que sa erdad' ouvera perduda.
Santa María sempr' os seus ajuda…

endevedada] endevidada *T*
erdad'] erdade *To, E*

Se non fosse pola Virgen María
que a acorreu, todo quant' avía
perdud' ouvera, que ja non podía
usura sofrer, tant' era creçuda.
Santa María sempr' os seus ajuda…

E macar a dona de gran linnage
era, non quiseron dela menage
seus devedores; mais deulles en gage
seu fill', onde foi pois mui repentuda.
Santa María sempr' os seus ajuda…

menage] omenage *T*
mais] mas *T*

Ca daquesto pois pres mui gran quebranto,
porque a usura lle creceu tanto[44]
que a non podía pagar por quanto
avía, se d' al non foss' acorruda.
Santa María sempr' os seus ajuda…

Ca] E *E*
creceu] crecera *To* | **tanto**] atanto *T, E*

E porque achar non pode consello
nos que fiava, por end' a concello
non ousou saír, mas ao espello
das virgẽes foi ben come sisuda.
Santa María sempr' os seus ajuda…

mas] mais *To*
sisuda] sesuda *E*

E de coraçón que a acorresse
lle rogou entón, como non perdesse
seu fill' en prijón, mais que llo rendesse.
E sa demanda lle foi ben cabuda,
Santa María sempr' os seus ajuda…

mais] mas *T*

Ca ben como se lle ouvesse dito
Santa María: «Vai, e darch' ei quito
teu fillo do usureiro maldito»,
assí foi ela led' e atrevuda.
Santa María sempr' os seus ajuda…

E cavalgou logo sen demorança
e foi a seu fillo con esperança,
e viuo estar u fazían dança
a gente da vila, qu' esteve muda,
Santa María sempr' os seus ajuda…

qu' esteve] que é logo *E*

44 Propoñemos unha lectura intermedia da que ofrecen os códices para evitar a hipermetría do verso.

Que non disse nada quand' o chamava
«Ven acá, meu fillo», e poi-lo deitava[45]
depós sí na bestia que o levava
por meia a vila, de todos viuda.
Santa María sempr' os seus ajuda…

bestia] besti *E*

Que sol non disseron: «Dona, onde vẽes?»
nen «De que o levas, gran torto nos tẽes».
Esto fez a Virgen que ja outros bẽes
fez e sempre faz, ca dest' é tẽúda.
Santa María sempr' os seus ajuda…

sempre faz] fará sempre *To, T*
Santa … ajuda] *Om. E*

CSM 63

To 64r-65r; T 91r-91v; E 81r-82r

Esta é de como Santa María sacou de vergonna a un cavaleiro que ouver' a seer ena lide en Sant' Estevan de Gormaz, de que non pod' i seer polas tres missas súas que oíu

Esta é] Esta LI[a] é *To, Om. E*
de] *Om. To, E*
ouver'] over' *E*
Gormaz] Gromat *E*
polas … oíu] *Om. T*, polas ... oíu e começa assí *E*

Quen ben serv' a madre do que quis morrer
por nós, nunca pod' en vergonna caer.

morrer] morer *E*

Dest' un gran miragre vos quero contar
que Santa María fez, se Deus m' ampar,
por un cavaleiro a que foi guardar
de mui gran vergonna que cuidou prender.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

vergonna] vergona *E*

Este cavaleiro, per quant' aprendí,
franqu' e ardid' era, que bẽes alí
u ele morava nen redor de sí
d' armas non podían outro tal saber.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

ardid'] ardit' *E*

45 Vv. 44, 48, 49, 50: hipérmetros, a menos que se apliquen as sinalefas necesarias.

De bõos costumes avía assaz
e nunca con mouros quiso aver paz;
por end' en Sant' Estevão de Gormaz
entrou, quand' Almançor a cuidou aver,
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

De] E de *E*
Estevão] Estevã *E* | **Gormaz**] Gromaz *E*

Con el conde don García, que entón
tiinna o logar en aquela sazón,
que era bon om' e d' atal coraçón
que aos mouros se fazía temer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

d' atal] de tal *To, T*

Este conde de Castela foi sennor
e ouve gran guerra con rei Almançor
que Sant' Estevão tod' a derredor
lle vẽo cercar, cuidándolla toller.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

Mais el conde defendíasse mui ben,
ca era ardido e de mui bon sén;
e por én do seu non lle leixava ren,
mais íaos mui de rijo cometer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

mais] mas *To, T*

Mais o cavaleiro de que vos falei
tanto fez i d' armas, per quant' end' eu sei,
que non ouv' i lide nen mui bon tornei
u se non fezesse por bõo tẽer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

Mais] Mas *To, T*

E avẽoll' un día que quis saír
con el conde por na oste ir ferir
dos mouros; mais ante foi missa oír,
como cada día soía fazer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

ferir] firir *To*
mais] mas *To, T* | **missa**] misa *E*

Pois foi na eigreja, ben se repentiu
dos seus pecados e a missa oíu
de Santa María, que ren non faliu,
e outras dúas que i foron dizer,
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

eigreja] igreja *E*
dos] de *T, E* | **a**] *Om. E*

Que da Reínna eran Espirital.
Mas un seu escudeiro o trouxe mal
dizendo: «Quen en tal torneo non sal

Mas] mais *E*
torneo] torneio *To*, tornẽo *E*

com' aqueste, nunca dev' aparecer».
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

Por nulla ren que lle dissess' aquel seu
escudeiro, ele nulla ren non deu,
mais a Santa María diz: «Sõo teu,
e tolme vergonna, ca ás én poder».
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

As missas oídas, logo cavalgou
e ena carreira o conde achou,
que ll' o braço destro no colo deitou
dizend': «En bon ponto vos fui connocer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

Ca se vós non fóssedes, juro par Deus
que vençudos foramos eu e os meus;
mas tantos matastes vós dos mouros seus
del rei Almançor, que s' ouv' a recreer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

E tanto fezestes por gãardes prez,
que ja cavaleiro nunca tanto fez
nen sofreu en armas com' aquesta vez
sofrer fostes vós polos mouros vencer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

Mas rógovos, porque vos é mui mester,
que de vossas chagas pensedes, senner;
e eu ei un mege dos de Monpisler
que vos pode cedo delas guarecer».
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

Díssell' est' el conde, e muis máis ca tres
lle disseron aquesta razón medés;
e el deles todos tal vergonna pres
que con vergonna se cuidou ir perder.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

Mas pois que sas armas viu e couseceu
que feridas eran, logo connosceu
que miragre fora, ca ben entendeu
que doutra guisa non podía seer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

dissess'] disses' *T*, disess' *E*

mais] mas *To, T* | **Sõo**] Soo *E*

fui] foi *To*

mas] mais *E*
ouv' a] ouve *E*

sofrer fostes] sofrestes *T*

guarecer] guarir *T*

Díssell'] Dísell' *T, E*

Mas] Mais *To, T* | **couseceu**] cousceu *E*
feridas] firidas *To* | **connosceu**] connoceu *To, T*

Pois est' entendudo ouve, ben foi fis
que Santa María leixalo non quis
caer en vergonna; e maravidís
e outras ofrendas lle foi ofrecer.
Quen ben serv' a madre do que quis morrer…

maravidís] maravedís *T*
ofrendas] oferendas *E* | **ofrecer**] oferecer *E*
Quen … morrer] *Om. To, T*

CSM 64

To 65v; T 92v-93v; E 82r-83r

Como a moller que o marido leixara en comenda a Santa María non podo a çapata que lle dera seu entendedor meter no pee nen descalçala[46]

Quen mui ben quiser o que ama guardar,
a Santa María o dev' a encomendar.

E dest' un miragre, de que fiz cobras e son,
vos direi mui grande, que mostrou en Aragón
Santa María, que a moller dun ifançón
guardou de tal guisa, per que non podess' errar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

ifançón] infançón *E*
per que] por que *E*

Esta dona, per quant' eu dela oí dizer,
aposta e ninna foi, e de bon parecer;
e por aquesto a foi o ifançón prender
por moller, e foia pera sa casa levar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

ifançón] infançón *E*

Aquel ifançón un mui gran temp' assí morou
con aquela dona; mais pois s' ir d' alí cuidou
por ũa carta de seu sennor que lle chegou,
que avía guerra e que o foss' ajudar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

ifançón] infançón *E* | **assí**] así *E*
mais] mas *To*
lle] lli *T*

Ante que movesse, díssell' assí sa moller:
«Sennor, pois vos ides, fazede, se vos prouguer,
que m' encomendedes a alguén, ca m' é mester
que me guarde e que me sabia ben consellar».
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

46 *To:* Esta LII[a] é de como a moller que o marido leixara en comenda a Santa María non podo calçar a çapata que lle dera seu entendedor mas de ate ena meadade do pé, nen a ar pode descalçar ta que o marido lla descalçou *T*: Esta é como a moller que o marido leixara en comenda a Santa María non podo calçar a çapata que lle dera seu entendedor meter no pee nen descalçala.

E o ifançón lle respondeu entón assí: | **ifançón**] infançón *E*
«Muito me praz ora daquesto que vos oí;
mais ena igreja mannãa seremos i, | **mais**] mas *To, T* | **mannãa**] mannaa *T*
e entón vos direi a quen vos cuid' a leixar».
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

Outro día foron ambos a missa oír,
e pois foi dita, u se lle quis el espedir, | **pois**] depois *E*
chorand' entón ela lle começou a pedir
que lle désse guarda por que ouvess' a catar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

E ar ele, chorando muito dos ollos seus,
mostroull' a omagen da Virgen, madre de Deus,
e díssell': «Amiga, nunca os pecados meus
sejan perdõados, se vos a outri vou dar
Quen mui ben quiser o que ama guardar… | **Quen … guardar**] *Om. E*

Senón a esta, que é sennor esperital, | **sennor**] sennora *E* | **esperital**] espirital *To, E*
que vos pode ben guardar de posfaç' e de mal; | **posfaç'**] posfaz *E*
e por ende a ela rogu' eu, que pod' e val,
que mi vos guarde e leix' a mí cedo tornar». | **guarde e**] guard' e *E* | **mí**] min *E*
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

Foiss' o cavaleiro logo d' alí. Mais, que fez | **Foiss' o**] Fois' o *T* | **Mais**] Mas *E*
o diabr' arteiro por lle toller seu bon prez | **seu bon**] seu mui bon *E*
a aquela dona? Tant' andou daquela vez
que un cavaleiro fezo dela namorar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

E con seus amores a poucas tornou sandeu;
e por end' ũa sa covilleira cometeu
que lle fosse bõa, e tanto lle prometeu
que por força fez que fosse con ela falar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

E díssell' assí: «Ide falar con mia sennor | **díssell'**] díssel' *T, E*
e dizédelle como moiro por seu amor;
e macar vejades que lle desto grave for,
non a leixedes vós por én muito d' aficar».
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

A moller respós: «Aquesto de grado farei,
e que a ajades quant' eu poder punnarei;
mais de vossas dõas me dad', e eu llas darei, | **mais**] mas *E*

e quiçai per esto a poderei enganar».
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

Diss' o cavaleir' : «Esto farei de bon talán».
Log' ũas çapatas lle deu de bon cordován;
mais la dona a trouxe peior que a un can
e disse que per ren non llas quería fillar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

Diss' o] Disse o *E* | **cavaleir'**] cavaleiro *E*
mais la] mas a *To*, mais a *E* | **peior**] peor *E*

Mas aquela vella, com' era moller mui vil
e d' alcaiotaría sabedor e sotil,
por que a dona as çapatas fillasse, mil
razões lle disse, trões que llas fez tomar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

Mas] Mais *E*
as çapatas fillasse] a çapatas fillass *E*
trões] troes *E* | **tomar**] fillar *E*

Mas la mesquinna, que cuidava que era ben,
fillou logo as çapatas, e fez i mal sén;
ca u quis calça-la ũa delas, ja per ren
fazer non o pode, nen a do pee sacar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

Mas la] Mas a *To*, Mais a *E*

E assí estede un ano e ben un mes,
que a çapata ao pee assí se ll' aprés
que, macar de tollerlla provaron dous nen tres,
nunca lla poderon daquel pee descalçar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

E] A *To* | **estede**] esteve *E*
se] si *To*

E depós aquest' a poucos días recodiu
seu marid' a ela, e tan fremosa a viu
que a logo quis; mas ela non llo consentiu
ata que todo seu feito ll' ouve a contar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar,…

marid' a ela] marido dela *E* | **fremosa a viu**] fremosa viu *E*
ll' ouve] ll' ove *E*

O cavaleiro disse: «Dona, desto me praz,
e sobr' esto nunca averemos senón paz,
ca sei que Santa Marí', en que todo ben jaz,
vos guardou». E a çapata lle foi én tirar.
Quen mui ben quiser o que ama guardar…

Marí'] María *E*

CSM 65

To 111v-114v; T 94v-96r; E 83r-85r

Esta é como Santa María fez soltar o ome que andara gran tempo escomungado

Esta é] Esta LXXXVIII[a] é *To, Om. E*
escomungado] scomungado *T*

A creer devemos que todo pecado
Deus, pola sa madr', averá perdõado.

pecado] pecõ *To*

Por end' un miragre vos direi mui grande
que Santa María fez; e ela mande
que mostralo possa per mí e non ande
demandand' a outre que m' én dé recado.
A creer devemos que todo pecado…

m' én] me *E*

Por én direi com' un crérig' aldeão,
de mui santa vida e mui bon crischão,
ouv' un seu feegrés sobervi' e loução,
que nunca quería fazer seu mandado.
A creer devemos que todo pecado…

crérig'] clérig' *To, E*
sobervi' e] sobervio e *E*

E o ome bõo sempre lle rogava
que se corregesse e o castigava;
mais aquel vilão por én ren non dava,
assí o tragía o dem' enganado.
A creer devemos que todo pecado…

enganado] engando *E*

Pois que o preste viu que mõestamento
non lle valía ren ũa vez nen cento,
escomungouo entón por escarmento,
coidando que fosse per i castigado.
A creer devemos que todo pecado…

preste] prest *E*
coidando] cuidando *E*

Mas el por aquesto non deu nemigalla
nen preçou sa escomũión ũa palla.
Entanto o preste morreu, e sen falla
ficou o vilão del escomungado.
A creer devemos que todo pecado…

Mas] Mais *To, E* | **nemigalla**] nimigalla *To*
escomũión] escomoión *To, E*

E durou depois muit' en esta maldade,
ata que caeu en grand' enfermidade
que lle fez cambiar aquela voontade,
e do que fezera sentiusse culpado.
A creer devemos que todo pecado…

sentiusse] sintiuse *To*, sentiuse *E*

E quis comungar e fillar pẽedença,
mais non lla quiseron dar pola sentença
en que el jazía por sa descreença,
mais mandáronlle que foss' a seu prelado.
A creer devemos que todo pecado…

E logo que podo foi a el correndo
e seu mal lle disse, chorand' e gemendo;
e ele lle disse, per quant' eu entendo:
«Vaite ao Papa, ca muit' ás errado».
A creer devemos que todo pecado…

El, quand' est' oíu, ouv' alegría fera
e foi log' a Roma u o Papa era
e díssoll' aquelo sobre que vẽera.
El mandouo livrar a un seu privado,
A creer devemos que todo pecado…

Que lle disse, se livre seer quería,
que lle déss' algo, se non, non o sería.
El dar non llo podo, ca o non tragía,
e por én foisse mui trist' e mui coitado.
A creer devemos que todo pecado…

E pensou que sempr' assí ja máis andasse
ata que algún bon crischão achasse
que lle non o pediss' e que o consellasse
como saísse daquel mao estado.
A creer devemos que todo pecado…

Atán muit' andou per terras e per mares,
sofrendo traballos muitos e pesares,
buscando ermidas e santos logares
u achasse tal om'. E tant' ouv' andado
A creer devemos que todo pecado…

Que achou un ome mui de santa vida
na Montanna Negra, en ũa ermida;
e pois sa fazenda toda ouv' oída,
ouve do cativo gran doo ficado,
A creer devemos que todo pecado…

E díssell': «Amigo, se me tu creveres
e desta ta coita ben consello queres,

pẽedença] peedença *E*
sentença] setença *To*
mal lle disse chorand'] mal le disso chorando *E*
Vaite] Vait' *E*
log'] logo *E*
mandouo] mandoo *T*
non o] non no *E*
podo] pode *E*
logares] lugares *To*
om'. E] ome e *E* | **ouv'**] ouvi *E*

vai Aleixandría, e se o fezeres,[47] — **Aleixandría**] Alexandría *To, E*
darch' á i consello un fol trosquiado».
A creer devemos que todo pecado…

Quand' aquest' oíu aquel ome cativo,
quiser' entón seer máis morto ca vivo;
e semelloulle consello muit' esquivo,
e tévess' entón ja por desasperado.
A creer devemos que todo pecado…

E diss': «Aquesto seméllame trebello,
que poi-lo Papa nen todo seu concello
en este feito non me deron consello,
como mio dará o que é fol provado?».
A creer devemos que todo pecado…

E o ermitán lle diss' entón: «Sandece — **diss'**] disse *E*
non á en aquel senón quanto parece
aas gentes, e tod' aquest' el padece
por lle seer de Deus pois galardõado».
A creer devemos que todo pecado…

E o ome disse: «Pero eu fezesse
esto, non cuido que mio ele crevesse
se ll' ant' algũa vossa carta non désse
per que fosse del creúd' e ascoitado». — **creúd'**] creúdo *E* | **ascoitado**] ascuitado *E*
A creer devemos que todo pecado…

E o ermitán deulle sa carta logo
que lle levasse, e díssell': «Eu te rogo — **díssell'**] dísselle *E*
que lla leves, e se en este meogo
morreres, morrerás de Deus perdõado».
A creer devemos que todo pecado…

Foiss' o om' e punnou de chegar mui cedo — **Foiss'**] Fuiss' *To*
a Aleixandría, que come Toledo — **Aleixandría**] Alexandría *To, E*
é grand' ou maior; mais ía con gran medo — **ou**] o *E*
de non aver alí seu preit' encimado.
A creer devemos que todo pecado…

E morou ena vila ben quinze días,
buscand' o fol per carreiras e per vías;
e poi-lo non achou, disso: «A Messías
poss' eu aver ante que aquest' achado».
A creer devemos que todo pecado…

47 Débese entender «vai a Aleixandría».

Esto dizendo, viu vĩir muita gente
escarnecend' un ome mui feramente,
mui magr' e roto e de fol contenente,
e diss': «Aquest' é o que tant' ei buscado.
A creer devemos que todo pecado…

Pero se aquest' é fol, pela ventura,
aguardalo ei tẽen a noit' escura;
ca se el non é ben louco de natura,
algur irá lonj' albergar apartado».
A creer devemos que todo pecado…

Dizend' aquesto, foiss' a noite chegando,
e o sandeu foisse da gent' esfurtando,
e el depós el, sempre o aguardando,
ata que o viu mui longe do poblado,
A creer devemos que todo pecado…

U entrava en ũa eigreja vedra,
mui ben feita tod' a bóveda de pedra,
pero con vellice ja coberta d' edra,
que fora d' antigo logar muit' onrado.
A creer devemos que todo pecado…

Pois aquel fol na eigreja foi metudo,
non vos semellaría fol, mais sisudo;
ca se deitou log' ant' o altar tendudo,
chorando muito com' avía usado.
A creer devemos que todo pecado…

E des i ergeuss' e como quen s' aparta
tomou dun pan d' orjo quant' é ũa quarta
po-lo comer, mais o ome deull' a carta
ante que uviasse comer nen bocado.
A creer devemos que todo pecado…

E pois que a carta ouve ben leúda
e ouv' a razón dela ben entenduda,
dísselle chorand': «Eu vos farei ajuda,
e seed' esta noit' aquí albergado.
A creer devemos que todo pecado…

E dormid' agora, pois cansad' andades;
mais pois que for noite, nada non dormiades
nen vos espantedes por ren que vejades,

escarnecend'] escarnecendo *T*
magr' e] magre e *T*

ventura] venturia *E*
tẽen a] teen a *To*, *T*

foiss'] fuiss' *To* | **noite**] noit *E*
foisse] fuisse *To* | **da**] das *E*

eigreja] igreja *To*, egreja *E*

vellice] vellece *To, E* | **coberta**] cuberta *To, E*
logar] lugar *To, E*

eigreja] igreja *To* | **foi**] fui *To*

mais] mas *T*
uviasse] uivasse *E*

dísselle] díssolle *To*

andades] adandades *E*
mais] mas To

mais jazed' en este logar mui calado». — **en este**] eeste *E* | **logar**] lugar *To, E*
A creer devemos que todo pecado…

E fezlle sa cama ben ontre dous cantos; — **ontre**] entre *To, E*
e a meianoite aquevo-los santos — **meianoite**] meanoite *To, E*
con Santa María, e chegaron tantos
que todo o logar foi alumẽado. — **logar**] lugar *To, E* | **alumẽado**] alumeado *T, E*
A creer devemos que todo pecado…

Os ángeos Santa María fillaron
e ena cima do altar a sentaron — **ena**] en *E* | **a**] la *T*
e os madodinnos todos ben cantaron, — **madodinnos**] madudinnos *E*
e o fol cantava con eles de grado.
A creer devemos que todo pecado…

E pois que os ouveron todos ben ditos
de coraçón, ca non per outros escritos,
o fol chamou o outr', e 'n gẽollos fitos — **o outr'**] ao outr' *E* | **gẽollos**] geollo *E*
vẽo ant' a Virgen muit' envergonnado. — **ant' a Virgen**] ant Virgen *To*
A creer devemos que todo pecado…

E diss' o fol: «Sennor Santa, piadosa, — **piadosa**] piedosa *To*
est' om' en sentença jaz mui perigoosa;
mais tu que es mui misericordiosa,
sóltall' este laço en que jaz liado». — **sóltall'**] sóltal' *T*
A creer devemos que todo pecado…

Respós a Virgen con parávoas doces: — **doces**] dozes *E*
«Vai ora mui quedo e non t' alvoroces;
e o que t' escomungou, se o connoces,
chámao ante mí, e serás soltado».
A creer devemos que todo pecado…

Levantouss' o ome, e con el o louco,
e catouos todos; mais tardou mui pouco
que achou o preste, que non era rouco
de cantar, pero muit' avía cantado.
A creer devemos que todo pecado…

Des i ant' a Virgen todos tres vẽeron
e de como fora o feito disseron;
e ela disse, pois que llo dit' ouveron:
«Soltádeo, preste, pois sodes vingado».
A creer devemos que todo pecado…

Foiss' entón a Virgen, pois esto foi feito;
e o fol ao outro moveu tal preito
que se foss', e tévess' end' el por maltreito
e disse: «Sol de m' ir non será pensado,
A creer devemos que todo pecado…

Foiss'] Fuiss' *To*

Nen que vos eu leixe, assí Deus m' ajude,
ca, pois que m' a Virgen mostrou tal vertude
por vós que mia alma cobrou ja saúde
e o ben de Deus de que era deitado».
A creer devemos que todo pecado…

m' ajude] mi ajude *To*
m' a] mia *To, T*

O fol diss' entón: «Pois que ficar queredes,
toda mia fazenda ora saberedes:
non soon louco, nen vós non o cuidedes,
pero ando nuu e mui mal parado.
A creer devemos que todo pecado…

soon] son eu *E*

Ca esta terra foi de meu poderío,
e meu linnagen a mantev' a gran brío;
e morreron todos, e o sennorío
me ficou end' a mí, e fui rei alçado.
A creer devemos que todo pecado…

linnagen] linnage *E*
fui] foi *E*

E macar vos paresc' ora tan astroso,
muito fui loução, apost' e fremoso,
ardid' e grãado, riqu' e poderoso,
e de bõas mannas e ben costumado.
A creer devemos que todo pecado…

macar] pero *T*
fui] foi *E* | **loução**] louçao *T*

E seend' assí sennor de muitas gentes,
vi morrer meu padr' e todos meus parentes;
e en mia fazenda entón parei mentes
e daqueste mundo fui logu' enfadado.
A creer devemos que todo pecado…

Entón cuidei logo como me partisse
daquesta terra que niún non me visse,
e que como fol entr' as gentes guarisse
per que fosse do mundo máis despreçado.
A creer devemos que todo pecado…

niún] neún *E*
guarisse] guarise *E*

E por razón tive que en esta terra
dos meus que sofresse desonra e guerra
por amor de Deus, que aos seus non erra

e po-los salvar quis seer marteirado.
A creer devemos que todo pecado…

Aínda vos direi máis de mia fazenda:
d' oj' a quinze días serei sen contenda
no Paraíso, e douvos por comenda
que ata entón sol non seja falado».
A creer devemos que todo pecado…

Assí esteveron, que non se partiron,
ambos dessuun, e cada noite viron
a Santa María; e pois se compriron
estes quinze días, o fol foi passado.
A creer devemos que todo pecado…

E Santa María, a que el servira
porque se do ben deste mundo partira,
levou del a alma, ca des que a vira,
en a servir fora todo seu cuidado.
A creer devemos que todo pecado…

E pois que foi morto, quis Deus que soubessen
sa mort' os da vila e logo vẽessen
sobr' el fazer doo e ll' onra fezessen
com' a seu sennor natural e amado,
A creer devemos que todo pecado…

Que os avía mui gran temp' enganados,
e que o perderan pelos seus pecados;
mas Deus por el logo miragres mostrados
ouve, por que fosse pois santo chamado.
A creer devemos que todo pecado…

E gran doo fez por el seu companneiro,
e quant' el viveu foi sempr' alí senlleiro,
guardand' o sepulcro; mais Deus verdadeiro
levouo consigu', e el seja loado.[48]
A creer devemos que todo pecado…

dessuun, e] de sũu, e *To*, e desũu *E*

soubessen] soubesen *E*

com'] como *E*

pelos] polos *To*

mas] mais *To, E*

senlleiro] senleiro *E*

mais] mas *T*

levouo] levoo *To, E*

A … pecado] *Om. E*

48 Ao final do verso, na mesma liña, consignouse o vocábulo «Amén» que, naturalmente, non fai parte do verso. *Vid.* CSM 75.

CSM 66

To 100v; T 97v; E 85r-85v

Esta é como Santa María fez a un bispo cantar missa e deull' a vestimenta con que a dissesse e leixoulla quando se foi

Esta é] Esta LXXVIII[a] é *To, Om. E*
deull' a] deulle *E*
dissesse] dissese *E*
foi] foi e começa assí *E*

Quantos en Santa María
esperança an,
ben se porrá sa fazenda.

Os que m' oen cada día
e que m' oirán,
de grado lles contaría
miragre mui gran
dun bon bispo que avía
en Alverna, tan
santo que viu sen contenda,
Quantos en Santa María…

en Santa María] *Om. T*

Na capela u jazía,
a do bon talán.
Vẽo con gran compannía
desses que están
ante Deus e toda vía
por nós rogarán
que el de mal nos defenda.
Quantos en Santa María…

E a seu destro tragía
sigo san Joán,
que ll' entón assí dizía:
«Quaes cantarán
a missa que converría,
ou quaes dirán
toda a outra leenda?
Quantos en Santa María…

E dizede, quen sería
vosso capelán?»
E ela lle respondía:

«O bispo que man
aquí, que sempre perfía
fillou e afán
por mí en esta prebenda».
Quantos en Santa María…

E logo pera el ía
e diss' ao san-
t' om': «Aquesta missa día,
e responderán
esta santa crerizía,
que ben saberán
responderti sen emenda».
Quantos en Santa María…

diss' ao] disse ao *E*
missa] misa *E*
responderti] responder i *E*

O bispo, quand' est' oía,
logo manamán
as vestimentas pedía;
e taes llas dan
que ome non podería
preçalas de pran
nen a compra nen a venda.
Quantos en Santa María…

E pois que se revestía,
come sacristán
san Pedr' o sino tangía,
e os outros van
cantand', e el bẽeizía
o vinn' e o pan
como a lee comenda.
Quantos en Santa María…

sacristán] sancristán *E*
tangía] tagia *E*
e el bẽeizía] el bẽezía *E*

E pois la missa compría
ben sen adamán,
diss' a Virgen: «Eu irm' ía,
e todos irs' an;
mais o que ti eu dad' avía[49]
non o levarán,
pois tio dei por oferenda».
Quantos en Santa María…

la] a *E*
ti eu] *Om. E*
tio dei] to dei *E*

49 Hai que ler nunha única sílaba o pronome de complemento indirecto máis o pronome persoal suxeito, que parece presaxiar a actual palatalización do primeiro (*Vid*. V. 66: *tio*).

CSM 67

To 85r-87r; T 98v-99v; E 85v-87r

Esta é como Santa María fez ao ome bõo connocer que tragía consigo o demo por sergente e que o quería matar, senón pola oraçón que dizía súa[50]

A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade,
que con esto nos defende do dem' e da sa maldade.

E de tal razón com' esta un miragre contar quero
que fezo Santa María, aposto e grand' e fero,
que non foi feito tan grande ben des lo tempo de Nero,
que emperador de Roma foi daquela gran cidade.
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade…

Groriosa] Gloriosa *E* | **tant' … santidade**] *Om. T*

Ond' avẽo que un ome mui poderos' e loução,
sisud' e fazedor d' algo, mais tant' era bon crischão,[51]
que tod' ele por Deus dava quanto collía en mão,
ca de todas outras cousas máis amava caridade.
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade…

loução] lação *T*

tant] tat *To* | **Groriosa**] Gloriosa *E* | **tant' … santidade**] *Om. T*

E por mellor fazer esto que muit' ele cobiiçava,
un espital fezo fóra da vila u el morava,
en que pan e vinn' e carne e pescad' a todos dava,
e leitos en que jouvessen en ivern' e en estade.
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade…[52]

E como quen á gran coita de compri-lo que deseja,
ele mancebos collía ben mandados, sen peleja,
que aos pobres servissen; mai-lo demo con enveja
meteuss' en un corpo morto d' ome de mui gran beldade,
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade…

mancebos] macebos *E*
mai-lo] mais lo *To*, mais o *E*
meteuss'] meteuse *E*
Groriosa] Gloriosa *E*

E vẽo pera el logo mans' e en bon contenente,
e disse: «Sennor, querede que seja vosso sergente,
e o serviço dos pobres vos farei de bõa mente,
pois vejo que vós queredes e fazedes i bondade;
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade…

mans' e] manso en *E*
Groriosa] Gloriosa *E*

50 *To:* Esta LXV[a] é de como Santa María fez ao ome bõo connocer que tragía cossigo o demo por servente e que o quería matar senón pola oraçón que dizía súa. *E:* Como Santa María fez connocer ao ome bõo que tragía o demo consigo por servente; e quisérao matar, senón pola oraçón que dizía.

51 V. 9: **sisud'**] sissud *E* | **mais**] mas *To, T* | **crischão**] crischao *To, T*

52 Por erro, en *E* cópiase para esta estrofa o refrán pertencente á CSM 73: *Ben pod' as cousas feas fremosas tornar a que pod' os pe.*

E sequer o meu serviço averedes endoãdo». — **sequer o**] seque-lo *To, T* | **endoãdo**] endoado *E*
Quando ll' om' oíu aquesto dizer, foi én mui pagado;
e demais viuo fremoso, apost' e ben rezõado, — **rezõado**] razõado *E*
e cuidou que non andava senón con gran lealdade.
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… — **Groriosa**] Gloriosa *E*

En esta guisa o demo chẽo de mal e arteiro — **guisa**] guissa *E*
fez tanto que o bon ome o fillou por escudeiro; — **fillou**] fillo *E*
e en todos seus serviços a el achava primeiro, — **a el achava**] a el o achava *E*
dizéndolle: «Que queredes, sennor? A mí o mandade». — **mí**] min *E*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… — **Groriosa**] Gloriosa *E*

Tanto lle soub' o diabo fazer con que lle prouguesse, — **soub' o**] sob' o *T,* soube o *E*
que nunca ll' ele dizía cousa que el non crevesse;
demais non avía ome que o tan ben soubesse
servir sempr' en todas cousas segundo sa voontade.
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… — **Groriosa**] Gloriosa *E*

E por ende lle fazía ameúde que caçasse — **ameúde**] amẽúde *E*
enas montannas mui fortes, e eno mar que pescasse; — **montannas**] motannas *To*, montanas *E*
e muitas artes buscava per que que o algur matasse,
per que ouvess' el a alma, e outr' ouvess' a erdade. — **per que**] por que *T* | **ouvess' el**] el ouvess *E*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… — **Groriosa**] Gloriosa *E*

En tod' est' o ome bõo per ren mentes non metía,
e por én de bõa mente u ll' el consellava ía;
mais quando se levantava, ũa oraçón dizía — **mais**] mas *To, T*
da Virgen mui groriosa, reínna de piedade. — **reínna**] reina *E*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade…

E por aquest' aquel demo que ll' andava por vassalo
niún poder non avía per nulla ren de matalo; — **niún**] neún *E*
e pero día nen noite non quedava de tentalo,
macar lle prol non avía, por mostrar sa crueldade.
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… — **A … santidade**...] *Om. T* | **Groriosa**] Gloriosa *E*

Desta guisa o bon ome, que de santidade chẽo — **guisa**] guissa *E*
era, viveu mui gran tempo, trões que un bisp' i vẽo
que foi sacar ao demo logo as linnas do sẽo, — **sacar**] saçar *E*
como vos contarei ora; e por Deus, ben m' ascuitade. — **ascuitade**] ascoitade *T*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… — **Groriosa**] Gloriosa *E*

Aquel bispo era ome sant' e de mui bõa vida,
e mui máis religioso que se morass' en ermida; — **religioso**] relgioso *E*
e por aquesto o demo tanto temeu sa vĩida,

que disse que non podía servir por enfermidade.
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… **Groriosa**] Gloriosa *E*

Ond' avẽo que un día ambos jantando siían
e que tódolos sergentes, fóras aquele, servían;
preguntoulles o bon ome u era; eles dizían
que i servir non vẽera con mengua de sãidade. **mengua**] mingua *E* | **sãidade**] saidade *E*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… **Groriosa**] Gloriosa *E*

Quand' aquest' oíu o bispo, perguntoulle que om' era.
E ele lle contou todo, de com' a ele vẽera **lle**] llo *T* | **com' a**] cum' a *E*
e como lle lealmente sempre serviço fezera.
Diss' o bispo: «Venna logo, ca de veerl' ei soidade».
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… **Groriosa**] Gloriosa *E*

Entón aquel ome bõo enviou por el correndo.
Quand' esto soub' o diabo, andou muito revolvendo,
mais pero na cima vẽo ant' eles todo tremendo; **mais**] mas *To, T*
e poi-lo catou o bispo, connoceu sa falsidade.
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… **Groriosa**] Gloriosa *E*

E diss' ao ome bõo: «Deus vos ama, ben sabiades,
que vos quis guardar do demo fals' e de sas falsidades;
e eu vos mostrarei ora com' est' om' en que fiades
é demo sen nulla dulta; mais un pouco vos calade». **mais**] mas *To, T*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… **Groriosa**] Gloriosa *E*

E entón diss' ao demo: «Dime toda ta fazenda, **diss'**] disse *E*
por que aquesta companna todo teu feito aprenda; **feito aprenda**] feit' aprenda *E*
e eu te conjur' e mando que a digas sen contenda,
per poder de Jesucristo, que é Deus en Trĩidade». **Jesucristo**] Jesocristo *To, T*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… **Groriosa**] Gloriosa *E*

Entón começou o demo a contar de com' entrara
en corpo dun ome morto, con que enganar cuidara
a aquel con que andava, a que sen dulta matara,
se a oraçón non fosse da madre de caridade: **caridade**] claridade *To, T*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… **Groriosa**] Gloriosa *E*

«Quand' el aquesta dizía, sol non era eu ousado **aquesta**] aquesto *E*
de lle fazer mal niũu». E pois est' ouve contado,
leixou caer aquel corpo en que era enserrado,
e esvãeceu ant' eles como x' era vãidade. **vãidade**] vaidade *E*
A Reínna Groriosa tant' é de gran santidade… **Groriosa**] Gloriosa *E* | **A … santidade**] *Om. T*

CSM 68

To 89v-90r; T 100v; E 87v-88r

Esta é como Santa María avẽo as dúas combooças que se querían mal

Esta é] Esta LXVIII[a] é de *To*, *Om. E*

A Groriosa grandes faz
miragres por dar a nós paz.

E dest' un miragre direi
fremoso, que escrit' achei, **que**] *Om. T*
que fez a madre do Gran Rei,
en que toda mesura jaz,
A Groriosa grandes faz…

Pola moller dun mercador **Pola**] Por *E*
que, porque seu marid' amor
avía con outra, sabor
dele perdía e solaz.
A Groriosa grandes faz…

E por esto quería mal
a sa combooça mortal;
e Santa María sen al
rogava que lle déss' assaz
A Groriosa grandes faz…

Coita e mal, porque perder
lle fazía o gran prazer
que seu marido lle fazer
soía na vila d' Arraz. **d' Arraz**] d' Araz *E*
A Groriosa grandes faz…

E pois fez esta oraçón,
adormeceusse logu' entón;
e dormindo viu en vijón
Santa María con grand' az
A Groriosa grandes faz…

D' ángeos, que lle diss' assí:
«A ta oraçón ben oí;
mais pero non convén a mí **mais**] mas *To, T*
fazer crueza, nen me praz.
A Groriosa grandes faz…

Demais, aquela vai ficar
os gẽollos ant' o altar
meu e cen vezes saudar-
mi, põend' en terra sa faz».
A Groriosa grandes faz…

mi] me *E* | **põend'**] põed' *To*, poend *E*

Tant tost' aquela s' espertou
e foiss'; e na rúa topou
cona outra, que se deitou
ant' ela e disse: «Malvaz
A Groriosa grandes faz…

s' espertou] se espertou *E*

disse] disso *T*

Demo foi, chus negro ca pez,
que m' este torto fazer fez
contra vós; mas ja outra vez
non o farei, pois vos despraz».
A Groriosa grandes faz…

Assí a Virgen avïir
fez estas dúas, sen falir,
que x' ant' avían, sen mentir,
denteira come con agraz.
A Groriosa grandes faz…

A Groriosa grandes faz] *Om. T*

CSM 69

To 70r-71v; T 101v-102v; E 88r-89r

Esta é como Santa María fez oír e falar ao que era sordo e mudo en Toledo

Esta é] Esta LIIII[a] é *To, Om. E*
ao] o *E*

Santa María os enfermos sãa
e os sãos tira de vía vãa.

Dest' un miragre quero contar ora,
que dos outros non deve seer fóra,
que Santa María, que por nós ora,
grande fez na cidade toledãa,
Santa María os enfermos sãa…

Seend' i o Emperador d' Espanna
e d' omẽes onrados gran companna
con el, e cavalaría tamanna
que dentro non cabían nen na chãa.
Santa María os enfermos sãa…

Alí entón un monge foi vĩúdo
que del Cond' don Ponc' era connoçudo,
e troux' un seu irmão sord' e mudo
que chamavan Pedro de Solarãa.
Santa María os enfermos sãa…

Aqueste non falava nen oía,
mais per sinas todo ben entendía
o que lle mandavan, e o fazía,
ca non vos avía el outr' açãa.
Santa María os enfermos sãa…

E pero non oía nen falava,
en Santa María muito fiava,
e chorand' e mugindo lle rogava
que o sãasse. E ũa mannãa
Santa María os enfermos sãa…

Ll' avẽo que foi perant' a eigreja
e viu dentro claridade sobeja,
e entre sí disse: «Se Deus me veja,
esta claridade non e humãa».
Santa María os enfermos sãa…

Pois isto, viu un ome mui fremoso,
vestido ben come religioso,
que no levar non foi mui preguiçoso
cab' o altar u tangen a campãa
Santa María os enfermos sãa…

Do *Corpus Domini*. E viu estando
un om' ant' o altar, ben como quando
está o que diz missa consagrando
a ostia a costume romãa.
Santa María os enfermos sãa…

E a destro viu estar da capela
de gran fremosura ũa donzela,
que de faiçón e de coor máis bela

onrados gran] onrados mui gran *T*

nen na] nena *To, T, E*

Ponc' era] Ponz' era *To,* Ponce era *E*

mais] mas *To, T*

mandavan] manda *E*

Santa … sãa] *Om. E*

eigreja] igreja *E*

claridade] craridade *T*

Pois] Pus *To, E*

tangen a] tangen na *E*

donzela] doncela *E*

era que non ést' a nev' e a grãa,
Santa María os enfermos sãa…

Que lle fezo sinas que se chegasse
ant' o preste e que s' agẽollasse;
e ao preste fez que o catasse
a Virgen piedosa e louçãa,
Santa María os enfermos sãa…

Que lle meteu o dedo na orella
e tiroull' end' un vermen a semella
destes do sirgo, mais come ovella
era velos' e coberto de lãa.
Santa María os enfermos sãa…

E tan toste oír ouve cobrado
e foiss' a casa do monge privado,
e logo per sinas ll' ouve mostrado
que ja oía o gal' e a rãa.
Santa María os enfermos sãa…

Entón correnď o monge como cerva
se foi a cas don Ponce de Minerva
e disse: «Conde, non sei con qual erva
oe Pedr' e a orella lle mãa».
Santa María os enfermos sãa…

E entón diss' el conde muit' aginna:
«M' ide polo que fez a meezinna,
ca ben leu é maestre de Mecinna,
ou de Salerna, a cezilãa».
Santa María os enfermos sãa…

E depús esto, vernes madurgada,
levava vinn' e pan aa pousada,
Pedro, do monge, e fez sa passada
perant' a porta que é máis jusãa
Santa María os enfermos sãa…

Da eigreja; e ía pela mão
con el un preste. E viu ben de chão
Pedro vĩir a sí un ome cão
ena cabeça, e a barva cãa,
Santa María os enfermos sãa…

ést'] *Om. E* | **nev' e**] neve e *E*

piedosa] piadosa *T*

do] de *E* | **mais**] mas *T*
velos'] veloss' *E*

casa] cassa *T, E*

gal' e] galo e *T, E*

Ponce] Ponço *To, T*
disse] diss *T, E*
Pedr' e] podre *E*

E entón] entonce *E*

leu] lleu *T*
cezilãa] ciziliãa *To*, cizillãa *E*

esto] isto *E*
aa] a sa *T*
e] u *To, E*

eigreja] igreja *E*

Que o tirou contra sí mui correndo
e foio ena eigreja metendo,
u viu a preto do altar seendo
a Virgen, d' Elisabet coirmãa,
Santa María os enfermos sãa…

Que mandou ao preste revestido
que lle fezera cobra-lo oído,
que lle fezesse que logo guarido
fosse da lingua, que non dissess' «ãa».
Santa María os enfermos sãa…

Logo o que mandou ela foi feito,
ca o preste sabía de tal preito;
por én da lingua, ond' era contreito,
lle fez falar parávoa certãa.
Santa María os enfermos sãa…

E pois sãidad' ouve recebuda,
diss' a gran voz: «Madre de Deus, ajuda
ao teu servo que é connoçuda
a ta graça», e cantou antivãa.
Santa María os enfermos sãa…

Quantos aqueste miragre souberon
a Santa María loores deron;
e tantos aa eigreja veeron
que non cabían i nen na quintãa.
Santa María os enfermos sãa…

eigreja] egreja *To, E*

dissess'] disses *To*, dissesse *E*

sãidad'] saidad *To*, sãidade *E*
diss'] diz *E*

eigreja] egreja *E*
nen na] nena To, T, nen ena *E*

CSM 70[53]

To 102v-103r; T 117v; E 89r

Esta é de loor de Santa María, das cinco léteras que á no seu nome e o que queren dizer

Esta é] Esta LXXX[a] é *To*
cinco] cinque *E*
o] *Om. E*

Eno nome de María
cinque letras non máis iá.

Eno] En no *To, T*
non] no *E*

M mostra Madr' e Maior
e Máis Mansa e Mui Mellor
de quant' al fez Nostro Sennor
nen que fazer podería.
Eno nome de María…

Mui] Máis *E*
Eno] En no *T* | **de María**] *Om. T*

A demostra Avogada,
Aposta e Aorada,
e Amiga e Amada
da mui santa compannía.
Eno nome de María…

compannía] copannía To, compañía *T, E*
Eno] En no *T* | **de María**] *Om. T*

R mostra Ram' e Raíz,
e Reínn' e emperadriz,
Rosa do mundo, e fiiz
quen a visse ben sería.
Eno nome de María…

mundo] mund' *E* | **fiiz**] fiiz *E*
Eno] En no *T* | **de María**] *Om. T*

I nos mostra Iesucristo,[54]
Iusto Ioíz, e por isto
foi per ela de nós visto
según disso Isaía.
Eno nome de María…

Iesucristo] Iesocristo *To*
Ioíz] iuíz *E*
per] por *E*
Eno] En no *T*

A ar diz que Averemos
e que tod' Acabaremos
aquelo que nós queremos
de Deus, pois ela nos guía.
Eno nome de María…

Eno] En no *T* | **Eno nome de María**] *Om. E*

53 Obsérvese que as estrofas pares teñen versos de 7' sílabas, mentres que as impares de 8, excepto a última e quinta, tamén de 7'.

54 Mantemos a grafía «Iesocristo» para non romper a argumentación do trobador; procederemos igual con «Iusto» e «Ioíz».

CSM 71

To 115v-117r; T 104v-105r; E 89v-90v

Esta é como Santa María mostrou aa monja como dissesse brevement' «Ave María»

Esta é] Esta LXXXXI[a] *To, Om. E*

Se muito non amamos, gran sandece fazemos,
a sennor que nos mostra de como a loemos.

E por end' un miragre vos quero dizer ora
que fez Santa María, a que nunca demora
a buscarnos carreiras que non fiquemos fóra
do reino de seu fillo, mais per que i entremos.
Se muito non amamos, gran sandece fazemos… **gran sandece fazemos**...] *Om. T*

E direi dũa monja que en un mõesteiro **monja**] monga *E* | **mõesteiro**] moestero *E*
ouve, de santa vida, e fillava lazeiro
en loar muit' a Virgen, ca un gran livr' enteiro
rezava cada día, como nós aprendemos,
Se muito non amamos, gran sandece fazemos…

De grandes orações sempre, noites e días.
E sen esto rezava ben mil Avemarías,
por que veer podesse a madre de Messías, **Messías**] Mesías *E*
que os judeus atenden e que nós ja avemos.
Se muito non amamos, gran sandece fazemos… **fazemos**] facemos *E*

Tod' aquesto dizía chorando e gemendo,
e suspirava muito, mais rezava correndo
aquestas orações. E por én, com' aprendo,
viu a Santa María, com' agora diremos,
Se muito non amamos, gran sandece fazemos… **fazemos**] facemos *E*

Dentro no dormidoiro en seu leit' u jazía
por dormir mui cansada, e pero non dormía. **dormía**] durmía *To, E*
Entón a Virgen santa alí ll' aparecía,
madre de Jesucristo, aquel en que creemos. **Jesucristo**] Jesocristo *T*
Se muito non amamos, gran sandece fazemos…

Quando a viu a monja, espantousse ja quanto, **espantousse**] espantouse *E*
E outro día os que madurgaron
e a viron fórona espertar
e como sãara lle preguntaron,
e ela ren non lles quiso negar;
e po-la confortar logo mandaron
que lle dessen caldo con do agraz.
Gran piadad' e mercé e nobreza, … **piadad'**] piedad' *To* | **mercé**] mercee *To, T, E* | **nobreza**] nobleza *T*

Os enfermos logu' entón os poseron
ant' ela por esta cousa provar;
e pois que os beijou, saúd' ouveron.
E começaron entón de loar
Santa María, e logo souberon
este feito pola terra viaz.
Gran piadad' e mercé e nobreza, … **piadad'**] piedad' *To* | **mercé**] mercee *To, T, E* | **nobreza**] nobleza *T*

CSM 106

To 59r; T 152v ; E 115v-116r

Esta é como Santa María sacou dous escudeiros de prijón

Esta é] Esta XLV é *To*

Prijón forte nen dultosa
non pod' os presos tẽer
a pesar da Groriosa.

Desta razón vos direi
un miragre que achei
escrito, e mui ben sei
que farei
del cantiga saborosa.
Prijón forte nen dultosa…

E contarei sen mentir
como de prijón saír
fez dous presos e fogir
e pois ir
en salv' a mui Preciosa.
Prijón forte nen dultosa…

salv' a] salvu a *T*

Prijón forte nen dultosa] *Om. T*

Dous escudeiros correr
foron por rouba fazer;
mas fóronos a prender
e meter
en prijón perigoosa.
Prijón forte nen dultosa…

mas] mais *E*

Jazend' en aquel logar,
ũu deles se nembrar
foi com' en Seixón lavrar
e pintar
viu eigreja mui fremosa.
Prijón forte nen dultosa…

E diss' a seu compannón:
«Se eu saír de prijón,
cen cravos darei en don
a Seixón
que é obra mui costosa».
Prijón forte nen dultosa…

E pois esto prometeu,
logo ll' o cepo caeu
en terra; mas non s' ergeu:
atendeu
ant' a noite lubregosa.
Prijón forte nen dultosa…

Mais poi-la noite chegou,
a seu compannón contou
como ll' o cepo britou
e sacou
end' a Virgen Piedosa.
Prijón forte nen dultosa…

O outro lle diss' assí:
«Per quant' eu a vós oí,
mil cravos levarei i
se m' a mí
toll' esta prijón nojosa».
Prijón forte nen dultosa…

Pois s' o primeiro sentiu
solto, da prijón fogiu.
A guarda, quand' esto viu,
log' abriu
a cárcer mui tẽevrosa
Prijón forte nen dultosa…

Polo outr' i guardar ben,
ca atal era seu sén;
mas dele non achou ren,
e por én
ouv' a Virgen sospeitosa,
Prijón forte nen dultosa…

Madre de Nostro Sennor,
que lle fora soltador
dos presos e guiador,
sen pavor,
como sennor poderosa.
Prijón forte nen dultosa…

mas] mais *E*

m' a] mia *To*, *T*, *E*

Prijón forte nen dultosa] *Om. To, T*

CSM 107

T 153v; E 116r-116v

Esta é como Santa María guardou de morte ũa judea que espenaron en Segovia e porque se acomendou a ela non morreu nen se firiu

Esta é] *Om. E*
e] *Om. E*
firiu] fe *T*

Quen crever na Virgen Santa,
ena coita valerll' á.

Dest' un miragr', en verdade,
fez en Segovi' a cidade
a Madre de Piadade,
qual este cantar dirá
Quen crever na Virgen Santa…

piadade] piedade *E*

Dũa judea achada[75]
que foi en err' e fillada
e a esfalfar levada
dũa pena qu' i está
Quen crever na Virgen Santa…

Dũa] ũa *T, E*

Virgen] Vergen *E*

Muit' alta e muit' esquiva.
E ela diss': «Ai, cativa,
como pode ficar viva
quen d' aquí a caer á,
Quen crever na Virgen Santa…

Se non se Deus xe querría?
Mas tu, Reínna María,
u crischãidade fía,
se tal es com' oí ja
Quen crever na Virgen Santa…

Que acórre-las coitadas
que ti son acomendadas;
ontre tódalas culpadas
val a mí, ca mester m' á.
Quen crever na Virgen Santa…

Quen … Santa] *Om. T*

75 Aínda que nos manuscritos non figura, o sentido aconsella engadir a preposición que se contrae co artigo.

E se ficar viv' e sãa,
logo me farei crischãa
ante que seja mannãa
cras, u al non averá».
Quen crever na Virgen Santa…

Os judeus que a levaron
na camisa a leixaron
e logo a espenaron,
dizendo: «Alá irá!».
Quen crever na Virgen Santa…

Mas pois d' alí foi caúda,
da Virgen foi acorruda;
por én non foi pereçuda,
pero caeu lonj' alá,
Quen crever na Virgen Santa…

Jus' a pé dũa figueira,
e ergeusse mui ligeira-[76]
ment' e foisse sa carreira
dizendo: «Sempre será
Quen crever na Virgen Santa…

Bẽeita a groriosa,
madre de Deus, preciosa,
que me foi tan piadosa;
e quen a non servirá?».
Quen crever na Virgen Santa…

E chegou aa eigreja
daquela que sempre seja
bẽeita, u mui sobeja
gente viu, e diss': «Acá
Quen crever na Virgen Santa…

Vĩid' e batiçarm' edes,
e tal miragr' oiredes
que vos maravillaredes,
e tod' om' assí fará».
Quen crever na Virgen Santa…

farei] fare *T, E*
mannãa] mannaa *T*
Mas] Mais *E*
ergeusse] ergueuse *T, E* | **ligeira-**] legeira- *T*

76 Este é un dos casos excepcionais nos que a grafía do verbo *erguer* nos códices se corresponde cunha pronuncia velar (*Vid*. CSM 333).

E tan tost' aquela gente
a batiçou mantenente;
e foi sempre ben creente
da que por nós rogará
Quen crever na Virgen Santa…

A seu fillo grorioso
que nos seja piadoso
eno día temeroso
quando julgarnos verrá.
Quen crever na Virgen Santa…

A] E *E*

Quen … Santa] *Om. T*

CSM 108

To 149v-150v; T 154v-155r; E 116v-117r

Esta é como Santa María fez que nacesse o fillo do judeu o rostro atrás, como llo Merlín rogara

Esta é] Esta III[a] é *To, Om. E*

Dereit' é de s' end' achar
mal quen fillar perfía
contra Santa María.

E daquest' oí contar
que avẽo a Merlín
que s' ouve de rezõar
con un judeu alfaquín
que en tod' Escoça par,
como disseron a min[77],
de saber non avía.
Dereit' é de s' end' achar…

rezõar] razõar *To*

alfaquín] alfaquí *E*

min] mí *To, T, E*

E começou a falar
aquel judeu traedor
ena Virgen a jurar,
muito pelo Criador,
que en ela encarnar
nunca quis Nostro Sennor,

77 Concordamos coa proposta de Mettmann para favorecer a rima e substituímos «mí» por «min», xa que non se rexistran casos de rima í/in.

nen seer non podía.
Dereit' é de s' end' achar…

Merlín ouve gran pesar
u ll' oíu esto dizer
e disso: «Se Deus m' ampar,
ante podo ben seer;
ca o que terra e mar
fez per seu mui gran poder,
esto ben o faría».
Dereit' é de s' end' achar…

poder] saber *To*

O judeu a perfiar
começou e disse: «Non
podo Deus nunca entrar
en tal logar per razón,
ca o que foi enserrar
en sí quantas cousas son,
como s' enserraría?».
Dereit é de s' end' achar…

Merlín muit' a assannar
se fillou e log' alí
os gẽollos foi ficar
en terra e diss' assí:
«Madre do que nos salvar
vẽo, este diz de tí
o que non devería.
Dereit' é de s' end' achar…

end'] ent' *E*

Por én te quero pregar
que, com' eu de certo sei
que o teu foi sen dultar,
que o que te rogarei
queras agora mostrar
a este da falsa lei
que anda con folía.
Dereit' é de s' end' achar…

end'] ent' *E*

Que sa moller emprennar
foi, o que lle nacer én
queras tu assí guisar
que com' outr' o rostro ten
adeante por catar,
tenna atrás, e des én

and' assí toda vía».
Dereit é de s' end' achar…

E o praz' uviou chegar
que a judea pariu;
mas ben se podo sinar
quen aquel seu fillo viu,
ca atal o gẽerar
fez Deus como llo pediu
Merlín con felonía.
Dereit é de s' end' achar…

end'] ent' *E*

Que o rostro lle tornar
fez Deus o deant' atrás,
como lle fora rogar
o fillo de Satanás
por en vegonna deitar
a seu padre Caifás,
que ant' o non creía.

creía] criía *To, E*

Dereit' é de s' end' achar…

end'] ent' *E*

Por én seu padre matar
o quis logo que naceu;
mas Merlín o fez guardar,
que o mui ben entendeu,
e polos judeos tirar
de seu erro, pois creceu,
con el os convertía.
Dereit' é de s' end' achar…

end'] ent' *E*

CSM 109[78]

T 156r; E 117r-117v

Esta é como Santa María de Salas livrou un ome de cinco demonios que avía en sí[79]

Razón an os diabos de fugir
ant' a Virgen que a Deus foi parir.

Gran dereito fazen de s' ir perder
ant' aquela de que Deus quis nacer;
ca per ela perderon seu poder
de guisa que nos non poden nozir.
Razón an os diabos de fugir…

Dest' un miragre vos quero contar
que fez a Virgen que non ouve par
nen averá mentr' o mundo durar,
esto vos posso jurar sen mentir.
Razón an os diabos de fugir…

E o miragre foi en tal razón:
cinco diabos daquela sazón
s' assũaron e fillaron entón
todos un ome po-lo mal bailir.
Razón an os diabos de fugir…

El pera Salas en caminn' entrou;
e quand' á vista do logar chegou,
essa companna assí s' espantou
que o non leixaron adeant' ir,
Razón an os diabos de fugir…

A aquel ome, segund' aprendí,
ata que dous frades vẽeron i
mẽores, que o levaron d' alí
aa eigreja logo sen falir,
Razón an os diabos de fugir…

Queixándosse muito, com' apres' ei,
os demões da madre do Gran Rei
e dizían como vos eu direi:

fugir] fogir *E*

Gran] *Om. E*
aquela] a *E* | **quis**] quiso *E*

de fugir] *Om. E*

vos] *Om. E*
ouve] á *E*

fugir] fogir *E*

E] *Om. E*
daquela] *ũa E*

todos un ome] todos a un ome *T*
fugir] fogir *E*

El] *Om. E*
e] *Om. E*

fugir] fo *E*

A] *Om. E*
ata] ta *E*

fugir] fogir *E*

Queixándosse muito] Querelándosse *E*
do Gran Rei] do rei *E*
e dizían] dos Ceos en *E*

78 Esta cantiga presenta diferente estrutura métrica segundo o códice que a transmite. En *T*, todos os versos son de dez sílabas, mentres que en *E* os dous primeiros versos de cada cobra son de nove sílabas.

79 *E:* Como Santa María livrou un ome de cinco diáboos que querían levar e matar.

«Esta nos fará dest' ome partir».
Razón an os diabos de fugir…

fugir] fogir *E*

E un judeu os conjurou por Deus
que lle dissessen por que os judeus
non fillavan. Diss' un demo: «Ca meus
sodes e punnades de me servir.
Razón an os diabos de fugir…

E] *Om. E*
lle] *Om. E*
fugir] fogir *E*

E por esto non vos fazemos mal,
ca vós sodes todos nossos sen al;
mai-los que do batismo o sinal
tragen, aqueles imos percodir».[80]
Razón an os diabos de fugir…

E] *Om. E*
vós] *Om. E*
percodir] enujar *T*
fugir] fogir *E*

Quand' esto disse, fugiu o judeu;
mai-los diabres, per com' aprix eu,
cada un deles logo sinal deu
quando ouveron do om' a saír.
Razón an os diabos de fugir…

Quand' esto disse] Esto dito *E* | **fugiu**] fogiu *E*
diabres per] diabos *E*
fugir] fogir *E*

Daquesto deron todos gran loor
a Santa María, porque sabor
á de valer sempr' ao pecador
e d' os diabos sempre destroír.
Razón an os diabos de fugir…

Daquesto] Desto *E*
porque] que *E*
fugir] fogir *E*

CSM 110

T 157r; E 117v-118r

Esta é de loor de Santa María

Esta] sta *E*

Tant' é Santa María de ben mui comprida
que pera a loar, tempo nos fal e vida.

E como pode per lingua seer loada
a que fez porque Deus a sa carne sagrada
quis fillar e ser ome, per que foi mostrada

sagrada] sacrada *T*

80 Aínda que para a edición en xeral preferimos o manuscrito *T*, neste verso optamos pola lección de *E* xa que, en *T*, claramente se altera o esquema rimático.

sa deidad' en carn' e vista e oída?
Tant' é Santa María de ben mui comprida… | **de ben mui comprida**] *Om. T*

Ca tantos son os bẽes de Santa María
que lingua dizer todos non os podería,
nen se fosse de ferro e noite e día
non calasse, que ante non fosse falida.
Tant' é Santa María de ben mui comprida… | **Santa … comprida**] *Om. T*

Se purgameo foss' o ceo estrelado | **purgameo**] purgamẽo *E*
e a mar todo tinta, que grand' é provado,
e vivesse por sempr' un ome ensinado
de 'scriver, ficarll' ía a maior partida.
Tant' é Santa María de ben comprida… | **Tant' … comprida**] *Om. T*

CSM 111

T 158r; E 118r-118v

Esta é como un crérigo de missa que servía a Santa María morreu no río que vén por París e a tercer día ressocitoo Santa María e sacoo do río

servía] sirvía *T*
ressocitoo] ressucitoo *T*

En todo tempo faz ben
a Virgen que nos mantén.

Non á temp' assinaado
por acorre-lo coitado[81] | **por acorre-lo coitado**] por perdõa-lo culpado *T*
nen perdõa-lo culpado, | **nen perdõa-lo culpado**] nen per acorre-lo coitado *T*
mais assí como ll' avén. | **mais**] mas *T*
En todo tempo faz ben…

Dest' un miragre preçado
vos será per mí mostrado
que fez por un ordinnado
a mui comprida de sén.
En todo tempo faz ben…

81 Como se pode observar, a orde dos versos desta cobra altérase segundo os códices. O cómputo silábico decidiu a nosa escolla.

De missa o malfadado
era, mas por seu pecado
a lussuria tan deitado,
que non dava por al ren.
En todo tempo faz ben…

E pero de mui bon grado
rezava muit' aficado
as oras das que Deus nado
foi por nós en Beleén.
En todo tempo faz ben…

Ũa noit' o desguisado
foi fazer, e pois entrado
ouv' en un barqu' e passad' o
Sena, que por París vén.
En todo tempo faz ben…

Pero non foi arribado,
ca o barco foi tornado
e el na agu' afogado
ante que chegass' aquén.
En todo tempo faz ben…

El avía começado
madodinnos e rezado
un salm' ; e logo fillado
foi do demo feramén.
En todo tempo faz ben…

E pois foi apoderado
de sa alma, muit' irado
foi ao fogo privado
po-la i pẽar des én.
En todo tempo faz ben…

Mai-la Madre do onrado
Jesucrist' a seu chamado
vẽo, e o denodado
demo logo fugiu én,
En todo tempo faz ben…

E ela ressucitado
ouv' o morto e sacado
do río, que ja buscado

lussuria] luxuria *T*

Beleén] Belleén *T, E*

un] *Om. E*

Mai-la] Mais a *E*
Jesucrist'] Jesocrist' *E*

E] U *E*

fora d' aquend' e d' alén.
En todo tempo faz ben…

Quatro días mergullado
jouvera e afondado;
mas entón d' alá tirado
foi pola que sempre ten
En todo tempo faz ben…

Seu acorr' aparellado
pera vale-lo menguado
d' ajuda. Por én loado
seja seu nome. Amén.
En todo tempo faz ben…

pera] pora *E*

CSM 112

To 148v-149v; T 159r E; 118v-119r

Esta é como Santa María guardou ũa nave que ía carregada de triigo que non perecesse e sacoua en salvo ao porto

Esta é] Esta II[a] é *To*
triigo] trigo *To*
perecesse] perezesse *E*
sacoua] sacoa *E*

Nas coitas devemos chamar
a Virgen, estrela do mar.

Esta é Santa María,
que aos seus noit' e día
guarda de mal e os guía,
pois se lle van encomendar.
Nas coitas devemos chamar…

Como fez ũa vegada
dũa nav' encarregada
de trigo e de cevada
de Colliure, que foi guardar,
Nas coitas devemos chamar…

Nas coitas devemos chamar] *Om. E*

Que ouvera pereçuda
seer de tod' e perduda,

se non pela sa ajuda,
que a quis en salvo guiar.
Nas coitas devemos chamar…

Ca ouvera tal tormenta
que de millas setaenta
correra ou oitaenta,
queréndoss' a nav' afondar.
Nas coitas devemos chamar…

Ca o masto foi britado
e o temón pecejado,
e os da nave sen grado
saíron én por escapar
Nas coitas devemos chamar…

En un batel a gran pẽa,
ca viron a nave chẽa
d' agua volta con arẽa
e aquel pan todo mollar.
Nas coitas devemos chamar…

Esto foi cousa mui certa,
ca a nav' era aberta;
e por ende grand' oferta
prometeron entón de dar
Nas coitas devemos chamar…

Aa Virgen, que rogasse
seu fill' e que lles guardasse
seu pan e que os sacasse
en salvo sen perda fillar.
Nas coitas devemos chamar…

Entón mui toste remaron
e da nave s' alongaron,
e ao porto chegaron,
u a viron sãa estar.
Nas coitas devemos chamar…

E viron seu pan eixuito,
por que fezeran ja luito;
e a Virgen por én muito
começaron log' a loar.
Nas coitas devemos chamar…

chamar] *Om. E*

oitaenta] otaenta *E*

En un batel] Enos batees *T, E*

grand'] gran *E*

Aa] Ea *E*

fill'] fillo *To, T*

CSM 113[82]

E 119v-120r; T 160r

Como Santa María de Monserraz guardou o mõesteiro, que non feriss' en ele a pena que caeu da roca[83]

Por razón tenno d' obedecer
as pedras a madre do Rei
que, quando morreu por nós sei
que por én se foron fender.

nós sei] nós ben sei *E*
por én] por end *E*

Desto direi un miragre mui grande que contar oí
qu' en Monsarraz fez a Virgen e que ben parece oj' i,
dũa pena que se mover
foi e ar leixousse caer.
Por razón tenno d' obedecer…

miragre] mirage *T*
fez a Virgen] a Virgen fez *T*
se mover] se foi mover *E*
foi e ar] mui grand' e *E*

Esta caeu en tal guisa, se a Deus leixasse vĩir,
que podera a eigreja toda tan toste destroír;
mais Deus non quis esto sofrer
pola eigreja defender
Por razón tenno d' obedecer…

tan toste] logo *E*
mais] mas *E*
d' obedecer] debeder *E*

De sa madre groriosa, a Reínna Esperital;
por én desviou a pena en tal guisa que non fez mal,
e fezla tan passo decer
que pois non se pude volver.
Por razón tenno d' obedecer…

groriosa] a groriosa *T*
tal] *Om. E*

Mai-los monges, que cantavan a missa da madre de Deus,
quand' oíron o son grande, disseron: «Sennor, somos teus,
e non nos leixes perecer
nen de maa morte morrer».
Por razón tenno d' obedecer…

non nos] no nos *T*

82 Trátase dunha cantiga que presenta moitas irregularidades na transcrición en ambos os dous códices, pero moito máis numerosas e máis graves en *E*. O mesmo copista ou o corrector deuse conta disto e xa tratou de eliminar aqueles vocábulos que alongaban en exceso o número de sílabas de certos versos (2, 4, 5, 6), e así se reflicte na transcrición paleográfica. A suxeición ao regular cómputo silábico obriga a ese estraño v. 27 en *T*, onde aparece un tempo verbal que non correspondería e se altera o infinitivo «bẽeizer» (máis común) en «bẽizer». O v. 25 é hipérmetro, salvo que fagamos a correspondente sinalefa.

83 *T:* Esta é de Monsarraz, dũa gran pena que caeu da roca que está encima da eigreja, que, se vẽesse dereitamente, destroíra a eigreja toda e o moesteiro. Aínda que preferimos a lectura que presenta *E*, optamos por alterar a orden do sintagma «a pena en ele» que figura no manuscrito pola que ofrecemos na edición, que cremos que facilita a comprensión do texto.

Dizend' esto, saíron fóra da eigrej' e viron estar
o penedo que caera e que Deus fezo desviar[84],
e começar Deus a bẽizer
e a Virgen e seu poder.
Por razón tenno d' obedecer…

e que] que *T, E*
começar] começaron *E* | **bẽizer**] bẽeizer *E*
Por … obedecer] *Om. E*

Este miragre tan grande que fez pola de bon talán
Deus, sa madre groriosa, veeno quantos i van
a Monsarraz, e an prazer
e do seu van i oferer.
Por razón tenno d' obedecer…

Monsarraz] Monsarrat *T*
Por … obedecer] *Om. E*

CSM 114

T 120r-120v; E 161r

Esta é dun mancebo a que seus ẽemigos chagaron mui mal de morte e sa madre prometérao a Santa María de Salas e foi logo guarido[85]

A que serven tódolos celestiaes
guarecer ben pode as chagas mortaes.

Dest' un gran miragre fez Santa María
de Salas por ũa moller que avía
gran fiança en ela e a servía
põendo ant' o seu altar estadaes.
A que serven tódolos celestiaes…

Aquesta un fillo ouve que amava
máis ca ren, e sempre o acomendava
a Santa María e por el rogava
que llo d' ocajões guardass' e de maes.
A que serven tódolos celestiaes…

E mester lle foi, ca un día acharon-
no seus ẽemigos e mal o chagaron
de guisa que todo o espedaçaron,
ca lle deron colbes mui descomũaes.
A que serven tódolos celestiaes…

mui] *Om. T*
A … celestiaes] *Om. T*

84 Engadimos a preposición copulativa para acadar a isometría do verso. Pola mesma razón, no verso anterior hai que realizar unha sinalefa.

85 *T:* Esta é como Santa María guareceu un fillo dũa bõa moller que chagaran de morte seus ẽmigos.

Quand' oíu aquesto sa madr', a mesquinna,
cona mui grande coita que dele tiinna
foi por el mui tost' e tróuxeo aginna
a sa cas' e poslo en ũus portaes.
A que serven tódolos celestiaes…

E catouo e viuo come desfeito
das chagas mui grandes e atán maltreito,
e atoullas logo ben todas a eito
con panos de linno e con seus cendaes.
A que serven tódolos celestiaes…

E acomendoo aa groriosa
Santa María de Salas, preciosa,
que o guariu logo come piadosa,
ca xe soe ela a fazer de taes.
A que serven tódolos celestiaes…

Assí que as chagas que eran atadas
foron logo todas atán ben juntadas,
sãas e guaridas e tan ben sarradas
que adur parecían end' os sinaes.
A que serven tódolos celestiaes…

Ante que a alva do día chegasse
diss' el a sa madre que o desatasse,
ca ja são era, e que o catasse;
e ela o fez logu' , e achoull' iguaes
A que serven tódolos celestiaes…

As chagas e sãas. E por én loores
deu aa bẽeita Sennor das Sennores,
que aos seus mostra tan grandes amores,
e máis a aqueles que lle son leaes.
A que serven tódolos celestiaes…

Logo, madr' e fillo en caminn' entraron
e foron a Salas e alá contaron
aqueste miragre; e todos loaron
a Virgen por est' e loarán ja maes.
A que serven tódolos celestiaes…

CSM 115[86]

To 71v; T 162r-164r ; E 120v-122v

Esta é como Santa María tolleu ao demo o meninno que lle dera sa madre con sanna de seu marido porque concebera del eno día de Páscoa

Esta é] Esta LV[a] é *To*
meninno] mininno *To*
del eno día] del día *T*

Con seu ben
sempre vén
en ajuda
connoçuda
de nós Santa María.

Con ajuda nos vene
e con sa amparança
contra o que nos tene
no mundo en gran balança
por tollernos o bene
da mui nobr' esperança;
mas vengança
filla a Groriosa,
poderosa
del, e sempre nos guía.
Con seu ben…

vengança] vingança *T*

Desto no tempo d' ante
achamos que fezera
a do mui bon talante
gran maravilla fera
dũa moller andante
mal que seu fillo dera
e posera,
porque fora pecare,
de o dare
ao dem' en bailía.
Con seu ben…

86 Como se poderá observar, estamos diante dunha cantiga longa –a máis longa de todas– onde se relatan numerosas peripecias que lle suceden ao protagonista. Así mesmo, recoñecemos os mesmos personaxes que aparecían en textos anteriores (CSM 65). Repárase igualmente na necesidade de establecer a isometría versal que obriga a inclusión de vogais paragóxicas nalgúns termos comúns (vv. 6, 8, 10, 24 e 25).

En terra de Roma ouv' i,
com' escrit' ei achado,
un ome, com' aprendí,
bõo e muit' onrado,
e demais, segund' oí,
riqu' e mui ben casado,
e amado
de tódolos da terra,
ca sen err' a
sa fazenda fazía.
Con seu ben…

Est' ome e sa moller
mui gran temp' esteveron
servindo Deus volonter
e seus fillos fezeron,
e quant' ouveron mester
a cada ũu deron.
Pois, poseron
de tẽer castidade
e verdade
entre sí noit' e día.
Con seu ben…

Mai-lo o dem', a que pesou
daquesto que poseran,
muitas carreiras buscou
pera o que fezeran
desfazer, e tant' andou
que, o que manteveran,
u jouveran
cada ũu en seu leito,
con despeito
os meteu en folía.
Con seu ben…

Muit' ouv' o demo prazer
pois que ouve vençudo
o om', e fezlo erger
de seu leit' encendudo
por con sa moller jazer.
E o que prometudo
e tẽúdo
muit' era que guardass' e
non britasse,

ũu] un *E*

entre] ontre *E*

Mai-lo] Mas o *To*, Mais o *E*

ũu] un *To*

de] ben de *T*

el ende o partía.
Con seu ben…

A moller chorand' entón,
a que muito pesava,
lle diss' aquesta razón,
como o dem' andava
por britar sa profissón;
mas que lle consellava
e rogava
que o el non fezesse,
ca soubesse
que a Deus pesaría.
Con seu ben…

«Demais, festa será cras
dessa Páscoa santa;
por end' en tí Satanás
non aja força tanta
que o que prometud' ás
brites, ca quen quebranta
ou s' encanta
a britar sa promessa,
logu' en essa
ora de Deus desvía».
Con seu ben…

O ome non quis per ren
leixar seu fol deleito,
nen catou i mal nen ben;
mais pois compriu o preito,
ela con sanna por én
diz: «O que será feito,
eu endeito-
o d' aquí que seu seja,
sen peleja,
do demo toda vía».
Con seu ben…

Logo bẽes dessa vez
a moller foi encinta
dun meninno que pois fez
con pesar, sen enfinta,
por que o mui máis ca pez
negro nen que a tinta
del non quinta,

mais] mas *To*

meninno] mininno *To,* menno *E*

mas todo o meninno — **mas**] mais *E* | **meninno**] mininno *To*
fremosinno
depois aver devía.
Con seu ben…

Onde depois, sen mentir,
o demo de mal chẽo
aos doz' anos pedir
aquel meninno vẽo — **meninno**] mininno *To*
a sa madre, sen falir,
e diss' : «Ao quinzẽo — **quinzẽo**] quinzeo *T*
en meu sẽo
o levarei sen falla,
sen baralla — **sen**] se *T*
doutre e sen perfía».
Con seu ben…

A madre con gran pesar
e con mui gran quebranto
começou log' a chorar
por seu fill' e fez chanto;
e pois fézeo chamar
e díssell' entón tanto:
«Ao santo
Papa que é en Roma
vai, e toma
aver por ena vía, — **por**] per *E*
Con seu ben…

Ca d' atanto sõo fis — **sõo**] soon *To*, *E*
que te porrá consello
en teu mal, par san Denís». — **Denís**] Dinís *To*
E o moç' en trebello
non tev' e por París
foi; e pois no concello,
no vermello
pano connoceu logo
no meog' o
Papa da crerezía. — **crerezía**] crerizía *To*
Con seu ben…

E tan toste que o viu
a ele mantenente
foi e ben lle descobriu
seu feito, que niente

del non leixou nen mentiu.
Mais lo Papa Cremente
certamente
lle disse essa ora:
«Sen demora,
te vai pera Suría,
Con seu ben…

Ca un sant' om' i está
que end' é Patriarca
daquela terra e á
en pode-la comarca,
e consello te dará
bõo, se Deus me parca.
Busca barca
e vai tost' , e non chores
nen demores,
e faz ta romaría».
Con seu ben…

Contaríavos de dur
as mui grandes tormentas
que sofreu no mar de Sur
o moço, ca trezentas
millas correu sen nenllur
folgar, ou quatrocentas
ou quinentas,
sen áncora deitaren
nen chegaren
a terra d' Armenía.
Con seu ben…

E per com' aprendí eu,
o moço muit' aginna
chegou a el e lle deu
a carta que tiinna
e díssell' : «Ai, sennor meu,
pola Santa Reínna,
meezinna
na mia coita pon cedo».
E con medo
seu mal lle descobría.
Con seu ben…

Mais lo] Mai-lo E

me] *Om. E*

faz] fas *To*

quinentas] quinetas *E*

O Patriarca sen al
lle disse: «Sei que andas
con mui gran coita mortal;
mas desto que demandas,
un ermitán sei atal
que vestiduras blandas
nen viandas
non usa terrẽaes,
senón taes
como llas Deus envía.
Con seu ben…

E achalo ás, ben sei,
ena Negra Montanna;
mas atanto te direi,
que non leves companna
ca, per com' eu apres' ei,
non a quer, e sa manna
é estranna
doutr' ome, e sa vida
mui comprida».
Soo, sen companía,
Con seu ben…

O caminn' entón colleu
o moç', e gran jornada
pois cada día prendeu,
que nunca folgou nada,
ata que ll' apareceu
ermida sagrada
u morada
daquel religioso
omildoso
era, que Deus servía.
Con seu ben…

O moç' ouve gran sabor
pois entrou na capela,
mas do ermitán maior,
que viu dentr' en sa cela,
u ll' entón Nostro Sennor
deu en un' escudela
grand' e bela
dous pães ben do Ceo,
so un veo

mas] mais *To, T*

blandas] brandas *To*

ben sei] sei ben E

mas] mais *To, E*

pães] paes *E*

que a toda cobría.
Con seu ben…

E o ángeo de Deus
do Ceo da altura
deceu ontr' os servos seus
en mui bela figura
e diss': «Ai, amigos meus,
porque vossa natura
non endura
muito fame nen sede,
dous tẽede
pães». E logo s' ía.
Con seu ben…

Pois comeron daquel pan,
o moço sa fazenda
contou ao ermitán,
chorando sen contenda.
El diss': «A do bon talán
roga que te defenda
e comprenda
o demo e o dome
que non tome
a tí com' el querría.
Con seu ben…

Ela seja teu solaz
até ena mannãa
que direi eu, se lle praz,
missa pela luz chãa
e comungart' ei en paz,
e a ta alma sãa
e certãa
será de Paraíso,
u á riso
sempre e alegría».
Con seu ben…

O ermitán, ant' a luz
as oras foi dizendo
daquel que morreu na cruz
por nós pẽas sofrendo.
O meninn' entón ll' aduz
seus livros mui correndo,
e tremendo

meninn' entón] mininn' ento *To*

disse: «Missa dizede,
e valede-
me, ca tempo sería».
Con seu ben…

De Páscoa no mes d' abril
a missa começaron;
mai-lo demo mui sotil
el e os seus andaron
tant' a redor do covil,
que o moço fillaron
e levaron
da missa na segreda,
que mui queda
o ermitán dizía.
Con seu ben…

Com' a estoria diz,
u diabres levavan
o moç' e como perdiz
assí o depenavan,
viron a Emperadriz
do Ceo, que dultavan,
e leixavan
o moço e fogían,
ca sabían
que llo non leixaría.
Co seu ben…

Pois que tolleu o donzel
a Virgen, com' oístes,
ao dem' e seu tropel
fezo fugir mui tristes;
mai-lo ermitán fiel
diss': «Ai, Deus, consentistes
ou dormistes
u mio moço prenderon
e tolleron
que ante mí siía?»
Con seu ben…

Como ome que se dol,
chorand' e non riindo,
o ermitán come fol
s' ouv' a tornar pedindo

mai-lo] mas o *To*

fogían] fugían *E*

e] en *E*
fugir] fogir *To*
mai-lo] mas o *To*, mais o *E*

o moço; e en sa prol
estando comedindo,
foi oíndo,
u a paz acabara,
que ll' en crara
voz «Amén» respondía.
Con seu ben…

O ermitán entón pres
o moço pela mão,
que a Reínna Cortés
lle dera livr' e são,
e disll': «Amigo, ves:
eu te faço certão
ben de chão
que des oimais es quito
do maldito
demo que te seguía».
Con seu ben…

Con seu ben] *Om. E*

CSM 116

T 165v; E 122v-123r

Esta é como Santa María fez acender dúas candeas na sa eigreja en Salamanca porque o mercador que as i posera llas encomendara

Esta é] *Om. T*

Dereit' é de lume dar
a que madr' é do lume.

Desto vos quero contar
miragre verdadeiro
que quis a Virgen mostrar
gran por un mercadeiro
que aa feira mercar
con un seu companneiro
de Salamanca fora,
como an de costume.
Dereit' é de lume dar…

Dereit' é de lume dar] *Om. T*

Aqueste máis doutra ren
amou Santa María
e con aver e con sén
de grado a servía;
e jajũava tan ben
cada que sa vigía
dela foi, que pescado
non comiu nen legume.
Dereit' é de lume dar…

Dereit' é de lume dar] *Om. T*

E atal vida usou
per uquer que andava
muito, que jajũou
nas feiras u mercava;
mas pero nunca achou,
uquer que el estava,
quen lle fezesse nojo
ond' ouvesse queixume.
Dereit' é de lume dar…

El vivendo vida tal
que, u eigrej' achasse
da Virgen que pod' e val,
que desto non errasse
que cande' ou estadal
i sigo non levasse;
esto en Salamanca
fez, dizendo «Adume
Dereit' é de lume dar…

–A un seu sergent' assí–
dúas grandes candeas,
as que de Toled' aquí
trouxe, que non son feas,
ca eu taes alá vi
mellor arder que teas
nen que niũa cousa
que o fogo consume».
Dereit' é de lume dar…

A] E *T*

Segundo com' apres' ei,
as candeas trouxeron,
assí como vos direi,
e acender fezeron;
e, como per oír sei,

sas guardas i poseron,
dizendo: «Guardad' ũa
que outra non afume».
Dereit' é de lume dar…

Mas avẽo per prazer
da Virgen Groriosa
que ouveron de morrer;
mas ela, piadosa,
as ar fez pois acender
come tan poderosa
con Deus, cujos miragres
non caben en volume.
Dereit' é de lume dar…

as] os *T, E*

Dereit' é de lume dar] *Om. T*

CSM 117

T 166v; E 123r-123v

Como ũa moller prometera que non lavrasse no sábado e per seu pecado lavrou e foi logo tolleita das mãos e por én mandousse levar a Santa María de Chartes e foi guarida[87]

Toda cousa que aa Virgen seja prometuda
dereit' é e gran razón quer lle seja tẽúda.

tẽúda] teúda *E*

Dest' un fremoso miragre fez Santa María
en Chartres por ũa moller que jurad' avía
que non fezesse no sábado obra sabuda
per que a Santa María ouvesse sannuda.
Toda cousa que aa Virgen seja prometuda…

prometuda] *Om. T, E*

Esto teve un gran tempo; mas en tantas guisas
a sossacou o diabo, que lle fez camisas
tallar e coser con seda d' obra mui miúda,
per que sa lavor na terra fosse connoçuda.
Toda cousa que aa Virgen seja prometuda…

diabo] diabre *T*

lavor] loor *E*

Toda … prometuda] *Om. T* | **seja prometuda**] *Om. E*

87 *T:* Esta é como ũa moller jurou que non fezesse obra en sábado e depois britou sa jura e aprendéronxelle as mãos aos braços.

E en mente non avía do que prometera
que o sábado guardasse, mas sempr' i cosera
máis ca en outro día, tant' era atrevuda[88]:
per consello do diabr' assí foi decebuda.
Toda cousa que aa Virgen seja prometuda…

E en mente] E emente *T*
atrevuda] trevuda *T, E*
seja prometuda] *Om. T, E*

Mas, que vissen a vingança judeus e crischãos
que por sa madre Deus dela fillou, fezll' as mãos
que aos braços apresas foron, e tenduda
caeu en terra e jouve mui gran peça muda.
Toda cousa que aa Virgen seja prometuda…

Mas] Mais *E*
mui gran peça muda] gran peç' estenduda *T*
seja prometuda] *Om. T, E*

Muitas físicas provaron en ela, que palla
non lle valveron nen prol teveron nemigalla;
e depois pelas eigrejas demandand' ajuda
a trouxeron, porque dos santos foss' acorruda.
Toda cousa que aa Virgen seja prometuda…

seja prometuda] *Om. T, E*

E quando viu que tod' esto ren non lle prestava,
aa eigreja de Chartes levarse mandava,
e ant' o altar chorando foi tan repentuda
que logo ouve saúde. Cousa foi viúda
Toda cousa que aa Virgen seja prometuda…

seja prometuda] *Om. T, E*

Per toda aquela terra, que os que a viran
andar tolleita das mãos e pedir oíran
deron graças aa Virgen, a que sempr' ajuda
aos coitados, ca desto muit' end' é tẽuda.
Toda cousa que aa Virgen seja prometuda…

Toda … prometuda] *Om. T, E*

88 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

CSM 118

E 123v-124r; T 167v

Esta é dũa moller de Saragoça que paría os fillos mortos e rogou a Santa María de Salas que aquel que tragía que llo fezesse viver[89]

Fazer pode doutri vive-los seus
fillos aquela que madr' é de Deus.

Dest' un miragre direi que oí,
que fez a Virgen, per com' aprendí,
en Saracoça dũa moller i
que paría morto-los fillos seus.
Fazer pode doutri vive-los seus…

doutri vive-los seus] *Om. T*

Con seu marido barallava mal
muitas vezes sobr' este preito tal;
por én de cera omagen, non d' al,
fez de meninno dos dinneiros seus,
Fazer pode doutri vive-los seus…

dinneiros] dinneros *E*

Que prometeu aa Virgen de Prez.
Pero tal parto tres vegadas fez,
e quando vẽo aa quarta vez,
pariu mort' outro, chorando dos seus
Fazer pode doutri vive-los seus…

quando] quanto *E*

pode doutri vive-los seus] *Om. T*

Ollos, dizendo: «Sennor, que farei?
Pois est' é morto, nunca vivirei
con meu marido; mas a tí irei
que a teu fillo rogues que dos seus
Fazer pode doutri vive-los seus…

vivirei] viverei *T*

Miragres mostre por tí, ca sei ben
que o fará, desto non dulto ren,
pois faça esto por tí, ca ben ten
meu marido que ambos somos seus,
Fazer pode doutri vive-los seus…

Eu e ele». E tan muito chorou
en dizend' esto, e tanto rogou,
que o meninno entón viv' achou.

dizend' esto] dizendo esto *T*

meninno] menin *E*

89 *E:* Como Santa María ressucitou en Saragoça un mininno que levaron morto ant' o seu altar.
Repárase en que nesta cantiga o posesivo «seus» funciona como «palabra rima», en consonancia co refrán.

E fez chamar i dous omees seus
Fazer pode doutri vive-los seus…

De sa casa; e seu marid' entón
i vẽo logo con gran devoçón,
e muitas gentes loaron entón
aa Virgen que val sempr' aos seus.
Fazer pode doutri vive-los seus…

Tan tost' a madre foi sigo levar
seu fill' a Salas, e ant' o altar
pos sa omagen, dizendo: «Loar
desta devemos os miragres seus».
Fazer pode doutri vive-los seus…

omees] omes *T*

CSM 119

T 168v-169r; E 124r-125r

Como Santa María tolleu un joíz aos diáboos que o levavan e tornoo a sa casa e dísselle que se mẽefestasse, ca outro día avía de morrer[90]

Como somos per consello do demo perdudos,
assí somos pelo da Virgen tost' acorrudos.

Desto direi un miragre, onde gran façanna
fillaredes, que a Virgen fezo en Espanna
dun ome que de diabos ũa gran companna
levavan pera pẽaren con os descreúdos.
Como somos per consello do demo perdudos, …

Este sobrejoíz era dũa vila bõa
en que viçosa tiinna muito sa pessõa,
mui gran mannãa jantando e cẽand' a nõa,
e grandes dões fillava, ca non dos mẽúdos.
Como somos per consello do demo perdudos, …

Este mui bon pan comía sempr' e bõos vinnos
bevía, mais non usava muit' andar caminnos

mannãa] mannaa *E*
mẽúdos] miúdos *E*
do demo perdudos] *Om. T*

andar] adar *E*

90 *T:* Esta é como Santa María tolleu un joíz aos diáboos que o querían matar.

pera prender os ladrões; pero os mesquinnos
prendía, e por el eran mui mal reemudos. **reemudos**] remeúdos *E*
Como somos per consello do demo perdudos, … **do demo perdudos**] *Om. T*

El un dí' assí estando que jantar quería
con outros que convidados ouv' en aquel día,
oíu, como de peleja ou de gran perfía,
grandes vozes e braados fortes e agudos,
Como somos per consello do demo perdudos, … **do demo perdudos**] *Om. T*

Dizend': «Aginna, aginna, mui toste fillade **Dizend'**] E dizend' *T*, *E*
aquel ome e da vila longe o levade».
El, cuidando que peleja era de verdade,
mandou fillar a seus omees lanças e escudos,
Como somos per consello do demo perdudos, … **do demo perdudos**] *Om. T*

E el saíu dos primeiros parti-la peleja,
dizendo: «Por Deus, varões, non seja, non seja!»
Mas tan toste de diabos companna sobeja **diabos**] diáboos *E*
o fillaron, ũus negros e outros cornudos.
Como somos per consello do demo perdudos, … **do demo perdudos**] *Om. T*

E mantenente da vila o poseron fóra
sobr' un poço fond' e negro máis que ũa mora, **mora**] moura *E*
e quisérono deitar en ele essa ora
con outros, que pouc' avía eran i metudos.
Como somos per consello do demo perdudos, … **do demo perdudos**] *Om. T*

E aquel poço fervía ben come caldeira,
ond' el espantad' estava de maa maneira.
En esto chegou a Virgen Santa Verdadeira,
dizendo: «Leixad' est' ome, maos atrevudos».
Como somos per consello do demo perdudos, …

Eles, quand' aquest' oíron, fugiron aginna
e leixaron aquel om' aa Santa Reínna,
que lle deu logo consello ben qual conviinna,
ca os seus non quer ela que sejan cofondudos.
Como somos per consello do demo perdudos, … **Como … perdudos**] *Om. T*

Ca pero el de jostiça, mui pouca fezera, **jostiça**] justiça *E*
sempre en Santa María esperanç' ouvera;
e por ende o livrou daquela coita fera,
dizend': «Atán toste sejan per tí connoçudos **connoçudos**] connocudos *T*
Como somos per consello do demo perdudos, … **do demo perdudos**] *Om. T*

Teus pecados, e filla deles gran pẽedença — **pẽedença**] peedença *E*
e en pagar o que deves mete ta femença,
e en meu fill' e en mí ave ben ta creença
e faz come os que están sempr' apercebudos,
Como somos per consello do demo perdudos, … — **do demo perdudos**] *Om. T*

Ca sabe que máis dun día non será ta vida;
por én faz que, pois ta alma for de tí partida
que logo sen estardança pera Deus sa ida
faça, e que os santos non lle sejan sannudos».
Como somos per consello do demo perdudos, … — **do demo perdudos**] *Om. T*

Poi-ll' aquesto diss' a Virgen, en un mui bel chão — **Poi-ll' aquesto**] Poi-l' aquesto *T, E*
o leixou. E ele tornousse logo de mão — **ele**] el *T, E*
a sa casa, e enviou polo guardião
e fillou del pẽedença dos erros sabudos;
Como somos per consello do demo perdudos, … — **do demo perdudos**] *Om. T*

E null' ome máis coitado non foi quen o visse.
E outro día morreu como ll' a Virgen disse;
e u quis Deus que ll' a alma do corpo saísse,
os ángeos a levaron nobres e temudos.
Como somos per consello do demo perdudos, … — **Como … perdudos**] *Om. T*

CSM 120[91]

T 170r; E 125r-125v

Esta é de loor de Santa María

Quantos me creveren loarán
a Virgen que nos mantén.

Ca sen ela Deus non averán
Quantos me creveren loarán
nen as sas fazendas ben farán
Quantos me creveren loarán

91 É esta unha nova cantiga con refrán intercalar, pero, nesta ocasión, só se transcribiu así na primeira cobra, seguramente confiando en que esta cobra inicial lle servise de modelo para as demais e, se cadra, confiando en que o copista se lembrase do proceder seguido na copia da primeira cantiga que responde a esta mesma estrutura (CSM 41), na que o refrán intercalar foi transcrito nas tres estrofas. No presente texto hai que supoñer a existencia dese verso de refrán intercalado (*Quantos me creveren loarán*), nas cobras II e III como se indica na estrofa inicial.

nen o ben de Deus connocerán,
e tal consello lles dou por én:
Quantos me creveren loarán… **loarán**] *Om. T*

E con tod' esto servila an
e de seu prazer non sairán
e máis doutra ren a amarán,
e serán per i de mui bon sén.
Quantos me creveren loarán…

Ca en ela sempre acharán
mercee mui grand' e bon talán
per que atán pagados serán
que nunca desejarán al ren.
Quantos me creveren loarán…

CSM 121

T 171r-171v; E 125v-126r

Esta é dun miragre do cavaleiro que fazía a guerlanda das rosas a Santa María

De muitas maneiras busca a Virgen Esperital
carreiras en como guarde os seus de mort' e de mal.

E de tal razón com' esta en Proença ũa vez
amostrou mui gran miragre a sennor de todo prez
contra un seu cavaleiro que tal promessa lle fez
que lle guerlanda faría de rosas toda, non d' al.
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital… **maneiras … Esperital**] *Om. T* | **busca … Esperital**] *Om. E*

E aquesto cada día podéndoas el achar, **E aquesto**] Daquesto *E*
e se non, por cada rosa dissesse en seu logar
ũa vez «Ave María», e assí fosse cerrar
a guerlanda toda delas, e que lla fezess' atal.
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital… **busca a Virgen Esperital**] *Om. E*

Aquesto fez un gran tempo, que non faleceu de ren
que a guerlanda das rosas no tempo delas mui ben
fazía, e a põía na sa omagen; des én
a ela s' acomendava, que aos seus nunca fal.
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital… **busca a Virgen Esperital**] *Om. T, E*

Quando non achava rosas, rezava, com' aprendí,
tódalas avesmarías que prometera, que ni-
ũa non lle falecía. E el fazendo assí,
topou con seus ẽemigos en meogo dun gran val,
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital…

Quando] E quando *T*

busca a Virgen Esperital] *Om. T, E*

Que mui ben encavalgados viinnan; mais, a la fe,
ele assí non estava, mais en un seu palafré
fraco en que cavalgava. E deceu dele a pé[92]
e ficou log' os gẽollos escontra u o sol sal,
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital…

mais] mas *T*

fraco] frac *T, E*

busca a Virgen Esperital] *Om. T, E*

E diss' as avesmarías, rogando de coraçón
a Virgen que lle valvesse. E ela valeull' entón;
ca alí u eles ían po-lo matar de randón,
vírono todo cercado de lume celestial.
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital…

busca a Virgen Esperital] *Om. T, E*

E ar viron ũa dona ũa guerlanda fazer
de rosas e el con ela do outro cabo põer
das rosas ena guerlanda; mas eles entón poder
non ouveran d' ir a ele e disseron log' atal:
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital…

busca a Virgen Esperital] *Om. T, E*

«Tornémonos d' aquí logo, pois esto non praz a Deus
que est' ome nós matemos, ca x' éste dos servos seus».
«E por ende vos consello –diss' entón un deles–, meus
amigos, que nos vaamos; ca muit' é descomunal
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital…

busca a Virgen Esperital] *Om. T, E*

Cousa de fillarmos guerra cona madre do Sennor,
que veemos cabo dele máis bela ca nulla flor,
e faz con el a guerlanda e é sa ajudador,
que assí nos desfaría ben com' a agua o sal».
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital…

busca a Virgen Esperital] *Om. T, E*

Fórons' eles e daquesto o cavaleiro non viu
nulla ren, nen sol a dona nen da guerlanda sentiu
que en sa mão tevesse; mas pela terra oíu
todo quanto ll' escontaron da sennor que pod' e val.
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital…

mas] mais *E*

busca a Virgen Esperital] *Om. T, E*

92 Concordamos coa corrección de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

E por én, se a amava ante, depois la amou
mui máis; e este miragre per muitas terras contou
e con quantos a loavan sempre muito a loou,
mostrando como nas coitas aos seus é mui leal.
De muitas maneiras busca a Virgen Esperital… **De … Esperital**] *Om. T* | **busca a Virgen Esperital**] *Om. E*

CSM 122

T 172v; E 126r-127r

Esta é como Santa María ressucitou ũa infante, filla dun rei, e pois foi monja e mui santa moller

Esta é] *Om. E*
ressucitou] resucitou *E*

Miragres muitos pelos reis faz
Santa María cada que lle praz.

Desto direi un miragre que vi
que en Toled' a Virgen fez alí
na sa capela, e creed' a mí
que faz i outros miragres assaz.
Miragres muitos pelos reis faz…

Esta capela no alcáçar é
da Santa Virgen u ficou a fe,
e dentro ũa sa figura sé
feita como quando pariu e jaz.
Miragres muitos pelos reis faz…

Esta fez pintar o emperador,
o que de tod' Espanna foi sennor;
mas o bon rei don Fernando mellor
a pintou toda, o corp' e a faz.
Miragres muitos pelos reis faz…

A este rei ũa filla naceu
que a Santa María prometeu,
des i aa orden ofereceu
de Cistel, que é santa e de paz.
Miragres muitos pelos reis faz…

A este] Deste *T*

Esta meninna sa madre criar
a fez pera ás Olgas a levar
de Burgos, mais la meninna ’nfermar — **meninna ’nfermar**] meninna fermar *E*
foi e morreu, de que mao solaz,
Miragres muitos pelos reis faz…

Toda a noite sa ama levou,
ca de doo a matarse cuidou;
e a sa madre logo o contou,
e ela fez como a quen despraz
Miragres muitos pelos reis faz…

De lle morrer sa filla. E entón
foia fillar e diss’ assí: «Pois non
quis a Virgen, a que te dei en don,
que vivesses, mas quiso que na az — **mas**] mais *E*
Miragres muitos pelos reis faz…

Dos mortos fosses por pecados meus;
por én deitart’ ei ant’ os pees seus
da sa omagen da madre de Deus».
E fezlo logo, par san Bonifaz.
Miragres muitos pelos reis faz…

E todos da capela fez saír, — **E**] A *E*
des i mandou ben as portas choír;
e as donas fillárons’ a carpir,
e ela chorando pos seu enfaz — **enfaz**] anfaz *E*
Miragres muitos pelos reis faz…

E disse: «Ja máis non me partirei
daquesta porta, ca de certo sei
que me dará a madre do Bon Rei
mia filla viva: se non, de prumaz
Miragres muitos pelos reis faz… — **faz**] *Om. E*

Tragerei doo ou dun anadiu».
E esto dizendo, chorar oíu
a meninna, e as portas abriu
e filloua nos braços mui viaz,
Miragres muitos pelos reis faz…

Chorand’ e dizendo: «Bẽeita tu
es, Mia Sennor, que pariste Jesu-
cristo; e por én, cada logar u

for ta eigreja, ben ata en Raz
Miragres muitos pelos reis faz…

faz] *Om. E*

Darei do meu». E ben assí o fez;
e levou sa filla daquela vez,
que deu nas Olgas, logar de bon prez,
malgrad' end' aja o demo malvaz.
Miragres muitos pelos reis faz…

Darei] Farei *E*

Miragres … faz] *Om. T*

CSM 123

T 173v ; E 127r-127v

Esta é como Santa María guardou un frade mẽor dos diáboos na ora que quis morrer e torcíasse todo con medo deles

Esta é] *Om. E*

De Santa María sinal qual xe quer
valrá muit' a quen en ela ben crever.

Ca quequer que seja daquesta Sennor
valrá muit' a quen de mal coitado for,
e valerll' á contra o demo maior
alí u sobr' ele gran poder ouver.
De Santa María sinal qual xe quer…

Ca] Da *E*

sinal qual xe quer] *Om. T*

Ben com' en Bitoria guariu ũa vez
a un frade mẽor, que de meninnez
entrara na orden e i mui bon prez
vivendo gãara. Mas foille mester
De Santa María sinal qual xe quer…

Que o acorrese, como ll' acorreu,
Santa María na ora que morreu,
ca un pouqu' enante todo se torceu
e parousse negro. E quen vos disser
De Santa María sinal qual xe quer…

Que máis fea cara podía tẽer
null' ome, sol non llo querades creer;

mais outro bon frade foi logu' encender
candea da Virgen, bẽeita moller.
De Santa María sinal qual xe quer…

E des que ena mão lla enserrou[93]
a coor mui negra logo se cambiou
e a faz mui branca toda se tornou
sen obrar i físico de Monpesler.
De Santa María sinal qual xe quer…

Mas a pouco rato ouve de finar,
ond' ouveron os frades mui gran pesar;
temendo que era en mao logar,
disseron: «Rez' ora quen rezar souber
De Santa María sinal qual xe quer…

O salteiro todo, porque sen falir
nos saber Deus faça u este fez ir».
Por end' a dous frades o fez Deus vĩir
pois foi mort', e disse: «Quen saber quiser
De Santa María sinal qual xe quer…

Porque me torvei todo quando morrí,
esto foi porque os diáboos vi;
mas poi-la candea adusseron i,
fugiron én todos. E quen ben fezer
De Santa María sinal qual xe quer…

Sempre terrá sigo alguun sinal[94]
de Santa María, a que nunca fal
aos que a serven e sempre lles val
e saca de pẽa quen i estever.
De Santa María sinal qual xe quer…

Assí fez a mí, esto sabede ben,
deume logar bõo qual a mí convén;
e vós muitas graças lle dade por én,
ca salvo será sempr' o con que tever».
De Santa María sinal qual xe quer…

ena] na *T, E*

disseron] dizendo *T*

morrí] morí *T, E*

mas] mis *T, E*

alguun] algún *T, E*

De … quer] *Om. T*

93 Concordamos coa solución de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

94 Concordamos coa solución de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

CSM 124

T 174v-175r; E 127v-128r

Esta é como Santa María guardou un ome que apedraron que non morresse ata que se mẽefestasse porque jajũava as vigías das sas festas

Esta é] *Om. E*
mẽefestasse] meefftesfasse *T*

O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á,
sempr' el' aquí lle demostra o ben que pois lle fará. **sempr' el aquí**] sempre aquí *E*

E dest' un mui gran miragre vos contarei, que oí
dizer aos que o viron, e o contavan assí **contavan**] contaron *E*
como eu vos quero contar; e, según com' aprendí, **quero contar**] contar quero *E*
demostrou Santa María ena terra que está
O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á, … **leixa … á**] *Om. T* | **o de … á**] *Om. E*

Mui preto d' ámbolos mares, do gran que corr' arredor
da terra e ar do outro que é chamado mẽor,
e mostrou Santa María, madre de Nostro Sennor,
por un ome. E quen esto oír, sabor averá
O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á, … **o de … á**] *Om. E*

De jajũa-la sa festa de março, com' este fez,
que a jajũou gran tempo. Mas porque foi a Xerez
e a Sevilla quand' eran de mouros, máis dũa vez, **máis**] más *T*
foi acusado e preso porque sen mandad' alá
O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á, … **o de … á**] *Om. E*

Fora, e que o matassen logo, u non ouvess' al,
e que foss' apedreado porque fezo feito tal. **fezo**] fez *T*
E feríndoo, chamava a Reínna Sperital,
dizendo: «Ai, Sennor, valme ben como valiste ja
O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á, … **o de … á**] *Om. E*

A aqueles que se fían en tí mui de coraçón,
e por aquesto non queras que moira sen confissón,
ca eu sempr' en tí fiando receb' aquesta paixón». **paixón**] paxón *T*
Entón os que o matavan disseron: «E que será
O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á, … **o de … á**] *Om. E*

Que por pedras que deitemos non o podemos matar?».
Entón o que llo mandava mandoulle ferir e dar
mui grande con un venabre e depoi-lo degolar. **Depoi-lo**] depo-lo *T*

E non morreu por tod' esto, dizendo: «Por Deus, acá
O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á, … **o de … á**] *Om. E*

Un crérigo m' aduzede, a que diga quanto fix **m' aduzede**] mi aduzede *T, E*
de mal, de que pẽedença de meus pecados non prix».
E pois ll' esto feit' ouveron, diss': «Amigo, sempr' eu quix
servir a Santa María, a que nunca falirá
O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á, … **o de … á**] *Om. E*

Nen fal aos que a serven». E dizend' esto, morreu;
e de como nós creemos, Deus sa alma recebeu.
E des que foi morto, logo á ora embarveceu,[95]
ca esse día rapara sa barva en Alcalá
O que pola Virgen leixa o de que gran sabor á, … **o de … á**] *Om. E*

De Guadaira; e jouve un tempo, creede ben,
assí, que ave nen besta dele non comiu per ren.
Esto fez Santa María, a sennor que nos mantén,
pola sa gran piedade, e sempre nos manterrá. **piedade**] piadade *E*
O que pola Virgen leixa o que de gran sabor á, … **O de … á**] *Om. E*

CSM 125

To 124v-127r; T 176r-177r; E 128r-129v

Esta é como Santa María fez partir o crérigo e a donzela que fazían voda, porque o crérigo trouxera este preito polo demo, e fez que entrassen ambos en orden

toste e non podía faze-la subida. — **e**] *Om. T*
Quen muit' onrar o nome da Sennor Comprida, … — **Comprida**] *Om. E*

Daqueste feito soube logo seu abade, — **Daqueste**] Aqueste *E*
que bon om' era, e ouv' én gran piadade
e a dous monges disse: «Oimais aguardade
estoutro de caeda fazer escarnida». — **estoutro**] ostoutro *E*
Quen muit' onrar o nome da Sennor Comprida, … — **Comprida**] *Om. E*

Un día ll' avẽo que u s' agẽollava
e niún dos monges entón i non estava,
e caeu en terra e con coita chorava
e chamou a Virgen; e logu' i foi vĩida,
Quen muit' onrar o nome da Sennor Comprida, … — **Comprida**] *Om. E*

Que o ergeu mui toste pela destra mão,
des i ar fezlle sinal que logo de chão
o seu altar beijasse, e sería são
e sa vellece lle sería consumida. **consumida**] consomida *E*
Quen muit' onrar o nome da Sennor Comprida, … **Comprida**] *Om. E*

E el entón de grado foi beija-los panos,
e tornou tan mancebo come de vint' anos;
e por est' aa Virgen grandes adianos
deu, porque os que ama nunca os obrida.
Quen muit' onrar o nome da Sennor Comprida, … **Comprida**] *Om. E*

Mas depois o abade nen aquel convento **Mas**] Mais *E*
sol non o connocían polo mudamento
do tempo; mas a Virgen por seu cousimento
fez que o connocessen porque lonj' oída
Quen muit' onrar o nome da Sennor Comprida, … **Comprida**] *Om. E*

A sa mercee fosse de tan gran vertude
com' ela fez e faz sempre muit' ameúde.
E por ende lle roguemos que nos ajude,
pois dos ángeos e dos santos sempr' é servida.
Quen muit' onrar o nome da Sennor Comprida, … **Quen … Comprida**] *Om. T* | **Comprida**] *Om. E*

CSM 142

T 197v; E 141v

Esta é como Santa María quis guardar de morte un ome dun rei que entrara por ũa garça en un río

Esta é] *Om. E*
guardar] guadar *E*

Ena gran coita sempr' acorrer vén
a Virgen a quen fía en seu ben.

Com' ũa vez acorreu ant' el Rei
don Afonso, com' ora vos direi,
a un ome que morrera, ben sei,
se non fosse pola que nos mantén.
Ena gran coita sempr' acorrer vén… **coita sempr' acorrer vén**] *Om. E*

Esto foi eno río que chamar
soen Fenares, u el Rei caçar
fora, e un seu falcón foi matar
en el ũa garça muit' en desdén.
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

vén] *Om. E*

Ca pero a garça muito montou,
aquel falcón toste a acalçou
e dun gran colbe a á lle britou,
e caeu na agua, que ja per ren
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

colbe a á] colb' a á *T*

vén] *Om. E*

Os cães non podían acorrer,
ca o río corría de poder,
por que ouveran a garç' a perder.
Mas el Rei deu vozes: «Quen será, quen
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

garç' a] garça de *T*
Mas] Mais *T*
Ena … vén] *Om. E*

Que entre pola garça e a mí
a traga logu' e aduga aquí?
E un d' Aguadalfajara assí
disse: «Sennor, eu adurei aquén[116]
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

Aguadalfajara] Aguadalfaja *E*

vén] *Om. E*

Do río». E logu' en el se meteu
con sas ósas, que sol non as tolleu,
e aa garça foi e a prendeu
pela cabeça, e quiserass' én
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

vén] *Om. E*

Tornar, ca avía mui gran sabor
de da-la garça al Rei, seu sennor.
Mai-la agua o troux' a derredor
de guisa que lle fez perde-lo sén.
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

vén] *Om. E*

Ca a força d' agua assí o pres
que o mergeu dúas vezes ou tres;
mas el chamou a Virgen mui cortés,
que pariu Jesucrist' en Beleén.
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

Beleén] Belleén *T*, *E*

vén] *Om. E*

116 Hai que interpretar «eu a adurei». O mesmo sucede no v. 38, onde hai que supoñer «da agua».

E todos a chamaron outro tal,
mas el Rei disse: «Non averá mal;
ca non querrá a Madr' Esperital
que nos guarda e nos en poder ten».
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

a chamaron] achegaron *T*
esperital] espirital *T*
vén] *Om. E*

E macar todos dizían: «Mort' é»,
el Rei dizía: «Non ést', a la fe;
ca non querría aquela que sé
sempre con Deus e de nós non destén».
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

querría] querrá *T*
vén] *Om. E*

E assí foi; ca logo sen mentir
o fez a Virgen do río saír
vivo e são e al Rei vĩir
con sa garça que trouxe ben d' alén.
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

vén] *Om. E*

E foia dar log' al Rei manamán,
que bẽeizeu muit' a do bon talán
por este miragre que fez tan gran,
e todos responderon log' : «Amén».
Ena gran coita sempr' acorrer vén…

Ena … vén] *Om. T* | **vén**] *Om. E*

CSM 143[117]

T 198v; E 142r-142v

Esta é como Santa María fez en Xerez chover por rogo dos pecadores que lle foron pedir por mercee que lles désse chuvia

Esta é] *Om. E*
chuvia] chovia *E*

Quen algũa cousa quiser pedir
a Deus por Santa María,
se de seus pecados se repentir,
avelo á toda vía.

Por én vos quero contar sen mentir
Quen algũa cousa quiser pedir
como Santa María quis oír

117 Esta é unha cantiga de refrán intercalar na que este só aparece recollido na cobra inicial que funciona como modelo para as restantes (*Vid*. CSM 41 e 120).

Quen algũa cousa quiser pedir
un poblo, que se lle foi oferir
por chuvia que lle pedía.
Quen algũa cousa quiser pedir…[118]

algũa cousa quiser pedir] *Om. E*

algũa cousa quiser pedir] *Om. E*

En Xerez, preto d' Aguadalquivir,
foi este miragre, que sen falir,
ouv' i tan gran seca, por que fugir
a gent' én toda quería.
Quen algũa cousa quiser pedir…

quería] quría *T*

Mas un frade mẽor os fez vĩir
e fezlles sermón, en que departir
foi como Deus quis por nos remiir
nacer, como dit' avía,
Quen algũa cousa quiser pedir…

quis] *Om. T*

nacer] naceu *T*

Da Santa Virgen, e com' ar fĩir
quis por nós na cruz e pois resorgir
do sepulcr' e o demo destroír,
que ante nos destroía.
Quen algũa cousa quiser pedir…

resorgir] resurgir *T*

E disse: «Se quiséssedes gracir
est' a Deus e a sa madre servir
e de vossos pecados vos partir,
a chuvia logo verría.
Quen algũa cousa quiser pedir…

Por én cada ũu com' a mí vir
fazer faça; e sei que nos oír
querrá a Virgen que Deus foi parir,
que ante de tercer día
Quen algũa cousa quiser pedir…

Averemos chuvia que nos comprir
e per que poderemos ben guarir
e daquesta mui gran coita saír,
dest' eu fiador sería».
Quen algũa cousa quiser pedir…

e] a *T*

Pois esto disse, sen al comedir,
logu' en terra das mãos foi ferir

118 En *E,* o refrán vólvese copiar erroneamente por cambio de columna.

e diss': «A esta gente faz sentir,
Mia Sennor, que en tí fía,
Quen algũa cousa quiser pedir…

O teu ben, con que possamos goír».
E log' a gente fillouss' a rogir
e as molleres chorar e carpir
cada ũa a perfía.
Quen algũa cousa quiser pedir…

Entón a Virgen as nuves abrir
fez e delas tan gran chuvia saír,
que quantos choravan fezo riir
e ir con grand' alegría.
Quen algũa cousa quiser pedir…

faz] fas *T*

Quen algũa cousa quiser pedir] *Om. E*

quantos] quatos *T*

Quen algũa cousa quiser pedir] *Om. T, E*

CSM 144

T 199v; E 142v-143r

Esta é como Santa María guardou de morte un ome bõo en Prazença dun touro que vẽera po-lo matar

Esta é] *Om. E*

Con razón é d' averen gran pavor
as bestias, da madre daquel sennor
que sobre todas cousas á poder.

E dest' un gran miragre foi mostrar
Santa María, a Virgen sen par,
en Prazença, per com' oí contar
a omees bõos e de creer,
Con razón é d' averen gran pavor…

E retraían o miragr' assí:
que un ome bõo morava i
que esta sennor, com' eu aprendí,
sabía mui máis d' al ren ben querer.
Con razón é d' averen gran pavor…

A quenquer que lle vẽesse pedir
algo por ela, logo sen falir

Con … pavor] *Om. E*

retraían o] retraen este *E*

A] E *E*

llo dava sen delongar nen mentir,
ca non quería per ren falecer.
Con razón é d' averen gran pavor…

E jajũava sas vigías ben
e de sas oras non leixava ren
que non oísse, ca todo seu sén
era como lle fezesse prazer.
Con razón é d' averen gran pavor…

Ond' un cavaleiro ben d' i casou
da vila, e touros trager mandou
per sas vodas; e un apartou
deles, chus bravo, que mandou correr
Con razón é d' averen gran pavor…

En ũa praça grande que i á
ant' a casa do que vos dixe ja
ome bõo. Mas ele d' ir alá
non se pagava nen de o veer.
Con razón é d' averen gran pavor…

Mas aquest' ome un compadre seu
crérig' avía, per nome Mateu,
que enviou por el, com' aprix eu,
por cousas que lle quería dizer.
Con razón é d' averen gran pavor…

E el saíu por ir alá entón;
e o touro leixouss' ir de randón
a ele po-lo ferir mui felón,
por ll' os cornos pelas costas meter.
Con razón é d' averen gran pavor…

E o crérigo, quand' aquesto viu
dũa fẽestra, mercee pediu
a Santa María, e non faliu
por el, ca logo lle vẽo valer.
Con razón é d' averen gran pavor…

E en atal guisa o acorreu
que o touro logu' en terra caeu
e tódolos quatro pees tendeu,
assí como se quisesse morrer.
Con razón é d' averen gran pavor…

quería] querría *E*

aquest'] aqueste *T*

leixouss'] leixous' *T*

E jouv' assí daquesta guisa tal
ata que o ome foi no portal
de cas seu compadr', a que non foi mal
con el e foio na casa coller.
Con razón é d'averen gran pavor…

E o touro s' ergeu e dessa vez
nunca depois a null' ome mal fez
pola vertude da Sennor de Prez,
que aos seus non leixa mal prender.
Con razón é d' averen gran pavor…

Con … pavor] *Om. T*

CSM 145

T 200v-201r; E 143r-143v

Esta é como San Joán, patriarca de Aleixandría, deu quant' avía a pobres en un ano caro

Esta é] *Om. E*
Aleixandría] Alexandría *E*
un] ũu *E*

O que pola Virgen de grado seus dões
der, dárvoll' a ela grandes galardões.

E dest' un miragre quero que sabiades
per mí, porque sempre voontad' ajades
de fazer por ela ben e que tennades
firmement' en ela vossos corações.
O que pola Virgen de grado seus dões…

Un patriarca ouv' en Aleixandría
santo e fiel, que Joán nom' avía;
este muit' amava a Santa María
e por amor dela dava sas rações,
O que pola Virgen de grado seus dões…

Ũas a mesquinnos, enfermos, coitados,
e outras a pobres muit' envergonnados,
e aconsellava desaconsellados;
assí do seu todos avían quinnões.
O que pola Virgen de grado seus dões…

todos] tods *E*

El esto fazendo, en aquela terra
avẽo gran fame por temp' e por guerra;
mais tal non foi ele come o que serra
sa port' e s' asconde dentro nos rancões;
O que pola Virgen de grado seus dões…

Ant' abriu sas portas, e seu aver dado
foi mui francamente e ben empregado
por amor da Virgen de que Deus foi nado,
que non lle ficaron sol dous pepiões,
O que pola Virgen de grado seus dões…

ficaron] ficaro *E*

Senón esses panos ond' era vestido.
E pois se viu pobre, foi end' esmarrido;
mais á Virgen Santa, per com' ei oído,
que o acorresse fez sas orações.
O que pola Virgen de grado seus dões…

mais á] mai-la *T*, *E*

Mannãa ergeusse e aa eigreja
foi oír a missa da que sempre seja
bẽeita, con grand' esperança sobeja
de lle comprir ela as sas promissões.
O que pola Virgen de grado seus dões…

e] *Om. T*
a] *Om. E*

E ena carreira viu un pastorinno
que contra el logo vẽo mui festinno,
aposto vestido e mui fremosinno,
que lle disse: «Oíde poucas razões[119]
O que pola Virgen de grado seus dões…

disse] diss *T, E*
dões] *Om. E*

Que vos dizer quero, e falade migo».
E pois s' apartaron, diss': «Esto vos digo:
aqueste tesouro vos dá voss' amigo,
o fillo da reínna das bẽeições;
O que pola Virgen de grado seus dões…

reínna] madre *T*

Filládeo logo, ca eu irme quero».
E o patriarca viu aver tan fero,
que maior non ouve emperador Nero
quando queimou Roma e tornou carvões.
O que pola Virgen de grado seus dões…

119 Grafamos a forma verbal completa para acadar a isometría no verso.

Foiss' aquel mancebo; mai-lo patriarca
meteu aquel ouro dentr' en ũa arca,
e cantand' a missa, diz: «Se Deus me parca,
querría saber ond' estas ofreções
O que pola Virgen de grado seus dões…

Tan grandes e bõas foron enviadas».
Aquesto na missa muitas de vegadas
rogou; e respostas lle foron én dadas
que Jesucristo, que foi ontr' os ladrões
O que pola Virgen de grado seus dões…

Ena cruz pregado, que llo enviara
per rogo de sa madre que llo rogara,
porque enos pobres o seu empregara
e en santos omẽes de religiões.
O que pola Virgen de grado seus dões…

omẽes] omes *E*

Log' aqueste feito toste foi sabudo
e o póboo da cidade movudo
loando a Virgen que é noss' escudo
contra o diabo e sas tentações.
O que pola Virgen de grado seus dões…

CSM 146[120]

T 202r; E 143v-144v

Como Santa María guareceu a un donzel, fillo dũa bõa dona de Brieiçón, que ía en romaría a Santa María d' Albeza e topou con seus ẽemigos na carreira, e sacáronlle os ollos e cortáronlle as mãos

Albeza] Albeça *E*
ẽemigos] eenmigos *E*

Quen comendar de coraçón
a Santa María o seu,
macar mal prenda, creo eu
que llo pode dar sen lijón.

Por ende vos quero falar
dun gran miragre que oí

cobra omitida en T

120 Nin a rúbrica nin o refrán nin as tres primeiras cobras foron transcritas en *T*. Na rúbrica corriximos a lección errónea do manuscrito.

a omees bõos contar,
que juravan que foi assí,
que Santa María mostrar
foi por ũa, com' aprendí,
dona que soía morar
ena terra de Briançón.
Quen comendar de coraçón…

Esta, per com' oí dizer,
un fill' avía que maior
ben sabía ca sí querer,
ca el era mantẽedor
dela e ar do seu aver
bõa guard' e alinnador,
e sabíaa defender
sempre mui ben e con razón.
Quen comendar de coraçón…

Pero mui máis que outra ren[121]
a Reínna Esperital
esta dona quería ben,
e que lle seu fillo de mal
guardasse, de todo seu sén
lle rogava mui máis que al,
e comendávallo por én
ameúd' en sa oraçón.
Quen comendar de coraçón…

El outrossí mui gran sabor
de Santa María servir
avía, e por seu amor
a sa casa quería ir
d' Albeza, u entón maior
gente fazía i vĩir
a Madre de Nostro Sennor
que en Bregonna foss' entón.
Quen comendar de coraçón…

Mais la madre lle defendeu
que non fosse per ren alá,
e con el muito contendeu,
dizendo: «Maa gent' i á
de teus ẽemigos sandeus;

cobra omitida en T

Quen comendar de coraçón] *Om. E*

Pero] por *E* | *cobra omitida en T*

Mais la] Maila T

121 Concordamos coa proposta de Mettmann, quen solventa a hipometría do verso substituíndo a preposición «por» pola conxunción «pero».

ben sei que ren non te guarrá
de mort'». E el non a creeu,
e foiss' e prendeu ocajón.
Quen comendar de coraçón…

E u seu caminno fillou
por ir aa Madre de Deus,
alá u el ía, topou
con esses ẽemigos seus,
que o prenderon; e sacou-
ll' un desses mui maos encreus
os ollos, e despois tallou-
ll' as mãos con ũu falchón.
Quen comendar de coraçón…

E u] Eu u *T*

ũu] un *T*

Fórons' eles e remaniu
aquel lijado con mui gran
coita, e omees sentiu
que aa eigreja de pran
ían u el, e lles pediu
mercee que tanto d' afán
fillassen polo que sobiu
nos Ceos día d' Acensón,
Quen comendar de coraçón…

Que a Albeza dessa vez
o levassen, «Ca –diss' el– sei
que a Santa Virgen de prez
me guarrá, sol dulta non ei».
E un desses romeus lo fez.
Mas da madre, que vos direi?
Quand' o oíu, mui máis ca pez
tornou negra nen que carvón.
Quen comendar de coraçón…

quand' o oíu] quando o oíu *E*

E sol detẽersse non quis,
mas como coitada moller
foi log' alá, seendo fis
que Deus darll' ía comoquer
seu fillo sen maravedís
são, que ll' era mui mester.
E por esto, par san Dinís,
a Albeza foi de randón
Quen comendar de coraçón…

mas] mais *E*

E fez seu doo como faz
moller coitada; mas con fe
disse: «Sennor, a que despraz
do mal, vees qual meu fill' é,
que ante tí desfeito jaz;
por end' a Deus, teu fill', u sé
roga que são e en paz
mio dé; tanto ti peç' en don.
Quen comendar de coraçón…

Ora verei o que farás
ou se deste meu mal te dol,
ca ben sei que poder end' ás
de o fazer. E muit' é fol
o que non cree que darás
ben aos teus e que sa prol
non queres; ond' oje, sen cras,
compri logo mia petiçón».
Quen comendar de coraçón…

Quen comendar de coraçón] *Om. E*

Esto dizendo como diz
moller bõa e mui fiel,
log' a Santa Emperadriz,
madre de Deus Emanuel,
fezll' ollos come perdiz
pequenos a aquel donzel,
mui fremosos, e de raíz
crecéronll' as mãos entón.
Quen comendar de coraçón…

pequenos] pequennos *T*

CSM 147

T 203r; E 144v-145r

Esta é como ũa moller pobre deu sa ovella a guardar a un ovelleiro, e quando ao trosquiar das ovellas vẽo, ascondeulla o pastor e disse que a comera o lobo; entón falou a ovella d' u jazía e disse: «Aqu' eim' acá»[122]

A Madre do que a bestia de Balaam falar fez
ar fez pois ũa ovella ela falar ũa vez.

Esto fez Santa María
por ũa pobre moller
que a de grado servía
come quen ben servir quer;
e por end' ela un día
valeull' u lle foi mester
e mostrou i seu miragre, que vos non foi mui rafez.
A Madre do que a bestia de Balaam falar fez… **A … fez**] *Om. T*

Aquesta moller mesquinna
de quanto pud' achegar
comprou ũa ovellinna
e foia dar a guardar
a un pegureir' aginna;
e pois ao trosquiar
foi én demandar a lãa po-la vender por seu prez.
A Madre do que a bestia de Balaam falar fez… **de Balaam falar fez**] *Om. E*

Mais o pegureir' astroso
a ovella ascondeu
e come cobiiçoso
diss': «O lobo a comeu».
A vella por mentiroso
o tev' end', e lle creceu
tal coita por sa ovella que tornou tal come pez.
A madre do que a bestia de Balaam falar fez… **de Balaam falar fez**] *Om. E*

E disse: «Ai, Groriosa,
a mia ovella me dá,
ca tu end' es poderosa

122 *E:* Como ũa moller pobre deu sa ovella a guardar a un ovelleiro, e quando ao trasquiar das ovellas vẽo a vella demandar a súa e o ovelleiro disse que a comera o lobo e ela chamou Santa María de Rocamador e a ovella braadou u lla tinna o ovelleiro asconduda e disse: «Eime acá, eim' acá».

de o fazer». E d' alá
d' u jazía, a astrosa
ovella diss' : «Eim' acá».
E assí Santa María aquest' engano desfez.
A Madre do que a bestia de Balaam falar fez… **de Balaam falar fez**] *Om. E*

E a vella mui festinno
sa ovella trosquiou,
e meteuss' ao caminno
e quanto más pod' andou,
a costas seu velocinno; **velocinno**] vellocinno *E*
a Rocamador chegou,
dizend': «Esto fez a Virgen que sempre teve belmez».
A Madre do que a bestia de Balaam falar fez… **A … fez**] *Om. E*

CSM 148

T 204r; E 145r-146r

Esta é como un cavaleiro guareceu de morte de mão de seus ẽemigos por ũa camisa que chaman de Santa María, que tragía vestida

Esta é] *Om. E*
de morte] *Om. E*
mão] mãos *E*

De mui grandes periglos e de mui grandes maes
guarda Santa María os que lle son leaes.

E daquest' un miragre mostrarei en tal guisa
que dos outros da Virgen será mui grand' enquisa,
que faz muitos en Chartres por ũa sa camisa;
e ja vos én dix outros, ben oístes de quaes.
De mui grandes periglos e de mui grandes maes… **periglos … maes**] *Om. E*

En Chartres á ũ' arca, que van muitos veela, **muitos**] muitas *E*
u jaz ũa camisa de linno que foi dela;
e cada un sa tea leva e vai põela
sobr' aquela camisa que jaz volt' en cendaes.
De mui grandes periglos e de mui grandes maes… **e de mui grandes maes**] *Om. E*

E pois fazen camisas, cada un de seu pano, **pano**] ano *T, E*
que enas lides tragen, per que os Deus de dano
guarde dos ẽemigos; mais esto sen engano **mais**] mas *E*
o façan, se non nunca lles valría ja maes.
De mui grandes periglos e de mui grandes maes… **e de mui grandes maes**] *Om. E*

Onde un cavaleiro ũa destas tragía
vestida, porque muitos ẽemigos avía;
mais ena Virgen Santa fiava e creía **creía**] criía *E*
e non fazía feitos maos nen desiguaes.
De mui grandes periglos e de mui grandes maes… **e de mui grandes maes**] *Om. E*

Un día cavalgava per cabo dũa xara,
sa camisa vestida, ca armar non s' uviara; **armar**] armas *E*
entón seus ẽemigos lle saíron de cara
e déronlle mui grandes colbes e mui mortaes.
De mui grandes periglos e de mui grandes maes… **e de mui grandes maes**] *Om. E*

E cada un tiinna deles que lle passava
o corpo cona lança, tal ferida lle dava;
mas guardoo a Virgen que sol non lle chegava
niún colb' ao corpo nen fazían sinaes.
De mui grandes perigros e de mui grandes maes… **e de mui grandes maes**] *Om. E*

E os seus escudeiros dele foron chorando
contra ũas aldeas e apelido dando.
Entón muitas das gentes se foron i chegando
e achárono vivo cabo dũus moraes,
De mui grandes perigros e de mui grandes maes… **e de mui grandes maes**] *Om. E*

Que lles contou o feito todo en qual maneira
o guardara de morte a Sennor Verdadeira;
e demais la camisa viron toda enteira,
e loaron a Virgen que faz miragres taes.
De mui grandes perigros e de mui grandes maes… **e de mui grandes maes**] *Om. E*

CSM 149

T 205r; E 146r-147r

Esta é como un preste aleimán dultava do sagramento do corpo de Deus e rogou a Santa María que lle mostrasse ende a verdade; e Santa María assí o fez porque era de bõa vida

Esta é] *Om. E*
do corpo] *Om. E*

Fol é a desmesura
quen dulta que tornada
a ostia sagrada
non é en carne pura.

Mais, como cuidar deve null' ome que non possa
a ostia ser carne, pois que Deus quis a nossa
prender e seer ome e resurgir da fossa,
por seu poder tod' esto que é sobre natura?
Fol é a desmesura…

Mais] Mas *E*

E por ende vos quero desta razón un preito
contar que ei oído mui pouc' á e retreito;
e creo que terredes por estrann' end' o feito[123]
primeir', e pois, encima, por fremos' aventura.
Fol é a desmesura…

feito] preito *T* | **por … feito**] *Om. E*

En terra d' Aleimanna un crérigo avía
que amava máis doutra cousa Santa María,
assí que a sa missa cantava cada día;
mas eno sagramento dultava con loucura.
Fol é a desmesura…

Dest' a Santa María, cada que el cantava
sa missa, mui de rijo chorando lle rogava
que o certo fezesse daquelo que dultava,
assí que non morresse ende cona rancura.
Fol é a desmesura…

Onde assí ll' avẽo que un sábad', estando
na missa, e sagrara a ostia dultando,
tolléuxelle de vista; e por ela catando,
viu a que de Deus madre foi per sa gran cordura,
Fol é a desmesura…

123 Aceptamos a proposta de Mettmann que evita a repetición da palabra xa empregada en rima no v. 10.

Con seu fillo nos braços, aposta e fremosa.
E macar era bela, foill' a el espantosa,
e tremend' el lle disse: «Ai, Sennor Groriosa,
se a ostia tẽes, damia por ta mesura».
Fol é a desmesura…

Ela lle respós logo: «Ome de mal ciente,
este que tenn' en braços é essa veramente
a ostia que sagras, de que non es creente
porque a tí semella que de pan é a fegura.
Fol é a desmesura…

Mais pero o revolves e tanges con tas mãos
creendo que pan éste, este polos crischãos[124]
recebeu na cruz morte que judeus e pagãos
lle deron desonrada por dar a nós folgura.
Fol é a desmesura…

Mais] Mas *E*
pan éste] pan est' *T, E*

Est' é o que tu comes, onde fazes tres partes,
e beves do seu sangue, ond' é ben que te fartes;
e quen cree ben esto, o demo nen sas artes
nunca lle terrán dano, se en elo atura.
Fol é a desmesura…

Est' é o que tu alças e baixas e descobres,
que quiso seer pobre por requenta-los pobres
no seu reino do Ceo e fazelos i nobres
mui máis que nulla outra que seja creatura.
Fol é a desmesura…

E pero semellança an de pan e de vinno,
esto quer Deus que seja polo ome mesquinno,
que terría por crúa cousa comer mininno
ou bever de seu sangue, ca non é apostura».
Fol é a desmesura…

Quando ll' est' ouve dito, viu a ostia logo
e comeua chorando aquel preste moogo;
des i non viu a Virgen, mas díssell': «Eu te rogo,
Sennor, que tu me leves desta cárcer escura
Fol é a desmesura…

mas] mais *E*

124 Temos que desenvolver completamente a forma verbal «éste» para acadar a isometría no verso.

E que ja veja no Ceo a ta face velida».
E d' alí adeante en creenç' e en vida
foi tal, que pois ll' a alma do corpo foi saída,
dos ángeos levada foi suso na altura.
Fol é a desmesura…

Fol é a desmesura] *Om. T*

CSM 150

E 147r-147v

Esta é de loor de Santa María[125]

rúbrica] *Om. E*

A que Deus ama, amar devemos.
A que Deus preça, e nós precemos.
A que Deus onra, nós muit' onremos.
Esta é sa madre, Santa María.

Non ouv' a outra tal amor mostrado
com' a esta, pois el quis enserrado
seer en ela e ome formado,
e fez madre da filla que avía.
A que Deus ama, amar devemos…

Deus ama, amar devemos] *Om. E*

Preçoua máis doutra ren que fezesse,
pois que quiso que el por fill' ouvesse
e outrossí que todo ben soubesse
máis que quantas cousas feitas avía.
A que Deus ama, amar devemos…

Onroua tanto per que é chamada
sennor de todos, madr' e avogada,
e foi nos Ceos por el corõada
e a par dele see toda vía.
A que Deus ama, amar devemos…

E pois per ela nos deu nova lee
Nostro Sennor, peçámoslle mercee
que rog' a el, que nossos erros vee,
que nos guarde de mal e de folía.
A que Deus ama, amar devemos…

125 A cantiga carece de rúbrica no único manuscrito que a transmite. Repoñemos a máis usual das cantigas de loor.

CSM 151

E 147v-148v

Esta é dun crérigo que onrava as eigrejas de Santa María e guardava os sábados, pero que era luxurioso

Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras
per que os seus tirar possa de mal per muitas maneiras.

Dest' un fremoso miragre vos direi que fez a Virgen, madre de Deus groriosa,
por un crérigo que muito a onrava, mais fazía sa vida lussuriosa
sempre con maas molleres, e casadas e solteiras,
nen virgẽes non quería leixar, nen monjas nen freiras.
Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras… **busca vías e carreiras**] *Om. E*

Macar tod' esto fazía, da Virgen, de *Cristus* madre, sempr' as eigrejas onrava
e vigías de sas festas jajũava, e sen esto os sábados ben guardava,
porque non podess' o demo levalo a sas barreiras
e que sempr' a Virgen Santa oísse as sas pregueiras.
Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras… **madre, busca vías e carreiras**] *Om. E*

Mas ũa noite ll' avẽo que a ũa barragãa súa foi, que ben quería,
e por se deitar con ela catou per ũa fẽestra, e viu de Santa María
a eigrej' e os altares e reluzir as vidreiras;
entón leixou de deitarse e foisse per ũas eiras.
Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras… **madre, busca vías e carreiras**] *Om. E*

Outra vez tornou a ela, e ela lle preguntava por que a assí leixara. **leixara**] leixava *E*
El respós, porque da virgen bẽeita, Santa María, a sa eigreja catara;
«Mas serra –diss' el– as festras con portas e con esteiras,[126] **as festras**] as estras *E*
que a eigreja non possa veer nen sol end' as beiras».
Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras… **madre, busca vías e carreiras**] *Om. E*

Ela serrou as fẽestras o máis de rijo que pode, que non viss' el ren de fóra.
E pois que foron deitados, vẽo un vento tan forte que as abriu a desora **pois que**] por que *E*
e viu logo a eigreja, lámpadas e lumeeiras.
E foiss' e leixou a dona con todas sas covilleiras,
Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras… **madre, busca vías e carreiras**] *Om. E*

E connoceu seu pecado e fézosse logo monge dun mõesteiro que era
preto d' alí. E por ele demostrou Santa María outra maravilla fera,
ca ll' aposeran un furto lenguas maas mentireiras,

126 Concordamos coas propostas de Mettmann quen reconstrúe o vocábulo *festras* e no v. 24 converte a oración en subordinada de tempo.

dizendo del muitas cousas que non eran verdadeiras.
Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras… **madre, busca vías e carreiras**] *Om. E*

Sobr' esto foron juntados no logar muitos abades pora saber este feito,
e sospeitavan o monge. Mas a Virgen, de Deus madre, o livrou ben daquel preito
ca, u el ant' os abades non dúas vezes senlleiras
passava, mostróuvoll' ela sinaes d' amor certeiras.
Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras… **madre, busca vías e carreiras**] *Om. E*

Ca enquant' el os gẽollos ficav' e «Ave María» dizía mui simpremente,
aa Virgen, de Deus madre, contra el se levantava, véendoa essa gente.
E muit' a Virgen loaron, que non ouve companneiras
en seus feitos e que sempre faz sas mercees enteiras.
Sempr' a Virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras… **madre, busca vías e carreiras**] *Om. E*

E por esto foi o monge escusado daquel furto, de que o mal sospeitavan;
e todos esses abades logo pera el vẽeron e perdón lle demandavan,
tollend' os frocos das testas e descobrind' as moleiras
pola Virgen, cujas obras son sempre dereitureiras.
Sempr' a virgen, de Deus madre, busca vías e carreiras... **madre, busca vías e carreiras**] *Om. E*

CSM 152

T 206v; E 148v-149r

Esta é como un bon cavaleiro d' armas, pero que era luxurioso, dizía sempre «Ave María», e Santa María o fez én partir per sa demostrança

Esta é] *Om. E*
un] ũu *E*
dizía sempre] dezía sempr' *E*

Tantas nos mostra a Virgen de mercees e d' amores
que per ren nunca devemos seer maos pecadores.

E dest' un mui gran miragre mostrou por un cavaleiro
que apost' e fremos' era, e ardid' e bon guerreiro;
mais era luxurioso e sobervi' e torticeiro,
e chẽo doutros pecados muitos, grandes e mẽores.
Tantas nos mostra a Virgen de mercees e d' amores…

mais] mas *E* | **sobervi' e**] soberv' e *E*
mẽores] meores *E*
Virgen de mercees e d' amores] *Om. T*

Este, per ren madodinnos nen vésperas non oía,
nen outras oras nen missa; pero en Santa María
fiava e muitas vezes a saudaçón dizía
que ll' o sant' ángeo disse, de que somos sabedores.
Tantas nos mostra a Virgen de mercees e d' amores… **Tantas nos mostra**] *Om. T* | **a … amores**] *Om. T, E*

E un día, u estava cuidando en sa fazenda
com' emendass' én sa vida, e avía gran contenda,
ca a alma consellava que fezesse dest' emenda,
mais la carne non quería que leixasse seus sabores; **mais la**] mas a *E*
Tantas nos mostra a Virgen de mercees e d' amores… **Virgen … amores**] *Om. T, E* | **a**] *Om. E*

El estand' en tal perfía, pareceull' a Groriosa
con ũa branqu' escudela de prata, grand' e fremosa,
chẽa dun manjar mui jalne, non de vida saborosa,
mas amarga, e sen esto dava mui maos odores.
Tantas nos mostra a Virgen de mercees e d' amores… **Virgen … amores**] *Om. T, E* | **a**] *Om. E*

U a viu o cavaleiro, foi con medo espantado,[127] **espantado**] spantado *T, E*
e preguntoulle quen era. Diss' ela: «Darch' ei recado:
eu sõo Santa María, e vénnote teu estado
mostrar per est' escudela, porque leixes teus errores.
Tantas nos mostra a Virgen de mercees e d' amores… **de … amores**] *Om. T, E* | **a Virgen**] *Om. E*

Ca ves, esta escudela móstrati que es fremoso
e ás muitas bõas mannas; mais pecador e lixoso **mais**] mas *E*
es na alma, por én cheiras com' este manjar astroso,
per que irás a inferno, que é chẽo d' amargores».
Tantas nos mostra a Virgen de mercees e d' amores… **de … amores**] *Om. T, E* | **a Virgen**] *Om. E*

E pois ll' ouv' aquesto dito, a Virgen logo foi ida;
e el d' alí adeante enmendou tant' én sa vida,
per que quando do seu corpo a sa alma foi partida,
foi u viu a Virgen Santa, que é sennor das sennores.
Tantas nos mostra a Virgen de mercees e d' amores… **Tantas … amores**] *Om. T* | **a … amores**] *Om. E*

127 Repoñemos a vogal protética diante do ese líquido de «spantado» en razón da isometría do verso.

CSM 153

T 207v; E 149r-149v

Esta cantiga é da moller de Gasconna que desdennava a romaría de Santa María de Rocamador, que disse que se a alá non levasse ũa sela en que siía, que nunca iría alá

Esta cantiga é da] Como ũa *E*
levasse] levass' *E*

Quenquer que ten en desdén
a Santa María,
gran mal lle verrá por én.

Daquest' avẽo assí,
temp' á, en Gasconna,
que ũa dona ouv' i
de pouca vergonna,
que sol non tiinna en ren
d' ir en romaría,
atant' era de mal sén,
Quenquer que ten en desdén…

A Rocamador, que d' i
mui preto estava.
E por én, com' aprendí,
muito a coitava
ũa sa moça des én,
dizendo: «Perfía
fillastes que prol non ten;
Quenquer que ten en desdén…

en desdén] *Om. E*

E pois non queredes ir
en nulla maneira,
vel leixádemi comprir
aquesta carreira».
Díssell' ela: «Vai e ven,
ai, louca, sandía,
ca eu non m' irei d' aquén,
Quenquer que ten en desdén…

leixádemi] leixádeme *E*

en desdén] *Om. E*

Se m' a sela non seguir
en que assentada
sejo, e que sen falir
me lev' i folgada».
Ond' aquest' avẽo én

que logo s' ergía
a sela ligeiramén
Quenquer que ten en desdén… **en desdén**] *Om. E*

E ant' o altar deceu
da mui Groriosa;
e culpada se tendeu, **tendeu**] rendeu *T*
chamándoss' astrosa,
dizendo: «Tal será quen
fillar ousadía
contra quen lle non convén».
Quenquer que ten en desdén… **en desdén**] *Om. E*

Alí se desaprendeu
dela log' a sela
e ant' o altar caeu
da Madre Donzela,
que sempre quer nosso ben;
e por veela ía[128]
gente d' aquend' e d' alén.
Quenquer que ten en desdén… **en desdén**] *Om. E*

CSM 154

T 208v; E 150r-150v

Esta é como un tafur tirou con ũa baesta ũa saeta contra o ceo con sanna porque perdera, e cuidava que firiría a Deus ou a Santa María

Esta é] *Om. E*
saeta] seeta *E*
e] porque *E*
firiría] fría *E*
ou a] o *E*

Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill', e juntança,
que porque i non dultemos, a vezes faz demostrança.

Desto mostrou un miragre grand' e forte e fremoso **un**] uu *E*
a Virgen Santa María contra un tafur astroso

128 O verso resulta hipérmetro, a menos que as dúas vogais do verbo «veer» se emitan nun só golpe de voz (sinérese), ou se faga a sinalefa co vocábulo seguinte.

que, porque perdía muito, era contra Deus sannoso,
e con ajuda do demo caeu en desasperança.
Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill', e juntança, … **con … juntança**] *Om. E*

Esto foi en Catalonna, u el jogava un día **Catalonna**] Catallonna *T*
os dados ant' un' eigreja da Virgen Santa María;
e porque ía perdendo, creceulle tal felonía
que de Deus e de sa madre cuidou a fillar vingança.
Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill', e juntança, … **á … juntança**] *Om. E*

E levantousse do jogo e foi travar mui correndo
logo en ũa baesta que andava i vendendo[129] **logo en**] log' en *T, E*
un corredor con seu cinto e con coldre, com' aprendo,
todo chẽo de saetas; e vẽoll' én malandança.
Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill', e juntança, … **con … juntança**] *Om. E*

E pois armou a baesta, disse: «Daquesta vegada
ou a Deus ou a sa madre darei mui gran saetada».
E pois que aquesto disse, a saet' ouve tirada
suso escontra o ceo; e fez mui gran demorança **e**] u *T*
Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill' e juntança, … **con … juntança**] *Om. E*

En vĩir; e el en tanto, assí como de primeiro,
fillouss' a jogar os dados con outro seu companneiro.
Entón deceu a saeta e feriu no tavoleiro,
toda coberta de sangui; e creede sen dultança
Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill', e juntança, … **con … juntança**] *Om. E*

Que sanguent' o tavoleiro foi. E quantos i estavan, **sanguent'**] sangoent' *T*
en redor veend' o jogo, ferament' én s' espantavan,
ca viían fresc' o sangui e caent', e ben cuidavan
que algún deles firido fora d' espad' ou de lança. **firido**] ferido *E*
Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill', e juntança, … **con … juntança**] *Om. E*

Mas depois que entenderon que esto assí non era **Mas**] Mais *E*
e que o sang' a saeta ben do ceo adussera,
e nembroulle la paravla que ant' o tafur dissera,
ouveron mui grand' espanto. Mais o tafur sen tardança, **Mais**] Mas *E*
Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill', e juntança, … **con … juntança**] *Om. E*

Fillou mui gran pẽedença e entrou en ordin forte, **pẽedença**] pẽedeça *E*
fiand' en Santa María, dos pecadores conorte.
E assí passou sa vida; e quando vẽo a morte,

129 Reconstruímos a forma do adverbio para acadar a isometría do verso.

pola madre de Deus ouve salvament' e perdõança. | **perdõança**] pedõança *E*
Tan grand' amor á a Virgen con Deus, seu fill', e juntança, … | **con … juntança**] *Om. E*

CSM 155

T 209v-210r; E 150v-151v

Esta é como un cavaleiro d' Aleixandría foi malfeitor, e quando vẽo a vellece, repentiusse e foi a un santo ermitán confessarse; e el dísselle que jajũasse, e o cavaleiro disse que non podía e el deull' en pẽedença que lle trouxesse un pichel d' auga

Esta é] *Om. E*
e el deull' … auga] *Om. E*

Alí u a pẽedença do pecador vai menguar | **menguar**] minguar *E*
acorre Santa María a quen a sabe rogar.

D' u o pecador promete de seer amigo de Deus | **D' u**] E u *T*
e se partir de pecado e enmendar tortos seus
e o non compre, perdud' é, según conta san Mateus;
mas Santa María pode tod' aquest' enderençar.
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… | **vai minguar**] *Om. T*

Ca seu fillo faz por ela máis que por null' outra ren;
e por end' as nossas culpas enmenda por nós mui ben,
que non sejamos perdudos, e por est' é de bon sén
quen a ama e a serve e sabe en ela fiar. | **a**] *Om. E*
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… | **do pecador vai minguar**] *Om. E*

En terra d' Aleixandría ouve un mui malfeitor
cavaleiro, mui sobejo e mui brav' e roubador;
mais pois vẽo a vellece, sentiusse por pecador
e foi a un ome santo seus pecados confessar.
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… | **do pecador vai minguar**] *Om. E*

El deulle por pẽedença que a Ultramar romeu
fosse, e el respondeulle: «Esto vos non farei eu».
«Pois jajũade». «Non posso». Dísselle: «Par sant' Andreu,
nen esmolna non faredes?». «Non, ca non tenno que dar».
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… | **do pecador vai minguar**] *Om. E*

Quando viu aquel sant' ome que non podía fazer
aquelo que ll' el mandava, díssell': «Ídemi trager — **que ll' el**] que l' el *E*
este pichel chẽo d' auga, e podedes log' aver
perdón de vossos pecados, sen null' outr' afán levar».
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… — **do pecador vai minguar**] *Om. E*

Quand' o vello, de pecados carregad', aquest' oíu, — **aquest' oíu**] aquesto viu *E*
muit' alegre do sant' ome atán toste s' espediu — **muit' alegre**] mui alegre *E*
e con seu pichel por agua foi; mas ela lle fogiu — **mas**] mais *E* | **fogiu**] fugiu *E*
dũa fonte, que sol gota non pude dela fillar.
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… — **do pecador vai minguar**] *Om. E*

Mas foisse log' a un río que corría preto d' i,
ar fogiulle log' a agua, per quanto eu aprendí;[130] — **fogiulle**] fugiulle *E* | **quanto**] quant' *T, E*
e assí passou dous anos, per com' eu escrito vi,
que agua coller non pude, nen sol bever nen gostar.
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… — **do pecador vai minguar**] *Om. E*

E dous anos provou esto, que nunca pud' avĩir — **pud'**] pod' *E*
d' aquel pichel encher d' agua nen o mandado comprir
que ll' o ermitán mandara; e fillouss' a comedir
que Deus per ren non querría seus pecados perdõar, — **querría**] quería *E*
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… — **do pecador vai minguar**] *Om. E*

Mas que por Santa María podía aver perdón,
se a serviss' e posesse en ela seu coraçón;
entón rogoulle chorando, des i pediulle por don
que aquele pichel d' agua podesse chẽo levar.
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… — **do pecador vai minguar**] *Om. E*

E dísselle: «Sennor, roga a teu fillo, se te praz,
que a mí fazer non queira o que a beschas non faz
nen a aves». E aquesto dizía chorand' assaz,
e a seu pichel catando, ouv' én dúas a chorar
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… — **Alí … minguar**] *Om. E*

Lágrimas dentro, e chẽo foi o pichel dessa vez;
e el quando viu aquesto, atán alegre se fez,
que ao ermitán foi logo e diss': «A Sennor de Prez,
madre de Deus, me fez esto por me de coita tirar,
Alí u a pẽedença do pecado vai minguar… — **do pecador vai minguar**] *Om. E*

130 Concordamos coa solución de Mettmann para resolver a hipometría do verso: quant[o].

Que de mias lágrimas dúas enchí tod' este pichel».
Quando viu o ermitano este miragre tan bel,
loou muit' a Virgen Santa, de Deus madre, Manuel,
e fez per toda a terra este miragre mostrar,
Alí u a pẽedença do pecador vai minguar… **do pecador vai minguar**] *Om. E*

De que foi Santa María, a Sennor Espirital,
loada muito de todos, que aos coitados val
sempre nas mui grandes coitas e ar guárdaos de mal;
por én Deus muito cofonda quen a non quiser loar.
Alí ua a pẽedença do pecador vai minguar… **Alí … minguar**] *Om. E*

CSM 156

T 211v; E 151v-152v

Esta é como Santa María fez crecer a lingua que tallaran a un crérigo ũus ereges porque dizía muito ben dela[131]

A madre do que de terra primeir' ome foi fazer
ben pod' a lingua tallada fazer que possa crecer.

Dest' un mui maravilloso
miragre vos contarei,
que fez, e mui piadoso,
a madre do Alto Rei
por un crérigo, que foran a furt' ereges prender
porque de Santa María sempr' ía loor dizer.
A madre do que de terra primeir' ome foi fazer… **primeir' ome foi fazer**] *Om. E*

Poi-lo ouveron fillado,
quisérano i matar;
mais, po-lo fazer penado
viver, fóronlle tallar **tallar**] talar *E*
a lingua ben na garganta, cuidando o cofonder,
porque nunca máis da Virgen fosse loor compõer.
A madre do que de terra primeir' ome foi fazer… **primeir' ome foi fazer**] *Om. T, E*

131 *E*: Este miragre fez Santa María en Cunnegro por un crérigo que cantava mui ben as sas prosas a sa loor, e prendérono ereges e talláron-ll' a lingua.

Pois que ll' a lingua tallaron,
leixárono assí ir;
e mui mal lle per jogaron,
ca non podía pedir
nen cantar como cantara da que Deus quiso nacer
por nós; e con esta coita cuidava o sén perder.
A madre do que de terra primeir' ome foi fazer… **primeir' ome foi fazer**] *Om. T, E*

E o que máis grave ll' era
que quando oía son
dizer dos que el dissera,
quebrávall' o coraçón
porque non podía nada cantar, onde gran prazer **onde**] ond' *E*
ouvera muitas vegadas, e fillávass' a gemer.
A madre do que de terra primeir' ome foi fazer… **primeir' ome foi fazer**] *Om. T, E*

El cuitad' assí andando,
un día foi que chegou
a Cunnegro, e entrando **entrando**] entrado *T*
na eigreja, ascuitou
e oíu como cantavan vésperas a gran lezer
da Virgen, Santa Reínna; e quis con eles erger
A madre do que de terra primeir' ome foi fazer… **primeir' ome foi fazer**] *Om. T, E*

Sa voz, e sa voontade
e sa punna i meteu.
E log' a da gran bondade
fez que lingua lle naceu
toda nova e comprida, qual ante soí' aver; **soí' aver**] sai' aver *E*
assí esta virgen madre lle foi comprir seu querer.
A madre do que de terra primeir' ome foi fazer… **primeir' ome foi fazer**] *Om. T, E*

Esto viron muitas gentes
que estavan entón i,
e meteron mui ben mentes
no miragre, com' oí;
e a Virgen por én todos fillárons' a bẽeizer,
e o crérigo na orden dos monges se foi meter.
A madre do que de terra primeir' ome foi fazer… **A … fazer**] *Om. T* | **primeir' ome foi fazer**] *Om. E*

CSM 157

T 212v; E 152v-153r

Esta é dũus romeus que ían a Rocamador e pousaron en un burgo, e furtoulles a óspeda da farinna que tragían

Esta é dũus] Como ũus *E*
un] ũu *E*
furtoulles a óspeda] a óspeda furtoulles *E*

Deus por sa madre castiga a vegadas ben de chão
o que faz mal, e mui toste por ela o er faz são.

E daquest' un gran miragre mostrou a ũus romeus
que a Rocamador ían, que de sa madr' eran seus,
e pousaron en un burgo, com' aprix, amigos meus;
mais a sa óspeda lles foi mui maa de cabo são.
Deus por sa madre castiga a vegadas ben de chão…

mais a sa] mas sa *T*
a … chão] *Om. T, E* | **por … castiga**] *Om. E*

Ca u eles lle compraron mui ben quanto lles vendeu,
de farinna que tragían tal cobiiça lle creceu
de feijoos que fezeran end', e un deles meteu
i de bon queijo rezente, ca est' era en verão.
Deus por sa madre castiga a vegadas ben de chão…

Deus … chão] *Om. T* | **a … chão**] *Om. E*

Ela con sabor daquesto da farinna lles furtou,
e depois que s' eles foron, log' a fazer se fillou
feijoos ben come eles; mai-lo demo a torvou,
que quis ende provar ũu, mais non lle saíu en vão.
Deus por sa madre castiga a vegadas ben de chão…

mai-lo] mais o *E*

a … chão] *Om. T, E*

Ca u meteu un cuitelo no feijoo por provar
a como lle sabería, pela boca o chantar
foi ben ate enas cachas, que o non pod' én tirar,
ca lle passou as queixadas máis dun palm' e ũa mão.
Deus por sa madre castiga a vegadas ben de chão…

como] come *E* | **o chantar**] achantar *E*

palm' e] palm' en *T*
a … chão] *Om. T, E*

Muitos meges i vẽeron, mais non poderon per ren
tirarll' ende o cuitelo per arte nen per seu sén.
E ela, quando viu esto, a Rocamador foiss' én
rogar a Santa María, u acha todo crischão
Deus por sa madre castiga a vegadas ben de chão…

tirarll'] tirall' *E*

a … chão] *Om. T, E*

Bõo e toda crischãa que lle ben de coraçón
roga mui gran piadade. Por end' esta foi entón

i, e muito chorando; e pois én fez sa confissón,
tiroull' un prest' o cuitelo, ca non ja celorgião.
Deus por sa madre castiga a vegadas ben de chão…

i, e muito] i muito *E* | **pois én**] pois *T*, *E*
a … chão] *Om. T, E* | **castiga**] casti *E*

Tan tost' aqueste miragre pela terra en redor
souberon, e deron todos por én graças e loor
aa Virgen Groriosa, madre de Nostro Sennor;
e sabede do miragre que non é muit' ancião.
Deus por sa madre castiga a vegadas ben de chão…

Deus … chão] *Om. T* | **a … chão**] *Om. E*

CSM 158

T 213v; E 153r-154r

Esta é como Santa María sacou de prijón un cavaleiro e mandoulle que se fosse pera Rocamador[132]

De muitas guisas los presos solta a mui groriosa,
santa e virgen, María: tant' é con Deus poderosa.

E de tal razón vos quero contar un mui gran miragre, que fez por un cavaleiro
bõo d' armas e de mannas e en servir un ricome cuj' era, mui verdadeiro;
e foi pres' en seu serviço, e en cárcer tẽevrosa
o meteron e en ferros, como gente cobiiçosa,
De muitas guisas los presos solta a mui groriosa, …

solta a mui groriosa] *Om. T* | **a mui groriosa**] *Om. E*

En tal que o espeitassen. Mas aquel sennor cuj' era, sobr' el mentes non parava;
e ele con mui gran coita sempre de noit' e de día Santa María chamava
que acorrelo vẽesse como sennor piadosa,
e que d' alí o tirasse, daquela prijón nojosa.
De muitas guisas los presos solta a mui groriosa, …

solta a mui groriosa] Om. *T, E* | **De … presos**] *Om. E*

El jazend' assí en ferros e con esposas nas mãos e cadẽa na garganta,
aqué ven Santa María, a madre de Jesucristo, que as prijões quebranta,
e en llas britar mui toste non vos foi i vagarosa
e díssell': «Érget' e vaite daquesta prijón astrosa».
De muitas guisas los presos solta a mui groriosa, …

solta a mui groriosa] Om. *T, E* | **De … presos**] *Om. E*

Entón deitoull' as prijões ao colo e sacoo ante tod' aquela gente

132 *T*: Esta é dun cavaleiro que foi preso por seu sennor e soltoo Santa María.

que o guardavan, e nunca, pero que o ir viían, non lle disseron niente.
E tiroo do castelo e dísselle saborosa-
ment': «A Rocamador vaite e passa ben per Tolosa».
De muitas guisas los presos solta a mui groriosa, … **solta a mui groriosa**] Om. *T, E* | **De … presos**] *Om. E*

E el moveu atán toste e foisse quanto s' ir pude como ll' a Santa Reínna
mandara; mas do castelo foron pos el cavaleiros. E el chegou muit' aginna,
ca o non guiou a Virgen per carreira pedragosa
a Rocamador, sa casa, mas per chãa e viçosa.
De muitas guisas los presos solta a mui groriosa, … **solta a mui groriosa**] *Om. T, E* | **los presos**] *Om. E*

E pendurou i os ferros logu' e as outras prijões que ao colo trouxera; **pendurou**] pendorou *E*
e contou i ant' os monges e ante tódalas gentes todo como ll' avẽera
e como Santa María en tiralo aguçosa
fora, per que mui loada foi por end' a Preciosa.
De muitas guisas los presos solta a mui groriosa, … **De … groriosa**] *Om. T* | **los … groriosa**] *Om. E*

CSM 159

T 214v; E 154r-154v

Esta é de como Santa María fez descobrir ũa posta de carne que furtaran a ũus romeus na vila de Rocamador

Esta é de] *Om. E*

Non sofre Santa María de seeren perdidosos
os que as sas romarías son de fazer desejosos.

E dest' oíd' un miragre de que vos quero falar,
que mostrou Santa María, per com' eu oí contar,
a ũus romeus que foron a Rocamador orar
como mui bõos crischãos, simplement' e omildosos.
Non sofre Santa María de seeren perdidosos… **Non … perdidosos**] *Om. T* | **Santa … perdidosos**] *Om. E*

E pois entraron no burgo, foron pousada fillar
e mandaron comprar carne e pan pera seu jantar
e vinno; e entre tanto foron aa Virgen rogar
que a seu fillo rogasse dos seus rogos piadosos
Non sofre Santa María de seeren perdidosos… **Non … perdidosos**] *Om. T* | **de seeren perdidosos**] *Om. E*

Por eles e non catasse de como foran errar,
mas que del perdón ouvessen de quanto foran pecar. **mas**] mais *E* | **ouvessen**] ouvesen *E*
E pois est' ouveron feito, tornaron non de vagar
u o seu jantar tiinnan, ond' eran cobiiçosos. **u o seu**] u seu *T, E*
Non sofre Santa María de seeren perdidosos… **de seeren perdidosos**] *Om. T, E*

E mandaran nove postas meter, assé Deus m' ampar,
na ola, ca tantos eran; mais poi-las foron tirar,
acharon end' ũa menos, que a serventa furtar
lles fora, e foron todos por én ja quanto queixosos.
Non sofre Santa María de seeren perdidosos… **de seeren perdidosos**] *Om. T, E*

E buscaron pela casa po-la poderen achar,
chamando Santa María que lla quisesse mostrar;
e oíron en un' arca a posta feridas dar,
e d' ir alá mui correndo non vos foron vagarosos.
Non sofre Santa María de seeren perdidosos… **de seeren perdidosos**] *Om. T, E*

E fezeron log' a arca abrir e dentro catar
foron, e viron sa posta d' acá e d' alá saltar; **saltar**] sartar *E*
e saíron aa rúa muitas das gentes chamar,
que viron aquel miragre, que foi dos maravillosos
Non sofre Santa María de seeren perdidosos… **de seeren perdidosos**] *Om. T, E*

Que a Virgen Groriosa fezess' en aquel logar.
Des i fillaron a posta e fórona pendorar
per ũa corda de seda ant' o seu santo altar,
loando Santa María, que faz miragres fremosos.
Non sofre Santa María de seeren perdidosos… **Non … perdidosos**] *Om. T* | **de seeren perdidosos**] *Om. E*

CSM 160[133]

T 215v; E 154v

Esta é de loor de Santa María

Rúbrica] *Om. E*

Quen bõa dona querrá
loar, lo' a que par non á,
Santa María.

E par nunca ll' achará
pois que madre de Deus foi ja,
Santa María.

Santa María] Quen bõa dona *E*

Pois madre de Deus foi ja,
e virgen foi e seerá,
Santa María.

seerá] será *T*

Santa María] Quen bona dona *E*

E virgen foi e será,
por ende cabo del está,
Santa María.

será] seerá *T*

Santa María] Quen bõa dona querrá *E*

Por én cabo del está
u sempre por nós rogará,
Santa María.

Por én] por ende *T*

Santa María] Quen bõa dona *E*

U por nós lle rogará
e del perdón nos gãará,
Santa María.

Santa María] Quen bona dona *E*

E perdón nos gãará
e ao demo vencerá,
Santa María.

Santa María] Quen bona *E*

E o demo vencerá
e nos consigo levará,
Santa María.

Santa María] *Om. E*

cousa lle désse resposta faland' e non fosse muda. **muda**] meuda *E*
Sempre punnou muit' a Virgen per u fosse connoçuda… **a Virgen per u fosse connoçuda**] *Om. E*

El fezera ja as formas, de que se muito pagava,
e pois foron ben caentes, o metal dentro deitava; **dentro deitava**] dentr' a deitava *E*
mais non achou i omagen na forma que el cuidava,
ca, par Deus, mellor fegura lle foi i apareçuda.
Sempre punnou muit' a Virgen per u fosse connoçuda… **a Virgen per u fosse connoçuda**] *Om. E*

Ca u el achar cuidava un demo que aorasse
e que lle resposta désse de quanto ll' el preguntasse,
achou dona con seu fillo, ben como se o criasse,
tẽendoll' a teta 'n boca. E pois dele foi veúda,[177] **foi**] *Om. E*
Sempre punnou muit' a Virgen per u fosse connoçuda… **per u fosse connoçuda**] *Om. E*

Maravillouss' ende muito e ficou tan espantado,
que a tódolos seus templos foi én demandar recado
se tal omagen sabían d' algún deus ou fegurado
era ou d' algũa gente aorada e creúda. **algũa**] algua *E*
Sempre punnou muit' a Virgen per u fosse connoçuda… **per u fosse connoçuda**] *Om. E*

Mas pois que desto recado non achou enos pagãos,
foisse logo mui correndo a preguntar os crischãos
se tal fegura avían. Disseron: «Somos certãos
que tal omagen da Virgen é, que Deus ouv' esleúda
Sempre punnou muit' a Virgen per u fosse connoçuda… **per u fosse connoçuda**] *Om. E*

Por sa madre», e tan toste o meteron na eigreja;
e pois el viu a omagen daquela que sempre seja
bẽeita, disse: «Convosco oimais non quero peleja,
ca tal com' esta aquela é que m' ouv' apareçuda».
Sempre punnou muit' a Virgen per u fosse connoçuda… **per u fosse connoçuda**] *Om. E*

E pois aquesto lles disse, fézosse logo crischão[178] **E**] *Om. E*
e o templo que guardava derribou todo de chão

177 Concordamos coa solución de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

178 Concordamos coa solución de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

e quebrantou as omages, ca non quis usar en vão
sa vida; e á sa morte foill' a alma recebuda
Sempre punnou muit' a Virgen per u fosse connoçuda…

omages] amages *E*
sa vida e á sa morte] a sa vida e sa morte *E*
Sempre … connoçuda] *Om. E*

Eno Paraíso santo, u estan tódolos santos
a Nostro Sennor loando con mui saborosos cantos.
Esto fez a Virgen Madre, que faz de miragres quantos
ome contar non podía, ca sempre én ben estuda.
Sempre punnou muit' a Virgen per u fosse connoçuda…

per u fosse connoçuda] *Om. E*

CSM 197

E 183r-184r

Como Santa María de Terena ressocitou ũu meninno a que matara o demo

María] *Om. E*

Comoquer que gran poder
á o dem' en fazer mal,
maior l' á en ben fazer
a Reínna Spirital.

Ca se el algún poder á en os omees matar
pelos pecados que fazen, e o quer Deus endurar,
mui maior poder sa Madre á en os ressucitar;
e por end' un gran miragre vos direi de razón tal.
Comoquer que gran poder…

en] n *E* | **os**] nos *E*

En un logar que Os Combres chamad' é, que preto jaz
de Xerez de Badallouce, ouv' i un ome de paz
mui rico, que seus gãados avía e pan assaz,
e est' un seu fill' avía que amava mui máis d' al.
Comoquer que gran poder…

Os Combres] Os Combre *E*
Badallouce] Badallouço *E*

E porque aquel seu fillo amava máis doutra ren,
mandoulle que seus gãados fillass' e guardasse ben;
e con despeito daquest' o fillou o demo por én,
mais dest' a madr' e o padre avían coita mortal.
Comoquer que gran poder…

fillass' e] fillasse e *E*

Ca tan forte o fillava o demo, com' aprendí,
cinc' ou seis vezes no día, ou sete, per com' oí;
mais ũa vez atán forte o fillou, que ben alí
u estava afogouo, e morreu, u non ouv' al.
Comoquer que gran poder…

Mas seu padr' e seus parentes fezeron doo entón
por el mui grand' e mui fero, chorando de coraçón,
e un seu irmão disse: «Oídem' ũa razón,
ca tenno que o terredes por consello mui leal:
Comoquer que gran poder…

Meu irmão prometera por en romaría ir
a Terena, mais non quiso Deus que o fosse comprir;
mais eu, porque ele seja perdõado, sen falir
irei alá de bon grado e farei este jornal.
Comoquer que gran poder…

Mais ficad' ant' os gẽollos e aa Madre de Deus[179]
rogade que lle perdõe tódolos pecados seus,[180]
e eu promet' a sa obra dez daquestes porcos meus,
en tal que por ele rogue a Sennor que pod' e val».
Comoquer que gran poder…

aa] a *E*

tódolos] de tódolos *E*

Por rogo da Virgen Madre, Deus sa oraçón oíu
e o que jazía morto atán toste resurgiu,
e des alí adeante daquel mal ren non sentiu;
esto fez Santa María, que aas coitas non fal.
Comoquer que gran poder…

sentiu] sentía *E*

Outro día madurgada pera Terena fillou
o caminn', e seu irmão nunca se dele quitou;
e pois foi ena eigreja, aqueste feito contou
todo como ll' avẽera, e seu don deron i qual
Comoquer que gran poder…

Ante prometud' avían. E por én todos loor
deron a Santa María, madre de Nostro Sennor,
porque resurgiu de morte o que o demo maior
matou, e desfez seu feito como a agua o sal.
Comoquer que gran poder…

desfez] deffez *E*

179 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

180 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipermetría do verso.

CSM 198

E 184r-184v

Esta é como Santa María fez fazer paz e que se perdõassen ũus omees que se querían matar ũus con outros ant' a sa eigreja en Terena

Muitas vezes volv' o demo as gentes por seus pecados,
que non quer Santa María, pois lle son acomendados.

Dest' avẽo en Terena un miragre mui fremoso
que mostrou Santa María, e d' oír mui saboroso;
e poi-lo oíren, creo que por mui maravilloso
o terrán, e que metudo dev' a seer ontr' os preçados.
Muitas vezes volv' o demo as gentes por seus pecados… **as gentes por seus pecados**] *Om. E*

Naquel logar s' ajuntaron d' omees mui gran companna[181] **Naquel**] En aquel *E*
que luitavan e fazían gran festa, a for d' Espanna;
mais o demo, de mal chẽo, meteu ontr' eles tal sanna,
que por se mataren todos foron mui correnḍ' armados.
Muitas vezes volv' o demo as gentes por seus pecados… **demo … pecados**] *Om. E*

E a lidar começaron, feríndoss' a desmesura,
e durou o máis da noite aquesta malaventura,[182] **e**] *Om. E*
cuidando que se matavan; mais a nobre Virgen pura
non quis, cujos romeus eran, que mortos nen sol chagados
Muitas vezes volv' o demo as gentes por seus pecados… **demo … pecados**] *Om. E*

Fossen da lid' a sa casa, mais en meogo dun chão,
u lidaron ben des quando começara o serão
e u se matar cuidavan, ben assí de cabo são
fez que fossen ũus doutros muit' amigos e pagados.
Muitas vezes volv' o demo as gentes por seus pecados… **vezes**] *Om. E* | **demo … pecados**] *Om. E*

E u andavan buscando os mortos que soterrassen
e os outros mal chagados, de que ben pensar mandassen, **mandassen**] mandasen *E*
non quiso Santa María que neũu tal achassen;
mas perpontos e escudos acharon muitos colpados.
Muitas vezes volv' o demo as gentes por seus pecados… **demo … pecados**] *Om. E*

Ca non foi neũu deles que non tevesse ferida,
mas sol non tangeu en carne, ca non quis a mui comprida
Reínna Santa María, ca ela nunca obrida **Reínna**] Reína *E*

181 Concordamos coa solución de Mettmann para resolver a hipermetría do verso.

182 Concordamos coa solución de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

de valer aos que ama nen aos que son cuitados.
Muitas vezes volv' o demo as gentes por seus pecados… **demo … pecados**] *Om. E*

Por end' aqueste miragre por mui grande o teveron
todos quantos lo oíron, e por ende graças deron
grandes a Santa María; e pois sa festa fezeron,
deron i de seus dinneiros e deles de seus gãados.
Muitas vezes volv' o demo as gentes por seus pecados… **demo … pecados**] *Om. E*

CSM 199

E 184v-185v

Como un peliteiro, que non guardava as festas de Santa María, e começou a lavrar no seu día de março, e travessóusselle a agulla na garganta que a non podía deitar; e foi a Santa María de Terena e foi logo guarido

Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões,
assí é Santa María de graças e de perdões.

Ca se Deus sofr' ao demo que polos nossos pecados
nos dé coitas e doores e traballos e coidados,
logo quer que por sa madre sejan todos perdõados
por creenças, por jajũus, por rogos, por orações.
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **e d' ocajões**] *Om. E*

Por én direi un miragre que fez por un peliteiro
que morava na fronteira en un castelo guerreiro
que Burgos éste chamado, e demais está fronteiro
de Xerez de Badallouce, u soen andar ladrões.
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **avondado**] avonda *E* | **de maes e d' ocajões**] *Om. E*

E en aqueste castelo o peliteiro morava,
que da Madre de Deus Santa nunca as festas guardava,
e pola festa de março, u el sas peles lavrava,
e do mal que ll' end' avẽo, por Deus, oíde, varões.
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **avondado**] avonda E | **de maes e d' ocajões**] *Om. E*

Ca u meteu a agulla na boqu' e enderençando
as peles pera lavralas, non catou al senón quando
a trociu, e na garganta se lle foi atravessando,

ca os que o demo serven an del taes galardões.
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **de maes e d' ocajões**] *Om. E*

E daquesta guisa seve muitos días que deitala
per nulla ren non podía nen outrossí traspassala; **nulla**] nunlla *E*
demais inchoull' a garganta, assí que perdeu a fala,
e tornoull' o rosto negro muito máis que os carvões.
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **de maes e d' ocajões**] *Om. E*

E pois el parou i mentes e viu que assí morría, **i**] *Om. E*
e física que fezesse nulla prol non lle fazía,
mandousse levar tan toste dereit' a Santa María
de Terena, prometéndolle sas ofertas e dões.
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **de maes e d' ocajões**] *Om. E*

E quando foi na eigreja, ant' o altar o deitaron
e log' a Santa María muito por ele rogaron;
e el chorand' e gemendo dormeceu, e non cataron
senón quando ll' a agulla saíu sen grandes mixões
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **de maes e d' ocajões**] *Om. E*

Que fezesse por sacala; ca u jazía dormindo,
a Virgen mui groriosa lla fez deitar, e tossindo,
envolta en ũa peça de carn'. E esto oíndo
as gentes que i estavan deron grandes bẽeições
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **de maes e d' ocajões**] *Om. E*

Aa bẽeita Reínna, que en Ceo e en terra
acorre aos coitados e perdõa a quen ll' erra,
e pera aver mercee nunca a sa porta serra,
e que os guarda do dem' e de sas maas tentações.
Com' é o mund' avondado de maes e d' ocajões, … **de maes e d' ocajões**] *Om. E*

CSM 200

E 185v-186r

Esta é de loor de Santa María

Santa María loei
e loo e loarei.

Ca, ontr' os que oje nados
son d' omẽes muit' onrados,
a mí á ela mostrados
máis bẽes que contarei.
Santa María loei…

Ca a mí de bõa gente
fez vĩir dereitamente
e quis que mui chãamente
reinass' e que fosse rei.
Santa María loei…

E conas sas piadades
nas grandes enfermidades
m' acorreu, por que sabiades
que por én a servirei.
Santa María loei…

E dos que me mal querían
e buscavan e ordían
deulles o que merecían,
assí como provarei.
Santa María loei…

A mí de grandes pobrezas
sacou e deume requezas,
por que sas grandes nobrezas
quantas máis poder direi.
Santa María loei…

Ca mi fez de bõa terra
sennor, e en toda guerra
m' ajudou a que non erra
nen errou u a chamei.
Santa María loei…

A mí livrou d' oqueijões,
de mortes e de lijões,
por que sabiades, varões,
que por ela morrerei.
Santa María loei…

Por én todos m' ajudade
a rogar de voontade
que con sa gran piadade
m' acorra, que mester ei.
Santa María loei…

E quando quiser que seja,
que me quite de peleja
daqueste mund' e que veja
a ela, que sempr' amei.
Santa María loei…

m' acorra] mi acorra *E*

CSM 201

F 2v; E 186r-187r

Esta é como Santa María livrou de morte ũa donzela que prometera de guardar sa virgĩidade

Esta é] *Om. E*
donzela] donsela *E*
virgĩidade] virgĩidad *F,* virgiidade *E*

Muit' é máis a piadade de Santa María
que quantos pecados ome fazer podería.

E por én, meus amigos, agora m' ascuitade
un fremoso miragre, com' aprix en verdade,
que fezo Santa María de gran piadade,
que sempre por nós roga a Deus, noit' e día.
Muit' é máis a piadade de Santa María…

a Deus noit' e] Deus a noit' e *E*
María] *Om. F*

E aqueste miragre fez por ũa donzela
que era de gran guisa e aposta e bela
e que lle prometera de seer sa ancela
e de guardar seu corpo ben de toda folía.
Muit' é máis a piadade de Santa María…

fez] *Om. E*

piadade] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

Assí o fez gran tempo. Mas o diabr' antigo,
que de virgĩidade é sempre ẽemigo,
a tentou en tal guisa que lle fez por amigo
fillar un seu padrinno, con que fez drudaría,
Muit' é máis a piadade de Santa María…

piadade] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

De guisa que foi prenne per sa malaventura
e ouve del un fillo, mui bela creatura;
e pois que o viu nado, creceull' én tal tristura,
que o matou mui toste como moller sandía.
Muit' é máis a piadade de Santa María…

creceull' én] creceulle *E*

Muit' … María] *Om. F* | **de Santa María**] *Om. E* | **piadade**] piade *E*

Pois que o ouve morto, non soub' aver recado
de partirse do feito, mas tornou no pecado
e ar fez outro fillo; e logo que foi nado,
matoo; ar fez outro que pos per esta vía.
Muit' é máis a piadade de Santa María…

partirse] partisse *E*

piadade] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

Pois seus tres fillos ouve mortos a malfadada
per consello do demo, foi ben desasperada
que per ren que fezesse nunca ja perdõada
de Deus nen de sa madre seer non podería.
Muit' é máis a piadade de Santa María…

piadade] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

E creceull' én tal coita, que ouve tal despeito
de sí que dun cuitelo se feriu eno peito;
e non morreu do colbe, ca non foi a dereito,
pero caeu en terra, ca mui mal lle doía.
Muit' é máis a piadade de Santa María…

piadade] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

E que morress' aginna fez cousa muit' estranna:
ergeusse mui correndo e pres ũa aranna
e comeua tan toste; mas non era tamanna
nen tan empoçõada én com' ela querría.
Muit' é máis a piadade de Santa María…

querría] queria *E*

piadade] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

E pois viu que por esto ja morte non presera,
foi comer outra, grande, empoçõad' e fera,
con que inchou tan muito que a morrer ouvera.
E jazend' en tal coita, muito se repentía
Muit' é máis a piadade de Santa María…

foi] ar foi *E* | **grande**] grand' *E*

piadade] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

Do mal que feit' ouvera e diss': «Ai, Groriosa,
non cates com' eu sõo pecador e astrosa,
nen sofras que me perça, mas seime piadosa

e guárdame do demo e da sa gran perfía».
Muit' é máis a piadade de Santa María… **Muit' … María**] *Om. E*

Entón a Virgen Santa ll' apareceu de chão
e polo corpo todo foille tragend' a mão,
e tornoullo tan fresco, tan fremos' e tan são
como nunca máis fora, e assí a guaría,
Muit' é máis a piadade de Santa María… **piadade**] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

Dizend': «E non te nembra que prometud' ouveste
de tẽer castidade, mas pois non a teveste?
Mais se te ben partires deste mal que fezeste, **Mais**] mas *F* | **mal que fezeste**] mal fezeste *F*
perdõarch' á meu fillo, ca eu t' ajudaría».
Muit' é máis a piadade de Santa María… **piadade**] piade *E* | **de Santa María**] *Om. E*

Quando ll' est' ouve dito, foisse; e mui guarida
ficou assí a dona, e tan toste saída
fez d' alí e pres orden, u acimou sa vida
tan ben, por que dos santos foi en sa compannía. **compannía**] compañía *F, E*
Muit' é máis a piadade de Santa María… **Muit' … María**] *Om. F, E*

CSM 202

F 39v; E 187r-188r

Esta é como Santa María ajudou ao arcediago a acabar a prosa que fazía de sa loor e se enclinou a omagen ante ele e dísselle graças por én[183]

Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor
d' ajudar quen lle cantares ou prosas faz de loor.

E daquesto un miragre oí, pouc' á retraer **E daquesto**] daquest' ora E
que a un arcidiago avẽo, que gran prazer
avía en fazer prosas de sa loor e dizer
sa bondad' e sa mesura e seu prez e sa valor.
Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor… **Muito á Santa María**] *Om. F*
| **madre de Deus, gran sabor**] *Om. F, E*

El ũa prosa fazía que era feita mui ben,
se non fosse ũa rima soa que minguava én;

183 *E*: Esta é como un clérigo en París fazía ũa prosa a Santa María e non podía ũa rima e foi rogar a Santa María que o ajudasse i, e achoa logo e a majestade lle disse «muitas graças».

e achar non a podía, e cuidaba que per ren
per el ja non s' acharía, nen per outro sabedor.
Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor…

nen per] nen por *E*
madre de Deus, gran sabor] *Om. F, E*

El ja por desasperado de s' aquela rim' achar
per ome daqueste mundo, foiss' entón a un altar
da Virgen Santa María e começoull' a rogar
de s' acabar esta prosa que lle foss' ajudador.
Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor…

Muito á Santa María] *Om. F*
| **madre de Deus, gran sabor**] *Om. F, E*

Ca ela era ben feita, de sa loor e de Deus,
e de com' a Trĩidade entendessen os encreus;
e el dar non lle podía neún cabo, mais os seus
gẽollos ficou que ela foss' ende acabador.[184]
Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor…

mais] mas *E*
ende] end *F, E*
madre de Deus, gran sabor] *Om. F, E*

Estand' el assí en preces, vẽolle a coraçón
a rima que lle minguava, que era de tal razón
en latín e que mostrava *Nobile Triclinium*.
E non avía palavra que i fizesse mellor
Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor…

preces] prezes *E*
palavra] paravla *F*
madre de Deus, gran sabor] *Om. F, E*

Esta rima que vos digo, e que quer dizer assí:
«Nobre casa de morada, tres moradas á en tí:
Deus Padre e o seu Fillo e o Sant' Espirit' i
vẽeron morar sen falla por nos fazeren amor».
Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor…

madre de Deus, gran sabor] *Om. F, E*

Pois ouv' a pros' acabada, Santa María loou
que lla tan ben acabara, e con gran prazer chorou.
Mais a cabo dũa peça a omagen s' enclinou
dela e mui passo disse: «Muitas graças, meu sennor».
Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor…

omagen] imagen *F*, omage *E*
madre de Deus, gran sabor] *Om. F, E*

Este miragre que Santa María demostrar quis
conteceu, non á gran tempo, na cidade de París;
e veredes a omagen, por seerdes én máis fis,
oje día enclinada estar dentr' en San Vitor.
Muito á Santa María, madre de Deus, gran sabor…

omagen] imagen *F*
Muito … sabor] *Om. F* | **madre …sabor**] *Om. E*

184 Aínda que en ambos os dous manuscritos o adverbio figura con final consoántico, engadimos a vogal para axustar o cómputo silábico.

CSM 203

E 188r-188v

Como Santa María acrecentou a farinna a ũa bõa moller porque a dava de grado por seu amor

Quen polo amor de Santa María do seu fezer
algún ben, dárvoll' á ela que dé, se o non tever.

Por esto dev' ome sempre a servir e a guardar
a Virgen Santa María e no seu ben confiar;
ca vos direi un miragre que quis, pouqu' i á, mostrar
a ũa súa amiga que era santa moller.
Quen polo amor de Santa María do seu fezer… **do seu fezer**] *Om. E*

En servir Deus e os santos avía mui gran sabor, **En**] E *E*
e seu tempo despendía en servir Nostro Sennor;
e se ll' os pobres pedían esmolna polo amor
da Virgen Santa María, logo lles dava quequer
Quen polo amor de Santa María do seu fezer… **do seu fezer**] *Om. E*

Que tevesse. En sa casa un día estand' assí,
muitos pobres vergonnosos pedir vẽeron alí,
e deulles ũa grand' arca de farinna chẽa i;
disseron: «Santa María vos dé ben, se ll' aprouguer».
Quen polo amor de Santa María do seu fezer… **Santa María do seu fezer**] *Om. E*

A cabo dũa gran peça outra companna chegou
de pobres, e ouve doo deles grande e chamou
ante sí ũa sa filla e disso: «Se i ficou
jaqué pouca de farinna, dádell' a que i ouver».
Quen polo amor de Santa María do seu fezer… **do seu fezer**] *Om. E*

A filla entón lle disso: «Con mia mão varrí ja
a arca». E diss' a madre: «Ar ide pero alá».
E foi e achoua chẽa de farinna ben atá
na cima, e deulles dela quanto lles ouve mester.
Quen polo amor de Santa María do seu fezer… **Santa María do seu fezer**] *Om. E*

CSM 204

F 38r-38v; E 188v-189v

Esta é como Santa María guareceu un arcediago de grand' enfermidade que avía per rogo de san Domingo[185]

Aquel que a Virgen Santa María quiser servir,
quand' ouver coita de morte, ben o pod' ela guarir.

Daquesto a san Domingo un miragre conteceu.
El un bon arcediago en sa orden recebeu,
que era mui leterado e por aquest' entendeu
que podía en começo por ele mui máis comprir.
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, …

El daquel arcediago avía mui gran sabor,
e con ele preegava o ben de Nostro Sennor;
e andando preegando, vẽolle mui gran door,
de guisa que non podía per ren folgar nen dormir.[186]
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, …

entendeu] entendeo *E*

e] ca *E*

María] *Om. F* | **quiser servir**] *Om. F, E*

E era tan mui coitado que non avía en sí
nen sol un sinal de vida e os físicos d' alí
dizían que podería daquela guarir assí
como podería morto de so terra resorgir.
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, …

E era tan mui coitado] Ca el era tan coitado *E*

María] *Om. F* | **quiser servir**] *Om. F, E*

El jazend' assí por morto, santo Domingo rogou
a Virgen Santa María que se logo demostrou
ao enferm' u jazía e mui ben o confortou,
e o doente mercee começoulle de pedir.
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, …

se logo demostrou] lle valvess' é entrou *E*

ao enferm' u jazía] ela u ele jazía *E*

María] *Om. F* | **quiser servir**] *Om. F, E*

Pos ela, virgẽes muitas entraron e a dizer
se fillaron orações e per seus livros leer,
e des i ar começaron elas de mui gran lezer
a cabeça e o corpo e os pees a ungir.
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, …

se fillaron] fillaron sas' *E*

ungir] ongir *E*

María] *Om. F* | **quiser servir**] *Om. F, E*

A cabeça log' ungiron por lle Deus i siso dar,
e o corpo por ja sempre de forniço se quitar,
e os pees por con eles ir no mundo preegar

185 *E*: Como Santa María guaríu un frade por rogo de san Domingo.

186 V. 11: **de … dormir**] e San Domingo coitado foi de ll' aquel mal vïir *E*

e que fezesse as gentes que erravan repentir.
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, … **María**] *Om. F* | **quiser servir**] *Om. F, E*

San Domingu' en outra casa jazía long' e viu ben **long' e viu**] logue viu mui *F*
com' entrou Santa María, e muito lle per prougu' én
e viu o enferm' ungido, e deulle graças por én **e viu o enferm' ungido**] e viu com' era ongido *E*
e disso: «Ai, Groriosa, quen te poderá gracir **Ai, … gracir**] tan piadosa Sennor dev' om' a servir *E*
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, … **María**] *Om. F* | **quiser servir**] *Om. F, E*

Tantos beens que tu fazes aos que o mester an[187]
e ar quan ben tu oes aos que te rogar van[188],
e de como ced' acorres os que en coita están,
e demais nas tas mercees nunca pod' ome falir».
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, … **María quiser servir**] *Om. F*

Pois que foi mui ben ungido, Santa Maria saíu- **ungido**] ongido *E*
se d' alí con sas virgẽes e aos Ceos sobiu,
e log' o arcediago a essa ora guariu.
Por esto de seu serviço non se dev' om' a partir.
Aquel que a Virgen Santa María quiser servir, … **María**] *Om. F* | **quiser servir**] *Om. F, E*

CSM 205

F 5v; E 189v-190v

Esta é como Santa María quis guardar ũa moura que tiinna seu fillo en braços u siía en ũa torre ontre dúas amẽas, e caeu a torre e non morreu nen seu fillo nen lles empeceu ren; e esto foi per oraçón dos crischãos

Esta é como] Como Santa María *E*
crischãos] creschõs *E*

Oraçón con piadade oe a Virgen de grado,
e guarda de mal por ela o que ll' é encomendado.

Ca aquestas dúas cousas fazen mui compridamente: **Ca aquestas**] Ea aquestas *F*
gaannar amor e graça dela, se devotamente **gaannar**] guaannar *F*

187 En *E* falta esta cobra (vv. 38-42) e non se deixou espazo para a súa copia posterior. Por outra parte, obsérvese a diferencia que presentan os dous testemuños para a cobra anterior.

188 O verso é hipómetro.

se fazen e como deven; e assí abertamente
parece a sa vertude sobre tod' ome coitado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

E sobr' aquest' un miragre vos rogo que me ouçades[189] **que me**] que m' *F, E*
que fezo Santa María; e se i mentes parades,
oiredes maravilla mui grand' e certos sejades
que per oraçón mostrada foi ante muit' om' onrado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

Na fronteira un castelo de mouros mui fort' avía
que combateron crischãos que saían d' açaría
d' Ucrés e de Calatrava con muita cavalaría.
E era i don Afonso Télez, ricome preçado,
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

Que tragía gran companna de mui bõos cavaleiros,[190] **Que**] ue *E* | *cobra omitida en F*
ardidos e arrizados, e demais bõos guerreiros,
e almogávares muitos, peões e baesteiros,
per que o castelo todo muit' aginna foi entrado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

O castelo fortemente foi derredor combatudo *cobra omitida en F*
e os muros desfezeron, ond' en gran medo metudo
foi o poblo que dentr' era; e pois que se viu vençudo,
colleusse a ũa torre mui fort'. E de cada lado
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

Na torre meteron cavas e fogo po-la queimaren *cobra omitida en F*
e os mouros que dentr' eran, por se mellor ampararen **ampararen**] apararen *E*
do fogo, ontr' as amẽas punnavan de se deitaren;
e assí morreron muitos daquel poblo malfadado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

Con esta coita tan grande do fogo que os cegava, *cobra omitida en F*
e doutra parte do fogo que os mui forte queimava,
ũa moura con seu fillo que mui máis ca sí amava,
sobiusse con el encima, que lle non foss' afogado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

E ontre dúas amẽas se foi sentar a mesquinna *cobra omitida en F*
con seu fillo pequeninno que en seus braços tiinna;

189 Concordamos coa emenda proposta por Mettmann para acadar a regularidade no cómputo silábico.

190 No Códice *F* só se copiaron as tres primeiras cobras da cantiga (vv. 1- 17), de modo que faltan os vv. 18-66.

e pero que mui gran fogo de todas partes viinna,
a moura non foi queimada nen seu fillo chamuscado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

O maestre don Gonçalvo Eanes de Calatrava, *cobra omitida en F*
que en servir Deus, en mouros guerrejar se traballava
e por end' aquela torre muito combater mandava
e outrossí don Alfonso Télez, de que ei falado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

E quando viron a torre que era toda cavada[191] **cavada**] cauda *E* | *cobra omitida en F*
e viron ontr' as amẽas aquela mour' assentada,
semelloulles a omagen de com' está fegurada
a Virgen Santa María que ten seu fill' abraçado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

E ouveron piadade eles e quantos crischãos *cobra omitida en F*
a viron, e con gran doo alçaron a Deus as mãos
que os de morte guardasse, pero que eran pagãos;
e desto quis Deus que fosse un gran miragre mostrado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

E daquela part' a torre u eles eran tan passo *cobra omitida en F*
se leixou vĩir a terra sobr' un gran chão devasso
que neũu deles morto non foi, ferido nen lasso,
nen a madre nen o fillo; mas pousouos en un prado
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

A Virgen Santa María, a que por ela rogavan *cobra omitida en F*
os crischãos. Por én todos muito se maravillavan,
a ela e a seu fillo mui grandes loores davan
e a moura foi crischãa e seu fillo batiçado.
Oraçón con piadade oe a Virgen de grado, … **oe a Virgen de grado**] *Om. E*

191 Concordamos coa emenda proposta por Mettmann en razón da rima.

CSM 206[192]

F 71v; E 190v-191v

Esta é como o Papa León cortou sa mão porque era tentado d' amor dũa moller que lla beijara e poslla Santa María e sãou

Esta é como] Como o *E*
e poslla Santa María e sãou] e pois sãoo Santa María *E*

Quen souber Santa María ben de coraçón amar,
pero o tent' o diabo, nunca o fará errar.

nunca o fará errar] en ben xell a de tornar *F*

E daquesto un miragre conteu, non á gran sazón,
dun Papa que ouv' en Roma, que nom' avía León,
e que punnou o diabo de meter en tentaçón,
porque en Santa María era todo seu cuidar.
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, …

conteu] conteo *E*

Macar era Padre Santo, o diabo traballou
per como o enganasse, e tanto pos el andou,
que por mui gran fremosura de moller o enganou,
que ll' amostrou u sa missa dizía sobr' un altar.
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, …

Macar] Porque *E*
e tanto pos el andou] *Om. F*
dizía sobr' un altar] en San Pedro foi cantar *F*
ben de coraçón amar] *Om. E*

El a dona máis fremosa doutra ren viu e meteu
mentes enas sas feituras, ca o demo o venceu;
e depois do avangeo sa oferta ll' ofereu
a dona e en gẽollos lle foi a mão beijar.
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, …

El a] E a *F* | **ren**] dona *F* | **meteu**] meteo *E*
venceu] venceo *E*
ofereu] ofereo *E*
ben de coraçón amar] *Om. E*

Pois que lle beijou a mão, ouv' el tal coita des i
que nunca ar parou mentes ena missa, nen de sí
non sabía que fezesse, e disso: «Mal día vi
beldade daquesta dona, que me fez Deus obridar
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, …

nunca] nuncas *E*
fez] faz *F*
ben de coraçón amar] *Om. E*

Des que me beijou a mão, ca de mí parte non sei;[193]
e porque me deste beijo ora tan muito paguei,
a mia mão por aquesto cona outra cortarei».

192 O texto da cantiga é ben diferente entre os vv. 23-36 segundo o transmiten os códices. Nesta edición preferimos a versión que ofrece o códice *E* porque consideramos que presenta un relato máis fácil de interpretar na súa lectura, aínda que, a contar a verdade, parece que esta segunda estrofa está de máis.

193 O códice *F* ofrece a seguinte lección para esta cobra: Poi-la missa dita ouve con gran coita, com' achei | escrito, foiss' a sa casa e fez como vos direi. | Diss': «Esta mão me tolle Deus, mas eu a tollerei». | E fillou log' un cuitelo e foi a mão cortar. | *Quen souber Santa María ben de coraçón amar…*

E fillou log' un cuitelo e foi a mão cortar.
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, … **ben de coraçón amar**] *Om. E*

O póboo parou mentes que foss' u soía ir[194]
preegar e dizer missa; e poi-lo viron partir
de preegar enas festas e de cantar, referir-
llo foron muito as gentes, e porend' en el travar.
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, … **ben de coraçón amar**] *Om. E*

Pois que ouv' a mão corta, non podía ja dizer[195]
missa de Santa María e fillouss' end' a doer,
e de coraçón rogoua que lle déss' algún poder,
per que jaquando podesse a súa missa cantar.
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, … **ben de coraçón amar**] *Om. E*

E pois viu Santa María que avía tal sabor **E pois**] Pois que *F*
de a servir, seu enguento aduss' a bõa Sennor
e untoulle ben a chaga, e perdeu log' a door,
e pósell' a súa mão ben firme en seu logar. **pósell'**] póssell' *E*
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, … **ben de coraçón amar**] *Om. E*

E tan toste foi guarido da mão, apost' e ben,
pola Virgen Groriosa, madre do que nos mantén; **pola**] pela *F*
e contou est' aas gentes, que lles non leixou én ren,
e porque o máis crevessen, foilles a mão mostrar.
Quen souber Santa María ben de coraçón amar, … **Quen … amar**] *Om. F* | **ben de coraçón amar**] *Om. E*

194 O códice *F* ofrece a seguinte lección para esta cobra: Ũa mui gran sazón ouve que non pod' a missa ir | que as gentes mui de grado soían dela oír | e ar preegar nas festas, e en aquesto falir | tiinnan que ía muito e en seu feito minguar. | *Quen souber Santa María ben de coraçón amar…*

195 O códice *F* ofrece a seguinte lección para esta cobra: E el entendeu aquesto, foi sa oraçón fazer | aa Virgen Groriosa que lle quisess' acorrer | e pola sa gran mercee que lle déss' algún poder | per que podesse ant' as gentes a súa missa cantar. | *Quen souber Santa María ben de coraçón amar…*

CSM 207

F 18v; E 191v-192r

Esta é como ũu cavaleiro poderoso levava a mal outro por un fillo que lle matara, e soltoo en ũa eigreja de Santa María, e dísselle a majestade «graças» por én

Ũu] un *E*
graças] gracias *E*

Se ome fezer de grado pola Virgen algún ben,
demostrarll' averá ela sinaes que lle praz én.

Desto vos direi miragre, ond' averedes sabor,
que mostrou Santa María con mercé e con amor[196]
a un mui bon cavaleiro e seu quito servidor,
que ena servir metía seu coraçón e seu sén.
Se ome fezer de grado pola Virgen algún ben, … **pola Virgen algún ben**] *Om. E*

El avía un seu fillo que sabía máis amar
ca sí, e un cavaleiro matoullo. E con pesar
do fillo, foi el prendelo e quisérao matar
u el seu fillo matara, que lle non valvesse ren.
Se ome fezer de grado pola Virgen algún ben, … **pola Virgen algún ben**] *Om. E*

E el levándoo preso, en ũa eigreja 'ntrou
e o pres' entrou pos ele, e el del non se nembrou; **pres'**] prest *E*
e pois que viu a omagen da Virgen, i o soltou;[197] **omagen**] eigreja *F, E* | **i o soltou**] i soltou *F, E*
e omildouss' a omagen e disso «graças» por én. **omagen**] imagen *F*
Se ome fezer de grado pola Virgen algún ben, … **pola Virgen algún ben**] *Om. E*

196 *Vid*. CSM 41, v. 27. Nesta ocasión a forma *mercé* aparece claramente reducida nos códices.

197 Concordamos coas acertadas emendas que Mettmann fai a este verso. Aínda que ambos os testemuños presentan «eigreja», ao sentido do texto convenlle mellor «omagen». Así mesmo, integramos a forma pronominal masculina en razón do cómputo silábico, que non consta en ningún dos códices.

CSM 208

F 118r; E 192r-192v

Como ũu erege de Tolosa meteu o Corpo de Deus na colmẽa e deuo aas abellas que o comessen

Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo[198]
fillou, ja per ren non pode seer nenllur ascondudo.

Ca assí como dos Ceos deceu e que foi fillar
carne da Virgen mui santa por se nos ben amostrar
de com' era Deus e ome, esto non é de negar,
macar seja o seu corpo en qualquer logar metudo.[199]
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

Ond' avẽo en Tolosa, en que soía aver
ereges de muitas guisas que non querían creer
nen en Deus nen en sa madre, ante de chão dizer[200]
ían que quen os creía, que o davan por perdudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

E macar esto dizían, as missas ían oír
e as oras enas festas, segund' oí departir,
e demais ar comungavan por se mellor encobrir;
e o que assí fazía, tiínnano por sisudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

Onde foi en ũa pasqua que un deles comungou
e fillou o *Corpus Cristi* mas per ren non o passou,
e tod' enteiro com' era ena boca o levou;
e esto fez mui cuberto, que lle non fosse sabudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

E pois chegou a sa casa, foi atal sa entençón
de deital' en algún logo mao; e como felón
foi correndo muit' aginna a un seu orto, u non
coidou que o nengún visse nen én foss' apercebudo.[201]
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

macar] ca macar *E*

nen en] en *E*

Aquele … veúdo] *Om. E*

segund'] segond' *E*

sisudo] sabudo *F*

carne por seer veúdo] *Om. E*

pasqua] páscoa *E* | **un**] ũu *F*

mas] mais *E* | **non**] *Om. F*

boca o] boque o *E*

cuberto] coberto *E*

carne por seer veúdo] *Om. E*

u] e *E*

o nengún visse] nengún visse *F, E*

carne por seer veúdo] *Om. E*

198 Vv. 1-15: En *F* falta o folio que debía conter os primeiros quince versos da composición.

199 Aínda que o verso se abre en *E* coa partícula «ca», esta parece superflua diante da conxunción adversativa «macar», ademais de aumentar incorrectamente o número de sílabas do verso, polo que se optou pola súa supresión.

200 Aceptamos a reconstrución proposta por Mettmann que completa o adverbio de negación e, ademais, axusta o cómputo silábico.

201 Aceptamos a corrección proposta por Mettmann e reintegramos o pronome persoal «o».

E en ũa sa colmẽa o deitou e diss' assí:
«Abellas, comed' aquesto, ca eu o vinno beví;
e se vós obrar sabedes, verei que faredes i».
E des i foisse mui ledo o traedor descreúdo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

carne por seer veúdo] *Om. E*

E quando chegou o tempo que aas colmẽas van
por fillar o fruito delas, foi el log' alá de pran
veer as súas e disse: «Verei que obra feit' an
na Ostia as abellas». E entón, com' atrevudo,
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

carne por seer veúdo] *Om. E*

Abriu mui tost' a colmẽa e ũa capela viu
con seu altar estar dentro, e a omagen cousiu
da Virgen cono seu fillo sobr' ele, e ar sentiu
un odor tan saboroso que logo foi convertudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

cono seu] con seu *F*

carne por seer veúdo] *Om. E*

E foi correnď ao bispo e confessóusselle ben,
e contoull' este miragre, que sol non ll' én leixou ren,
ant' a crerezía toda. E o bispo fez bon sén
e mandou assũar toste o poblo grand' e mẽúdo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

bispo] bispe *F, E*

assũar] assuar *F* | **mẽúdo**] meúdo *F*

carne por seer veúdo] *Om. E*

E con grandes procissões foron e dando loor
aa Virgen Groriosa, madre de Nostro Sennor;
e cataron a colmẽa, e pois viron o lavor,
deitouss' o poblo en terra a prezes tod' estendudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

procissões] precissões *E*

deitouss'] deitous' *F*

carne por seer veúdo] *Om. E*

E repentíronse muito e ar choraron assaz,
loando Santa María que taes miragres faz
con seu fillo Jesucristo, e adusseron en paz
aa see a capela por que fosse máis sabudo.
Aquele que ena Virgen carne por seer veúdo…

taes] muitos *E*

Aquele … veúdo] *Om. E*

CSM 209

F 119r; E 193r

Como el rei don Afonso de Castela adoeceu en Bitoria e ouv' ũa door tan grande que coidaron que morresse ende, e posséronlle de suso o livro das Cantigas de Santa María e foi guarido.

Rúbrica] *Om. F*
Castela] Castella *E*

Muito faz grand' erro, e en torto jaz,
a Deus quen lle nega o ben que lle faz.

Mas en este torto per ren non jarei
que non cont' o ben que del recebud' ei
per sa madre virgen, a que sempr' amei,
e de a loar máis doutra ren me praz.
Muito faz grand' erro, e en torto jaz, …[202]

jaz] *Om. F*

E, como non devo aver gran sabor
en loar os feitos daquesta sennor
que me val nas coitas e tolle door
e fazm' outras mercees muitas assaz?
Muito faz grand' erro, e en torto jaz, …

torto jaz] *Om. E*

Por én vos direi o que passou per mí,
jazend' en Bitoria enfermo assí
que todos cuidavan que morress' alí
e non atendían de mí bon solaz.
Muito faz grand' erro, e en torto jaz, …

torto jaz] *Om. E*

Ca ũa door me fillou i atal[203]
que eu ben cuidava que era mortal,
e braadava: «Santa María, val,
e por ta vertud' aqueste mal desfaz».
Muito faz grand' erro, e en torto jaz, …

fillou i atal] fillou atal *F, E*

e en torto jaz] *Om. E*

E os físicos mandávanme põer
panos caentes, mas non o quix fazer,
mas mandei o livro dela aduzer;
e poséronmio, e logo jouv' en paz,
Muito faz grand' erro, e en torto jaz, …

e en torto jaz] *Om. E*

202 No códice de Florencia repítense, por erro, os dous versos de refrán no comezo da segunda columna, sen advertir que o primeiro verso xa fora copiado ao final da anterior.

203 Aceptamos a reintegración proposta por Mettmann e tamén incorporamos o adverbio monosilábico «i» para acadar a isometría do verso.

Que non braadei nen sentí nulla ren
da door, mas sentime logo mui ben;
e dei ende graças a ela por én,
ca tenno ben que de meu mal lle despraz.
Muito faz grand' erro, e en torto jaz, … **e en torto jaz**] *Om. E*

Quand' esto foi, muitos eran no logar
que mostravan que avían gran pesar
de mia door e fillávans' a chorar,
estand' ante mí todos come en az.
Muito faz grand' erro, e en torto jaz, … **e en torto jaz**] *Om. E*

E pois viron a mercee que me fez
esta Virgen Santa, sennor de gran prez,
loárona muito todos dessa vez,
cada ũu põendo en terra sa faz.
Muito faz grand' erro, e en torto jaz, … **e en torto jaz**] *Om. E*

CSM 210

F 120r; E 193v; E_1 6v-7r

Esta é de loor de Santa María

Esta é] *Om F, E,* Esta VI de E_1

Muito foi noss' amigo
Gabriel quando disse:
«María, Deus é tigo».

Muito foi noss' amigo u diss' «Ave María» **diss'**] disse *F*
aa Virgen bẽeita e que Deus prendería
en ela nossa carne con que pois britaría
o inferno antigo.
Muito foi noss' amigo…

E nunca nos podía ja maior amizade **nunca**] nunqua *E, E_1* | **amizade**] amiztade E_1
mostrar que quand' adusse mandado con verdade
que Deus ome sería pola grand' omildade
que ouv' a Virgen sigo.
Muito foi noss' amigo…

Quen viu nunc' amizade que esta semellasse
en dizer tal mandado per que Deus s' enserrasse **enserrasse**] ensarrasse E_1

eno corpo da Virgen e que nos amparasse
do mortal ẽemigo?
Muito foi noss' amigo…

E esto non fezera Deus se ante non visse
a bondade da Virgen que per ela comprisse
quanto nos prometera segund' el ante disse,
gran verdade vos digo.
Muito foi noss' amigo…

E Gabriel por esto, o ángeo, devemos
amar e onrar muito ca, per que nos salvemos,
este trouxo mandado e por que sol non demos
pelo demo un figo.
Muito foi noss' amigo…

ẽemigo] eemigo E_1

trouxo] troxo E_1 | **demos**] devemos E_1
pelo] polo E_1 | **demo**] domo *E*
Muito foi noss' amigo] *Om. E*

CSM 211[204]

To 152v-153r; F 121r; E 194r

Como Santa María fez aas abellas que comprissen de cera un ciro pasqual que se queimara todo da ũa parte, e esto foi en Elche

Como Santa María fez] Esta VII é como Santa María fez *To*, Como Santa fez *F*
ciro] cirio *To*
todo] *Om. E*
e esto foi en Elche] *Om. E*

Apostos miragres faz toda vía
por nós, e fremosos, Santa María.

Fazlos muit' apostos por que ajamos
sabor de sabelos e os creamos,
e fazlos fremosos por que queramos
cobiçar d' aver a sa compannía.
Apostos miragres faz toda vía…

cobiçar] cobiiçar *To, F* | **compannía**] compañía *To, F, E*
Apostos miragres faz toda vía] *Om. E*

204 Este é un deses casos en que o texto é diferente segundo os manuscritos que o transmitan, xa que a última cobra non coincide nos tres testemuños. Nesta proposta optouse pola versión que presentan *To* e *F*, xa que a versión de *E* repite as rimas dunha estrofa moi próxima a esta última; talvez sea ese o motivo do cambio. Paréceme oportuno indicar que os versos de *F* están copiados sobre o pergameo raspado, como querendo corrixir un texto errado.

Por end' a Reínna de Piadade
fez un gran miragr' en ũa cidade
a que dizen Elche, com' en verdade
achei, de gran gente que i avía.
Apostos miragres faz toda vía…

Esto foi un día de Pentecoste
que a sa eigreja vẽeron toste
d' omes e molleres, come grand' oste,
por oír a missa que s' i dizía,
Apostos miragres faz toda vía…

Mui cantada come en atal festa,
e durou atẽen a mui gran sesta;
entón viron cousa mui mãefesta,
ond' aa gente muito desprazía.
Apostos miragres faz toda vía…

Ca viron o ciro pasqual queimado
muito dũa parte e mui menguado,
e desto o poblo foi tan coitado
que cada un deles entrestecía.
Apostos miragres faz toda vía…

Ca] Ea *To*
poblo] poboo *To*
un] ũu *F*

Eles, en aquesto assí cuidando,
viron un eixame vĩir voando,
d' abellas mui brancas, que entrou quando
o crérig' a sagra dizer quería.
Apostos miragres faz toda vía…

En tanto que as abellas chegaron
en un furado da pared' entraron
e ben d' alí o cirio lavraron
daquela cera que i falecía.
Apostos miragres faz toda vía…

un] ũu *F* | **furado**] furaco *To* | **pared'**] paret' *F, E*
cirio] ciro *To, E*
i] en *To, E*

Quand' aquesto viron tódalas gentes
e eno miragre meteron mentes,
loaron a Virgen e máis creentes
quis cada un foi que ante creía.
Apostos miragres faz toda vía…

un] ũu *F* | **creía**] criía *To*

E as abellas irs' én non quiseron[205]
mas un gran tempo alí esteveron.
Mel muit' e cera despois ar fezeron,
que non quedavan a mui gran perfía.
Apostos miragres faz toda vía…

CSM 212

E 194v-195r

Como ũa bõa dona de Toledo emprestou un sartal a ũa moller pobre por amor de Santa María e furtáronllo, e fezllo ela cobrar

Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer,
cousa que lle faça mingua grande non á de perder.

Com' avẽo en Toledo a ũa bõa moller
que polo amor de Santa María dava, quequer
que vẽess' a súa mão, aos pobres que mester
avían de lle pediren por seu amor seu aver.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **fazer**] *Om. E*

En Toled' á un costume que foi de longa sazón,
que quando i casar queren as donas que pobres son,
peden aas ricas donas de súas dõas entón,
que possan en súas vodas máis ricas aparecer.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

Aquela dona avía de seu un rico sartal
e quand' as pobres casavan, emprestávallo sen al;
e seu marido por ende un día tróuxea mal,
e que o non emprestasse foillo muito defender.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

Ela ja non o ousava porend' emprestar per ren;
e aquevos ũa dona mui pobre a ela vén
e diss': «Ai dona, por Santa María, fazede ben
e un sartal me prestade por la mia filla trager
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

205 O códice *E* presenta a seguinte versión desta cobra: E aquel eixam' estar i leixaron | que per ren tanger sol non ousaron. | E as abellas log' alí criaron | e fezeron mel a mui gran perfía. | *Apostos miragres faz toda vía…*

En sa voda». Mas, con medo en llo dar, muito dultou;
mais poi-la ela por Santa María esconjurou
que por seu amor llo désse, logo da ucha tirou
o sartal e en sa mão llo foi a furto meter.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

Ela deuo a sa filla e levoua a bannar,
com' é costum' en Toledo de quantas queren casar;
e ũa moller furtoullo e foisse per un logar
a 'scuso, e non a pode ome nen moller veer.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

A outra saíu do banno e catou muit' e non viu
o sartal u o posera, e deu vozes e carpiu; **u o**] u u *E*
e ũa moura da dona aquelas vozes oíu
do sartal que lle furtaran, e logo llo foi dizer.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

A dona con mui gran medo do marid' esmorreceu,
e foiss' a Santa María e en prezes se meteu
ant' a súa majestade, e chorou muit' e gemeu
e pediulle que aquesta coita tornass' en lezer.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

A moller que o furtara fórasse logo saír
da vila; e, pois que ome deante nen depois ir
viu, prendeu atal consello de s' a sa casa vĩir,
ca non acharía ome que llo podess' entender.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

E tornándoss' a sa casa, teve que era mellor
d' atallar pela eigreja e non ir a derredor;
e passand' assí per ela, a dona con gran door
e porque muito chorara, fillousse d' adormecer.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

E jazend' entre dormindo, antollóuxelle assí
que seu sartal lle levava aquela moller per i;
e espertouss' e chamoua, e tiroulle de so sí
o sartal, que eno sẽo ela fora asconder.
Tod' aquel que pola Virgen quiser do seu ben fazer, … **quiser do seu ben fazer**] *Om. E*

CSM 213

F 112v-113r; E 195r-196v

Como Santa María livrou ũu ome bõo en Terena de mão de seus ẽemigos que o querían matar a torto, porque ll' apõían que matara a sa moller[206]

Quen serve Santa María, a sennor mui verdadeira,
de toda cousa o guarda que lle ponnan mentireira.

E de tal razón a Virgen fez miragre connoçudo
na eigreja de Terena, que é de muitos sabudo,
ca sempre dos que a chaman é amparanç' e escudo;
e de como foi o feito contarvos ei a maneira.
Quen serve Santa María, a sennor mui verdadeira… **a sennor mui verdadeira**] *Om. E*

Un om' en Elvas morava que don Tomé nom' avía,
que sobre tod' outra cousa amava Santa María **tod'**] toda *F*
e que gannava grand' algo con sas bestas que tragía, **gannava**] gãanava *E* | **bestas**] bestias *E*
carrejand' en elas vinno e farinna e ceveira.
Quen serve Santa María, a sennor mui verdadeira… **a sennor mui verdadeira**] *Om. E*

Aquest' om' era casado con moller que el cuidava
que era bõa e salva; mais en seu cuidar errava, **mais**] mas *F*
ca ela mui máis a outros ca non a ele amava, **ele**] el *F*
e por én quando podía éralle mui torticeira.
Quen serve Santa María, a sennor mui verdadeira… **a sennor mui verdadeira**] *Om. E*

Onde ll' avẽo un día que de sa casa saído
foi el con sas mercaduras; e poi-lo ela viu ido,
por fazer máis a sa guisa, des que s' achou sen marido,
fezo como moller maa, non quis albergar senlleira.
Quen serve Santa María, a sennor mui verdadeira… **a sennor mui verdadeira**] *Om. E*

Ela fazendo tal vida, ũa noite a acharon
morta e acuitelada; e seus parentes chegaron,
e pois que a morta viron, no marido sospeitaron
que a matara a furto e se fora sa carreira.
Quen serve Santa María, a sennor mui verdadeira… **a sennor mui verdadeira**] *Om. E*

Daquest' o marido dela sol non sabía mandado;
e quando chegou a Elvas, foi logo desafiado
dos parentes dela todos, e sen esto recadado

206 *F*: Esta é como Santa María livrou un ome bõo de morte dos parentes de sa moller que o querían matar a torto ca ll' apõían que a matara ele i non era assí.

o ouvera o alcaide; mas fogiu aa fronteira.
Quen serve Santa María, a sennor mui verdadeira… **a sennor mui verdadeira**] *Om. E*

Deu sa madr' a Deus graças que lle tan ben comprido
foi o que demandava e donde se doía.
Parade mentes ora …

Prometeu aquel moço que en orden entrasse
e mantẽer castidade nos días que durasse,
e de toda folía des alí se quitasse,
e outrossí a moça assí o prometía.
Parade mentes ora …

esperança] asperança *F*

ouviste] ouveste *E*

matalo] matar lo *E*

Parade mentes ora] *Om. F*

Prometeu] rometeu *F*

o] o ar *E*

D' ambos fillaren ordin teveron por gran viço,
e a Santa María fezeron i serviço
sempr' en quanto viveron, e dest' outro boliço
do mundo se quitaron e de toda folía.
Parade mentes ora …

D' ambos] E ambos *E*

Este miragr' escrito foi logo mantenent' e
deu a Santa María graças toda a gente;
e nós assí façamos, ben sei certamente
que é dos pecadores esforç' e lum' e vía.
Parade mentes ora …

escrito] escripto *E*

Parade mentes ora] *Om. F, E*

CSM 242[244]

F 87v; E 220v-221r

Esta é como Santa María de Castroxeriz guariu de morte un pedreiro que ouvera de caer de cima da obra e esteve pendorado e tévesse nas pontas dos dedos da mão

Pendorado … mão] pendurado das mãos *F*

O que no coraçón d' ome é mui duro de creer,[245]
pódeo Santa María mui de ligeiro fazer.

duro] cruu *E*

E d' ela fazer aquesto á gran poder, a la fe[246],
ca Deus lle deu tal vertude que sobre natura é;
e por én, macar nos Ceos ela con seu fillo sé,
mui tost' acá nos acorre sa vertud' e seu poder.
O que no coraçón d' ome é mui duro de creer, …

O] *Om. F* | **é mui duro de creer**] é mui cruu de creer *F*, *Om. E.*

244 O refrán desta cantiga presenta unha diverxencia curiosa nun e outro códice que podería ser froito da corrección dun revisor, aínda que non parece apreciarse a intervención dunha man posterior en *F*, polo que o cambio debeuse producir antes da copia deste texto sobre o pergameo. Parece que, inicialmente, se pensou nun primeiro verso de refrán que contiña a secuencia «mui cruu de creer», tal como aparece en *E* e repite *F* no resto dos refráns. Non obstante, o corrector debeu pensar que esa secuencia non soaba ben e substituíu «cruu» por «duro» no verso inicial en *F,* pero, por algunha razón, non se aplicou a mesma corrección no resto do texto a xulgar pola aparición de «cruu» no v. 7, xa que nos demais casos non se copiou o segundo hemistiquio. En *E* mantense a versión inicial e, como só se copia o primeiro hemistiquio do verso, non podemos saber como operou o copista nese caso.

245 Escollemos a lección de *F* (*duro*) para evitar a aliteración (cacofónica) que se produce en *E*. Así mesmo, non temos en conta a única aparición de «cruu» en *F*, que se produce no que debería ser a primeira repetición do refrán (v. 7), que, polo que parece, non foi corrixido ao faltar o resto do verso e, polo tanto, non se produce a cacofonía (*cruu de creer*).

246 Mantemos graficamente separada a preposición do artigo xa que se trata dunha deslocación sintáctica da preposición que forma parte da perífrase (*poder de fazer*).

E dest' un mui gran miragre vos quer' eu ora contar — **eu**] *Om. E*
que en Castroxeriz fezo esta reínna sen par
por un bon ome pedreiro, que cada día lavrar
ía ena sa eigreja, que non quis leixar morrer. — **eigreja**] igreja *E*
O que no coraçón d' ome é mui duro de creer, … — **é mui duro de creer**] *Om. F, E*

Est' era mui bon maestre de pedra põer con cal, — **Est'**] este *E*
e máis doutra ren fiava na Virgen Esperital;
e por ende cada día viinna i seu jornal
lavrar en cima da obra. E ouve d' acaecer
O que no coraçón d' ome é mui duro de creer, … — **é mui duro de creer**] *Om. F, E*

Un día en que lavrava no máis alto logar i — **i**] di *F*
da obr', e ámbolos pees lle faliron e assí
cuidou caer, e a Virgen chamou, per com' aprendí, — **cuidou**] coidou *E*
os dedos en ũa pedra deitou, e fezlo tẽer
O que no coraçón d' ome é mui duro de creer, … — **é mui duro de creer**] *Om. F, E*

A Virgen Santa María enas unllas. Atán ben
o tevo, macar gross' era, que sol non caeu per ren,
e assí chamand' estava a Sennor que nos mantén,
dependorado das unllas e colgado por caer.
O que no coraçón d' ome é mui duro de creer, … — **é mui duro de creer**] *Om. F, E*

E estev' assí gran peça do día, com' apres' ei,
que acorrudo das gentes non foi, segund' eu achei; — **que**] i *F*
mas acorreulle a Virgen, a madre do Alto Rei,
ata que vẽo a gente e o fez én decender.
O que no coraçón d' ome é mui duro de creer, … — **é mui duro de creer**] *Om. F, E*

Todos quantos esto viron loaron de coraçón
a Virgen Santa María, e aquel pedreir' entón
ant' o seu altar levaron, chorando con devoçón,
e fezeron o miragre per essa terra saber.
O que no coraçón d' ome é mui duro de creer, … — **O … creer**] *Om. F, E*

CSM 243

E 221r-221v

Como ũus falcõeiros que andavan a caça estavan en coita de morte en un regueiro e chamaron Santa María de Vilasirga, e ela por sa mercee acorreulles

acorreulles] acoreulles *E*

Carreiras e semedeiros
busca a Virgen María
pera fazer toda vía
seus miragres verdadeiros.

E de tal razón com' esta avẽo ũa vegada
un miragre mui fremoso que a Virgen corõada
mostrou cabo Vilasirga per ũa mui gran geada:
como guareceu de morte estranna dous falcõeiros.
Carreiras e semedeiros…

Estes con el Rei andavan, don Afons', e seus falcões
tragían, e ar caçavan con eles muitas sazões
sen el, mas por seu mandado. Aquestes dous companões
non quiseron chamar outro e foron caçar senlleiros.
Carreiras e semedeiros…

E pois foron na ribeira u muitas aves andavan,
aas ãades deitaron os falcões que montavan;
des i deceron a elas e assí as aaguavan,
que con coita se metían so o geo nos regueiros.
Carreiras e semedeiros…

Quand' esto os falcõeiros viron, vẽeron aginna
e chegaron aa agua, cada ũu como viinna,
e britouss' entón con eles o geo, mas a Reínna
chamaron de Vilasirga que os valess' e certeiros
Carreiras e semedeiros…

vẽeron] veeron *E*

Foron ben que lles valría. Pero ant' alí jouveron
ũa peça so o geo, que saír én non poderon.
Mais chamand' a Groriosa, os geos se desfezeron
e saíron ende vivos, e log' a seus semedeiros
Carreiras e semedeiros…

Cavalgaron. Des i foron a Vilasirgu' e loores
deron a Santa María, que é sennor das sennores,

que sempre nas grandes coitas acorr' aos pecadores.
E pois est' al Rei contaron ante muitos cavaleiros.
Carreiras e semedeiros…

CSM 244

E 221v-222v

Como Santa María guareceu un ome que inchou, que coidou morrer porque escarnecía dos que ían a sa igreja

Como] omo *E*

Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén
os feitos da Groriosa con que nos faz tanto ben.

E daquest' un gran miragre en Laredo conteceu,
que fezo Santa María, aquela de que naceu
Jesocristo, deus e ome, que por nos salvar morreu.
E, por Deus, este miragre ascuitádeo mui ben.
Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén … **ao que ten en desdén**] *Om. E*

En Lared' á un' igreja que fóra da vila 'stá,
que chaman Santa María, en que ela mostrad' á
miragres bõos e muitos, e por ende van alá
as gentes e dan i algo, cada ũu do que ten.
Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén… **ao que ten en desdén**] *Om. E*

Ond' avẽo que un día, ũa balẽa saíu
e per esse mar andando ao porto recodiu;
e leixouss' ir log' a ela a gente quando a viu,
que mui poucos i ficaron, senón foi ou quen ou quen.
Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén … **ao que ten en desdén**] *Om. E*

E pois a balẽa morta foi, fillárons' a tornar
cada un per a sa casa; pero ant' ían entrar
na igreja que vos dixe e a Deus s' acomendar
e a sa bẽeita madre, de que todo ben nos vén. **bẽeita**] beeita *E*
Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén … **ao que ten en desdén**] *Om. E*

Mas un desses marinneiros fillouss' a escarnecer
da gente que i entrava, e começou a dizer:
«Ir quer' eu aa taverna, ante do vinno bever

e en aquesto ben tenno que os vencerei de sén».
Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén … **ao que ten en desdén**] *Om. E*

E logo se foi correndo e na taverna entrou;
e pois que beveu do vinno, atán ferament' inchou
e creceulle tant' o ventre, que per pouco rebentou,
que semellava cavalo que comera muito bren.
Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén … **ao que ten en desdén**] *Om. E*

O cativo mui cuitado foi quando se viu assí
estar, e a seus parentes rogoulles que fossen i
con ele aa igreja; e, segund' eu aprendí,
teveron i sa vigía e deron de seu argén.
Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén … **ao que ten en desdén**] *Om. E*

Outro día oíu missa da madre do Salvador,
e tornou entón tan são como nunca foi mellor;
e el e todos los outros deron graças e loor
aa que sempre seu nome bẽeito seja. Amén.
Gran dereit' é que mal venna ao que ten en desdén … **ao que ten en desdén**] *Om. E*

CSM 245

F 66v-67r; E 222v-224r

Como Santa María tirou un ome de prijón e o fez passar un río que era mui fondo e non se mollou

Como] omo *E*
Rúbrica] *Om. F*

O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for,
cham' a Virgen Groriosa, madre de Nostro Sennor.
O] *Om. F*

Ca pola nossa saúde prendeu dela carne Deus,
e por nós seermos salvos fézea sobre los seus
coros dos ángeos reínna; e por end', amigos meus,
dereit' é que na gran coita valla ao pecador.
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, …
Ca] a *F*
seermos] seemos *F*
morte … for] *Om. E* | **mui … for**] *Om. **F***

E sobr' aquest' un miragre mui fremoso vos direi
que fez en Riba de Limia a madre do Alto Rei,
en San Salvador da Torre, por un om', e mui ben sei
E] *Om. F*

que averedes fiança[247]
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

Entre Doir' e Minn' avía, no reino de Portugal, **Entre**] ontre *F*
tal tempo foi, roubadores que fazían muito mal,
escudeiros e peões, cavaleiros outro tal;
aquel que mẽos roubava, entr' eles era peor. **mẽos**] meos *F* | **entr'**] ontr' *F*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

En aquel tempo morava un ome bõo alí **un**] ũu *F*
en San Salvador de Torre e, per quant' eu aprendí,
fazía ben sa fazenda servindo Deus, e des i
avía gran confiança na madre do Salvador. **do**] dor *E*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

Alí no adro avía ũa capela entón
da Santa Virgen, e sempre fazía sa oraçón
est' om' alí ameúde, des i mui de coraçón
aquele logar onrava con muita fremosa fror. **muita**] mui *F* | **fremosa**] flemosa *E*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **O … for**] *Om. F* | **mui … for**] *Om. E*

O ome bõo avía nomeada que aver
avía grand'; e por ende os que soían fazer
mal e roubavan a terra fórono entón prender
e, mao pecad', avían de o espeitar sabor. **espeitar**] espertar *E*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui… for**] *Om. F, E*

Metérono en un barco e passárono alén,
e íano maltragendo que lles déss' algũa ren;
e no castelo de Nevia o meteron, e des én, **castelo**] castel *E*
o que o peor julgava tiínnass' én por mellor.[248] **mellor**] peor *F, E*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

Muitas vezes açoutado, como contaron a min,
foi, e dizían: «Vilão, oje seerá ta fin
se nos non dás quant' ouveres». E jurou par san Martín
o alcaide que de coita o faría sofredor. **coita**] cuita *E*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

En un temón o alcaide mui fort' estiralo fez
e muita da agua fría deitar sobr' el essa vez,
e o corpo con feridas ja chus negr' era ca pez,

247 Deixouse un espazo en branco para copiar o segundo hemistiquio, que non se rexistra en ningún dos manuscritos.

248 Aceptamos a solución escollida por Mettmann, máis acorde hermeneuticamente que a lectura do manuscrito.

e o alcaide dizendo: «Don vilão, traedor,
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

Dizede que nos daredes, se non, a vossa moller
e os fillos prenderemos». Ele diss' entón: «Senner,
mil soldos de leoneses vos darei per quant' ouver,
ca máis non sõo atrevudo de dar, par Nostro Sennor».
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **O … for]** *Om. F, E*

Eles esto non quiseron e fórono açoutar,
se poderían aínda del máis dinneiros levar **dinneiros**] dinneros *F*
e pois que o ben feriron, assentárons' a jantar;
todos a ũa fogueira severon a derredor.
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

O ome bõo jazendo en coita mui grand' assaz,
diss': «Ai, Virgen Groriosa, guárdam' oje, se te praz,
daquesta prijón tan forte en que o meu corpo jaz;
némbrete se t' eu serviço fiz que foss' a ta loor».
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

E el aquesto dizendo, ũa dona entón entrou
per meogo do paaço, e cada ũu a catou;
mais sol falar non poderon, nen ome non s' abalou
que se levantar podesse, mais ouveron gran pavor.
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

E foisse dereitamente, que todos a viron ir,
ao om' e desliouo e disse: «Porque servir-
me soes na mia capela, por én te vin eu guarir
desta prijón en que jazes tan fort' e tan sen sabor».
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

E fillouo pela mão mui mans' e mui sen afán **fillouo**] filloo *E*
e levouo per ontr' eles; e ben creede de pran **per ontr'**] per ant *E*
que ome non falou nada nen fezeron adamán
sol de ll' en ele travaren, e perderon a coor.
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **O … for**] *Om. F* | **mui … for**] *Om. E*

E as portas do castelo fortes, com' aprendí eu,
estavan mui ben fechadas; pero pelo poder seu
daquela que o levava abrírons', e con el deu
na riba do río Limia e disse: «Meu servidor,[249] **río Limia**] río de Limia *F, E*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … **mui … for**] *Om. F, E*

249 Aceptamos a solución escollida por Mettmann, en razón da isometría versal.

Entra no río e passa a alend', e acharás — **alend'**] alen *E*
as portas do mõesteiro sarradas; mais entrarás — **mais**] mas *E*
per elas ousadamente e na eigreja marrás
e dirás est' aos frades todos e ao prior».
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … — **mui … for**] *Om. F, E*

El ouv' espanto do río, non ousou i meter pé
e diz: «Sennor, muit' é alto; des i, u mais baixo é
á i máis de dez braçadas ou doze, per bõa fe».
Diss' ela: «Faz o que digo e non sejas dultador». — **Faz**] fais *F*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … — **mui … for**] *Om. F, E*

E meteuss' entón ao vao en aquel río medés,
que sol non ouv' i mollado pé, nen outro dano pres;
e ante que s' i metesse, díssell' ela entón: «Vés?,
de me fazeres serviço averás máis meu amor». — **máis**] mas *E*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … — **mui … for**...] *Om. F* | **O … for**...] *Om. E*

El, pois ouv' alén passado, ante que vẽess' a luz,
entrou dentro na eigreja e deitouss' ant' ũa cruz — **eigreja**] igreja *E*
e ant' ũa majestade da sennor que nos aduz
quanto de ben nós avemos e nos é defendedor.
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … — **mui … for**...] *Om. F* | **O … for**...] *Om. E*

Entraron entón os frades nas maitinnas, e tafur — **maitinnas**] matinas *F*
cuidaron entón que era e entrara per algur;
e maravillados eran, ca solamente un mur
alí entrar non podía, pero fosse furador.
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … — **mui … for**] *Om. F, E*

E disseron: «Tu que jazes, bon om' e quen te meteu
en tal logar come este? Ben louco fust' e sandeu».
Acordou, e o convento, des que o ben connoceu,
próuguelle muito con ele. E el foi departidor
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … — **mui … for**] *Om. F, E*

De quanto ll' entón vẽera, e jurou par san Denís — **e**] et *E* | **Denís**] Dinis *E*
que sempr' a Virgen servisse, pois a ela prougu' e quis
que de mal fosse livrado. E per mí seede fis
que fez pois ben sa fazenda e foi grand' esmolnador.
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … — **mui … for**] *Om. F, E*

O alcaid' entón de Nevia con súa companna vil
viron que assí perderan o pres' e os soldos mil,
e que assí ũa dona llo levara tan sotil-

ment', e viron que a Madre fora do Remiidor. | **Remiidor**] Remïidor *F*
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … | **mui … for**] *Om. F, E*

Ca ben lles diss' o convento a todos que a que sol[250] | **a que**] aquel *F, E*
fazer aos pecadores que façan todos sa prol,
que fez aqueste miragre; por én se teve por fol
cada ũu, e neún deles non foi depois malfeitor.
O que en coita de morte mui grand' ou en prijón for, … | **mui … for**] *Om. F* | **O … for**] *Om. E*

CSM 246

F 1r-1v; E 224r-225r

Esta é dũa bõa moller que ía cada sábado a ũa eigreja que chaman Santa María dos Mártires e obridóxelle e depois foi alá de noite e abríronxelle as portas da eigreja

Rúbrica] *Om. F*
dos] das *E*

A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar,
poder á nas deste mundo de as abrir e serrar.

Desto direi un miragre, segundo que aprendí,
que avẽo en Alcáçar, e creo que foi assí,
dũa mui bõa crischãa moller que morava i,
que sabía ena Virgen máis doutra cousa fiar.
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … | **nos salvar**] *Om. E*

Onde por amor da Virgen ao sábado sempr' ir
punnav' a ũa igreja súa e oraçón oír,
e levava sa oferta sigo per a oferir;
mas un sábado ll' avẽo que foi aquest' obridar
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … | **per a**] por a *E* | **A … salvar**] *Om. E*

Por fazendas de sa casa muitas que ouv' a fazer.
Mais aa tarde ll' en mente vẽo como falecer | **Mais**] Mas *E*
fora, e arrepentiusse; e por esto correger, | **arrepentiusse**] arrepentisse *F*, arepentisse *E*
foi ja tard' aa eigreja e cuidou i dentr' entrar.
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … | **pera nos salvar**] *Om. E*

250 Aceptamos a solución escollida por Mettmann, máis acorde hermeneuticamente que a lectura do manuscrito.

Esta eigrej' alongada da vila ja quant' está. **eigrej'**] igrej' *E*
Mas quando chegou a ela, cuidou logu' entrar alá,
mais as portas ben serradas achou, e fillouss' acá **mais**] mas *E* | **serradas**] sarradas *F*
de fóra fazer sas prezes e começou de chorar.
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … **pera nos salvar**] *Om. E*

E pois aquest' ouve feito e compriu sa oraçón,
viu log' as portas abertas, e foi en seu coraçón
muit' ende maravillada, porque moller nen barón
non vira que llas abrisse. E foi log' ao altar
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … **pera nos salvar**] *Om. E*

E pos i sa oferenda, des i logo se saíu
da igreja. E pois fóra foi, as portas serrar viu; **foi, as portas serrar viu**] *Om. F*
e con gran medo que ouve, logo d' alí recodiu
e foisse pera a vila, mas non de mui gran vagar.
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … **pera nos salvar**] *Om. E*

E quando foi aas portas da vila e entrar quis,
achouas assí serradas que des alí foi ben fis
de non entrar, e coitada foi én muit, par san Denís; **non**] no *E* | **coitada**] cuitada *E* | **Denís**] Dinís *E*
mas rogou entón a Virgen, que llas abriu logu' en par.
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … **pera nos salvar**] *Om. E*

Entón ũa dona bela e nobre ll' apareceu,
que a fillou pela mão e na vila a meteu
e levoua a sa casa, ond' ela prazer prendeu; **levoua**] levo' a *E*
mas ante que i chegasse, começoull' a preguntar
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … **pera nos salvar**] *Om. E*

Dizendo: «Sennor, quen sodes, que a tan pobre moller
com' eu tan gran ben fezestes?» Resposll' ela volonter:
«Eu sõo a que nas coitas acorr' a quen m' á mester, **coitas**] cuitas *E*
en que Deus por sa mercee quis de mí carne fillar».
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … **pera nos salvar**] *Om. E*

Quand' a bõa moller esto oíu, logo se deitou
a seus pees por beijarllos; mais non a viu, e ficou **mais**] mas *E*
ende mui desconortada, e en sa casa entrou, **casa**] cassa *E*
e aqueste feit' a todos outro día foi contar.
A que as portas do Ceo abriu pera nos salvar, … **A … salvar**] *Om. F* | **pera nos salvar**] *Om. E*

CSM 247

E 225r-225v

Como ũa meninna naceu cega, e a cabo de dez anos levárona a Santa María de Salas, e deulle logo seu lume Santa María

levárona] levaron *E*

Assí como Jesocristo fez veer o cego nado,
assí veer fez sa madre ũa moça mui privado.[251] **fez**] por *E*

Daquest' un miragre fezo en Salas Santa María
dũa moça que nacera cega e que non viía
nen vira pois fora nada; mas en ora dũu día
guariua Santa María, como vos será contado.
Assí como Jesocristo fez veer o cego nado, … **o cego nado**] *Om. E*

Esta, ante que nacesse, sa madre a prometera
que serviss' a sa eigreja e un estadal de cera
oferecess' i cad' ano; mas porque cega nacera,
a madr' era mui coitada e o padre mui coitado.
Assí como Jesocristo fez veer o cego nado, … **fez veer o cego nado**] *Om. E*

Pero criaron sa filla e ela foi ben crecendo;
e pois que compriu dez anos, seu padre, com' eu aprendo,
morreu, e ficou a madre; e chorando e tremendo
levou a moça a Salas e diz: «Sennor, a tí grado[252]
Assí como Jesocristo fez veer o cego nado, … **fez veer o cego nado**] *Om. E*

Que rogass' eu a teu fillo que de meu marid' ouvesse
linnag' e naceume esta filla; mas se eu soubesse[253] **naceume esta**] naceum' esta *E*
que cega me nacería, non sei ren per que quisesse
avela; mas túa seja, pois que cho por don ei dado.
Assí como Jesocristo fez veer o cego nado, … **fez veer o cego nado**] *Om. E*

E por ende cha aduxe a esta túa eigreja,
creendo que en tí éste mui gran vertude sobeja;
e se te praz seu serviço, dálle lume con que veja,
e des oimais pensa dela, ca de mí sol un bocado
Assí como Jesocristo fez veer o cego nado, … **fez veer o cego nado**] *Om. E*

251 Concordamos coa proposta de Mettmann, quen devolve o sentido orixinal ao verso.

252 A forma verbal con que remata o verso é a 3P do pretérito («agradou»), pero, por cuestións de rima, debe de lerse como unha palabra grave.

253 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

Non averá». E tan toste revolveusse muit' aginna
pera irse da eigreja; mas a mui Santa Reínna
fezo que a moça visse cona santa meezinna
que lle seu fillo mostrara, e viu logo ben provado.
Assí como Jesocristo fez veer o cego nado, …

fez veer o cego nado] *Om. E*

Aquesto viu ben a gente mui grande que i estava,
que toda comunalmente Santa María loava
que tal miragre fezera; e a moça i ficava
varrendo sempr' a eigreja como lle fora mandado.
Assí como Jesocristo fez veer o cego nado, …

fez veer o cego nado] *Om. E*

CSM 248

F 96v; E 225v-226v

Esta é como Santa María guardou na sa eigreja en Laredo dous marinneiros que se querían matar e fézeos fazer paz[254]

Sen muito ben que nos faze a Sennor Esperital,
guárdanos que non façamos quanto podemos de mal.

Ca u a nossa natura quer obrar máis mal ca ben,
guárdanos ela daquesto, que non possamos per ren.
E de tan gran piadade un miragre direi én
que mostrou grand' en Laredo a Sennor que pod' e val
Sen muito ben que nos faze a Sennor Esperital, …

que … Esperital] *Om. E*

Na sa eigreja que dixe, que sóbelo mar está
e que van en romaría as gentes muitas alá
rogar aa Groriosa, aquela que sempre dá
consello aos coitados e que nas coitas non fal.
Sen muito ben que nos faze a Sennor Esperital, …

Na] Ca *E* | **eigreja**] igreja *E*
romaría] romería *E*
coitados] cuitados *E* | **coitas**] cuitas *E*
a Sennor Esperital] *Om. F*
| **faze a Sennor Esperital**] *Om. E*

Onde foi ũa vegada que foron i albergar
muitos omees da terra e sas candeas queimar;
e entón dous marinneiros fillárons' a pelejar,
ben ant' o altar estando, de peleja mui mortal.
Sen muito ben que nos faze a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. F*
| **faze a Sennor Esperital**] *Om. E*

254 *E*: Como dous marinneiros se querían matar en Laredo ant' o altar de Santa María, e pola sa gran mercee guardoos que se non matassen nen se ferissen.

E sacaron os cuitelos log' ambos por se ferir;
mas non quis a Groriosa que o podessen comprir,
ca mover non se poderon, nen ũu a outro ir;
e toda a gent' i vẽo veer este feit' atal.
Sen muito ben que nos faze a Sennor Esperital, …

ũu a] un ao *E*

Sen … Esperital] *Om. F*
| **faze a Sennor Esperital**] *Om. E*

E assí como os braços foron ambos estender
por se ferir, non poderon per ren poi-los encoller;
e estándose catando, non se podían mover,
ben come se fossen feitos de pedra ou de metal.
Sen muito ben que nos faze a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. F*
| **faze a Sennor Esperital**] *Om. E*

E estand' assí tolleitos, cada un se repentiu
muit' e a Santa María logo mercee pediu,
e demais toda a gente que aqueste feito viu,
rogaron Santa María logo, que non ouv' i al.[255]
Sen muito ben que nos faze a Sennor Esperital, …

un] ũu *F*

feito] festo *E*

rogaron] rogando a *F*, rogando *E*

a Sennor Esperital] *Om. F*
| **faze a Sennor Esperital**] *Om. E*

E ela o rogo deles oíu e sa oraçón;
e estes que se querían mal, perdoãrons' entón,
e a gente que i era loaron de coraçón
a Virgen de que Deus quiso nacer día de Natal.
Sen muito ben que nos faze a Sennor Esperital, …

perdoãrons'] perdonárons' *E*

Sen … Esperital] *Om. F*
| **faze a Sennor Esperital**] *Om. E*

CSM 249

F 88v; E 226v-227r

Esta é como Santa María livrou de morte, en Castroxeriz, un maestre que lavrava na eigreja e que caeu de cima e non se feriu[256]

Aquel que de voontade Santa María servir,
d' ocajón será guardado e doutro mal, sen mentir.

E de tal razón com' esta un miragre vos direi
que en Castroxeriz fezo a madre do Alto Rei,
a Virgen Santa María, per com' eu aprix e sei;

255 O verbo *rogar* pode aparecer tanto sen preposición (CSM 14, 27, 43, 269 etc.) como con ela (CSM 264, 291, 298 etc.). Nesta ocasión optamos pola primeira posibilidade por causa da isometría versal. Así mesmo, acomodamos a forma verbal ao sentido da secuencia.

256 *E*: Como un maestro que lavrava na eigreja que chaman Santa María d' Almaçán, en Castroxeriz, caeu de cima en fondo, e guardoo Santa María que se non feriu.

e por Deus, meted' i mentes e querédeo oír.
Aquel que de voontade Santa María servir, …

servir] s. *E*

Quand' a eigreja fazían, a que chaman d' Almaçán,
que é en cabo da vila, muitos maestres de pran
ían i lavrar por algo que lles davan, como dan
aos que tal obra fazen. Mas un deles ren pedir
Aquel que de voontade Santa María servir, …

eigreja] igreja *E*

Aquel … servir] *Om. F* | **Santa María servir**] *Om. E*

Non quería, mais lavrava alí mui de coraçón
pora gãar da Virgen mercee e gualardón.[257]
E por end' or' ascuitade o que ll' avẽo entón,
e sempr' averedes ende que falar e departir.
Aquel que de voontade Santa María servir, …

mais] mas *E*

ascuitade] ascoitade *E*

Santa María servir] *Om. F, E*

El maestr' era de pedra, e lavrava ben assaz
e quadrava ben as pedras e põíaas en az
eno máis alto da obra, como bon maestre faz.
E un día fazend' esto fóronll' os pees falir,
Aquel que de voontade Santa María servir, …

Santa María servir] *Om. F, E*

E caeu ben do máis alto; e en caendo chamou
a Virgen Santa María, que o mui toste livrou,
ca pero que da cabeça sóbelos cantos topou,
assí o guardou a Virgen que sol non se foi ferir,
Aquel que de voontade Santa María servir, …

Santa María servir] *Om. F, E*

Nen sentiu sol se caera nen recebeu én neún mal;[258]
ante s' ergeu mui correndo, que non tev' ollo por al,
mas foiss' ao altar logo da Virgen Esperital
por loar a sa mercee e os seus bẽes gracir.
Aquel que de voontade Santa María servir, …

foiss] foi *E* | **Esperital**] espirital *E*

Santa María servir] *Om. F, E*

E quantos alí estavan deron loores por én
aa Virgen Groriosa, que os seus val e mantén.
E por ende lle roguemos que sempr' ajamos seu ben
e nos gaann' o de seu fillo, que nos vẽo remiir.
Aquel que de voontade Santa María servir, …

os] aos *E*

vẽo] veno *E*

Aquel … servir] *Om. F* | **Santa María servir**] *Om. E*

257 En ambos os dous testemuños o verso é hipómetro.

258 Os dous testemuños reflicten claramente o pron. adv. *én*, polo que haberá que supoñer unha sinalefa co verbo anterior para respectar a isometría.

CSM 250[259]

F 97v; E 227r-227v

Esta é de loor de Santa María

de Santa María] *Om. E*

Por nós, Virgen Madre,
roga Deus, teu padre,
e fill' e amigo;
Roga Deus, teu padre,
e fill' e amigo. — **e fill' e amigo**] *Om. E*

A Deus que nos preste
rógalle, pois éste
teu fill' e amigo;
Rógalle pois éste
teu fill' e amigo. — **teu fill' e amigo**] *Om. E*

Roga que nos valla,
pois el é sen falla — **el**] ele *E*
teu fill' e amigo;
Pois el é sen falla
teu fill' e amigo. — **teu fill' e amigo**] *Om. E*

Por nós, Virgen Madre,[260] — **Por …. amigo**] *Om. E*
roga Deus, teu padre,
e fill' e amigo.

259 O texto deformouse na copia de *E*, seguramente porque o copista non soubo interpretar a orixinalidade da estrofa tal como figura en *F*.

260 En *E* xa non se copiou esta *fiinda*.

CSM 251

E 227v-229r

Como Santa María levou consigo a meninna de Proença que pedía o fillo aa sa majestade

Como] omo *E*

Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer
o que pode amor da Virgen ben aver.

En terra de Proença un gran miragr' achei
escrito que fezera a Madre do Gran Rei;
e des que o oírdes, ben sõo fis e sei
que non oístes doutro nunca tal retraer.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer …

Un burgés i avía mui rico e que ben
casad' era, mas fillos non podía per ren
aver, ca lle morrían; e prometeu por én
ũa que lle nacera de en orden a meter.[261]
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer …

orden a] orden na *E*
d' o mund' avorrecer] *Om. E*

Por end' a un convento de donas, que d' alí
mui pret' era, sa madre levoua, com' oí.
E a moça na claustra, per com' eu aprendí,
viu ũa majestade enos braços tẽer
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer …

d' o mund' avorrecer] *Om. E*

Seu fillo. E de pedra eran ambos, non d' al,
mas eran tan ben feitos, que a moça atal
amor colleu con eles, que des alí sen al
niún sabor avía doutra cousa veer.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer …

d' o mund' avorrecer] *Om. E*

Sempre quand' a madre aa eigreja orar
ía e a levava sigo ant' o altar,
logo ela s' esfurtava e íasse parar
ant' aquela omagen, ond' avía prazer.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer …

aquela] aquella *E*
d' o mund' avorrecer] *Om. E*

E levávalle sempre rosa ou outra fror
ou fruita que achasse de mui bõa odor;
e con esta omagen colleu tan grand' amor,
que outra ren do mundo non sabía querer.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer …

d' o mund' avorrecer] *Om. E*

261 Nesta cantiga debense ter en conta certas sinalefas (vv. 11 e 25) para axustar o cómputo silábico.

Quando chegou seu tempo que en religión
meteron a mininna, vẽoll' a coraçón — **mininna**] minia *E*
de pedir o seu fillo da omagen entón
que faagar podesse e en braços coller.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … — **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

Porque a moça tantas vezes viían ir
as donas aa claustra e delas se partir,
por én a asseitaron, e víronlle pedir
o fill' aa omagen, e víronlle tender
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … — **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

Os braços que llo désse. E ela ar tendeu
os seus braços e deullo; e poi-lo recebeu,
a moça faagoo, e tal amor colleu
con el, que des i «fillo» começou a dizer,
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … — **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

E mui leda cantando nos braços o fillou. — **cantando**] cantado *E*
E aquesto fazendo, o convento chegou
e a omagen logo seu fill' a sí tirou,
assí que todas elas ben llo viron fazer.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … — **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

Mantenent' o convento levaron manamán — **Mantenent'**] Matenent' *E*
logo d' alí a moça, pero con grand' afán,
chorando e dizendo: «Monjas de mal talán
sodes, porque meu fillo mi fezestes perder».
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … — **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

Quando a abadess' a assí falar oíu
tan aficadamente, preguntoulle que viu;
mas chorando a moça, assí lle recodiu:
«Rógovos que meu fillo me querades render».
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … — **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

Sobr' est' a madre vẽo e preguntoull' assaz
que vira; e a moça lle diss': «A mí non praz
d' al senón de meu fillo, e dádemio en paz».
E ergeusse mui toste e fillouss' a correr,
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … — **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

E foisse á omagen e disse: «Dáme meu
fill'», e tendeu os braços como se fosse seu.
Quand' esto viu a madre, en ela salto deu,

cuidando que quería por el ensandecer.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

E sobr' est' ao Papa, que ten logar de Deus,
que d' alí mui pret' era, a madre e os seus
parentes a levaron día de san Mateus,
dizendo: «Padre santo, que pod' esto seer
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

Desta moça que «fillo» chama, e al non diz,
por un da majestade, pintad' e con verniz?
Mas vós que sodes padre da lee e joíz, **sodes**] sedes *E*
rogad' a Deus que desto a quera guarecer».
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

O Papa, que sant' ome era, resposlles: «Cras
mandarei cantar missa e tu a levarás
–diss' á ama da moça–, e se de Satanás
vén aquesta sandece, pódesse desfazer».
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

A missa foi cantada logo depo-la luz
a grand' onra da madre do que morreu na cruz;
e quando foi na sagra, aqué a madr' aduz
ant' o altar sa filla polo feito saber.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

A moça teve mentes e d' acá e d' alá,
e pois viu a Ostia alçar, disso: «Ahá,
aquel é o meu fillo, e dádemio acá».
E o Papa fez logo a Ostia trager
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

E meteulla nas mãos; e diss' ela: «Est' é
o meu amado fillo, fillo meu, a la fe;
e por ende me quero ir con el, ca temp' é».
E meteua na boca e leixousse morrer.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

Quand' esto viu o Papa, que sant' ome fiel
era, loou por ende o gran Deus d' Irrael
e a Santa María que miragre tan bel
mostrara, e tan toste o mandou escrever.
Mui gran dereito faz d' o mund' avorrecer … **d' o mund' avorrecer**] *Om. E*

CSM 252

F 81v; E 229r-229v

Esta é como Santa María guardou ũus omẽes que non morressen de juso dun gran monte de arẽa que lles caeu de suso

Esta é] *Om. E*

Tan gran poder a sa Madre deu eno fondo da terra[262] — **deu eno**] deu en *F,* deu ben en *E*
Deus d' acorrer os coitados, ben come en alta serra.

E sobr' aquest' un miragre pequen' e bõo d' oír — **pequen'**] pequenn *F, E*
direi que Santa María fez fremoso, sen mentir;
e per i saber podedes como guarda quen servir
a vai de mal e de morte, e daquesto nunca erra.
Tan gran poder a sa Madre deu eno fondo da terra … — **deu … terra**] *Om. F* | **Tan … terra**] *Om. E*

En Castroxeriz foi esto de que vos quero contar,
que por fazer a eigreja, de que vos fui ja falar, — **eigreja**] igreja *E*
omes so terra entraron pera arẽa cavar;
mas caeu logo sobr' eles o mont', e come quen serr' a
Tan gran poder a sa Madre deu eno fondo da terra … — **deu … terra]** *Om. F, E*

Porta, assí enserrados foron todos, e sen al
cuidaron que eran mortos. Mais a Sennor Esperital — **Esperital**] espirital *E*
os acorreu muit' aginna e os defendeu de mal
do demo, que ben cuidava aver sas almas per guerra.
Tan gran poder a sa Madre deu eno fondo da terra … — **deu eno fondo da terra**] *Om. F, E*

Os da vila, quand' oíron esto, per com' aprendí,
quiseron cavar o monte pera tiralos d' alí,
cuidando que mortos eran; mas acháronos assí,
todos oraçón fazendo aa Virgen que aterra
Tan gran poder a sa Madre deu eno fondo da terra … — **deu eno fondo da terra**] *Om. F, E*

O demo. E por én todos foron logo dar loor
aa Virgen Groriosa, madre de Nostro Sennor,
ant' o altar da eigreja u fazían o lavor, — **eigreja**] igreja *E*
ca o que o demo mete en ferros, ela desferra.
Tan gran poder a sa Madre deu eno fondo da terra … — **deu … terra**] *Om. F* | **Tan … terra**] *Om. E*

262 Aceptamos a proposta de Mettmann, aínda que non coincide coa lección dos manuscritos. A reconstrución que figura en *E*, que engade o adverbio *ben* para acadar o cómputo silábico parece un pouco forzada, e podería ter sido suxerida pola aparición do mesmo intensificador no verso seguinte. A lección de *F* amosaría un verso hipómetro.

CSM 253

F 36v-37r; E 229v-231r

Esta é como un romeu de França que ía a Santiago foi por Santa María de Vilasirga e non pod' én sacar un bordón de ferro que levava en pẽedença[263]

De grad' á Santa María mercee e piadade
aos que de seus pecados lla peden con omildade.

peden] pede *F, E*

Ca pela sa omildade é ela lum' e espello
de tódolos pecadores, e abrigo e consello;
e a sa virgĩidade legou forte no vencello
o demo que nos quisera todos meter so sa grade.
De grad' á Santa María mercee e piadade …

pela] pola *E*

E roga sempr' a seu fillo esta Virgen corõada
polos erros que fazemos en esta vida minguada
que nos perdon' os pecados, ca x' é nossa avogada.
Por én, dela un miragre direi e vós m' ascuitade.
De grad' á Santa María mercee e piadade …

E roga] roga E | **a**] ao *E*

mercee e piadade] *Om. F, E*

Un ome bõo morava ena vila de Tolosa
que, comoquer que pecasse, ena Virgen Groriosa
sempr' avía gran fiança; mais a Sennor Piadosa
mostroulle ben que avía del mercé de voontade.[264]
De grad' á Santa María mercee e piadade …

mercé de] mercee de *F*

mercee e piadade] *Om. F, E*

O ome bõo entendeu que andava en pecado,
e foisse confessar logo; e pois foi ben confessado,
recebeu en pẽedença que fosse logo guisado
pora ir a Santiago, ca lle mandou seu abade.
De grad' á Santa María mercee e piadade …

Santa María] *Om. F* | **mercee e piadade**] *Om. F, E*

Des i un bordón levasse de ferro en que ouvesse
de livras viint' e quatro e, comoquer que podesse,
a sas costas ou na mão o levass' e o posesse
ant' o altar de san Jame, e non foss' en poridade.
De grad' dá Santa María mercee e piadade …

mercee e piadade] *Om. E*

263 *E*: Como un romeu de França que ía a Santiago foi per Santa María de Vilasirga e non pod' én sacar un bordón de ferro grande que tragía en peedença.

264 Non podemos asegurar que a forma *mercé* sexa unha variante de lingua ou o resultado dunha redución final por sinalefa ou por apócope. Nesta ocasión preferimos deixar a forma máis acaída metricamente. *Vid.* CSM 41, v. 27.

El fez log' o mandamento de seu abade sen falla,
e o bordón fazer toste mandou, assí Deus me valla,
de viint' e quatro livras, que non mingou nemigalla;
sequer vi eu quen o vira, que m' én contou a verdade.
De grado dá Santa María mercee e piadade …

assí] asse *F*
nemigalla] nimigalla *E*
mercee e piadade] *Om. E*

E el indo per Castela con seu bordón francamente,
a eigreja do caminno viu logo i mantẽente
que chaman de Vilasirga, e preguntou aa gente
por aquel que logar era; e díssell' entón un frade:
De grad' dá Santa María mercee e piadade …

Castela] Castella *E*
i mantẽente] mantinente *E*
un] ũu *F*
De grad' á Santa María] *Om. F*
| **mercee e piadade**] *Om. F, E*

«Alí chaman Vilasirga, logar mui maravilloso,
en que muito bon miragre sempre faz e saboroso
a santa Virgen María, madre do Rei Poderoso;
e a eigreja é súa e derredor a erdade».
De grad' dá Santa María mercee e piadade …

maravilloso] mravilloso *F*
mercee e piadade] *Om. F, E*

O romeu, que muit' amava a Virgen de ben comprida,
desviousse do caminno e fez entón alá ida
e meteusse na eigreja, u sa oraçón oída
foi da Virgen Groriosa, en que á toda bondade.
De grad' dá Santa María mercee e piadade …

O romeu] Promeu *E*
eigreja] igreja *E*
mercee e piadade] *Om. F, E*

E perdón de seus pecados pediu ben alí logo
e diss': «Ai, Santa María, por este perdón te rogo».
E tan tost' o bordón grosso quebrou pelo meo logo,
que posera con sa mão el ant' a sa majestade.
De grad' dá Santa María mercee e piadade …

pediu] pidiu *E*
este] esto *E*
posera] possera *E*
mercee e piadade] *Om. F, E*

El viu o bordón quebrado assí e maravillousse
que en dúas peças caeu ja feit', e por én sinousse
e quantos alí estavan; des i entón levantousse
por s' ir e d' alí levalo por gãar sa caridade.
De grad' dá Santa María mercee e piadade …

maravillousse] maravillosse *E*
mercee e piadade] *Om. F, E*

E o bordón que jazía en dúas peças no chão,
non o tirou da eigreja, pero era bon crischão,
per poder que el ouvesse; e por én teve por vão
seu cuid', e chorando disse: «Ai, Madre de Deus, catade
De grad' dá Santa María mercee e piadade…

eigreja] igreja *E*
chorando disse] disse chorando *E*
De grad' á Santa María] *Om. F*
| **mercee e piadade**] *Om. F, E*

A vossa mui gran mercee e non a mia desmesura
grand' e sobeja e fera, que me fez fazer loucura
d' eu querer o bordón vosso levar; mais vós, Virgen pura,

vállam' a bondade vossa, e esto me perdõade». **vállam' a**] vállami a *E*
De grad' dá Santa María mercee e piadade … **mercee e piadade**] *Om. E*

E contou a razón toda como o bordón levava,
assí como ja oístes; e cada ũu loava
Deus e a sa Virgen Madr', e a crerizía cantava
log' alí *Salve Regina*, loand' a virgĩidade
De grad' dá Santa María mercee e piadade … **mercee e piadade**] *Om. E*

Desta Virgen Groriosa, que tal miragre fezera. **Desta**] Esta *F, E*
E per aquel' entenderon que o ome bõo era
solto de sa pẽedença, pois que lle tolleu tan fera
cárrega que el levava do ferr' e de sa maldade.
De grad' dá Santa María mercee e piadade… **mercee e piadade**] *Om. E*

Des i log' a Santiago foi comprir sa romaría;
e pois tornou a sa terra, serviu mui ben toda vía,
en quanto viveo, de grado a Virgen Santa María.
E por aqueste miragre todos ll' agora rogade
De grad' dá Santa María mercee e piadade… **mercee e piadade**] *Om. E*

Que nos dé en este mundo a fazer o seu serviço
e nos guarde de pecado, d' err' e de mao boliço,
si que todos merescamos vivermos por sempr' en viço
con ela e con seu Fillo; e por én «amén» cantade.
De grad' dá Santa María mercee e piadade.… **De … piadade**] *Om. F* | **mercee e piadade**] *Om. E*

CSM 254

F 6v; E 231r-231v

Esta é como dous monges que saíron da orden foron libres dos diáboos polo nome de Santa María que ementaron

Esta é] *Om. E*
diáboos] diabos *E*

O nome da Virgen Santa atán muit' é temoroso,
que quand' o oe, o demo perde seu poder astroso.

E dest' avẽo en França un gran miragre provado, **E dest'**] E daquest *E*
que mostrou Santa María, ond' aja ela bon grado; **que mostrou**] que amostrou *E*

e por end' ontr' estes outros miragres será contado,
porque sei que o terredes por bõo e por fremoso.
O nome da Virgen Santa atán muit' é temeroso, …

Virgen Santa atán] Virgen tan *E* | **Santa … temeroso**] *Om. F*

Dous monges foi que saíron un día dun mõesteiro
pora averen conorte do grand' afán e marteiro
que segund' ordin sofrían; e tod' un día enteiro
andaron riba dun río, ca era logar viçoso,
O nome da Virgen Santa atán muit' é temeroso, …

O …temeroso] *Om. F* | **Santa … temeroso**] *Om. E*

Dizendo paravlas loucas, maas e desordinnadas,
e andávanse jogand' a couces e a empeladas;
e oras e orações ja avían obridadas,
e en serviço do demo cada un er' aguçoso.
O nome da Virgen Santa atán muit' é temeroso, …

jogand' a couces] jogando couces *E*

atán muit' é temeroso] *Om. F* | **Santa … temeroso**] *Om. E*

E eles assí andando, pelo río vĩir viron
ũa barqueta pequena con omes, e dentr' oíron
que muit' entre sí falavan; e pois tod' esto cousiron,
preguntáronlles: «Quen sodes?» Diss' un deles, mui sannoso:
O nome da Virgen Santa atán muit' é temeroso, …

atán muit' é temeroso] *Om. F* | **Santa … temeroso**] *Om. E*

«Macar omes semellamos, diabos somos sen falla,
que alma d' Ebrón levamos, un alguazil, sen baralla».[265]
Disseron entón os monges: «Santa María nos valla
e livre de vossas mãos, con seu fillo grorioso».
O nome da Virgen Santa atán muit' é temeroso, …

atán muit' é temeroso] *Om. F* | **Santa … temeroso**] *Om. E*

Os diabos responderon: «Mester vos foi que chamastes
o nome da Virgen Santa e que vos en el fiastes;
ca se por esto non fosse, porque vós desemparastes
o mõesteiro, connosco forades a tẽevroso
O nome da Virgen Santa atán muit' é temeroso, …

atán muit' é temeroso] *Om. F* | **Santa … temeroso**] *Om. E*

Logar, en que muitas cuitas sofren os que i entraron».
Quand' est' oíron os monges, mantenente se tornaron
a seu mõesteir' e logo mui ben se mãefestaron,
e de Deus perdón ouveron, que é Sennor piadoso.
O nome da Virgen Santa atán muit' é temeroso, …

cuitas] coitas *F*

O … temeroso] *Om. F, E*

265 En «alma» débese interpretar «a alma» e que a prep. foi absorbida por fonética sintáctica.

CSM 255

To 95r-96r; E 231v-232r

Como Santa María guareceu a moller que fezera matar seu genro polo mal prez que ll' apõían con el, que non ardeu no fogo en que a meteron

Como] Esta LXXIIII[a] é como *To*

Na malandança
noss' amparança
e esperança
é Santa María.

Dest' un miragre vos direi ora
que a Virgen quis mui grande mostrar, — **grande mostrar**] grand' amostrar *E*
Santa María, a que sempr' ora
polos pecadores de mal guardar,
dũa burgesa
nobr' e cortesa,
que fora presa
per sa gran folía. — **per**] por *E*
Na malandança…

Esta foi rica e ben casada — **casada**] cassada *E*
e mui fremosa e de bõo sén,
e en León do Rodan morada
ouve mui bõa, per quant' aprix én;
e ouve bela — **bela**] bella *E*
filla donzela, — **donzela**] donzella *E*
de que mazela — **mazela**] manzella *E*
ll' avẽo un día.
Na malandança…

Ela e seu sennor ambos deron
sa filla a marid' a seu prazer,
e morada dessũu fezeron — **dessũu**] desũu *To*, desoũn *E*
por se por i máis viçosos tẽer. — **por i**] per i *To*
Mais mal empeço
foi no começo
ca mao preço
a sogra avía
Na malandança…

Con seu genro, pero a gran torto,
ca non fezeran eles feit' atal

com' este. Mais ela per que morto
fez foi o genro, e non ouv' i al;
ca mantenente
deu muit' argente
a maa gente
que o matar ía.
Na malandança…

E esse día, pois missa dita,
assentarons' a jantar, e mandou
chamar seu genr' a sogra maldita;
e sa moller, que por el foi, achou
mort' o marido
e escoorido,[266]
e apelido
mui grande metía.
Na malandança…

Aqueste feito toste sabudo
foi pela vila, e vẽo logu' i
o meirinno dela mui sannudo
e preguntou como morrer' assí.
E tant' andando
foi trastornando
e preguntando,
que achou a vía
Na malandança…

Per que soub' a verdade do preito;[267]
e fez recadar de mui mal talán
os que fezeran aquele feito.
Mais a sogra mãefestou a pran
de com' ouvera
coita tan fera,
per que fezer' a-
quela diabría.
Na malandança…

O meirinno, que foi fort' e bravo,
mandou fillar log' aquela moller,
e por queimala non deu un cravo,

assentarons'] asentarons' *E*

fez … talán] mantenente recadar mandou *To*

mãefestou a pran] entón mãefestou *To*

quela] aquela *To*, *E*

malandança] maladança *To*

266 Probablemente haxa que interpretar *escoorido* coa sinérese das dúas vogais.

267 Vv. 59-60: En *To* colocáronse marcas de corrección ao inicio da estrofa e na marxe inferior reprodúcese un texto alternativo para os catro primeiros versos: *Per que soub' a verdade do preito / e fez recadar logo de mal talán / os que fezeran aquele feito. / Mas a sogra mãenfestou a pran.* O novo texto foi recuperado por *E*, que o axusta metricamente, aínda que non corrixe a grafía que desatende a rima.

ca muito fazía ben seu mester.
Nen fez én jogo
nen fillou rogo,
mas ao fogo
a levou que ardía.[268]
Na malandança…

E u a levavan pela rúa
ant' a igreja da madre de Deus,
senón da camisa, toda núa,
diss' aos sergentes: «Amigos meus,
por piadade,
ant' a majestade[269]
vós me parade,
e rogala ía».
Na malandança…

Eles fezéronll' o que rogava;
e ela logu' en terra se tendeu
ant' a omagen, muito chorava
dizendo: «Madre daquel que morreu
por nós, aginna,
Virgen Reínna,
acorr' a mesquinna[270]
que en tí se fía».
Na malandança…

E logo tan toste o meirinno
disse: «Varões, levádea ja
fóra da vila cab' o caminno
u ũa casa mui vella está:
i a metede
dentr' e odede,
des i põede-
ll' o fog' a perfía».
Na malandança…

Esto foi feito tost' e correndo,
e a casa dentro e en redor
chẽa de lenna foi, com' aprendo,

fogo] fog' *To*, *E*

piadade] piedad *To*

268 Debe facerse unha sinalefa para acadar a isometría, e outra entre este verso e o anterior, tal como parecen indicar os códices.

269 Hipérmetro.

270 Hipérmetro, a menos que se supoña a crase coa vogal final do verso anterior, como xa se viu en vv. 74-75, e se verá, así mesmo, nos vv. 119-120. Diríase que se trata máis dun artificio estilístico ca dun erro forzado. (Vid. CSM 276)

e de fogo, dond' ouv' ela pavor;
ca viu a chama
queima-la rama,
de que a Ama
de Deus defendía.
Na malandança…

Pero a casa toda queimada
foi e a lenna se tornou carvón,
a moller desto non sentiu nada;
ca a Virgen, a que fez oraçón,
lle deu saúde
per sa vertude
e ameúde
o fogo tollía.
Na malandança…

ameúde] ameúd' *To, E*
fogo tollía] fogo lli tollía *To, E*

A casa foi per dúas vegadas
acenduda; mais véde-lo que fez
Santa María, que as coitadas
acorre sempre: non quis nulla vez
que s' i perdesse
nen que ardesse
nen que morresse
a que ben quería.
Na malandança…

Quand' est' o meirinno e as gentes
viron, fillárons' end' a repentir,
e mandaron log' aos sergentes
que a fezessen do fogo saír;
des i con cantos
ela foi tantos
levada, quantos
mui de dur diría.
Na malandança…

des i] log e *E*

E pois que ela foi na igreja,
os crérigos se pararon en az
e loaron a que sempre seja
bẽeita polos miragres que faz
maravillosos
e piadosos,
e saborosos
d' oír toda vía.
Na malandança…

Na malandança] *Om. To*

CSM 256

F 7v; E 232v-233r

Esta é como Santa María guareceu a Reínna Dona Beatriz de grand' enfermidade, porque aorou a sa omage con grand' esperança

Esta é] *Om. E*
esperança] asperança *E*

Quen na Virgen Groriosa esperança mui grand' á,
macar seja muit' enfermo, ela mui ben o guarrá.

E dest' un mui gran miragre vos quero dizer que vi,
e pero era meninno, némbrame que foi assí, — **meninno**] mininno *F* | **némbrame**] mémbrame *E*
ca m' estava eu deante e todo vi e oí, — **todo vi**] tod' ouví *F*
que fezo Santa María, que muitos fez e fará.
Quen na Virgen Groriosa esperança mui grand' á, … — **esperança … á**] *Om. F* | **Groriosa … á**] *Om. E*

Esto foi en aquel ano quando o mui bon rei gãou,
Don Fernando, a Capela e de crischãos poblou;
e sa moller, a reínna Dona Beatriz, mandou
que fosse morar en Conca, enquant' el foi acolá
Quen na Virgen Groriosa esperança mui grand' á, … — **Quen … á**] *Om. F* | **esperança … á**] *Om. E*

Na oste, e seu mandado fez ela mui volonter; — **Na oste, e seu**] Aa oste seu *E*
e quando foi na cidade, peor enferma moller
non vistes do que foi ela, ca pero de Monpisler — **Monpisler**] Monpiler *F*
bõos físicos i eran, dizían: «Non viverá».
Quen na Virgen Groriosa esperança mui grand' á, … — **esperança mui grand' á**] *Om. E*

E porque esto dizían non era mui sen razón,
ca d' aver ela seu fillo estava ena sazón;
e avía tan gran fever, que quen a viía entón
dizía: «Seguramente, desta non escapará».
Quen na Virgen Groriosa esperança mui grand' á, … — **esperança mui grand' á**] *Om. E*

Mais la Reínna, que serva era da que pod' e val, — **Mais**] mas *E*
Virgen Santa Groriosa, reínna esperital, — **esperital**] espirital *E*
fez trager ũa omagen, mui ben feita de metal,
de Santa Marí' e disse: «Esta cabo mí será.
Quen na Virgen Groriosa esperança mui grand' á, … — **sa … á**] *Om. E*

Ca pois eu a sa fegura vir, atal creença ei
que de todos estes maes que atán toste guarrei;
por end' a mí a chegade e logo lle beijarei

as sas maõs e os pees, ca mui gran prol me terrá».
Quen na Virgen Groriosa esperança mui grand' á, … **esperança mui grand' á**] *Om. E*

E tod' est' assí foi feito. E logo, sen outra ren,
de todos aqueles maes guariu a Reínna tan ben
per poder da Groriosa, que nada non sentiu én.
Por én será de mal siso o que a non loará.
Quen na Virgen Groriosa esperança mui grand' á, … **Quen …á**] *Om. F* | **esperança … á**] *Om. E*

CSM 257

F 55v; E 233r-233v

Esta é como Santa María guardou sas relicas que se non danassen ontr' outras muitas que se danaron

Esta é] *Om. E*
danassen] dannassen *F*
ontr'] entr' *E*

Ben guarda Santa María pola sa vertude
sas relicas per que muitos receben saúde.

Desto direi un miragre grand' a maravilla,
que a el Rei don Afons' avẽo. En Sevilla **a el**] al *E* | **Afons' avẽo**] Afonso avẽo *E*
foi guardar relicas da madre de Deus e filla,
e de santos; e direi com', e Deus i m' ajude.
Ben guarda Santa María pola sa vertude…

As relicas eran muitas de Santa María
e de santos e de santas por que Deus fazía
miragres; e el Rei enserroas aquel día **miragres**] miragres muitos *E*
e foiss' end', e non as mandou catar a miúde.
Ben guarda Santa María pela sa vertude… **pela sa vertude**] *Om. F, E*

Foiss' el Rei pera Castela u morou dez anos;
e pois vẽo a Sevilla, achou grandes danos
nas relicas, pero siían envoltas en panos:
mais a Virgen preciosa ao seu recude. **mais**] mas *E*
Ben guarda Santa María pela sa vertude… **pela sa vertude**] *Om. F, E*

Tódalas outras relicas achou mal danadas — **danadas**] dannadas *E*
e as arcas en que siían mal desbaratadas; — **siían**] seian *E*
mais as de Santa María eran ben guardadas,
ca o dano das sas cousas mui ben se sacude.
Ben guarda Santa María pela sa vertude… — **pela sa vertude**] *Om. F, E*

Quand' aquesto viu el Rei don Afonso, loores
deu grandes a Jesucristo, Sennor dos Sennores;
e ouve des i da Virgen tan grandes amores,
que cuido que o coraçón nunca ende mude. — **nunca ende**] nunca o ende *E*
Ben guarda Santa María pela sa vertude… — **pela sa vertude**] *Om. F, E*

CSM 258

E 233v-234v

Como Santa María acrecentou a ũa bõa dona a massa que tiinna pera pan fazer

Como] omo *E*

Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar
omees de cinque pães, quequer pod' acrecentar.

E de tal razón com' esta un miragre vos direi — **E**] *Om. E*
que mostrou Santa María en Proença, com' achei
escrito ontr' outros muitos, e assí o contarei
que, se o ben ascuitardes, faravos muit' alegrar.
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… — **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

Un an' en aquela terra foi mui caro, com' oí,
e ũa moller mui bõa, que amava máis ca sí
a Virgen Santa María e, segund' eu aprendí,
polo seu amor esmolna a quen lla pedía dar
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… — **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

Ía mui de bõa mente, e dava ben a comer
a pobres do que avía, segundo o seu poder;
e por aquesto farinna mandava muita fazer
de que pois pães fezessen, con que os fosse fartar.
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… — **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

Mas aquel ano tan caro foi, que todo despendeu
quanto pan comprad' avía e quanto do seu colleu;
e poi-lo despendeu todo, un día ll' acaeceu
que lle vẽeron i pobres con gran fame demandar
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

Esmolna como soían. E el' amassando pan
entón estava, e logo os fez coller manamán
e deulles a massa toda quanta pera sí de pran
tiinna e pera eles, que ren non ll' én foi ficar.
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

Ela enquant' amassava a un seu fillo mandou
caentar mui ben o forno, e ele o caentou; **caentou**] cantou *E*
e quando foi ben caente, logo sa madre chamou,
dizéndolle que os pães foss' ao forno levar.
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

E ela con gran vergonna diss' ao fillo: «Par Deus, **E ela**] Dela *E*
quanta massa eu avía deia aos pobres seus **deia**] dei *E*
por amor da Santa Virgen, que é lume destes meus **da**] de *E*
ollos, que os meus pecados me faç' a Deus perdõar».
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

Quand' aquest' oíu o fillo, queixóusselle muit' entón;
e a madre mui cuitada foi correndo de randón
u ant' a massa estava que ja dera, que sol non
minguava én nulla cousa dela. E log' a sinar
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

Se fillou, e depois esto, ar direivo-lo que fez:
foiss' aa rúa chorando e loand' a do bon prez,
a madre de Jesucristo, por aquesta grãadez
tan grande que feit' avía, e fez a todos chorar.
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

E chorand' entón loavan a madre do Salvador
por tan fremoso miragre que fezera por amor
daquela que a servía; e dándolle gran loor,
poseron ricas ofertas logo sobre o seu altar.
Aquela que a seu fillo viu cinque mil avondar… **viu cinque mil avondar**] *Om. E*

CSM 259

F 54v; E 234v-235r

Como Santa María fez avĩir na sa eigreja d' Arraz dous jograres que se querían mal, e deulles ũa candea que non pode trager outri senón eles

trager outri] outre trager *E*

Santa María punna d' avĩir
os seus por se deles mellor servir.

Dest' un miragre grande foi fazer
a Virgen, que vos quero retraer,
de dous jograres que fez ben querer;
mais o demo provou de os partir, **mais**] mas *E*
Santa María punna d' avĩir…

Ca pero se sabían muit' amar,
fézeos o demo assí gresgar
que s' enviaron logo desfiar; **enviaron**] environ *F*
mais la Virgen non llo quis consentir, **mais**] mas *E*
Santa María punna d' avĩir… **Santa María punna d' avĩir**] *Om. E*

Ca lles vẽo en sonnos e assí
lles diss': «Amigos, id' ambos a mí
á mia eigreja d' Arraz, e alí
vos direi como vos mando guarir». **mando**] mado *F*
Santa María punna d' avĩir…

Cada un deles quando s' espertou **un**] ũu *F*
quanto lles ela disse lles nembrou,
e foron i u lles ela mandou,
e vírona escontra sí vĩir,
Santa María punna d' avĩir…

E diss': «Amigos, vossa entençón
partid', e ambos mui de coraçón **mui de coraçón**] mui coraçon *F*
amade mí e vós muit', e al non
façades, ca vos non ei de falir».
Santa María punna d' avĩir…

E deulles log' ũa candea tal
con que sãassen as gentes do mal
a que chaman fogo de san Marçal,
e sãan quantos aló queren ir.
Santa María punna d' avĩir… **punna**] punn *E*

Fórons' ambos d' alí en grand' amor
e sãavan as gentes da door,
como lles foi mandado da Sennor
que nunca mentiu nen á de mentir.
Santa María punna d' aviĩr…

O bispo daquel logar lles fillou
a candea, mas mui mal baratou:
ca o fogo no pé lle começou
e quería contra cima sobir.
Santa María punna d' aviĩr…

Quand' esto viu o bispo de mal sén,
pediulles daquela cera por én;
e déronlla a bever, e mui ben
lle fez o fogo logo del fogir.
Santa María punna d' aviĩr…

Oj' este día esta vertud' an
os jograres da terra que i van,
e tan ben sãan as gentes de pran,
que non an pois daquel mal a sentir.
Santa María punna d' aviĩr…

pediulles] perdiulles *E*

fogir] fugir *F*

Santa … aviĩr] *Om. F*

CSM 260

E 235v

Esta é de loor de Santa María

Dized', ai trobadores,
a sennor das sennores,
por que a non loades?

Se vós trobar sabedes,
a por que Deus avedes,
por que a non loades?

A sennor que dá vida
e é de ben comprida,
por que a non loades?

A que nunca nos mente
e nossa coita sente,
por que a non loades?

a non loades] *Om. E*

A que é máis que bõa
e por que Deus perdõa,
por que a non loades?

a non loades] *Om. E*

A que nos dá conorte
na vida e na morte,
por que a non loades?

a non loades] *Om. E*

A que faz o que morre
viv' e que nos acorre,
por que a non loades?

por que a non loades] *Om. E*

CSM 261

F 44v-45r; E 235v-236v

Esta é da bõa dona que desejava veer, máis d' al, ome bõo e de bõa vida e bõa dona outrossí cada que oía deles falar

desejava] deseia *E*
cada que oía deles falar] *Om. E*

Quen Jesucrist' e sa madre veer
quiser, en sa vida á de guardar
como punne de lles fazer prazer
e se guarde de lles fazer pesar.

Dest' un miragre quero retraer
que fez a Virgen que non ouve par
por ũa bõa dona que veer
bõos omes quería e onrar,
e bõas donas; e foillos mostrar
Santa María e fez connocer.
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

ũa] ua *F*

Un santo bispo, com' oí dizer,
vẽo a essa terra preegar,
e ela con sabor de o veer

ll' enviou muito dizer e rogar
que se de Deus quisess' algo falar, — **quisess'**] quissess' *E*
ena eigreja iría seer
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

Ela. E ele vẽo sen lezer
e começou mui ben a sermõar; — **começou**] começou *E*
e ela, tanto que o foi veer,
connoceo, ca Deus llo quis guisar.
E pois a el se foi mãefestar, — **mãefestar**] mãestar *E*
descobriull' entón todo seu querer.
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

E el assí lle soube responder:
«Se ome bõo queredes catar
e bõa dona, eu volos veer
farei ambos; mais ant' a jajũar — **mais**] mas *E*
averedes e mui soa estar
en ũa casa e i atender».
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

Ela o fez sen vagar i prender.
E pois nove días foi acabar,
ũa noite quiso Deus que veer
o podesse, ca viu gran lum' entrar
per ũa estr' e per outra passar,
como per ponte passada fazer
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

Per i os santos. E ela saber
quis quen eran, e log' a preguntar
se fillou o primeiro que veer
foi deles, e preslo a conjurar
que lle non fosse verdade negar — **verdade**] verdat *E*
deles quen eran. E el responder-
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

Lle foi assí: «Estes foron sofrer
por Deus en este mund' e endurar
muitas coitas per a ele veer — **per**] por *E*
no Paraíso, e por én chamar-
lles foron «santos» per todo logar;
e vós assí o devedes creer.
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

E os outros que oídes leer
loando a Deus e aposto cantar,
ángeos son que o sempre veer
poden; e aqueles dous que chegar
veedes, Jesucristo sen dultar
ést' e sa madre, onde foi nacer».
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

Quando os viu, foi as mãos erger
contra o ceo e press' a chorar
e díssolles: «Sennores, pois veer
quisestes que vos foss', oimais levar-
me querades convosco sen tardar».
E log' ant' eles foi morta caer.
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

oimáis] oimás *E*

O santo bispo foi est' entender
da morte dela, e maravillar-
se foi muito, ca Deus lle fez veer
dela o feit' e non llo quis celar.
E fezo sas compannas espertar
e punnou logo d' alí a mover,
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

E foiss' aginna sen se detẽer.
E pois chegou, fez as portas britar
e buscou a dona pola veer,
e viua morta e mellor cheirar
que nullas especias d' Ultramar,
daquestas que ende soen trager.
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

soen] sõen *E*

Esto mandou en escrito meter
o santo bispo, e fez én loar
a Jesucristo que llo fez veer,[271]
e a sa madre non ar quis leixar
que non fossen grandes loores dar,
ca tal feito non lles quis asconder.
Quen Jesucrist' e sa madre veer …

lles] lle *E*

271 Repárese en como o verbo *veer* funciona como *palabra rima*, en combinación co refrán.

CSM 262

E 236v-237v

Como Santa María guareceu no Poi ũa moller que era sorda e muda

Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira,
devémosla loar porque nos demostra én carreira.

E daquest' un gran miragre fezo a Virgen, que sol
fazer outros grandes muitos por achegar nossa prol;
mas eno Poi fez aquesto a máis fremosa que sol
nen que tódalas estrelas, aquest' é cousa certeira.
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **Se … verdadeira**] *Om. E*

Este logar é bispado, e eigreja nobr' á i
u tod' aquestes miragres faz ela, com' aprendí,
e por ende muitas gentes de todas partes van i;
onde fez grand' ũa noite miragr' en esta maneira:
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

A ora de madodinnos fezo a terra tremer
con torvões e coriscos de todas partes caer,
assí que todos fogiron, non o podendo sofrer,
e desta guis' a eigreja ficou d' omees senlleira. **guis'**] guiss *E*
Se non loássemos por al a Sennor mui veradeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

As portas e as fẽestras serráronse logu' en par,
e os santos e as santas começaron de cantar
ant' a Virgen que poseran ant' encima do altar,
en bon son *Salve Regina*; e esta foi a primeira
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

Vez que nunca foi cantada. Mas ũa moller ficou,
sord' e muda, na eigreja, que con medo se deitou
tras lo altar, e viu logo con seus ollos e falou,
e ficou ben de seus nembros toda sãa e enteira.
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

E comoquer que falasse nas outras razões ben,
Salve Reínna sabía dizer mellor doutra ren
toda mui compridamente, que ren non minguava én,
como lle mostrou a Virgen que non ouve companneira. **mostrou**] moustrou *E*
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

En outro día, as gentes vẽeron missa oír
e viron as portas clusas e quiséronas abrir, **clusas**] cluusas *E*
mas non poderon; e logo fillárons' a repentir
de seus pecados, e foilles entón a Virgen porteira.
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

E pois foron na eigreja, logo a moller saíu
detrás lo altar u era, e contoulles como viu
a Virgen Santa María e como a todos oíu
ben cantar *Salve Regina*. E máis gente que en feira
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

Foi log' alí ajuntada, que todos en mui bon son
cantaron *Salve Regina*, chorando de coraçón.
E des alí adeante estabiliron que non
albergasse na eigreja leigo nen leiga nen freira.
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

E por end' esto creede, e non creades end' al
que por outros trobadores mostrasse tan gran sinal
a Virgen Santa María, senón porque a muitos val;
e se faz grandes miragres, esto ll' é cousa ligeira.
Se non loássemos por al a Sennor mui verdadeira, … **a Sennor mui verdadeira**] *Om. E*

CSM 263

F 89v-90r; E 237v-238r

Esta é como Santa María guareceu en Cudejo, preto de Santander, ũu ome que era tolleito de todo o corpo[272]

Muit' é benaventurado
e en bon ponto naceu
o que da Virgen mandado
fez e a obedeceu. **obedeceu**] obedeeceu *E*

Ca ela sempre a nos dá que façamos o mellor **Ca**] a *E*
per que nos guardemos d' erro e ajamo-lo amor **e ajamo-lo amor**] e ajámo-lo mellor *F*
de Deus, e que ar sejamos sen coita e sen door;

272 *E*: Como Santa María apareceu a un ome que era tolleito de tódolos nembros e dísselle que se fezesse levar a sa igreja e sería logo são.

por én, quen a non crevesse sería muito sandeu.
Muit' é benaventurado…

Muit' é benaventurado] *Om. E*

E daquest' un gran miragre mui preto de Santander
fez a Virgen, en Cudejo, dun ome que gran mester
avía d' aver saúde, que qual de seus nembros quer
perdera en tal maneira, per que o corpo perdeu.
Muit' é benaventurado…

E deste mal tan cuitado era que sol se volver
non podía nen ergerse eno leito nen seer,
e chorando e gemendo non quedava de dizer
que o acorress' a Virgen, que a muitos acorreu.
Muit' é benaventurado…

ergerse] ergesse *E*
gemendo] dizendo *F*

Un día fazend' aquesto, mostróusselle, sen dultar,
a Virgen Santa María e disse: «Se tu sãar
queres desta 'nfermidade, faiste tan toste levar
a esta eigreja logo». E el espavoreceu,
Muit' é benaventurado…

desta 'nfermidade] dessa 'nfermidade *F*

Pero falou como pode e disse: «Alá irei
u me mandades que vaa; mas pois i for, que farei?»
Diss' ela: «Faz ũa missa cantar, ca de certo sei
que, pois que o Corpo vires de Deus que por tí morreu,
Muit' é benaventurado…

Faz] fas *F*

Que tan toste gran saúde no corpo receberás.
Onde fazti levar logo, sol que vires a luz cras;
mas a missa que te digo da Madre de Deus farás
dizer, e verá-lo corpo daquel que dela naceu,
Muit' é benaventurado…

E logo serás guarido e ar cobrarás teu sén».
E el, poi-la viu fremosa e ar vestida tan ben,
dísselle: «Por Deus, ai dona, dizede quen sodes, quen?»
Diss' ela: «Santa María, de que Deus carne prendeu».
Muit' é benaventurado…

Foiss' a Virgen; ficou ele e fez quanto lle mandou.
E pois foi ena eigreja e a missa ascuitou
e viu o Corpo de Cristo, que chorando aorou,
logo foi guarid' e são, e d' u jazía s' ergeu
Muit' é benaventurado…

eigreja] igreia *E*

E ao altar dereito se fillou correnď a ir.
Quand' aquesto viu a gente, todos logo, sen mentir,

loaron Santa María porque nunca quer falir
de valer a quen a chama, com' a aqueste valeu.
Muit' é benaventurado…

CSM 264

E 238r-239r

Como Santa María fez perecer as naves dos mouros que tiinnan cercada Costantinopla, tanto que os crischãos poseron a sa imagen na riba do mar

tiinnan] tiinan *E*

Pois aos seus que ama defende toda vía,
dereit' é que defenda a sí Santa María.

E daquest' un miragre vos quero contar ora
que fez Santa María, a que nunca demora
de rogar a seu fillo, ca sempre por nós ora
que nos valla nas coitas mui grandes toda vía.
Pois aos seus que ama defende toda vía, …

E ela, por vertude que del á, nos defende
e defende a sí misma quand' algún torto prende;
ond' aqueste miragre que vos direi por ende
fez en Costantinopla, u gran torto prendía.
Pois aos seus que ama defende toda vía, … **defende toda vía**] *Om. E*

Ca os mouros vẽeron cercala con gran brío
per mar con sas galeas e con mui gran navío;
e assí os cuitaron que per força do río
lles tolleron a agua, ond' a gente bevía.
Pois aos seus que ama defende toda vía, … **defende toda vía**] *Om. E*

Assí que os crischãos con mui gran cuita fera
foron aa omagen que san Lucas fezera
da Virgen Groriosa, que ja muitos ouvera
feitos grandes miragres e sempre os fazía.
Pois aos seus que ama defende toda vía, ... **defende toda vía**] *Om. E*

Esta omagen era en távoa pintada
mui ben e muit' aposto, e assí fegurada
como moller que fosse mui ben faicõada:
como a Virgen Santa pareceu, parecía.
Pois aos seus que ama defende toda vía, … **defende toda vía**] *Om. E*

E ante que morresse a Virgen, fora feita
a semellante dela por destroír a seita
dos judeus e do demo, que sempre nos espreita
por fazer que caiamos en err' e en folía.
Pois aos seus que ama defende toda vía, … **defende toda vía**] *Om. E*

Esta põer mandara na riba, mantẽente,
do mar un cavaleiro que era mui creente
na Virgen Groriosa, porque viu que a gente
cuitada e seu preito todo pera mal ía.
Pois aos seus que ama defende toda vía, … **defende toda vía**] *Om. E*

E quand' alí foi posta, chorando lle rogaron
dizend': «Aquestes mouros que nos assí cercaron,
dálles tu maa cima desto que começaron,
que contra o teu fillo fillan tan gran perfía».
Pois aos seus que ama defende toda vía, …

Quand' est' ouveron dito, eno mar a poseron
u a feriss' as ondas, e assí lle disseron:
«A tí e nós defende destes que non creveron
nen creen no teu fillo, ca mester nos sería».
Pois aos seus que ama defende toda vía, … **defende toda vía**] *Om. E*

Entón toda a gente aos ceos as mãos
alçaron, e tan toste as naves dos pagãos
eno mar s' afondaron per rogo dos crischãos
e da Bẽeita Madre, que os guiou e guía.
Pois aos seus que ama defende toda vía, … **defende toda vía**] *Om. E*

E por este miragre deron grandes loores **deron**] doron *E*
todos comũalmente, maiores e mẽores,
aa Virgen bẽeita, que aos pecadores
acorr' e a coitados nas coitas noit' e día.
Pois aos seus que ama defende toda vía, … **Pois … vía**] *Om. E*

CSM 265

F 23v-24r; E 239r-240v

Como Santa María guareceu a Joán Damascẽo da mão que lle mandara tallar o Emperador

Damascẽo] Damacẽo *F*, *E*
lle mandara tallar o Emperador] avía corta *E*

Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón
aos seus que torto prenden sen razón.

Un miragre desto que escrit' achei
en un livr' antigo vos ora direi
que a Virgen madre fez do Alto Rei,
ond' ajades piadad' e devoçón.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

santa dá bon gualardón] *Om. F*

Joán Damascen' ouve nome, sei ben,
por quen o miragre fez a que nos ten
en firm' esperança de nos fazer ben
eno Paraíso u os santos son.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Est' ome de linnage foi non rafez,
mais de grand', e sempre de sa meninnez
aprendeu nas artes, por que maior prez
ouve dos que eran en essa sazón[273]
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

De saber. E soube sempre ben sen mal,
e Santa María, a que pod' e val,
amou máis que al ren, e por lle leal
seer entrou logo en religión.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

E sas oras todas sempre ben rezou,
e pois foi de missa, mui ben a cantou
a Virgen loando. Mais pois, cativou
de mouros e levado foi en prijón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

a Persia; e un mouro rico deu
por el seu aver, e ficou servo seu.

273 Emendamos «ssa» (presente nos dous códices) por «essa» xa que se trata dun erro que afecta, ademais, ao cómputo silábico.

E alí jazendo, per quant' aprix eu,
sempr' a Deus rogava mui de coraçón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

E a Santa María, que ajudar
o quisess' e daquela coita tirar.
E ela o fez a seu sennor amar,
assí que o leixou entrar a baldón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

En sa casa e amostrar a leer
a seu fill' e outrossí a escrever
com' el escrevía, que sol connocer
non podían nen fazer estremaçón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Qual deles escrevía máis nen mellor.
E pois esto soube o emperador,
enviou dizer a aquel seu sennor
que logo sen al llo enviass' en don;
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

E ele o fezo logo manamán.
E o emperador, poi-lo viu, mui gran
prazer con el ouv' e en orden de san
Bẽeito o fez logo meter entón,
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

En un mõesteiro, per quant' aprendí,
que era en Roma; e íano i
veer ameúd', e el estand' alí,
seu conssell' oía sempr' e seu sermón.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

E sempre lle consellava que con Deus
se tevesse muit', e des i aos seus
sempre ben fezess', e pobres e romeus
ouvessen mui gran part' e mui gran quinnón.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Mais en Persia o fillo do burgés,
cujo preso fora, tal enveja pres,
que fezo de cartas dous pares ou tres
e enviou sobre atal entençón,
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

En] *Om. F, E*

tevesse] tovesse *E*

Mais] mas *F*

Porque sa létera estremar adur
podería ome da súa nenllur
poi-las achassen, ca nunca mur con mur
se máis semellaron en súa feiçón.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

E disse a un seu ome: «Vaite, senner,
ben alí u o emperador sever;
aquestas cartas deitarás comoquer
lonj' ũa doutra, ca ajuntadas non».
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

E o mandadeiro desto non falir
quis e foi deitar as cartas, sen mentir,
u o emperador achou, que abrir
as foi e tornou bravo com' un león.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Ca as cartas dizían: «Aos d' alá,
nossos amigos que en Africa á:
eu, Joán Damascẽo, que viv' acá,
vos envío saudar con bẽeiçón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

De Deus, nosso Padre, que en Ceo sé.
Que eno emperio pouca gent' é
sabede, e mal bastido, a la fe,
está; por que vós toste de sugeçón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Poderedes saír ora, se vos praz».
O emperador, pois viu esto, assaz
catou as léteras e diss': «O malvaz
Joán Damascen' aquesta traiçón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Fez, ca destas léteras soon ben fis
que ele as escriviu, par san Denís;
mais faréivoll' eu o que mal fazer quis,
que el de sí veja mui maa vijón».
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Logu' entón aos seus consello pediu
sobr' aqueste feito; e pois que oíu,
a don Joán Damascẽo, u o viu

feiçón] faicon *E*

emperio] empeiro *F*
sabede] babede *E*

Sempr' … gualardón] *Om. F*

pediu] pidiu *E*

Damascẽo] Damacẽo *E*

o póboo, mandoulle fazer lijón.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

E a un seu ome disse logo: «Tol-
ll' a mão destra, porque fez come fol
aquela carta; e pois faça sa prol
per u máis poder». E el en oraçón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Se foi deitar, per com' o escrito diz,
ant' o altar da Santa Emperadriz
e dizend' assí: «Se t' eu serviço fiz,
mostra teu miragr' en tan grand' oqueijón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Que collí da mão; mas quant' ũa noz
non dou pela chaga, ca non dol nen coz.
Mais tu que es madre daquel que Aioz
chamad' é dos gregos, fas ta petiçón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Que me dé mia mão, ca eu nunca fix
esta traiçón nen fazela non quix;
e se cantar ou loor eu de tí dix
que te prouguesse, faslle tu este son».
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Toda a noite ben atẽen a luz
jouv' esto dizendo e tendud' en cruz
ant' o altar. Mais la que sempre aduz
ben, trouxe a mão e eno tocón
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

Lla pos, e foi são eno mes d' abril;
e logo ant' o Emperador gentil
e ante outros omẽes ben cen mil
cantou sa missa e fez gran precissón.
Sempr' a Virgen santa dá bon gualardón …

oqueijón] ocajon *F*

mas] mais *F*

tu] *Om. F*

traiçón] traçón *E*

omẽes] omees *E*

Sempr' … gualardón] *Om. F*

CSM 266

E 240v-241r

Como Santa María de Castroxeriz guardou a gente que siía na igreja oíndo o sermón, dũa trave que caeu de cima da igreja sobr' eles

Castroxeriz] Castroxerez *E*
oíndo] oído *E*

De muitas guisas miragres a Virgen Esperital
faz por que en Deus creamos e por nos guardar de mal.

E por esto contar quero dun escrito en que diz
un mui fremoso miragre que fez en Castroxeriz
a Virgen Santa María, ond' aqueste cantar fiz;
e, por Deus, parad' i mentes e non faledes en al.
De muitas guisas miragres a Virgen Esperital… **miragres a Virgen Esperital**] *Om. E*

Aquesto foi na igreja que chamada é de pran
de todos Santa María, e muitas gentes i van
têer alí sas vegías e de grad' i do seu dan
por se fazer a eigreja e a torr' e o portal.
De muitas guisas miragres a Virgen Esperital… **miragres a Virgen Esperital**] *Om. E*

E por aquesto madeira fazían alí trager,
pedra e cal e arẽa; e desta guis' a fazer **guis' a**] guissa *E*
começaron a igreja tan grande, que ben caber
podess' i muita de gente, pero non descomunal.
De muitas guisas miragres a Virgen Esperital… **miragres a Virgen Esperital**] *Om. E*

Onde avẽo un día que estando no sermón
mui gran gente que i era, conteceu assí entón
que caeu ũa gran trave sóbrela gente; mas non
quis a Virgen que ferisse a null' om'. E quen viu tal
De muitas guisas miragres a Virgen Esperital… **miragres a Virgen Esperital]** *Om. E*

Miragre!, ca tan espessa siía a gent' alí
aquele sermón oíndo, como contaron a mí,
que de cima non podía niũa ren caer i
que non matass' ou ferisse e fezesse gran sinal.
De muitas guisas miragres a Virgen Esperital… **miragres a Virgen Esperital**] *Om. E*

Mas a Virgen groriosa, cujo era o lavor,
non quis que aquela trave fezesse senón pavor.
Por én quantos i estavan deron a ela loor,
que sempr' aos seus acorre nas grandes coitas e val.
De muitas guisas miragres a Virgen Esperital… **miragres a Virgen Esperital**] *Om. E*

CSM 267

F 70r-70v; E 241r-241v; E_1 334v-335v

Esta é como Santa María livrou un mercador do perígoo do mar en que andava u caera da nave[274]

A de que Deus pres carn' e foi dela nado,
ben pode valer a todo perigoado.

Ca per ela foi a morte destroída
e nossa saúde cobrada e vida,
tod' est' avemos pola Sennor Comprida.
Pois un seu miragre vos direi de grado
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

Que fez esta Virgen santa e reínna,
que é dos coitados todos meezinna;
contárvolo ei brevement' e aginna
quant' end' aprendí a quen mio á contado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

Entre Doir' e Minn' en Portugal morava
un mercador rico muito que amava
Santa María e por ela fiava
e ena servir sempr' era seu cuidado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

Comoquer que el pelas terras mercasse,
se dõa fremos' e aposta achasse
e que pera o altar lle semellasse,
de lla aduzer era muit' entregado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

Porque amava muito Santa María
de coraçón, disse ca en romaría
a Rocamador de boa ment' iría
tanto que o el podess' aver guisado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

Assí foi que el sa nav' ouve fretada
pera ir a Frandes; e essa vegada,
pois que ouve ben sa fazenda guisada,

A de] Na de *E* | **carn' e**] carne e E_1

destroída] destruída E_1

A de que] Na que *E*

A de que] Na que *E* | **foi dela nado**] *Om. F*

Entre] Ontre *F*, E_1 | **Minn'**] Min' E_1
rico] *Om. E*

A de que] Na que *E*

dõa] dona *F*
e] *Om. F*, E_1 | **o altar**] o seu altar E_1

A de que] Na que *E*

A de que] Na que *E*

nav' ouve] nav' uove *F*
e] en E_1

274 *E*: Como Santa María guardou un mercador de Portogal de perígoo do mar d' u caera dũa nave. E_1: Como Santa María livrou un mercador do perígoo das ondas do mar en que cuidava u caera dũa nave.

foisse con quant' aver avía mercado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, … — **A de que**] Na que *E*

Mais pela costeira do gran mar d' Espanna — **Mais**] Mas *F*
ind' aquela nave con mui gran companna, — **ind' aquela**] que daquela *F, E*
levantouss' o mar con tormenta tamanna — **levantouss'**] lavantous' *F*, levantous' *E*
que muito per foi aquel día irado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, … — **A de que**] Na que *E*

Levárons' as ondas fortes feramente — **Levárons'**] Levantous' *F, E* | **feramente**] ferament E_1
sobr' aquela nave, que aquela gente
cuidou i morrer, que logo mantemente — **que**] e E_1
chorou e coidou entón i seu pecado. — **e coidou**] e cuidou *F,* cada un E_1
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, … — **A de que**] Na que *E* | **nado**] na. *F*

E o mercador eno bordo da nave — **E**] *Om.* E_1
estava entón encima dũa trave,
e ũa onda vẽo fort' e mui grave
que lle deu no peit', e no mar foi deitado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, … — **A de que**] Na que *E*

A nav' alongada foi, se Deus me valla,
del ũa gran peça pelo mar, sen falla;
mai-lo demo, que sempre nosco traballa, — **mai-lo**] mais o E_1
quisera que morress' i log' afogado. — **morress' i log'**] morress' alí E_1
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, … — **A de que**] Na que *E*

El andand' assí en aquela tormenta,
nembrousse da Virgen que sempr' acrecenta — **nembrousse**] nembrosse E_1
eno nosso ben; ca pero que nos tenta
o demo, non pode nosc', a Deus loado. — **nosc', a**] nosco a *F,* E_1 | **loado**] loada E_1
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, … — **A de que**] Na que *E* | **A … nado**] *Om. F,* E_1

«Ai, Madre de Deus –diss' el–, teu ben m' ajude, — **m' ajude**] miude *F*
tu que es sennor santa, de gran vertude;
pois a tódolos coitados dás saúde,
némbrate de mí que ando tan coitado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, … — **A de que**] Na que *E*

Sennor, por mercee non me desampares
por algũu tempo t' eu fazer pesares, — **algũu**] algún *F,* E_1
e se m' ora daquestas ondas tirares, — **se m' ora**] se mi ora *E*
servirt' ei eu sempr' e farei teu mandado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, … — **A de que**] Na que *E*

Némbrate, Sennor, que t' ei eu prometudo
d' ir aa ta casa, est' é ben sabudo;
mas tu, dos coitados esforç' e escudo,
valme, Sennor, ca muit' and' atormentado».
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

est' é ben] este é ben *E*
mas] mais *F, E*$_1$ | **esforç'**] efforç' *E*$_1$
and' atormentado] ando tormentado *E*$_1$
A de que] Na que *E*

El esto dizendo, log' a Virgen Santa
vẽo, que o dem' e seus feitos quebranta;
come sennor bõa que os seus avanta,
fóra d' ontr' as ondas o ouve tirado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

A de que] Na que *E*

E fez entón i gran maravilla fera,
ca tornou o mar manso de qual ant' era.
Se ll' el algún tempo serviço fezera,
mui ben llo per ouv' alí gualardõado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

A de que] Na que *E*

E levouo salvo a terra segura,
que sol non sentiu coita nen rancura;
esto fez a da virgĩidade pura,
que por nós viu seu fillo crocifigado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

levouo] levoo *E*$_1$
crocifigado] crucifigado *E, E*$_1$
A de que] Na que *E*

E ante dez días, oí por verdade,
que a nave foss' a aquela cidade
u portar avía, pola piedade
de Santa María foi el i chegado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

foss' a aquela] fosse aquela *F,* fossen aquela *E*$_1$
piedade] piadade *E*
A de que] Na que *E*

E tanto que os da nav' alí chegaron,
poi-lo viron, todos se maravillaron;
e os seus entón mui ledos per tornaron,
e contoulles el quant' avía passado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

nav' alí chegaron] nave chegaron *E*$_1$
poi-lo] pois o *F*
A de que] Na que *E*

E o mercador, pois se tornou de França
e foi en sa terra, sen longa tardança
a Rocamador se foi, e confiança
na Virgen sempr' ouv'. Éivolo acabado.
A de que Deus pres carn' e foi dela nado, …

A … nado] *Om. F, E*

CSM 268

E 241v-242v

Como Santa María guareceu en Vilasirga ũa dona filladalgo de França, que avía tódolos nembros do corpo tolleitos

Gran confiança na Madre de Deus sempr' aver devemos
por muitos bõos miragres que faz, de que nós loemos.

Ca o que gran confiança en ela ouver, sen falla
en toda coita que aja ben creede que lle valla;
e por end' un seu miragre oíde, se Deus vos valla,
que fezo en Vilasirga, ond' outros muitos sabemos.
Gran confiança na Madre de Deus sempr' aver devemos… **de Deus sempr' aver devemos**] *Om. E*

Ũa dona filladalgo, que ben de terra de França
era natural, avía na Virgen gran confiança;
e servíndoa de grado sempre sen nulla dultança,
ouv' en seu corpo doores grandes que todos tememos.[275] **tememos**] tomemos *E*
Gran confiança na Madre de Deus sempr' aver devemos… **de Deus sempr' aver devemos**] *Om. E*

Esta dona que vos digo avía todo tolleito
o corpo, que non avía neún dos nembros dereito;
des i en ũa carreta a tragían, e proveito
non ll' avían romarías de santos, com' aprendemos.
Gran confiança na Madre de Deus sempr' aver devemos… **de Deus sempr' aver devemos**] *Om. E*

Ela assí mui coitada per santuairos andando,
romeus que de Santiago ían fóronlle contando
os miragres que a Virgen faz en Vilasirgu'; e quando
os oíu esta dona, fez o que nós vos diremos:[276]
Gran confiança na Madre de Deus sempr' aver devemos… **de Deus sempr' aver devemos**] *Om. E*

Chorou muito dos seus ollos e aos ceos as mãos
alçou e diz: «Virgen Sant', a que non creen os pagãos,
a tí ofer' estes nembros mancos, que non tenno sãos,
ca tódolos pecadores en tí esperanç' avemos.
Gran confiança na Madre de Deus sempr' aver devemos… **Gran … devemos**] *Om. E*

E promet' eu, Virgen Santa, que eu aa ta eigreja
de Vilasirga de grado vaa, que eu sãa seja
per tí desta mia gran coita que eu padesqu' e sobeja,

275 Concordamos coa proposta de Mettmann, quen substitúe «tomemos» por «tememos», dotando de sentido a secuencia.

276 O verso resulta hipómetro se non contamos tres sílabas en «oíu».

ca nós vida e saúde todos de tí atendemos».
Gran confiança na Madre de Deus aver devemos… **Madre**] ma. *E* | **de Deus aver devemos**] *Om. E*

Pois que prometeu aquesto con devoçón atamanna,
esta dona en carreta se fez traer a Espanna;
e pois foi en Vilasirga, fez como sol seer manna
dos romeus, muitas candeas, assí como entendemos.
Gran confiança na Madre de Deus aver devemos… **de Deus sempr' aver devemos**] *Om. E*

E mandou que na eigreja a metessen muit' aginna;
e pois ant' o altar jouve da Virgen, santa reínna,
diz: «Ai, Sennor poderosa, némbrate de mí mesquinna,
ca tódolos pecadores coitados a tí acorremos;
Gran confiança na Madre de Deus aver devemos… **de Deus sempr' aver devemos**] *Om. E*

Sennor mansa, Sennor bõa, de todos bẽes comprida,
tu es corõa dos santos e tu dos ángeos vida;
dáme pola ta vertude a este corpo guarida,
ca muit' aginna o podes fazer, como nós creemos».
Gran confiança na Madre de Deus aver devemos… **de Deus sempr' aver devemos**] *Om. E*

Pois que a oraçón feita ouv' esta moller coitada,
log' a Virgen preciosa, dos pecadores vogada,
deulle saúd' en seu corpo, e foi sãa e cobrada
de quantos nembros avía máis toste ca vos dizemos.
Gran confiança na Madre de Deus aver devemos… **de Deus sempr' aver devemos**] *Om. E*

Pois esta dona guarida foi da coita que avía,
tornousse pera sa terra e foi de Santa María
servidor mentre foi viva. E por én, nós toda vía
por tan fremoso miragre sirvámola e loemos.
Gran confiança na Madre de Deus aver devemos… **Gran … devemos**] *Om. E*

CSM 269

F 122r-122v; E 242v-243v

Como un meninno que era sordo e mudo resuscitoo Santa María per rogo de sa madre do meninno e fezlle cobrar o falar e o oír

meninno] menino *E*
Rúbrica] *Om. F*

A que poder á dos mortos de os fazer resorgir,
pod' os mudos e os sordos fazer falar e oír.

Dest' un gran miragre fezo por ũa bõa moller
a Virgen Santa María, que faz muitos quando quer,
grandes e maravillosos, e acorr' u á mester
a aqueles que a chaman ou que a saben servir.
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, …

Aquesta moller avía un fillo que mui gran ben
quería máis doutra cousa, pero non oía ren
nen falava nemigalla; e a mesquinna por én
quant' avía despendera pera fazelo guarir.
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **de os fazer resorgir**] *Om. E*

Pois viu que lle non prestava nen meezinna nen al,
tornouss' a rogar a Virgen, a Sennor Esperital,
porque sempr' aos coitados nunca lles erra nen fal,
e vegías das sas festas jajũava sen falir.
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **de os fazer resorgir**] *Om. E*

O fillo, que era mudo, per sinas lle preguntou
por que tanto jajũava, e ela lle dessinou
que pola Virgen bẽeita o fazía. El fillou-
se a jajũar com' ela e mercee lle pedir
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **de os fazer resorgir**] *Om. E*

Na voontad' e per sinas, esto con gran devoçón.
Mas ũa enfermidade grande ll' avẽo entón,
que por morto o teveron seus parentes; pero non
lle proug' a Santa María que assí fosse fiir.
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **de os fazer resorgir**] *Om. E*

Ca eno leito jazendo, aginna se foi erger
e falou dereitamente e começou a dizer:
«Mia Sennora, ben vennades», e ar, com' en responder,

diz: «Sennor, de bõa mente o farei eu, sen mentir».
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **de os fazer resorgir**] *Om. E*

E ar diss' outra vegada: «De bõa mente verrei».
Quand' esto oíu sa madre, disse como vos direi:
«Meu fillo, con quen falades?». Diss' el: «Non o negarei:
falo con Santa María, que me fezo resorgir
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **de os fazer resorgir**] *Om. E*

E me disse «Deus te salve»; e eu respondí que ben
fosse vĩúd', e ar disse que non leixasse per ren **vĩúd'**] vẽúd' *F,* viúd' *E*
que me ben non confessasse; e eu respondí por én
que me quería de grado dos pecados repentir.
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **de os fazer resorgir**] *Om. E*

Ar díssem' outra vegada, que se eu pesseverar
en seu serviço quisesse, que me faría levar
mui ced' ao Paraíso; e eu logo sen tardar
respondí que mui de grado quería con ela ir».
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **de os fazer resorgir**] *Om. E*

Des quand' aquest' ouve dito, são do leito s' ergeu,
que non foi mudo nen sordo, mas comeu logu' e beveu.
Quand' aquesto viu a gente, log' aa Virgen rendeu
loores; e de nós seja loada, se por ben vir. **vir**] for *E*
A que poder á dos mortos de os fazer resorgir, … **A … resorgir**] *Om. E*

CSM 270

F 73v; E 243v-244r

Esta é de loor de Santa María

Rúbrica] *Om. F*

Todos con alegría, cantand' e en bon son,
devemos muit' a Virgen loar de coraçón.

Pero que noit' e día punnamos de pecar,
sirvámola un pouco ora 'n nosso cantar, **ora 'n nosso**] ora nosso *F*
pois que a Deus no mundo por avogada dar
quis aos pecadores que pecan sen razón. **que pecan sen razón**] *Om. F*
Todos con alegría, cantand' e en bon son, … **cantand' e en bon son**] *Om. E*

Con gran dereito todos a devemos loar,
pois ela a sobervia do demo foi britar,
e por én lle roguemos que aqueste cantar
que ora nós cantamos nos receba por don.
Todos con alegría, cantand' e en bon son, … **cantand' e en bon son**] *Om. F, E*

Quanto nossa primeira madre nos fez perder
per desobediença, todo nos fez aver **desobediença**] desobedeença *E*
aquesta a que vẽo o ángeo dizer
Ave gracia plena por nossa salvaçón.
Todos con alegría, cantand' e en bon son, … **cantand' e en bon son**] *Om. F, E*

Per Adán e per Eva fomos todos caer
en poder do diabo, mais quísesse doer
de nós quen nos fezera e vẽosse fazer
nov' Adán que britass' a cabeça do dragón. **britass' a**] britasse a *E*
Todos con alegría, cantand' e en bon son, … **cantand' e en bon son**] *Om. F, E*

Gran mercé ao mundo fez por esta sennor[277] **mercé**] mercee *E*
Deus, e mui gran dereito faz quen é servidor
desta que nos adusse Deus, om' e salvador,
que compriu quanto disse Daví e Salamón.
Todos con alegría, cantand' e en bon son, … **cantand' e en bon son**] *Om. F, E*

Con esta juntar quise Deus verdadeir' amor
e foi end' Isaías seu profetizador,
e Daniel profeta, que dita de pastor
era, disse que Cristus avería onçón.
Todos con alegría, cantand' e en bon son, …

Aquesta foi chamada «Fiscella Moisi» **Fiscella**] Ficela *E*
e foi por nossa vida madre d' Adonaí,
e desta jaz escrito en libro Genesí
que seu fruito britass' o demo brav' e felón. **britass'**] britas *F, E* | **demo**] dem *E*
Todos con alegría, cantand' e en bon son, …

Na vella lei, daquesta Moisén, com' aprendí,
falou, e de seu fillo profetizou assí,
dizendo que profeta verría e des i
quen en aquel non creess' iría a perdiçón. **creess'**] crees' *F*
Todos con alegría, cantand' e en bon son, … **Todos … son**] *Om. F, E*

277 *Vid*. CSM 207, v. 4.

CSM 271

F 58v-59r; E 244r-245r

Esta é dũa nave que estedera tres meses en un río e que non podía saír porque a combatían mouros, e Santa María sacoua en salvo[278]

e que] que e *E*

Ben pode seguramente demanda-lo que quiser
aa Virgen tod' aquele que en ela ben crever.

Desto direi un miragre que fez aquesta Sennor,
grand' e mui maravilloso eno río d' Azamor,
que Morabe é chamado, pelo alcaide maior — **pelo**] por lo *E*
dũa nave que i era del Rei, sennor d' Alanquer. — **dũa**] dua *F*
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser… — **demanda-lo que quiser**] *Om. E*

Aquela nav' i meteran per cordas, com' aprendí,
no río que estreit' era, e non podía pois d' i — **podía**] poidia *F*
saír per nulla maneira; porend' estava assí
a nave come perduda, que ata en Monpesler
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser… — **demanda-lo que quiser**] *Om. E*

Mellor dela non avía. Por end' os mouros aver
toda vía a cuidavan e viínnana combater;
mas os que na nave eran sabíanse defender — **mas os que**] mais los que *F*
mui ben deles, mas bon vento avían muito mester.
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser… — **demanda-lo que quiser**] *Om. E*

Assí jouveron tres meses que non poderon saír
pela foz daquele río, e cuidavan i fiir;
mas o alcaide da nave fez aos outros oír,
dizéndolles: «Por Deus seja, oíde, se vos prouguer:
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser… — **demanda-lo que quiser**] *Om. E*

Ca comoquer que ben crean en Deus os de Portugal, — **Portugal**] Portogal *E*
eu ei tan grand' asperança na Virgen Esperital[279]
que, se ll' algo prometemos, sacarnos á deste mal;
por én cada ũu prometa de grado do que tever. — **ũu**] un *E* | **tever**] tover *E*
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser… — **demanda-lo que quiser**] *Om. E*

278 *F*: Como Santa María guardou ũa nave de crischãos que non perigou en ũa dun río u a combatian mouros.

279 V. 24: **grand' asperança**] gran esperança *E* | **Esperital**] Espirital *E*

E se vos a Virgen Santa deste logar non tirar,
eu quero que me façades pelos pees pendorar
do masto per ũa corda, e quer' enforcad' estar
desta guisa, se tan toste mui bon vento non vẽer».
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser…

demanda-lo que quiser] *Om. E*

Quand' est' ouve dito, logo cada ũu deles deu
ajuda pera un cález do aver que era seu;
e o alcaide lles disse: «Por Deus, non vos seja greu
e guisad' os aparellos, quis como mellor poder.
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser…

ũu] un *E*

guisad'] guissad' *E*

demanda-lo que quiser] *Om. E*

E todos Santa María roguemos de coraçón
del Poi, que aqueste cález receba en ofreçón
e que non cate com' éste pera ela pouco don;
e confonda Deus quen contra esto nulla ren disser».
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser…

cález] cáliz *F*

cate] cade *F*

demanda-lo que quiser] *Om. E*

Pois esto foi outorgado, a vea alçar mandou;
e pois suso foi alçada, o mar creceu e chegou-
lles bon vento qual querían, que log' a nave sacou
fóra do río a salvo. E por ende, quen fezer
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser…

demanda-lo que quiser] *Om. E*

Serviç' a Santa María muito será de bon sén,
ca nas coitas deste mundo acorrelo á mui ben,
e ena ora da morte non o leixará per ren;
e por én servila deve tod' om' e toda moller.
Ben pode seguramente demanda-lo que quiser…

coitas] cuitas *E*

da] de *E*

Ben pode seguramente] *Om. F*
| **demanda-lo que quiser**] *Om. F, E*

CSM 272[280]

F 78r-78v; E 245r-246r

Como Santa María fez en San Joán de Leterán en Roma que se mudasse ũa sa omagen da ũa parede da igreja na outra

Como] omo *E*
Rúbrica] *Om. F*

Maravillosos miragres Santa María mostrar
vai por nós, que no-lo demo non faça desasperar.

Que quand' en desasperança nos quer o demo maior
meter, ben alí nos mostra ela mercé e amor[281] — **mercé e**] mercee e *E*
por que non desasperemos, e por end' atal sennor
devemos máis doutra cousa sempre servir e loar.
Maravillosos miragres Santa María mostrar… — **miragres Santa María mostrar**] *Om. E*

E de tal razón miragre vos contarei que oí
mui grande, que fez a Virgen en Roma, com' aprendí,
en ũa eigreja nobre de Leterán que á i, — **eigreja**] igreja *F*
por ũa moller errada que s' i foi mãefestar. — **mãefestar**] maẽfestar *E*
Maravillosos miragres Santa María mostrar… — **Maravillosos …mostrar**] *Om. E*

Esta moller que vos digo, com' este miragre diz,
tan muit' avía errado e era tan pecadriz
que en al non se fiava senón na Emperadriz — **al**] *Om. E*
dos Ceos, ca ben cuidava por ela perdón gãar.
Maravillosos miragres Santa María mostrar… — **Santa María mostrar**] *Om. E*

E assí a adussera o demo a cofojón, — **cofojón**] cofujón *F*
que sol nunca a leixava que prendesse confissón;
mas a Virgen, de Deus madre, ll' amolgou o coraçón,
per que entrou na eigreja e começou de chorar.
Maravillosos miragres Santa María mostrar… — **Santa María mostrar**] *Om. E*

E confessou seus pecados a un preste que achou;
e pois que llos ouv' oídos, muito se maravillou
de tanto mal que fezera, e sobr' aquesto cuidou.
A madre de Jesucristo, vedes a quen aparece… — **vedes a quen aparece**] *Om. F, E*

Morreu. E foi a sa alma pera Deus dereitamente,
segund' disse Jesucristo, que nunca mentiu nen mente,
que aos que o serviren nunca lles falrá niente
do gran ben do Paraíso, ca a eles pertẽece.
A madre de Jesucristo, vedes a quen aparece… — **A … aparece**] *Om. F* | **vedes a quen aparece**] *Om. E*

292 Do mesmo xeito que Mettmann, corriximos a hipermetría do verso suprimindo o «e» da variante «Ele».

293 A diferenza dos manuscritos, ofrecemos a forma «servindo» para resolver a hipometría, seguindo a proposta de Mettmann.

CSM 289

E 259r-259v; E_1 355r-355v

Como Santa María de Tocha guariu un lavrador que andava segando en día de san Quíreze, que se lle cerraron os punnos ambos

Quíreze] Quírez *E*, Quíret E_1
cerraron] sarraron E_1
punnos] punos *E*

Pero que os outros santos a vezes prenden vingança
dos que lles erran, a madre de Deus lles val sen dultança.

Desto direi un miragre grande que cabo Madride
fez na eigreja de Tocha a Virgen; por én m' oíde
todos mui de voontade e mercee lle pedide
que vos gaanne de seu fillo dos pecados perdoança.
Pero que os outros santos a vezes prenden vingança…

eigreja] igreja E_1
pedide] pidide E_1
gaanne] gane E_1
a vezes prenden vingança] *Om. E*

Onde foi assí un día que un lavrador na festa
de san Quíreze segava ũa messe per gran sesta,
teendo sa fouc' en mão e un sombreir' en sa testa
de pallas, per que cuidava do sol aver amparança.
Pero que os outros santos a vezes prenden vingança…

a vezes prenden vingança] *Om. E*

E porque en aquel día de san Quíreze segava,
Deus, por onra daquel santo, a mão con que cuidava
o mãoll' alçar de terra, con ele se ll'apertava
de guisa que non podía aver ende delivrança.
Pero que os outros santos a vezes prenden vingança…

a vezes prenden vingança] *Om. E*

Outrossí a mão destra cona fouce apertada
foi, assí como se fosse con fort' engrud' engrudada;
e ben assí o levaron tolleito a sa pousada
os outros. E aquel día sol non ouveron ousança
Pero que os outros santos a vezes prenden vingança…

Outrossí] outrosí E_1
fort' engrud'] forte grud' E_1
a vezes prenden vingança] *Om. E*

De segaren; mais tan toste aquel lavrador levaron
como x' estava a Tocha, e muito por el rogaron
a Virgen Santa María, e ant' o altar choraron
dela que lle perdõasse aquela mui grand' errança
Pero que os outros santos a vezes prenden vingança…

a vezes prenden vingança] *Om. E*

Que fezera e chorando el muit' e de voontade,
rogando Santa María que pela sa piadade

sa] *Om.* E_1

lle valess' e non catasse aa sa gran neicidade,
e que daquela gran coita o tirasse sen tardança.
Pero que os outros santos a vezes prenden vingança…

neicidade] necidade E_1
a vezes prenden vingança] *Om. E*

Pois assí ouve chorado, log' a Sennor das sennores
lle valeu, que sempr' acorre de grad' aos pecadores,
e desaprendeull' as mãos e tolleull' end' as doores;
por que todos ben devemos aver en ela fiança.
Pero que os outros santos a vezes prenden vingança…

log'] logo E_1
sempr'] sempre E_1
a vezes prenden vingança] *Om.* E_1

CSM 290[294]

E 260r

Esta é de loor de Santa María

Maldito seja quen non loará
a que en sí todas bondades á.

Maldito seja o que non loar
a que de bondades non ouve par,
nen averá mentr' o mundo durar;
Deus non fez outra tal nen fará.
Maldito seja quen non loará…

Deus] ca Deus *E*
seja quen] seja o quen *E*

Bẽeito seja sempr' o loador
de tan nobr' e tan onrada sennor,
de que naceu Deus, om' e salvador,
ca pois gualardõado lle será.
Bẽeito seja o que loará…

Maldito seja quen non disser ben
daquela en que non falece ren
de quant' a bondad' e a prez convén,
e esto ja máis non lle falirá.
Maldito seja quen non loará…

Bẽeito seja quen sempre servir
a madre de Deus, Virgen sen falir,
ca, pois que deste mundo se partir,
ant' o seu fillo o presentará.
Bẽeito seja o que loará…

Bẽeito] Bẽeita *E*
que] *Om. E*

294 Obsérvese a alternancia no comezo das cobras desta cantiga que implica a oposición no tema das mesmas.

Maldito seja quen ben non disser
da mellor das bõas, e non quiser
aver seu amor en quanto poder,
ca por aquest' o de Deus averá.
Maldito seja quen non loará…

Bẽeito seja o que gran prazer
á de loar tal sennor que aver
nos fez amor de Deus e connocer
ela, que por nós todos rogará.
Bẽeito seja o que loará…

CSM 291

F 60v-61r; E 260r-261r

Como Santa María tirou un escolar de prijón en Touro porque lle fezera ũa cantiga eno cárcer jazendo[295]

Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar,
ca u ouver maior coita, valerll' á se a chamar.

Ca loada de tod' ome devía sempr' a seer,
e assí connocería jaquanto de seu poder,
ca lle pode nas sas coitas toste consello põer;
e sobr' aquesto vos quero un seu miragre contar.
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, …

de] do *E*
a Virgen loar] *Om. E*

Aquele que o miragre sabía, díssom' assí,
que ũu 'scolar liía en Salamanca, e i
ouv' ũa moller per força, e con medo fugiu d' i
e foiss' entón pera Touro, u cuidou a escapar
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, …

guisas] *Om. E* | **dev' om' a Virgen loar**] *Om. F, E*

Dos parentes da manceba e das jostiças, ca non
guarira se o collessen na mão, e per razón.[296]
Mais pero fugiu a Touro, foron pos el e entón

jostiças] justiças *E*
e] *Om. F, E*
Mais] Mas *E*

295 O epígrafe de *E* (erróneo) corresponde ao da cantiga 238, «Como Deus pres vingança dun jograr en Guimarães porque deostava Santa María u siía jogando os dados».

296 Aceptamos a solución de Mettmann, que engade a conxunción «e» para resolver a hipometría do verso.

disseron aa jostiça que o fosse recadar.
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, … **dev' om' a Virgen loar**] *Om. F, E*

O escolar recadado foi logo, non ouv' i al,
e deron con el no cárcer u sofría muito mal **sofría**] sufría *E*
da prijón que era forte. E ele jazendo tal, **da**] de *E*
ouve gran medo da morte, e começouss' a nembrar
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, … **dev' om' a Virgen loar**] *Om. F, E*

De quanto pesar fezera a Deus e como pecou
eno mundo mui sen guisa, e consello non achou
a que se tornass', e logo Santa María chamou,
chorando muito dos ollos, e começoull' a rogar:
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, … **dev' om' a Virgen loar**] *Om. F, E*

«Virgen santa, de Deus madre, que font' es de todo ben,
non cates a meus pecados nen ao meu mao sén;
mais tu que nunca faliste a quen te chamou de ren, **mais**] mas *E*
non me queiras en tal coita, mia Sennor, desamparar.
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, … **Cantand' … loar**] *Om. F*
| **dev' om' a Virgen loar**] *Om. E*

Mais pola ta piadade que sempr' ao pecador
acorreu ena gran coita, por mercee, mia Sennor,
te peço que tu m' acorras, e enquant' eu vivo for **e enquant**'] e eu enquant' eu *F*
nunca me de teu serviço, Sennor, querrei alongar».
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, … **dev' om' a Virgen loar**] *Om. F, E*

Entón, no cárcer jazendo, a esta Sennor de Prez
fez ũu cantar que disse a gran mercee que fez
Deus por ela ao mundo; e pois log' aquela vez
que o cantar ouve feito, o começou de cantar.
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, … **dev' om' a Virgen loar**] *Om. F, E*

El ena prijón cantando o cantar, chorand' assaz, **El**] E *E*
apareceulle a Virgen, a que de todo ben praz, **apareceulle**] apareceull' *F*, *E*
e fillouo pelo braço e diz: «Quérot' eu en paz **fillouo**] filloo *E*
põer desta prijón fóra, pois que por meu ás d' andar».
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, … **dev' om' a Virgen loar**] *Om. F, E*

E logo aquela ora, assí com' aprendí eu,
do cárcer en que jazía e da vila con el deu
fór', e en paz e en salvo o pos e diz: «Vai por meu
ome, ca se me servires, sempre i podes gãar». **sempre i**] sempr' i *F*
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, … **dev' om' a Virgen loar**] *Om. F, E*

El, pois que se viu en salvo pela madre do Gran Rei,
deulle loores e graças, e assí com' apres' ei,
serviu ben Santa María sempr'. E por én vos contei
este feito que ajades gran sabor de a onrar.
Cantand' e en muitas guisas dev' om' a Virgen loar, …

Cantand' … loar] *Om. F*
| **dev' om' a Virgen loar**] *Om. E*

CSM 292

F 10v-11v; E 261r-262v

Como el rei don Fernando vẽo en visón a maestre Jorge que tirassen o anel de seu dedo e o metessen no da omage de Santa María[297]

Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital,
sa lealdad' a aquele que acha sempre leal.

E de tal razón com' esta vos direi com' ũa vez
a Virgen Santa María un mui gran miragre fez
polo bon rei don Fernando, que foi comprido de prez,
d' esforç' e de grãadeza e de todo ben, sen mal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. E*

De mannas e de costumes, per quant' eu del aprendí,
non as pod' aver mellores outre que el ouv' en sí;

mellores] mllerores *E*

e sobre tod' outra cousa, assí com' eu del oí,
amava Santa María, a Sennor que pod' e val.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. F, E*

Se el leal contra ela foi, tan leal a achou,
que en tódolos seus feitos atán ben o ajudou,
que quanto começar quiso e acabar, acabou;
e se ben obrou por ela, ben ll' ar pagou seu jornal,

jornal] jor *E*

Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. F, E*

Assí que en este mundo fezll' acabar o que quis
e morrer onradamente e morrendo seer fis
que a Paraís' iría, ben u éste san Denís,
u veería seu fillo e a ela outro tal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. F, E*

297 *E*: Como el rei don Fernando vẽo en visón ao teisoureiro de Sevilla e a maestre Gorge que tirassen o ael do seu dedo e o metessen no dedo da omagen de Santa María.

Assí estes dous leaes lealdade fez amar,
ca el sempre a servía e a sabía loar;
e quand' algũa cidade de mouros ía gãar,
sa omagen na mezquita ponnía eno portal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

Assí] Essí *F*
a Sennor Esperital] *Om. F, E*

E ar fézoll' a sa morte, que polo mellor morreu
rei, que en seu logar fosse, e fez per que o meteu
el Rei seu fill' en Sevilla, que Mafomete perdeu
per este rei don Fernando, que é cidade cabdal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

Muito … Esperital] *Om. F*
| **a Sennor Esperital**] *Om. E*

E pois lo ouv' i metudo, segundo com' aquí diz,
muitos miragres o fillo da Santa Emperadriz
mostrou por el sempr' e mostra, e sa moller Beatriz
aduss' i depois seu fillo, non passand' a Muradal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. F, E*

Ond' avẽo que seu fillo, rei don Afonso, fazer
fez mui rica sepoltura que costou mui grand' aver,
feita en fegura dele, polos óssos i meter
se o achassen desfeito; mas tornóuxelle en al,
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. F, E*

Ca o achou tod' enteiro e a sa madre, ca Deus
non quis que se desfezessen, ca ambos eran ben seus
quites, que nunca máis foron san Marcos e san Mateus,
outrossí da Santa Virgen, que do mund' é estadal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

a Sennor Esperital] *Om. F, E*

Esto foi quando o corpo de sa madre fez vĩir
de Burgos pera Sevilla, que jaz cabo d' Alquivir,
e en ricos moimentos os fez ambos sepelir,
obrados mui ricamente cada ũu a seu sinal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital, …

foi] *Om. E*

Muito … Esperital] *Om. E*
| **a Sennor Esperital**] *Om. F*

Depois que esto foi feito el Rei apost' e mui ben
a omagen de seu padre fez põer como convén
de seer rei en cadeira, e que sa espada ten
na mão, con que deu colbe a Mafomete mortal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital…

Muito … Esperital] *Om. F*
| **a Sennor Esperital**] *Om. E*

O logar u a omagen del rei don Fernando sé
tan rico e tan fremoso e atán aposto é,

atán] tan *F*

que tod' ome que o veja ben dirá, per bõa fe,
que o ten por mui máis nobre ca se fosse de cristal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital… **a Sennor Esperital**] *Om. F, E*

No dedo desta omagen metera seu fill' el Rei
ũu anel d' ouro con pedra mui fremosa, com' achei
por verdad'; e maravilla mui grande vos én direi
que mostrou en este feito o que naceu por Nadal.
Muito demostra a Virgen a Sennor Esperital… **a Sennor Esperital**] *Om. F, E*

Ca o bon rei don Fernando se foi mostrar en vijón **vijón**] visón *F*
a aquele que fezera o anel, e disse: «Non
quer' est' anel tẽer migo, mais dálo en ofreçón **mais**] mas *E*
aa omagen da Virgen que ten vestido cendal,
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital… **a Sennor Esperital**] *Om. F, E*

Con que vin ben des Toledo; e logo cras manamán
di a meu fillo que ponna esta omagen de San-
ta María u a minna está, ca non é de pran
guisado de seer tan alte com' ela, nen igual. **nen igual**] nen tan igual *F*
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital… **a Sennor Esperital**] *Om. F, E*

Mas pónnanm' i en gẽollos, e que lle den o anel, **den**] deu *F, E*
ca dela tiv' eu o reino e de seu fillo mui bel,
e sõo seu quitamente, pois fui cavaleir' novel
na sa eigreja de Burgos do mõesteiro reial».
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital… **Muito … Esperital**] *Om. F* | **a Sennor Esperital**] *Om. E*

Maestre Jorge avía nom' o que aquesto viu
en sonnos; e mantenente fóra do leito saíu
e foi logo á eigreja, e fez tanto que ll' abriu
o tesoureiro as portas d' our' e non doutro metal.
Muito demostra a Virgen a Sennor Esperital… **a Sennor Esperital**] *Om. F, E*

E en catar a omagen avía mui gran sabor,
e viull' a sortella fóra do dedo, onde pavor
ouve grand' a maravilla, e diss': «Ai, Nostro Sennor,
quen m' adubaría este anel? Soubess' ora qual
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital… **a Sennor Esperital**] *Om. F, E*

Sería que o fezesse». Maestre Jorge diss': «Eu,
ca eu fix aquesta obra toda e est' anel seu
del Rei». E o tesoureiro logo o anel lle deu,
dizend': «É gran maravilla como do dedo lle sal».
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital… **Muito … Esperital**] *Om. E* | **a Sennor Esperital**] *Om. F*

Disse: «Non faz», o maestre, «mais direi, e non vos pes,
que esta noit' ei sonnado vel dúas vezes ou tres».
Entón lle contou o sonno, ben de tal guisa medés
com' a vós ei ja contado, e non foi én mentiral.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital…

mais] mas *E*

a Sennor Esperital] *Om. F, E*

Entón ambos o contaron al Rei, a que proug' assaz,
des i ao arcebispo, a que con tal feito praz;
e al Rei muito loaron, don Fernando, porque faz
Deus mui fremosos miragres, que aos seus nunca fal.
Muito demostra a Virgen, a Sennor Esperital…

Entón] Cntón *F*

Muito … Esperital] *Om. F*
| **a Sennor Esperital**] *Om. E*

CSM 293

F 46r-46v; E 262v-263v

Como un jograr remedava a omage de Santa María e torcéuxell' a boca e o pescoço e levárono aa eigreja tẽer vigía e guareceu[298]

Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón
o que contrafazer cuida aquel de que á faiçón.

grand'] gran *E* | **ocajón**] oiajón *F*

Ca, segund' escrit' achamos, Deus a fegura de sí
fez o ome, e por ende dev' amar mui máis ca sí
o om' a Deus. E daquesto, segundo eu aprendí,
avẽo mui gran miragre, ond' eu fiz cobras e son.[299]
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón…

segundo eu] segundo que eu *E*

de prender grand' ocajón] *Om. F, E*

Esto foi en Lombardía, dun jograr remedador
que atán ben remedava que avían én sabor
todos quantos lo viían, e dávanlle con amor
panos e selas e frẽos e outro muito bon don.
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón…

de prender grand' ocajón] *Om. F, E*

E el con sabor daquesto ja máis non fazía al
senón remedar a todos, ũus ben e outros mal;
mas o dem', a que criía de consello, fezll' atal
remedillo fazer, onde recebeu mui gran lijón.
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón…

onde] end' e *E*

de prender grand' ocajón] *Om. F, E*

298 *E*: Como un jograr quis remedar como siía a omagen de Santa María e torcéuselle a boca e o braço.

299 V. 6: **avẽo mui gran**] avẽo gran *F* | **ond' eu fiz cobras**] onde fiz cobras *F*, onde fiz eu cobras *E*

E assí foi que un día per ũa porta entrar
da vila foi, mui ben feita, e viu sobr' ela estar
ũa mui bela omagen da Virgen que non á par,
tẽendo seu fill' en braço. Mas non fez i oraçón,
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón… **de prender grand' ocajón**] *Om. F, E*

Mas paroulle muito mentes, e pois que a ben catou,
con gran sandez o astroso a remedar a cuidou.
Mas pesou a Jesuristo, e atal o adobou
que ben cabo da orella posll' a boqu' e o grannón.
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón… **de prender grand' ocajón**] *Om. F, E*

E o colo cono braço tan forte se ll' estorceu,
que en pees estar non pode e logu' en terra caeu;
mas a gente que viu esto o fillou e o ergeu,
e correndo á eigreja o levaron de randón.
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón… **de prender grand' ocajón**] *Om. F, E*

E teveron i vigía e rogaron muit' a Deus
que mostrasse por sa madre alí dos miragres seus;
e o jograr lle rogava, dizend': «Os pecados meus
son tan muitos, que aquesto m' avẽo con gran razón». **son**] foi *E* | **m' avẽo**] mi avẽo *F, E*
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón… **de prender grand' ocajón**] *Om. F, E*

Outro día, quand' a missa começaron a dizer,
a Virgen Santa María quis dele mercee aver,
e o rosto e o braço lle fez logo correger
e tornoo mui ben são, por que mui gran devoçón
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón… **de prender grand' ocajón**] *Om. F, E*

Ouveron quantos i eran, loand' a Sennor de Prez,
que tan fremoso miragre assí ante todos fez.
E o bispo da cidade, que o oíu dessa vez,
vẽo log' aa eigreja e fez ende gran sermón.
Par Deus, muit' é gran dereito de prender grand' ocajón… **Par … ocajón**] *Om. F, E*

CSM 294

F 19v; E 263v

Como ũa moller que jogava os dados en Pulla lançou ũa pedra aa omagen de Santa María porque perdera e parou un ángeo de pedra que i estava a mão e recebeu o colbe

Como] omo *E*, sta é como *F*
un] ũu *F*
a mão] *Om. F*
recebeu] recibiu *E*
colbe] colpe *E*

Non é mui gran maravilla seeren obedientes — **seeren obedientes**] seereren obedeentes *F*
os ángeos aa madre daquel cujos son sergentes.

Onde vos rogo, amigos, que un gran miragr' ouçades — **miragr'**] miragre *F*
que fezo Santa María en Pulla; e ben sabiades
que, des que o ben oírdes, certo sõo que tennades
máis o coraçon en ela e sejades chus creentes.
Non é mui gran maravilla seeren obedientes… — **seeren obedientes**] *Om. F, E*

Esto foi a ũa festa desta Virgen Groriosa,
que ant' ũa sa eigreja mui ben feita e fremosa
fillouss' a jogar os dados ũa moller muit' astrosa
con outros tafures muitos, que non eran seus parentes.
Non é mui gran maravilla seeren obedientes… — **seeren obedientes**] *Om. F, E*

Aquesta moller cativa foi de terra d' Alemanna;
e perdendo aos dados, creceull' én tan gran sanna — **creceull'**] creceoll' *F*
que fez ũa gran sandece, e oíd' ora quamanna,
por que guardados sejades de seerdes descreentes.
Non é mui gran maravilla seeren obedientes… — **seeren obedientes**] *Om. E* | **Non … obedientes…**] *Om. F*

Ũa omagen fremosa da Virgen Santa María,
de pedra mui ben lavrada, sóbrela porta siía
e dous ángeos ant' ela, e qualquer deles avía
senllas mãos enos peitos, e enas outras tẽentes — **tẽentes**] teentes *F*
Non é mui gran maravilla seeren obedientes… — **seeren obedientes**] *Om. F, E*

Eran come senllos livros de mui gran sinificança,
porque tódolos saberes saben eles sen dultança;
as outras mãos nos peitos tiinnan por semellança
que en Deus sas voontades tẽen sempre mui ferventes.
Non é mui gran maravilla seeren obedientes… — **seeren obedientes**] *Om. F, E*

Ond' esta moller sandía viu ũa pedr' e filloua,
e catou aa omagen da Virgen e dẽostoua
e lançoull' aquela pedra por ferila, mas erroua;
ca os ángeos que eran ant' ela foron presentes
Non é mui gran maravilla seeren obedientes…

lançoull'] lançou *E*
seeren obedientes *] Om. F, E*

Por a sa sennor guardaren. Un deles alçou a mão
e recebeu a ferida, mas ficoull' o braço são.
E quantos aquesto viron fillaron logo de chão
a moller e dar con ela foron nas chamas ardentes.
Non é mui gran maravilla seeren obedientes…

sa] *Om. E* | **un**] ũu *F*
seeren obedientes] *Om. F, E*

O ángeo teve sempre depois a mão tenduda
que parou ant' a omagen pera seer defenduda;
onde aquela omagen foi depois en car teúda
mui máis ca ante non era de todas aquelas gentes.
Non é mui gran maravilla seeren obedientes…

teúda] tẽúda *E*
seeren obedientes] *Om. E* | **Non … obedientes**] *Om. F*

CSM 295

E 264r-265r; E_1 348v-349v

Como Santa María apareceu en visión a un rei que a servía en todas aquelas cousas que el sabía e podía, e semellávalle que se omildava contra el en gualardón do serviço que lle fezera

aquelas] aquellas *E*
que el sabía e podía] que a el podía servir E_1
gualardón] galardón *E*
fezera] fazía E_1

Que por al non devess' om' a Santa María servir,
déveo fazer por quan ben sabe serviço gracir.

devess'] deves' E_1 | **om' a**] ome E_1

E daquest' un gran miragre vos quer' ora retraer
que mostrou Santa María, per com' eu pud' aprender,
per un rei que sas figuras mandava sempre fazer
muit' apostas e fremosas; e fazíaas vestir
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

per] a E_1
om' a Santa María servir] *Om. E*

De mui ricos panos d' ouro e de mui nobre lavor,
e ponníalles nas testas pera parecer mellor

ponníalles nas testas] ponníalle na testa E_1

corõas con muitas pedras ricas, que grand' esprandor
davan sempr' aa omagen e fazíana luzir.
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

esprandor] esplandor E_1
aa] a E_1
om' a] ome E_1 | **a Santa María servir**] *Om. E*

E outrossí nas sas festas ar fazíalle mudar
sempr' outros panos máis ricos pola festa máis onrar,
e ben assí as fazía põer sóbelo altar;
demais trobava per ela, segund' oí departir.
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

outrossí] outrosí E_1
sóbelo] sóbrelo E_1
per] por E_1
om' a] ome E_1 | **devess'**] deves' *E* | **a Santa María servir**] *Om. E*

Des i, aqueles cantares eran dos miragres seus
muitos e maravillosos que mostra por ela Deus,
e faz i mui gran dereito; ca según diz san Mateus
e san Joán e san Marcos, sa madr' éste sen falir.
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

éste] est E_1
om' a] ome E_1 | **a Santa María servir** *]* *Om. E*

Onde por estas razões a servía aquel rei
e loava e dizía muito ben, com' apres' ei,
dela; e por én ll' avẽo o que vos ora direi,
onde vos rog', ai, amigos, que o queirades oír.
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

o que vos] o que lla vos E_1
onde] ond E_1
om' a] ome E_1 | **devess'**] deves' *E* | **a Santa María servir**] *Om. E*

Onde foi a ũa Pasqua maior, que Deus resorgiu,
que el Rei fez sa omagen da Virgen; e poi-la viu
ben feita e ben fremosa, ricamente a vestiu
e sobr' o altar a pose, e fez monjas i vĩir
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

resorgiu] resurgiu E_1
om' a] ome E_1 | **devess'**] deves' *E* | **a Santa María servir**] *Om. E*

Que a vissen com' estava e ouvessen devoçón
en ela e que rogassen por el Rei de coraçón.
E elas assí fezeron; e a Virgen en vijón
lles diss': «O que me rogades fareio, se el Rei vir».
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

devoçón] devoción E_1
vijón] visión E_1
diss'] disse *E*
om' a] ome E_1 | **devess'**] deves' *E* | **a Santa María servir**] *Om. E*

Ũa delas mantẽente foi al Rei e o chamou;
e el Rei vẽo tan toste, e logo que i chegou,
a omagen os gẽollos ant' el en terra ficou
e as mãos que beijasse lle começou a pedir.
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

mantẽente] mantenente E_1
rei] *Om. E*
om' a] ome E_1 | **a Santa María servir**] *Om. E*

Mas el Rei deitouss' en terra ant' ela, tendud' en cruz,
chorando muit' e dizendo: «A tí, Sennor, que es luz,
beijarei pees e mãos, ca ta vertude m' aduz
sempre saúd' e me guarda dos que me queren nozir».
Que por al non devess' om' a Santa María servir, …

Mas] Mais E_1 | **deitouss'**] deitous' *E*
om' a] ome E_1 | **devess'**] deves' *E* | **a Santa María servir**] *Om. E*

«Non –diss' ela–, mais as vossas mãos vos beijarei eu
por quanta onra fazedes a mí sempr' e ao meu — **mí**] min E_1
fillo, que é deus e ome; e por én no reino seu
vos meterei pois morrerdes, esto será sen mentir».
Que por al non devess' om' a Santa María servir, … — **om' a**] ome E_1 | **devess'**] deves' *E* | **a Santa María servir**] *Om. E*

Pois s' as monjas espertaron desta visón, foilles ben, — **visón**] visión E_1
e al Rei en outro día llo contaron e de ren
nada non lle faleceron; e ele logo por én
chorou muit' ant' a omagen e fez tod' est' escrevir. — **escrevir**] escrivir E_1
Que por al non devess' om' a Santa María servir, … — **om' a**] ome E_1 | **devess'**] deves' *E* | **a Santa María servir**] *Om. E*

E des alí adeante serviu máis, com' aprendí,
aa Virgen Groriosa e looua máis des i; — **Groriosa**] gloriosa E_1 | **looua**] looa E_1
e ela fezlle mercees grandes, segund' eu oí,
e de muitas de maneiras, a quen o ben comedir.
Que por al non devess' om' a Santa María servir, … — **om' a**] ome E_1 | **a Santa María servir**] *Om.* E_1

CSM 296

F 12v; E 265v-266r

Esta é como Santa María vẽo en visón a un monge e ensinoulle de qual guisa a servisse[300]

Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser,
convenlle que a servia com' a ela prouguer.

Ca servir non a pode ben quen a non amar,
nen amar nunca muito o que a non onrar,
e fazendo tod' esto, ar dévea loar
por muitos de miragres que faz quand' ela quer.
Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser, … — **mui ben servir quiser**] *Om. F, E*

E dest' un gran miragre ora vos contarei
que en Conturbel fezo, per com' escrit' achei, — **Conturbel**] Conturbe *F, E*
por un monge, sant' ome, e sõo cert' e sei — **e**] que *F*
que sempre fará est' a quen a servir souber.
Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser, … — **mui ben servir quiser**] *Om. F, E*

300 *E*: Como Santa María apareceu a un monge na cibdade de Conturbel e mostroulle como a servisse.

Este muit' ameúde fazía oraçón
sempr' ant' o altar dela con mui gran devoçón,
os gẽollos ficados, e mui de coraçón
pedía que lle désse, ca ll' era mui mester,
Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser, …

Quen aa Virgen santa] *Om. F*
| **mui ben servir quiser**] *Om. F, E*

Siso per que podesse a saber ben servir,
e outra cousa nunca lle quería pedir.
E a Virgen non quiso que en seu don falir
foss', e aparecerlle foi, como vos disser,
Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser, …

mui ben servir quiser] *Om. F, E*

Máis fremosa e crara que lũa nen sol é,
e díssell': «O que pedes prazme, per bõa fe,
e eu dizercho quero ca meu fill', u el sé,
ten por ben que cho diga, e direicho, senner.
Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser, …

mui ben servir quiser] *Om. F, E*

Se ben queres servirme, primeiro amarm' ás
muit' ena voontade, outrossí onrarm' ás,
e sobre tod' aquesto sempre me loarás,
pois me fillou por madre Deus, seend' eu moller».
Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser, …

mui ben servir quiser] *Om. F, E*

Quanto a Virgen disse, todo o ascoitou
aquel frade de grado, e quanto lle mandou
fazer, todo foi feito; e depois lle levou
aos Ceos a alma. Por én quen a crever
Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser, …

lle] le *F*

mui ben servir quiser] *Om. F, E*

Sempr' en aqueste mundo bõa vida fará,
e quen servir a ela, seu fillo servirá,
e pois que del for fóra, Paraíso verá;
demais valralle sempre u a mester ouver.
Quen aa Virgen santa mui ben servir quiser, …

mui ben servir quiser] *Om. F, E*

CSM 297

F 51v; E 266r-267r

Esta é como Santa María pres vingança dun ome d' ordin que disse pola sa omagen que era ídolo[301]

Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree,
ben assí é mal creente de non creer o que vee.

Dest' un fremoso miragre vos rog' ora que ouçades,
e des que o entenderdes faravos que ben creades
en Deus e ena sa madre, per que seu amor ajades,
o que nunca aver pude quen en eles ben non cree.
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, …

Dest'] E dest' *E*
e ena] e en *F*
do que non vee om' e cree] *Om. E*

E por én creer devemos que Deus comprida vertude
éste e que del os santos la an per que den saúde
a aqueles que o creen; e por én, se Deus m' ajude,
mui cegu' é d' entendimento o que aquesto non vee.
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, …

éste] est *E* | **den**] dan *F*
do que non vee om' e cree] *Om. F, E*

E pois a sa gran vertude assí ést' aparellada
d' obrar en aquela cousa que acha enderençada
pera a receber logo, esto razón é provada
que na omagen vertude acha o que o ben cree.
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, …

que o ben] que ben *E*
do que non vee om' e cree] *Om. F, E*

Ca ben com' a cousa viva recebe por asperança
vertude, sol que a creen, ben assí por semellança
a recebe a omagen mantenente sen tardança
daquel de que é fegura, macar om' a el non vee.
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, …

mantenente] mantẽete *F*
do que non vee om' e cree] *Om. F, E*

Onde foi ũa vegada que un rei sigo tragía
ũa omagen mui bela da Virgen Santa María,
por que Deus muitos miragres demostrava cada día,
en que foi travar un falso frade que en Deus non cree,
Com ' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, …

demostrava] demostra *E*
do que non vee om' e cree] *Om. F, E*

Dizendo: «Muito per tenno que é ome sen recado
o que cree que vertude á no madeir' entallado
que non fala nen se move; est' é ben sandeu provado
e tenno que é mui cego o que aquesto non vee».
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, …

é] *Om. E*
do que non vee om' e cree] *Om. F, E*

301 *E*: Como Santa María mostrou vertude na sa omagen, porque dizía un frade que non avía vertude no madeir' entallado.

Quand' el diss' esta paravla, mui preto del Rei estava,
que todas estas sandeces que dizía ascuitava;
e demais contra un frade, seu compannon, se tornava
dizendo: «Este rei tenno que enos ídolos cree».
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, … **do que non vee om' e cree**] *Om. F, E*

Quand' o frad' aquesto disse, tornouss' el Rei mui sannudo **tornouss'**] tornous' *F*
e diss' aos que estavan ant' el: «Muit' é atrevudo
e sandeu aqueste frade, e ténnoo por perdudo,
ca non vee ben dos ollos, mas pelo toutiço vee. **toutiço**] toutuço *F*
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, … **do que non vee om' e cree**] *Om. F, E*

E des oimais sa fazenda nunca irá adeante,
ante tornará a redr', e sempre será malandante;
e a Virgen Groriosa non querrá que s' el avante
daquesto que el á dito, pois que en ela descree». **á**] *Om. E*
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, … **do que non vee om' e cree**] *Om. F, E*

Tod' aquest' assí avẽo, ca sempre fez sa fazenda
mui mal aquel frade falso, ca foi louco sen contenda
sempre d' alí adelante, e Deus quis fillar emenda
del por sí e por sa madre, come d' ome que non cree.
Com' é mui bõ' a creença do que non vee om' e cree, … **Com' … cree**] *Om. F, E*

CSM 298

F 9v; E 267r-267v

Esta é como Santa María guareceu en Seixón ũa moller á que fillava o demo[302]

Graça e vertude mui grand' e amor
mostra Santa María no pecador.

Gran vertude faz en doentes sãar,
e graça de no-los erros perdõar;
amor nos ar mostra de por nós rogar
sempr' ao seu fillo, nosso salvador.
Graça e vertude mui grand' e amor… **grand' e amor**] *Om. F*

302 *E*: Como Santa María de Seixón guariu ũa moller de demonio.

E porend' ora un miragre direi
que en Seixón fez a Madre do Gran Rei;
quant' end' aprendí, ren non vos negarei,
e de o oír averedes sabor.
Graça e vertude mui grand' e amor…

Ũa moller bõa, por vos non mentir,
demonio avía e per ren guarir
dele non podía, e prometeu d' ir
a Seixón que lle tolless' esta door.
Graça e vertude mui grand' e amor…

tolless'] tolles' *F, E*

E Santa María tev' assí por ben
de non tardar muito; e guisou por én
candeas e cera e al que convén
a tod' aquel que en romaría for.
Graça e vertude mui grand' e amor…

María tev'] María o tev' *F*
muito] muit' *E*

Des i confessousse ben, com' aprendí,
e saíuss' entón esta moller assí
e foiss' a Seixón. E depois que foi i,
entrou na eigreja, e con gran pavor
Graça e vertude mui grand' e amor…

saíuss'] saíus' *F*
Graça … amor] *Om. F*

Que do dem' avía fez sa oraçón
ben ante o altar da Virgen. Entón
a fillou mui fort' o diabo felón,
que ouveron todos én mui gran temor.
Graça e vertude mui grand' e amor…

ante] ant' *F, E*

E poi-la assí ant' o altar fillou,
gran peça a tev'; e pois se levantou
a moller, daquesta guisa começou
sa oraçón quant' ela pode mellor,
Graça e vertude mui grand' e amor…

começou] começou *E*

E diz: «Groriosa Virgen, que nacer
Jesú de tí quiso, se for teu prazer,
de mí t' amercẽa e o teu poder
aquí mostra sobr' aqueste traedor
Graça e vertude mui grand' e amor…

Que me fillou ora ante tí tan mal
e non quis catar ta eigreja nen al;

mais, Virgen, reínna santa sperital,
guárdame daqueste fals' enganador.
Graça e vertude mui grand' e amor…

Sennor, os pecados non cates que fiz
assí como faz moller mui pecadriz;
mas tu, que dos Ceos es emperadriz,
roga teu fillo, nosso remĩidor,
Graça e vertude mui grand' e amor…

Que me dé saúde polo amor teu.
E pois el tal onr' aas molleres deu
que de tí pres carne, Virgen, rógot' eu
que t' amercees de mí, que sofredor
Graça e vertude mui grand' e amor…

Soon de gran coita que m' o demo dá
qual nunca moller ouve nen averá.
Ai, Madre de Deus, Sennor, tóllemio ja,
e seerei sempre túa servidor».
Graça e vertude mui grand' e amor…

A Virgen María log' aquela vez
ao demo mao, negro chus ca pez,
daquela moller que se quitasse fez,
e des alí non foi dela tomador.
Graça e vertude mui grand' e amor…

E a bõa dona, pois se viu de pran
fóra do poder daquel peor que can,
deu loor a Deus, e a do bon talán,
sa madre, serviu e foi esmolnador.
Graça e vertude mui grand' e amor…

mais] mas *E*

amor teu] teu amor *E*

m' o] mi o *F*, *E*

Graça … amor] *Om. F*

CSM 299

F 99v; E 267v-268v

Como Santa María vẽo en visión a un freire e mandoulle que désse ũa sa omagen que tragía a un Rei

visión] visón *F*

De muitas maneiras Santa María
mercees faz aos que por seus ten.

Dest' un miragre mostrarvos querría,
e de mio oírdes vos rogaría
de bõa ment', e per el vos faría
saber servir a comprida de ben.
De muitas maneiras Santa María…

Santa María] *Om. E*

Est' avẽo a un rei que servía
esta Sennor quant' ele máis podía,
e en loala gran sabor prendía;
e direivos que ll' avẽo por én.
De muitas maneiras Santa María…

Un freire dos da Estrela tragía
a seu colo, en que muito criía,
ũa omagen desta que nos guía,
d' almafí, que seu fill' en braços ten.
De muitas maneiras Santa María…

E ũa noit' en seu leito jazía,
nen era ben esperto nen dormía;
viu a Madre de Deus que lle dizía:
«Essa omagen non tragas per ren
De muitas maneiras Santa María…

Que trages, ca fazes i gran folía
ena trager assí; mais vai ta vía
al Rei e dálla, ca me prazería
se lla désses, e farías bon sén».
De muitas maneiras Santa María…

mais] mas *F*

Quand' esto ll' ouve dito, logo s' ía;
e o freir' a outros freires dizía
est', e cada ũu deles respondía:

freir'] frair' *F* | **freires**] fraires *F*

«Aquest' é sonno que non vai nen vén». **sonno**] sono *E*
De muitas maneiras Santa María...

E o freire, quand' aquesto oía, **aquesto**] aquest' *F*
de a non dar al Rei fillou perfía;
mas depois ben tres vegadas vií' a
que lle diss' assí en mui gran desdén:
De muitas maneiras Santa María…

«E como fillaste tal ousadía
de non dar o que te mandad' avía
que désses al Rei, e gracircho ía?
Mas dálla; se non, mal te verrá én».
De muitas maneiras Santa María…

O freire log' ante de tercer día **O**] E *E*
a seu maestr' aquesto descobría,
que lle respós: «Fezestes bavequía
eno tardar, e a vós non convén
De muitas maneiras Santa María…

Tal omagen, mas al Rei converría.
E por aquesto vos consellaría
que lla déssedes, ca el sabería
onrala muit'; e vós buscad' alguén
De muitas maneiras Santa María…

Que vaa vosqu'». E ele logo s' ía,
e achou el Rei que missa oía,
e deull' a omagen, que alegría
ouve con ela grande veramén.
De muitas maneiras Santa María…

E con as mãos ambas a ergía,
e graças por aquesto lle rendía
e o seu santo nome bẽeizía, **o seu santo**] o santo *E*
dizendo: «Bẽeita sejas, amén».
De muitas maneiras Santa María… **De … María**] *Om. F, E*

CSM 300

E 268v-269r

Esta é de loor de Santa María

Muito devería
ome sempr' a loar,
a Santa María
e seu ben rezõar.

Ca ben deve razõada
seer a que Deus por madre
quis, e seend' el seu padre
e ela filla e criada,
e onrada
e amada
a fez tanto que sen par
é preçada
e loada
e será quant' el durar.
Muito devería…

Outrossí loar devemos
a por que somos onrados
de Deus e ar perdõados
dos pecados que fazemos,
ca tẽemos
que devemos
por aquesto lazerar,
mas creemos
e sabemos
que nos pod' ela guardar.
Muito devería…

Razõala ben sen falla
devemos, ca nos razõa
ben ante Deus, e padrõa
é noss' e por nós traballa,
e baralla
e contralla
o dem' e fazlo estar
que non valla
nemigalla
nen nos possa mal buscar.
Muito devería…

E por esto lle demando
que lle non venna emente
do que diz a maa gente,
porque sõo de seu bando
e que ando
a loando
e por ela vou trobar,
e cuidando
e buscando
como a possa onrar;
Muito devería…

Mas que lles dé galardões
ben quaes eles merecen
porque me tan mal gradecen
meus cantares e meus sões
e razões
e tenções
que por ela vou fillar,
ca felões
corações
me van por én demostrar.
Muito devería…

E ar aja piadade
de como perdí meus días,
carreiras buscand' e vías
por dar aver e erdade
u verdad' e
lealdade
per ren nunca puid' achar,
mais maldad' e
falsidade
con que me cuidan matar.
Muito devería…

demando] mando *E*

Muito devería] *Om. E*

CSM 301

F 104v; E 269r-269v

Como Santa María de Vilasirga tirou un escudeiro de prijón, que o tiinnan en Carrión pera matar[303]

Macar faz Santa María miragres dũa natura,
muitas vezes i os cambia por mostrar sa apostura.

E daquest' un gran miragre demostrou ũa vegada
a Virgen en Vilasirga, na sa eigreja onrada,
por un escudeiro preso que, ena prijón, rogada
a ouve que o livrasse daquela prijón tan dura.
Macar faz Santa María miragres dũa natura… **miragres dũa natura**] *Om. F* | **Macar … natura**] *Om. E*

Ca el en mui grandes ferros e en cadẽas jazía
pres' en Carrón, ca fezera por que a morrer devía;
pero sempre jajũava días de Santa María,
na sa mercee fiando, mui comprida de mesura.
Macar faz Santa Maria miragres dũa natura… **miragres dũa natura**] *Om. F, E*

Quando soube que julgado era que lle dessen morte,
chorou muito dos seus ollos e fezo chanto mui forte,
dizend': «Ai, Santa María, tu que es lum' e conorte
dos coitados, tu me guarda de tan gran malaventura
Macar faz Santa María miragres dũa natura… **miragres dũa natura**] *Om. F, E*

Que en tal prijón non moira nen ar seja justiçado; **nen**] oie *E*
mas ta mercee me valla e non cates meu pecado,
e se t' algún pesar fige, que seja eu perdõado,
e des oimais te prometo que me guarde de loucura».
Macar faz Santa María miragres dũa natura… **miragres dũa natura**] *Om. F, E*

Des quand' aquest' ouve dito, apareceull' a Reínna
dos Ceos con gran companna d' ángeos que sigo tiinna, **tiinna**] viinna *E*
e fillouo pela mão e soltoo muit' aginna
dos ferros, e disse logo: «Sal desta prijón escura».
Macar faz Santa María miragres dũa natura… **miragres dũa natura**] *Om. F, E*

E logo se sentiu livre da prijón o escudeiro
u jazía, e aquesto foi ao sono primeiro,
e achouss' en Vilasirga, e foi ende ben certeiro **achouss'**] achous' *E*
que o fezera a Virgen, cujo ben por sempr' atura.
Macar faz Santa María miragres dũa natura… **miragres dũa natura**] *Om. F, E*

303 *F*: Como Santa María livrou ũu escudeiro que tiinnan preso en Carrón.

E quantos ena eigreja achou fezo ben certãos
deste feito, pois lle viron tẽer os ferros nas mãos
ant' o altar a desora, e todos seus nembros sãos;
e por én loaron todos a Virgen santa e pura.
Macar faz Santa María miragres dũa natura…

Macar faz Santa María] *Om. F*
| **miragres dũa natura**] *Om. F, E*

CSM 302

F 107r; E 269v-270r

Esta é do ome que furtou a seu compannon os dinneiros da esmolneira en Santa María de Monsarraz e non pode saír da eigreja ata que llos deu[304]

A madre de Jesucristo, que é Sennor de nobrezas,
non sofre que en sa casa façan furtos nen vilezas.

nobrezas] noblezas *F*

E dest' un mui gran miragre vos direi que me juraron
omees de bõa vida e por verdade mostraron
que fezo Santa María de Monsarrat, e contaron
do que fez un avol ome por mostrar sas avolezas.
A madre de Jesucristo, que é Sennor de nobrezas…

Monsarrat] Monserrat *F*

A madre] *Om. F* | **de … nobrezas**] *Om. F, E*

Este con outra gran gente vẽo i en romaría,
e acolleuss' a un ome con que fillou compannía;
e quando chegou a noite, os dinneiros que tragía
lle furtou da esmolneira por crecer en sas requezas.
A madre de Jesucristo, que é Sennor de nobrezas…

acolleuss' a] acolleusse a *E* | **compannía**] companía *E*

que é Sennor de nobrezas] *Om. F, E*

Outro día de mannãa, des que as missas oíron,
os que alí albergaron da eigreja se saíron;
mas el én saír non pode, e esto muitos o viron,
ca non quis Santa María, que é con Deus nas altezas,
A madre de Jesucristo, que é Sennor de nobrezas…

el én saír] el saír *F*

que é Sennor de nobrezas] *Om. F, E*

Ata que ben repentido foss' e ben maẽfestado
e todo quanto furtara ouvess' ao outro dado,
e que dissess' ante todos de com' avía errado,
e saíss' én con vergonna por sas maas astruguezas.
A madre de Jesucristo, que é Sennor de nobrezas…

que é Sennor de nobrezas] *Om. F, E*

304 *E*: Como Santa María de Monsarrat descobriu un furto que se fez na sa igreja.

Tod' aquest' assí foi feito, ca o quis a verdadeira
madre de Deus piadosa, santa e mui josticeira,
que non quis que en sa casa fossen per nulla maneira
feitas cousas desguisadas nen cobiiças per pobrezas.
A madre de Jesucristo, que é Sennor de nobrezas…

foi] fui *E*
josticeira] justiceira *E*
que é Sennor de nobrezas] *Om. F, E*

CSM 303

F 34r-34v; E 270r-271r

Esta é como a omage de Santa María falou nas Olgas de Burgos a ũa meninna que avía gran medo de sa tía por travessura que fezera

Esta é] *Om. E*
a omage] ũa omagen *E*
meninna] moça *E*
avía gran] ouve *E*
de sa … fezera] *Om. E*

Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança,
ca noss' esforç' é nos medos, e nas coitas amparança.

Desto direi un miragre que conteu no mõesteiro
de Burgos, e se m' oírdes, diréivolo tod' enteiro,
que mostrou Santa María por toller med' e fazfeiro
dũa moça que avía tod' esto sen dovidança.
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

non á mui grand' asperança] *Om. E*

Costum' é que as meninnas que ena ordin criadas
son, que grandes travessuras fazen algũas vegadas;
por én freiras que as guardan lles dan, per que castigadas
sejan e non façan cousas per que caian en errança.
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

ordin] orden *E*
non á mui grand' asperança] *Om. F, E*

Onde daquesto avẽo que ũa moça fazía
ameúd' i travessuras que pesavan a sa tía;
e castigávaa ende, ca maior ben lle quería
ca sí nen a outra cousa. E por ende, sen dultança,
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

ameúd'] amiud' *E*
non á mui grand' asperança] *Om. F, E*

Atán gran medo avía dela, que sol non ousava
aparecer u a visse quand' algũa vez errava.
E a freira dũa parte a ferí' e castigava,
e da outra lle fazía muit' algu' e muita criança.
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

Atán] E tan *E*
non á mui grand' asperança] *Om. F, E*

Onde un día ll' avẽo que fez mui gran travessura,
por que aquela sa tía ouve dela gran rancura
e buscoua por ferila; mais ela, por sa ventura
bõa, foiss' aa omagen da Virgen sen demorança.
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

mais] mas *E*
non á mui grand' asperança] *Om. F, E*

E chorando e tremendo diss': «Ai, Virgen Groriosa,
acórrem' a esta coita, tu que es tan piadosa
que acorre-los coitados; por én, Sennor Preciosa,
fais que est' erro que fige que caia en obridança
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

acorre-los] acore-los *F*
non á mui grand' asperança] *Om. F, E*

De mia tía, que aquesto nunca lle venna emente».
Resposll' entón a omagen, mans' e en bon contẽente:
«Aquesto que me tu rogas farei eu de bõa mente,
tanto que oimais teu feito non o metas en balança».
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

non o] non *E*
non á mui grand' asperança] *Om. F, E*

Desto que diss' a omagen foi a moça espantada,
pero recebeu esforço de que foi mui conortada;
e pois vẽo outro día, sa tía a ouv' achada,
e depois que soub' o feito, ouve na Virgen fiança.
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

non á mui grand' asperança] *Om. F, E*

E a sa sobrinna logo pera sa casa levoua,
e des alí adeante amoua muit' e onroua,
e en logar de com' ante a ería, faagoua,
e do que sabor avía fezll' end' amor e pitança.
Por fol tenno quen na Virgen non á mui grand' asperança…

a sa sobrinna] a sobrinna *E*

Por … Virgen] *Om. F*
| **non … asperança**] *Om. F, E*

CSM 304

F 98v; E 271r-271v

Esta é como Santa María de Ribela non quer que arça outr' oio ant' o seu altar senón d' olivas que seja ben claro e muit' esmerado[305]

Aquela en que Deus carne prendeu e nos deu por lume,
das cousas limpias se paga sempre, tal é seu costume.

E desto mostrou miragre a Virgen Santa María
grand' en ũa sa eigreja, e demostra cada día,
en un' aldea que nome á Ribela, u soía
aver ben d' antiguedade un mõesteir' a costume — **mõesteir'**] moesteir' *F*
Aquela en que Deus carne prendeu e nos deu por lume… — **prendeu**] *Om. F* | **e nos deu por lume**] *Om. F, E*

D' ordin de san Bẽeito. E ora chus da eigreja
non ficou, que é da Virgen que sempre bẽeita seja, — **bẽeita**] beeita *E*
en que á ben cinc' altares, u gran vertude sobeja
mostra Deus no que é dela, ca non pod' i arder lume
Aquela en que Deus carne prendeu e nos deu por lume… — **prendeu e nos deu por lume**]*Om. F, E*

Doutr' oio senón d' olivas mui limpi' e muit' esmerado.
Ca macar ard' ant' os outros de linaça, sol pensado
non é que ant' o da Virgen arça, e est' é provado
muitas vezes eno ano, e áno ja por costume.
Aquela en que Deus carne prendeu e nos deu por lume… — **prendeu e nos deu por lume**] *Om. F, E*

Ca o provan ameúde cavaleiros, lavradores,
crérigos, monges e frades descalços, preegadores; — **crérigos**] clérigos *E*
ca pero i acenderon outros oios ardedores,
atán toste se matavan, que sol non deitavan lume. — **deitavan**] deitava *F*
Aquela en que Deus carne prendeu e nos deu por lume… — **prendeu e nos deu por lume**] *Om. F, E*

E porend' os dessa terra non ousan seer ousados
doutr' oio alí queimaren, ca saen por denodados — **queimaren**] quemaren *E*
ende cada que o provan, e por esto son tornados
a queimar oio d' olivas nas lámpadas por costume.[306] — **d' olivas**] d' oliva *E*
Aquela en que Deus carne prendeu e nos deu por lume… — **prendeu e nos deu por lume**] *Om. F, E*

305 *F*: Esta é como Santa María non quer que arça outro oio ningũu ant' o seu altar na eigreja de Ribela senón o que é d' olivas e seja limpo.

306 Obsérvese como, unha vez máis, os últimos termos dos versos do refrán se repiten alternativamente ao longo de toda a cantiga, establecendo un dobre xogo con aquel.

CSM 305

F 42r-43r; E 271v-273r

Como Santa María fez ũa carta de pẽedença que tragía ũa moller pesar máis en ũa balança que quant' aver posseron na outra[307]

Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações,
ca per ela guannamos de Deus mui grandes perdões.

E por én dizervos quero, se me mui ben ascuitardes,
un mui fremoso miragre; e se i mentes parardes,
gran prol de vossa fazenda vos terrá, se vos guardardes
de fazer per que perçades d' aver de Deus gualardões.[308]
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

Esto foi dũa mesquinna moller que pecador era,
e confessouss' a un frade dos pecados que fezera; **confessouss'**] confessous' *F, E*
e por aver perdón deles avía coita tan fera,
que do perdón pediu carta, mostrando muitas razões
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… **a tẽer os corações**] *Om. E*

Por que a aver devía, ao frade que lla désse.
E el deulla de tal guisa, mandándolle que fezesse
serviç' a Santa María per que sa mercé ouvesse, **mercé**] mercee *F*, *E*
e jajũass' as sas festas e oísse seus sermões. **jajũass'**] jajũas' *F,* jauas' *E*
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

Tod' esto lle pos en carta, e des i ar seeloua;
e a moller mui de grado a fillou e pois guardoua[309] **guardoua**] guardoa *F, E*
en seu sẽo, e tan toste pera sa casa levoua.
Mas atán muit' era pobre que pidía as rações; **rações**] razões *E*
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

E uquer que ela ía, sempre sa carta levava
dentr' en ũa seeleira en que a mui ben guardava;
mas pola Virgen bẽeita as rações demandava,
sofrendo frío e fame e muitas trebolações.
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… **a tẽer os corações**] *Om. E*

E ela assí andando, chegou a ũa cidade
e viu seer ena rúa, com' eu achei por verdade, **ena**] na *F*, *E*

307 *F*: Como a carta da pẽedença da bõa moller pesou máis que quant' aver tiinna o mercador.

308 V. 6: **perçades**] perçamos *E* | **gualardões**] galardões *E*

309 Seguimos a Mettmann e preferimos a emenda proposta fronte á que ofrecen os manuscritos, que, aparentemente, non gardan a rima.

un cambiador que cambiava d' aver mui gran quantidade,
esterlĩis e torneses, burgaleses, pepiões, — **torneses**] toneses *E*
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… — **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

E inda daquestes novos e dos pretos e da guerra;
e ela pediulle algo por aquela que non erra.
El disse: «Fazelo quero sobre pennor, ca na terra
u somos non é costume de dar doutra guisa dões».
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… — **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

Ela respondeulle logo: «Júrovos per mia creença — **per**] par *F*
que non tragu' ergu' esta carta, que é de mia pẽedença».
E diss' el: «Veela quero, e meterei i femença — **i**] *Om. E*
se é carta de soltura ou se é de petições».
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… — **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

El entón leeu a carta, e ante que lla tornasse
dísselle que lle daría sobr' ela quanto pesasse,
e que esto lle faría, e d' al non se traballasse — **traballasse**] traballase *F*
per ren, ca el non amava truães nen arlotões.
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… — **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

Ela avendo na Virgen, madre de Deus, gran fiança,
outorgoulle que posesse a carta ena balança;
mas que lle désse o peso dela logo sen tardança,
que non morresse de fame a 'scusa polos rancões.
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… — **Sempre … corações**] *Om. F* | **a tẽer os corações**] *Om. E*

Ela meteu na balança a carta, e tan pesada
se fez logo, que na outra non pode pois meter nada
que tanto per ren pesasse, esto foi cousa provada,
e o cambiador con sanna depenava seus grannões.
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… — **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

O cambiador fillou outra balança maior daquela,
e coidou aquela carta per maior peso vencela;
mas pero non meteu tanto na balança que movela
per ren podesse de terra. Entón fillou dous bolsões — **dous**] seus *F*
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… — **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

Que meteu ena balança, chẽos de prata e d' ouro; — **ena**] na *F*, *E*
mas mui máis pesou a carta en que avía tesouro
daquel que perdõar pode crischão, judeu e mouro,
atanto que en Deus ajan ben firmes sas entenções.
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações… — **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

Quand' o cambiador viu esto, pediu por Santa María
mercee que se leixasse do peso, e lle daría
quant' ela do seu quisesse, per que sempre viviría
ben e avondadamente. E molleres e barões,
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações…

cambiador] cabiador *F*

viviría] vivría *F*

a tẽer os corações] *Om. F, E*

Quantos este feito viron, tan toste lle consellaron
que o fezess', e foi feito; e log' a Virgen loaron
por tan fremoso miragre, e con gran prazer choraron
todos, gẽollos ficados con mui grandes devoções.
Sempre devemos na Virgen a tẽer os corações…

consellaron] cosellaron *F*

Sempre devemos na Virgen] *Om. F*
| **a tẽer os corações**] *Om. F, E*

CSM 306[310]

F 21r; E 273r-274r

Como Santa María fez converter un erege en Roma que dizía que Santa María non podía seer virgen e aver fillo

Rúbrica] *Om. F*

Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever
a dizer que Deus non pode quanto xe quiser fazer.

E com' é om' atrevudo en querer saber razón
por que fezo Deus as cousas que non eran ant' e son
ora, muit' é de mal siso, ca as obras de Deus non
son pera saberse todas, nen pode per ren seer.
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

maravilla … atrever] *Om. E*

E daquest' un gran miragre avẽo, per com' oí,
a ũu erege en Roma, e contan que foi assí,
dũa omagen que era da Virgen, com' aprendí,
pintada ena eigreja, como vos quero dizer.
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

ũu] un *F*

de null' ome s' atrever] *Om. F, E*

Esta eigrej' é aquela que chaman de Leterán,
que do 'mperador foi casa que nom' ouve Octavián;

ouve] ouv' *E*

310 Hai unha enorme lagoa en *F* por perda dun folio, que afecta á rúbrica, ao refrán inicial, á primeira estrofa e a parte do segundo refrán, no que só se pode ler o fragmento «pode quanto xe quiser fazer», pertencente ao segundo verso.

mas depois ar foi eigreja do apóstol san Joán,
mui nobre e mui ben feita e que costou grand' aver.
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

Alí ést' ũa omagen da Virgen que non á par
pintada ena parede, e como a saudar
vẽo o ángeo do ceo, per que s' ouve d' emprennar
ela de Spírito Santo logo sen neũu lezer.
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

E tan bon maestre era o pintor que a pintou,
que fezo que semellasse que quando a saudou
o ángeo, como logo atán toste s' emprennou;
e por én lle fez o ventre mui creçudo parecer,
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

E fez que tevesse cinta ben como prennada sol
cengir per cima do ventre quando ll' a prennece dol.
Esta omagen un día viua ũu erege fol,
e diss' aos crischãos: «Veede que ides creer,
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

Que Santa María virgen foi, sol non dizedes ren,
ca vedes que ten a cinta como moller prenne ten
suso per cima do ventre; muito sodes de mal sén
en creer ataes cousas nen sol i mentes meter».
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

Quando aquest' ouve dito aquel erege sandeu,
log' a aquela omagen a cinta lle decendeu
juso com' a moller virgen, e logo lle descreceu
o ventr', assí come ante que foss' ela conceber.
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

Pois esto viu o erege, repentiusse muit' entón
e aa Virgem bẽeita pidiu chorando perdón.
Esto fez Deus por sa madre, por mostrar que con razón
foi prenne, seendo virgen e pois que el foi nacer.
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

Esta omagen bẽeita des entón assí está
con sa cinta abaixada, e sempr' assí estará;
e Deus miragres por ela mostrou pois e mostrará,
por nos fazer de sa madre a verdade connocer.
Por gran maravilla tenno de null' ome s' atrever…

mas] mais *F* | **apóstol**] apóstolo *F*
e mui ben] mui ben *E*
de null' ome s' atrever] *Om. F, E*

d' emprennar] d' eprennar *E*
neũu] neun *F*
de null' ome s' atrever] *Om. F, E*

s' emprennou] s' emprenou *F*
de null' ome s' atrever] *Om. F, E*

ũu] un *F*
de null' ome s' atrever] *Om. F, E*

a] na *F*
de null' ome s' atrever] *Om. F, E*

moller] moll *E*
de null' ome s' atrever] *Om. F, E*

e pois] depois *E*
de null' ome s' atrever] *Om. F, E*

Por … atrever] *Om. F, E*

CSM 307

F 100v; E 274r-274v

Como Santa María tolleu ũa gran tempestade de fogo en terra de Cezilla

Cezilla] Cecilla *E*

Toller pod' a Madre de Nostro Sennor
toda tempestade, se ll' en prazer for.

E dest' en Cezilla mostrou ũa vez
un mui gran miragre a Sennor de Prez
que é madr' e filla daquel Deus que fez
a terra e pos os ceos en redor.
Toller pod' a Madre de Nostro Sennor…

Cezilla é ũa ínsoa de mar
rica e viçosa, com' oí contar,[311]
de tódalas cousas que pod' om' achar
por aver avondo e viç' e sabor.
Toller pod' a Madre de Nostro Sennor…

rica] cica *E*

En aquesta terra un mui gran mont' á
que veen de longe os que van alá,
que Mongibel chaman, e de fogos dá
chamas aas vezes, ond' an gran pavor
Toller pod' a Madre de nostro Sennor…

Tódolos da terra. Onde conteceu
que en aquel monte fogo s' acendeu
mui grande, e toda a terra tremeu,
e choveu tan muito come no maior
Toller pod' a Madre de nostro Sennor…

Inverno do mundo chove, com' oí,
volta con gran pedra, e ar outrossí
caían coriscos tantos ben alí
que cuidaron todos morrer a door.
Toller pod' a Madre de Nostro Sennor…

311 En *E*, na palabra inicial «cica» o *c* está marcado para a súa corrección, pero o novo grafema non quedou proposto.

Quaraenta días aquesto durou[312]
e quarenta noites, que nunca quedou
ata que Santa María se mostrou
a un bon ome con gran resprandor.
Toller pod' a Madre de Nostro Sennor…

Quaraenta] Quarenta *F*

un] ũn *E* | **bon**] bõo *F*

E díssell' a reínna esperital:
«Se tu queres que se tolla este mal,
un cantar me façan que seja atal
qual a mí convén, ben feit' a mia loor».
Toller pod' a Madre de Nostro Sennor…

atal] tal *E*

O ome bõo, que aquesto veer
foi en visón, muito ouve gran prazer;[313]
des i começou seu cantar a fazer
rimado segundo el soube mellor.[314]
Toller pod' a Madre de Nostro Sennor…

muito] muit' *F, E*

segundo] segund' *F, E*

E segund' as paravlas lle fez o son,
e depois cantoo con gran devoçón;
e a tempestade quedou logu' entón,
e perdeu én logo a gente temor.
Toller pod' a Madre de Nostro Sennor…

312 Neste verso aceptamos a forma irregular «quaraenta» porque é a solución que atopou o copista de *E* para manter a regularidade métrica.

313 Aceptamos a solución de Mettmann para resolver a hipometría do verso, ofrecendo a forma «muito» no canto de «muit».

314 Aceptamos a solución de Mettmann e presentamos a forma «segundo», desenvolvida, para regularizar o cómputo silábico.

CSM 308

E 274v-275v

Como Santa María guariu ena cidade de Cara ũa moller idrópica[315]

cidade] cibdade *E*
Cara] Rara *E*

De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar,
sol que am' a Deus, seu fillo, que soub' ela muit' amar.

E dest' un mui gran miragre vos quer' eu ora mostrar
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
que mostrou en ũa vila que Cara soen chamar, — **Cara**] Rara *E*
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar — **sãar**] saar *E*
qu' é en terra de Sosonna, e per com' oí contar,
por ũa moller a Virgen, que non ouve nen á par.
De todo mal pod' a Virgen a quena ama sãar… — **ama sãar**] *Om. E*

Aquesta moller punnava sempr' en servir e onrar
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
a Virgen Santa María e máis d' al ren se guardar — **máis**] mas *E*
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
de lle fazer nulla cousa que lle jouvess' en pesar,
e por én na sa eigreja ía candeas queimar.
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar… — **a quen a ama sãar**] *Om. E*

E ant' ũa sa omagen a prezes s' ía deitar,
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
rogándolle que do demo a guardass' e de pecar
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
e de caer en grand' erro e de mui mal enfermar.
Mas Deus, que dá as doores a muitos po-los provar,
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar… — **a quen a ama sãar**] *Om. E*

Lle deu tal enfermidade, que começou a inchar — **Lle**] E le *E*
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
mui máis ca d' idropisía nen por razón d' emprennar, — **d' emprennar**] d' eprennar *E*
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
assí que todos cuidavan que quisesse rebentar,
e comer ja non podía nen sol a agua passar.
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar… — **a quen a ama sãar**] *Om. E*

315 No manuscrito lese Rara, como nome da cidade. O topónimo resulta dunha deformación de Cara, actual Chelles, non moi lonxe de París. Por outra banda, obsérvese que esta cantiga contén un refrán intercalar, grafado no manuscrito en cadansúa cobra.

Estando en esta coita, esforçousse de falar,
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
e a quantos i estavan começou muit' a rogar
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
que por Deus aa eigreja punnassen de a levar,
que ant' o altar podesse o Corpo de Deus fillar.
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar… **a quen a ama sãar**] *Om. E*

E logu' entón a fillaron e fórona i deitar,
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
e chorando seus pecados se fez logo comungar;
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
e des que foi comungada, mantẽente sen tardar
deitou tres pedras do corpo sen se doer nen queixar.
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar… **a quen a ama sãar**] *Om. E*

A primeira foi tan grande, ca as foron mesurar,
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
como d' ánsar un grand' ovo; a outra, por non chufar,
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
foi com' ovo de galinna; a terceira, sen dultar,
era come de poomba, muito-las foron catar.
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar… **a quen a ama sãar**] *Om. E*

E log' a moller foi sãa, e fezo missa cantar
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
a onra da Virgen Santa, e as pedras fez furar
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar **sãar**] saar *E*
e ant' o altar da Virgen as fez logo pendurar.
E quantos aquesto viron fillaron muit' a loar
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar… **a quen a ama sãar**] *Om. E*

A Virgen Santa María, que se sab' amercẽar **A**] Aa *E*
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
dos coitados que a chaman, e sabe galardõar
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar
ben serviç' a quen llo faze, e pois Paraíso dar,
u é todo ben comprido, que nunca pode menguar.
De todo mal pod' a Virgen a quen a ama sãar… **De … sãar**] *Om. E*

CSM 309

F 16v; E 275v-276v

Esta é como Santa María vẽo en visón en Roma ao Papa e ao Emperador e dísselles en qual logar fezessen a eigreja[316]

Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre
mostrar mui grandes miragres pola bẽeita sa madre[317]

Dest' un fremoso miragre vos direi que foi verdade
que mostrou Santa María en Roma, nobre cidade,
eno tempo que ja era tornada en creschandade,
por acrecentar a lee de Deus, seu fill' e seu padre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre…

tẽer *Om. F* | **en querer Deus Padre**] *Om. F, E*

En aquel tempo en Roma ũu Papa santo avía,
e ũu Emperador bõo per quant' ele máis podía
servía muit' e amava a Virgen Santa María,
en que Deus quis prender carne e fazer dela sa madre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre…

Emperador] emperadõo *F*

tẽer en querer Deus Padre] *Om. F, E*

En aquel tempo tan bõo, de que vos eu ora digo,
era o pobro de Roma todo atán muit' amigo
da Virgen Santa María, e avía ben consigo
a creença de seu fillo Jesucrist' e de Deus Padre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre…

tẽer en querer Deus Padre] *Om. F, E*

E porque en todo Roma non era entón eigreja
desta Virgen Groriosa, que sempre bẽeita seja,
querían fazer end' ũa mui grand' e nobre sobeja,
en que fosse Deus loado e ela que é sa madre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre…

tẽer en querer Deus Padre] *Om. F, E*

Mas per ren non s' acordavan o logar u a fezessen;[318]
e porend' un ome bõo lles disse que se tevessen
de fazela ata quando de Deus tal sinal ouvessen
do logar u a farían a sa madr', und' el é padre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre…

Cobra omitida en F

tẽer en querer Deus Padre] *Om. E*

316 *F*: Esta é de como foi feita a primeira eigreja de Santa María en Roma.

317 Repárese en como esta cantiga, inspirada na famosa lenda da «Virxe das Neves», destaca tamén na súa factura, pois, se os dous versos do refrán inicial rematan pola palabra «Padre» e «madre», o último verso de cada estrofa remata por un deses dous vocábulos de xeito que se van alternado ao longo do texto, xogando tamén co remate do refrán.

318 O Códice *F* quedou moi deteriorado e esta cantiga é unha boa proba, pois, como se pode observar, a partir de aquí, moitas das cobras quedaron sen copiar neste manuscrito (da 5 á 14).

Onde foi pois ũa noite que o Papa xe jazía — *Cobra omitida en F*
en seu leito e dormindo, e en sonnando viía
a sí vĩir ũa dona mui nobre que lle dizía:[319]
«Tu amas a Jesucristo muito e a mí, sa madre
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… — **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

E por én te rogu' e mando que digas a esta gente — *Cobra omitida en F*
de Roma que mia eigreja façan logo mantenente
u viren meant' agosto caer nev' espessamente,
ca alí quer o meu fillo Jesucrist', e Deus seu padre».
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… — **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

Outra tal visón com' esta o Emperador dormindo — *Cobra omitida en F*
viu essa mẽesma noite que o Papa; e sentindo
que de Deus aquesto era, foi chorand' e non riindo
a el e falou con ele a onra da Virgen Madre,
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… — **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

Contándolle tod' a feito en qual maneira dormira — *Cobra omitida en F*
e en jazendo dormindo a Santa María vira,
que lle mandou que fezesse sa eigreja, sen mentira,
en que foss' ela loada e Deus, verdadeiro padre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… — **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

«E demais, por sinal deume, por que eu esto creesse, — *Cobra omitida en F*
que na sa festa d' agosto, u eu visse que caesse
muita nev', en aquel logo a sa eigreja ergesse,
en que fosse Jesucristo load' e ela, sa madre».
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… — **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

Entón lle respós o Papa: «Outro tal sonn' ei sonnado, — *Cobra omitida en F*
e ben é que atendamos aquel día sinaado;
e quando virmos a neve, ponnamos logo recado
como seja a eigreja feita, do fill' e do padre».
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… — **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

Entón ambos atenderon. E quand' aquel día vẽo, — *Cobra omitida en F*
viron caer tanta neve que tod' un campo foi chẽo;
e entón comprar mandaron aquel logar, que allẽo
era, en que oj' é feit' a eigreja da Virgen Madre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… — **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

319 En *E,* no canto de «dizía» figura «prazía», pero foi tachado para a súa eliminación ao advertir o erro. Seguimos, por tanto, a proposta de Mettmann.

Quand' aqueste feito soube o póboo dos Romãos, *Cobra omitida en F*
vẽeron a aquel logo muit' a guisa de crischãos,
os ũus dando dinneiros, outros metend' i as mãos,
e deitaron os cimentos ben per u nevou Deus Padre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

E fezeron sa eigreja grand' e rica e fremosa *Cobra omitida en F*
a onra da Santa Virgen, filla de Deus e esposa,
de que ele prendeu carne, que foi mui maravillosa
cousa da que el criara fazer pois dela sa madre.
Non deven por maravilla tẽer en querer Deus Padre… **tẽer en querer Deus Padre**] *Om. E*

CSM 310

F 35v; E 276v-277r

Esta é de loor de Santa María

Esta] *Om. F*
é] *Om. F, E*

Muito per dev' a reínna
dos ceos seer loada
de nós, ca no mundo nada **mundo**] mundan *E*
foi ben come fror d' espinna.

Ca sempre santivigada
foi des que a fez seu padre
eno corpo de sa madre,
u jouve des pequeninna.
Muito per dev' a reínna… **Muito per dev' a reínna**] *Om. E*

E ar foi de Deus amada
ca sempre fez bõa vida,
e de todo ben comprida
ar foi seendo meninna. **meninna**] menina *E*
Muito per dev' a reínna…

E por ende saudada
foi do ángeo atanto
que lle disso: «Deus o santo

de tí nacerá aginna».
Muito per dev' a reínna…

E depois ficou prennada
de Deus poderos' e forte
o que por nós prendeu morte
e resorgiu mannaninna.
Muito per dev' a reínna…

E con Deus é eixalçada
e el lle deu tal vertude
que por dar a nós saúde
nola deu por meezinna.
Muito per dev' a reínna…

E por én, Sennor Onrada,
ta mercee en mí seja
que me leves u te veja
daquesta vida mesquinna.
Muito per dev' a reínna…

o que] que *F*, *E*
mannaninna] mananinna *E*
Muito per dev' a reínna] *Om. E*

CSM 311

F 65r-65v; E 277r-287r

Esta é como Santa María ressocitou ũu ome bõo a que matou ũu corisco indo en romaría a Monsarraz[320]

indo] e indo *F*

O que diz que servir ome aa Virgen ren non é,
aquest' é de mal recado e ome de maa fe.

Ca se en fazer serviço a un bon ome prol ten,
quanto máis na Virgen santa ond' avemos todo ben;
E quen aquesto non cree, sa creença non val ren,
ca descre' en Deus, seu fillo, e en ela que madr' é.
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é…

E de tal razón miragre vos quero ora mostrar,
que d' entender é mui bõo a quen i mentes parar,

en fazer] eu fezer *F* | **un**] ũu *F*
aa Virgen ren non é] *Om. E*
quero] quer *F*

320 *E*: Como Santa María de Monsarrat resuscitou un ome que ía alá en romaría e morreu na carreira.

que a Virgen Groriosa de Monsarraz quis mostrar
por un ome que a sempre servía con mui gran fe.
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é…

O … ome] *Om. F*
| **aa Virgen ren non é**] *Om. F, E*

El alí en romaría ía dous vezes ou tres
no ano, e amizade avía con ũu borgés;
e rogoulle que na festa qu' é en meogo do mes
d' agosto dessũu fossen, dizendo: «Logar sant' é».
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é…

rogoulle] rogoulli *E*

aa Virgen ren non é] *Om. F, E*

Entón ambos s' acordaron por en romaría ir
a Monsarraz. Mas primeiro, per quant' end' eu puid' oír,
passaron per Barçalona; e u quiseron saír
da vila, começou logo mal tempo, per bõa fe.
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é…

Mas primeiro] mas pme *E*

aa Virgen ren non é] *Om. F, E*

E fezo ventos mui grandes e começou de chover
e alampos con torvões, des i coriscos caer,
assí que feriu ũu deles aquel ome, que morrer
o fez logo mantenente; ca do corisc' assí é
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é…

mantenente] mantẽente *F*

aa Virgen ren non é] *Om. F, E*

Que en quen fer log' afoga ou talla ou queimar faz.
Mais aquel om' afogado foi, que pera Monsarraz
ía sempre, com' oístes; e seu compannon assaz
chorou por el e ar disse paravlas contra a fe,
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é…

Mais] mas *F*

aa Virgen ren non é] *Om. F, E*

Dizendo: «Par Deus, amigo, muito empregasti mal
quanto a Santa María servist', e pois te non val
nen te guardou desta morte, per que o dem' infernal
levou ja de tí a alma; e, mal pecad', assí é».
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é …

te] *Om. E*

levou] leva *E*

O … ome] *Om. F*
| **aa Virgen ren non é**] *Om. F, E*

E outro día por ele ũa missa dizer fez,
des i que o soterrassen, ca tal era come pez
tornado daquel corisco; e ar disse dessa vez
paravras contra a Virgen onde naceu nossa fe,
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é…

E] *Om. F*

aa Virgen ren non é] *Om. F, E*

Indo con el aa cova chorand' e dizend' assí:
«Mal empregaste teu tempo na Virgen, com' aprendí,
demais perdisti grand' algo que lle desti; mais a mí
nunca averrá aquesto, ca o meu na arca é».
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é…

empregaste] empregasti *E*

aa Virgen ren non é] *Om. F, E*

El aquest' assí dizendo, resorgiu o mort' entón
e assentousse no leito e diss' aquesta razón:
«Mentes a guisa de mao, ca mia alm' a perdiçón
fora, se non foss' a Virgen que chav' é de nossa fe,
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é… **aa Virgen ren non é**] *Om. F, E*

Que me livrou de sas mãos u era en poder seu; **poder**] podeu *E*
e porend', enquant' eu viva, sempre no coraçón meu
a terrei pera servila, e nunca me será greu
de ren que por ela faça, ca mui ben empregad' é».
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é… **aa Virgen ren non é**] *Om. F, E*

Quand' esto viron as gentes, deron todos gran loor
aa Virgen groriosa, madre de Nostro Sennor,
que sempre seja loada enquanto o mundo for,
ca é nossa avogada, des i padrõa da fe.
O que diz que servir ome aa Virgen ren non é… **O … é**] *Om. F, E*

CSM 312

F 56v-57r; E 278r-279r

Esta é como un cavaleiro quis comprir sa voontade con sa amiga en ũa casa en que fora entallada a omage de Santa María e nunca o pode comprir[321]

Non convén que seja feita neũa desapostura **neũa**] niũa *E*
eno logar en que seve da Virgen a sa fegura.

Ca muit' é cousa sen guisa de fazeren avolezas
os que creen ena Virgen, que é sennor de nobrezas,
que máis ama limpedume que avarento requezas, **limpedume**] limpidõe *E* | **avarento**] avarentas *E*
e piadad' e mercee ca judeu dar a usura. **dar a usura**] dar usura *F*
Non convén que seja feita neũa desapostura… **neũa**] niũa *E* | **desapostura**] desa *E*

E daquest' un gran miragre fez aposto e fremoso, **aposto e**] apost' e *F, E*
non á muit', en Catalonna a madre do poderoso
Deus e Rei, que por tirarnos do inferno tẽevroso
deceu dos Ceos e carne fillou ena Virgen pura.
Non convén que seja feita neũa desapostura… **neũa desapostura**] *Om. F, E*

321 *E*: Como o cavaleiro non pude comprir sa voontade con sa amiga na casa en que lavraran a.

Esto foi dun cavaleiro que apost' e fremos' era
e grand' e muit' arrizado, e a maravilla fera
amava Santa María, e por seu amor fezera
fazer ũa sa omagen de mui nobr' entalladura.
Non convén que seja feita neũa desapostura…

neũa desapostura] *Om. F, E*

E rogou a ũu maestre que mui ben a entallasse;
e por én dentr' en sa casa lle deu en que a lavrasse
ũa camara fremosa e ort' en que s' apartasse,
por obrar máis a sa guisa e non ouvesse d' al cura.
Non convén que seja feita neũa desapostura…

Non convén que seja feita] *Om. F*
| **neũa desapostura**] *Om. F, E*

Aquel maestr' a omagen fezo mui ben entallada
en semellança da Virgen Santa benaventurada,
ben feita d' entallamento e depois mui ben pintada;
e pois pagou o maestr' e diss': «Id' a bõa ventura».
Non convén que seja feita neũa desapostura…

pagou] rogou *E*
neũa desapostura] *Om. F, E*

Des que tod' esto foi feito, o cavaleiro filloua
e a ũu bon mõesteiro que avía i levoua,
a que a el prometera, e tan tost' apresentoua,
porque alí escollera pera a sa sepoltura.
Non convén que seja feita neũa desapostura…

sepoltura] sopoltura *E*
neũa desapostura] *Om. F, E*

Pois alí deu a omagen e a sa casa tornado
foi, viu ũa mui fremosa donzela, e namorado
ficou dela en tal guisa que sol comer nen bocado
non podía, e por ela foi coitad' a desmesura.
Non convén que seja feita neũa desapostura…

Non convén que seja feita] *Om. F*
| **neũa desapostura**] *Om. F, E*

E se a bever lle davan, el bever sol non podía,
e pero que se deitava pera dormir, non dormía;
e cuidand' en sa amiga en como a avería,
o sén a perder ouvera e caer en gran loucura.
Non convén que seja feita neũa desapostura…

dormía] podía *E*
neũa desapostura] *Om. F, E*

Mais entroull' en voontade que aquelo non fezesse,
mais que s' esforçasse muito, o máis que ele podesse,
e que buscasse carreira per que a mui ced' ouvesse,
e desta guisa sería quite de toda rancura.
Non convén que seja feita neũa desapostura…

Mais] Mas *F*
mais] mas *F*
neũa desapostura] *Om. F, E*

E entón ergeusse logo e buscou muitas carreiras
per que a aver podesse, e ar catou mandadeiras
que ll' enviou, alcaiotas vellas e mui sabedeiras

de fazer moller manceba saír toste de cordura.
Non convén que seja feita neũa desapostura… **neũa desapostura**] *Om. F, E*

Elas con ela falaron e tanto ben lle disseron
del per que a poucos días a venceron e vẽeron
a el, e fezeron tanto que a sa casa lla trouxeron.
E el deitousse con ela en ũa casa escura
Non convén que seja feita neũa desapostura… **neũa desapostura**] *Om. F, E*

U fezeran a omagen da sennor mui verdadeira, **fezeran**] fezeron *F*
e quis i jazer con ela, mas per neũa maneira
aquesto fazer non pude, empero que prazenteira **pude**] pode *E*
era muit' ende a donzela e el muito sen mesura.
Non convén que seja feita neũa desapostura… **Non convén que seja feita**] *Om. F* | **neũa desapostura**] *Om. F, E*

Ambos logu' en outra noite dessa casa se mudaron
e foron jazer a outra; e logo que se deitaron,
compriron sas voontades e seu prazer acabaron.
Mas o logar foi pequeno e de mui grand' angostura, **Mas**] Mais *E*
Non convén que seja feita neũa desapostura… **neũa desapostura**] *Om. F, E*

Onde con nojo da casa que ouve, o cavaleiro
tornousse log' aa outra u jouvera de primeiro;
mais pero seer non soube tan sabedor nen arteiro **mais**] mas *F*
que sol podesse con ela aver prazer nen folgura.
Non convén que seja feita neũa desapostura… **neũa desapostura**] *Om. F, E*

Entón aquel cavaleiro entendeu que muit' errara **muit'**] *Om. F, E*
en querer con sa amiga jazer u fazer mandara
omagen da Virgen Santa, e que a ela pesara
daquel feito; e por ende caeu en mui gran tristura.
Non convén que seja feita neũa desapostura… **neũa desapostura**] *Om. F, E*

E contou aqueste feito aa dona, sen dultança;
e logo en outro día, sen neũa demorança,
fez con ela bẽeições por emendar a errança
que aa Virgen fezera, que con Deus é na altura.
Non convén que seja feita neũa desapostura… **neũa desapostura**] *Om. F, E*

Demais fezo fazer logo ũa lámpada de prata
que pose ant' a omagen da por que o mundo cata;
e foi pois de bõa vida e quitousse de barata
maa e de mao siso e de toda travessura.
Non convén que seja feita neũa desapostura… **Non convén que seja feita**] *Om. F* | **neũa desapostura**] *Om. F, E*

CSM 313

F 17r; E 279v-280v

Esta é como Santa María de Vilasirga guardou ũa nave con gente que ouvera de perigoar no mar[322]

Alí u tódolos santos non an poder de põer
consello, pono a Virgen, de que Deus quiso nacer.

Ca razón grand' e dereito é de máis toste prestar
sa graça ca doutro santo, pois que Deus quiso fillar
sa carn' e fazerse ome por nos per ela salvar,
e fézea de vertudes font' e deulle seu poder.
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

graça] graca *F*
fazerse] fazerss' *F*
de põer] *Om. F*

E por én dizervos quero dela un miragr', e sei
que loaredes seu nome; aínda vos máis direi:
connoceredes de certo que sabença do Gran Rei,
seu fillo, de pran á ela por tal miragre fazer.
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

dela un miragr', e sei] dela miragre que sei *F*
non an poder de põer] *Om. F, E*

Aqueste miragre fezo, assí com' aprendí eu,
a Virgen Santa María de Vilasirga con seu
poder; e parad' i mentes e ren non vos seja greu,
ca eu de loar seus feitos ei sabor e gran prazer.
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

non an poder de põer] *Om. F, E*

Ũa nave periguada andava, com' aprendí,
pelo mar en gran tormenta, e quanta gent' era i
estavan en mui gran coita. E assí com' eu oí,
a nav' era ja quebrada, des i o mar a crecer
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

non an poder de põer] *Om. F, E*

Começou tan feramente e engrossar cada vez,
e volvéndoss' as arẽas; des i a noite se fez,
cona tormenta mui forte, negra ben come o pez;
demais viían da nave muitos a ollo morrer.
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

volvéndoss'] volvéndos' *E*
non an poder de põer] *Om. F, E*

E por ende braadavan e chamavan «Sennor Deus»,
e «San Pedr'» e «Santiago», «San Nicolás», «San Mateus»,
e santos muitos e santas, outorgando que romeus
de grado seus seerían se lles quisesse valer.
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

Alí u tódolos santos] *Om. F*
| **non an poder de põer**] *Om. F, E*

322 *E*: Esta é da nave que andava en perígoo do mar, e os que andavan en ela chamaron Santa María de Vilasirga, e quedou logo a tormenta.

Todos en perígoo eran e en gran coita mortal,
e ben cuidavan que fossen mortos, non ouvess' i al;
mais ũu crérigo que era i, pois viu a coita tal
e oíra dos miragres da Santa Virgen dizer
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

ouvess'] ouves' *E*
non an poder de põer] *Om. F, E*

Que ela en Vilasirga fez e faz a quantos van
i mercee e ajuda pedir das coitas que an,
des i das enfermidades son ben guaridos de pran,
o seu corp' e os da nave lle foi logo ofrecer.
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

non an poder de põer] *Om. F, E*

E diz: «Varões, chamemos ora de bon coraçón
a Virgen Santa María de Vilasirga, e non
se faça end' om' afora, e peçámoslle perdón,
ca a sa vertude santa non nos á de falecer».
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

non nos á] no nos á *F, E*
non an poder de põer] *Om. F, E*

E os gẽollos ficaron como poderon mellor,
e o crérigo dizendo: «Madre de Nostro Sennor,
pois gãanas de teu fillo perdón ao pecador,
a nossos erros non cates por mercee; mas doer
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

gãanas] guaanas *E*
non an poder de põer] *Om. F, E*

Te queiras de nós, coitados, e vállanos o teu ben
e a ta virgĩidade, per que s' o mundo mantén.
Acórrenos, Sennor Bõa, pois poder ás end' e sén,
ca sen tí non nos podemos desta coita defender.
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

Te] De *E* | **queiras**] queras *E*
virgĩidade] virgiidade *F*
non nos] no nos *F, E*
Alí u tódolos santos] *Om. F* | **non an poder de põer**] *Om. F, E*

Pois que tu en Vilasirga aos cegos lume dás
e ressucita-los mortos pela vertude que ás,
acórrenos, Virgen Santa, ca non cuidamos a cras
chegar; mas tu esta coita nos podes toda toller».
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

mas] mais *E*
non an poder de põer] *Om. F, E*

O crérigo, pois diss' esto, os ollos a ceo alçou
e logo de mui bon grado *Salve Regina* cantou
a onra da Virgen Madr'; e ũa poomba entrou
branca en aquela nave, com' a neve sol caer.
Alí u tódolos santos non an poder de põer…

a] ao *F*
Virgen] Virge *E*
non an poder de põer] *Om. F, E*

E a nav' alumẽada aquela ora medés
foi toda con craridade; e cada ũu emprés
a fazer sas orações aa sennor mui cortés;

alumẽada] alumeada *E*

des i todos começaron o seu nom' a bẽeizer.
Alí u tódolos santos non an poder de põer… **non an poder de põer**] *Om. F, E*

E o mar tornou mui manso, e a noit' escrareceu, **E**] *Om. E*
e a nav' en outro día en salvo porto prendeu,
e cada ũu dos da nave, assí como prometeu
oferta a Vilasirga, e non quise falecer. **e**] *Om. F*
Alí u tódolos santos non an poder de põer… **non an poder de põer**] *Om. F, E*

E da oferta fezeron ũu cáliz mui grand' assaz **cáliz**] cález *E*
que o crérigo adusse a Vilasirga, u faz
a Virgen muitos miragres, assí com' a ela praz.
E por ende lle roguemos que nos faça ben viver.
Alí u tódolos santos non an poder de põer… **Alí … põer**] *Om. F*

CSM 314

F 13v; E 280v-281v

Como Santa María prendeu vingança dun cavaleiro en Segovia porque desdennou a sa eigreja e depois guariuo[323]

Quen souber Santa María loar, será de bon sén.

E desto vos dizer quero un miragre que eu sei
que fezo Santa María, segund' en verdad' achei;
e de como foi o feito todo volo contarei,
pero prazerm' ía muito se m' oíssedes mui ben.
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. **loar, será de bon sén**] *Om. E*

En Segovia est' avẽo, e non á mui gran sazón,
que ũa dona i era que muito de coraçón
amava Santa María máis que quantas cousas son;
e do que por én ll' avẽo non vos én negarei ren.
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. **loar, será de bon sén**] *Om. E*

Ela seu marid' avía, cavaleir' e caçador,
e de se tẽer viçoso avía mui gran sabor;
por én foi veer sa fonte que era end' a mellor **veer**] veveer *E*

323 *E*: Como Santa María guareceu ũu cavaleiro de Segovia que avía perdudo o lume dos ollos.

de toda aquela terra, e diss' a sa moller: «Ven
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. | **loar, será de bon sén**] *Om. E*

Logo comig', ai, irmãa, e amostrarch' ei logar
u podemos quinze días ou tres domaas estar
viçosos cab' ũa fonte que eu ei; des i caçar
me veeredes andando, e prazervos' á muit' én».
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. | **Quen souber Santa María**] *Om. F* | **loar, será de bon sén**] *Om. F, E*

Pois est' acordad' ouveron, pensaron logo de s' ir,[324]
e o cavaleiro foisse deante e fez ferir
sa tenda cabo da fonte, e des i mandou vĩir
sa moller que i folgasse; mais a que o mundo ten
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. | **loar, será de bon sén**] *Om. E*

En poder e que é madre de Deus, fezo que decer | *Cobra omitida en F*
foss' a ũa sa eigreja e i oraçón fazer.
E ela orou tan muito, que fillou én desprazer
seu marido u estava e disso: «Á i alguén
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. | **loar, será de bon sén**] *Om. E*

Que a mia moller dissesse que vẽesse pera mí?» | *Cobra omitida en F*
E un ome lle respose: «Sennor, per quant' aprendí,
oraçón faz na eigreja, e semella que á i
sabor». E o cavaleiro disse come en desdén:
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. | **loar, será de bon sén**] *Om. E*

«En fazer oraçón longa muito o tenno por mal, | *Cobra omitida en F*
e demais que foi fazela en ũu avol muradal
u non á nulla vertude; e por én, logo sen al,
dizédelle que se venna ou que se vaa d' aquén".
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. | **loar, será de bon sén**] *Om. E*

Enquant' el foi pola dona, o cavaleiro perdeu | *Cobra omitida en F*
o lume d' ámbolos ollos, e en terra se tendeu
volcándoss' e braadando come se fosse sandeu,
dizendo: «Quen me posesse ora en Jerusalén!». | **Jerusalén**] Jerussalén *E*
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. | **loar, será de bon sén**] *Om. E*

E logo chegou a dona aas vozes que oíu; | *Cobra omitida en F*
e pois deceu ena tenda e tal seu marido viu,[325] | **ena**] na *E*

324 As seguintes nove cobras non foron copiadas no manuscrito *F* (da 5 á 13). A ausencia non se debe á perda dun folio.

325 Concordamos coa lección de Mettmann para resolver a hipometría do verso e ofrecemos a forma desenvolvida da preposición máis artigo.

chorand' aa Groriosa por el mercee pediu[326] — **aa**] a *E*
que seu lume lle tornasse ca, «Muitas vezes avén — **tornasse**] tornase *E*
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. — **loar, será de bon sén**] *Om. E*

Que erran por seus pecados os omees muit' a Deus; — *Cobra omitida en F*
mais tu, Virgen, de Deus madre, non cates os erros seus
e mostr' aquí ta vertude, ca el e eu somos teus,
e rogar polos coitados, est' a tí muito convén».
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. — **loar, será de bon sén**] *Om. E*

Pois est' a don' ouve dito, o cavaleiro cobrou — *Cobra omitida en F*
logo o lume dos ollos e diss': «Este logar dou
todo a Santa María e outórgome por sou;
e bẽeita seja ela porque nos assí mantén».
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. — **loar, será de bon sén**] *Om. E*

Quantos derredor estavan e viron como a luz — *Cobra omitida en F*
cobrou aquel cavaleiro pola Virgen que aduz
sempr' a nós ben e saúde, que guaanna do que na cruz
viu estar, todos disseron: «Bẽeita sejas. Amén».
Quen souber Santa María loar, será de bon sén. — **Quen … sén**] *Om. E*

CSM 315[327]

E 281v-282v

Esta é como Santa María guareceu en Tocha, que é cabo Madride, un meninno que tiinna ũa espiga de triigo no ventre

Tant' aos pecadores a Virgen val de grado,
per que seu santo nome dev' a seer mui loado.

E daquesto avẽo miragre mui fremoso
que fez Santa María, e d' oír saboroso,
cabo Madrid' en Tocha, logar religioso,
que vos contarei ora, se me for ascuitado.
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… — **a Virgen val de grado**] *Om. E*

En ũa aldea preto de Madride morava
ũa moller mesquinna, e seu fillo criava

326 Igual que Mettmann, desenvolvemos a contracción preposición máis artigo («a» + «a») para restituir a isometría.

327 Como se poderá observar, esta cantiga presenta numerosas irregularidades métricas que obrigan a facer intervencións de diverso tipo.

que avía pequeno, que máis ca sí amava,
que a perder ouvera, se non fosse guardado
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

Pola Virgen bẽeita, de como vos diremos.
Ca aquela mesquinna foi, en com' aprendemos,
a espigar con outras e, com' oíd' avemos,
seu fill', aquel meninno, en braç' ouve levado.
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

E quand' entrou na messe u as outras espigavan,
agarimou o moço a feixes que i estavan **i**] *Om. E*
feitos d' espigas muitas, que todos apannavan,[328] **apannavan**] apannan *E*
e a Santa María o ouv' acomendado
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

Que llo guardass'. E logo o meninno achada
ouv' ũa grand' espiga de grãos carregada **ouv'**] ov' *E*
de triigo, que na boca meteu e que passada
a ouve muit' aginna; onde pois foi coitado
T*ant' aos pecadores a Virgen val de grado…* **a Virgen val de grado**] *Om. E*

Tan muito, que o ventre lle creceu sen mesura.
Quand' esto viu a madre, ouv' én tan gran rancura,[329] **viu**] u *E*
porque cuidou que era morto per sa ventura
maa; e a Madride o levou muit' inchado.
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

E cuidando que era de poçonn' aquel feito **poçonn'**] poçoinn' *E*
de coovr' ou d' aranna, ca sol seer tal preito,
téveo muitos días assí atán maltreito,
que sempre sospeitava que morress' afogado.
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

E mentr' assí estava, déronlle por consello
que a Santa María, que éste noss' espello,
de Tocha o levasse, e esto per concello,
ca Deus i mostraría miragre sinaado.
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

A moller fillou logo seu fill' e foi correndo
con el, chorando muito, braadand' e dizendo:

328 Concordamos coa corrección introducida por Mettmann.

329 Concordamos coa corrección introducida por Mettmann.

«Virgen Santa María, com' eu creo e entendo,
sãar podes meu fillo sen tempo alongado».
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

Quando foi na eigreja, o meninno fillaron
ela e sas vezinnas e logo o deitaron
ant' o altar, e logo todo o desnuaron
por veer se parara algur bic' ou furado.
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

O moço desnuando, cataron e cousiron
com' era todo inchado; mais non lle sentiron **todo inchado**] tod' inchado *E*
senón que a espiga logo lla saír viron
tod' enteira e sãa pelo sẽestro lado.
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

Quand' esto viu a gente, deron todos loores
a Deus e a sa madre, a sennor das sennores,
que faz taes miragres e outros mui maiores;
e por end' o seu nome seja grorificado.
Tant' aos pecadores a Virgen val de grado… **a Virgen val de grado**] *Om. E*

CSM 316

F 108r-108v; E 282v-283v

Como Santa María de Triana, ũa eigreja d' Alanquer, deu lum' a un ome bõo que cegara porque queimara aquela sa eigreja[330]

queimara] quemara *F*

Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar **é mui sen**] é sen *F*
o que a Santa María s' atrev' a fazer pesar.

Desto direi un miragre que conteu en Portugal, **Desto**] E esto *E*
en Alanquer, un castelo, e quérovos dizer qual;
e vós punnad' en oílo por aquel que pod' e val,
ca per ele saberedes Santa María guardar
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar… **guisa … achar**] *Om. E*
| **é mui sen**] é sen *F*

330 *E*: Como Santa María fillou vingança do crérigo que mandou queimar a ermida e fezlla fazer nova.

De fazer con que lle pese, nen vos atrever per ren
de provar neũa cousa per u perçades seu ben,
nen que tennades en pouco seus feitos nen en desdén,
mais que sempre a sabiades servir, temer e amar.
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

de … achar] *Om. F, E* | **é mui sen**] é sen *F*

En aquela vila ouve un crérigo trobador,
que sas cantigas fazía d' escarnno máis ca d' amor,
e era daquela vila dũa eigreja prior,
e Martín Alvítez nome avía, se Deus m' ampar.
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

d' escarnno] d' escarno *E*

de … achar] *Om. F, E* | **é mui sen**] é sen *F*

E demais, sen tod' aquesto, mui privad' era del rei
Don Sancho en aquel tempo; e com' en verdad' achei,
alén do río da vila, assí com' eu apres' ei,
vertudes se descobriron e fezeron i altar
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

verdad'] verdat *F*

descobriron] descubriron *F*

de … achar] *Om. F, E* | **é mui sen**] é sen *F*

A onra da Groriosa, a Virgen madre de Deus,
assí que de muitas partes viinnan alí romeus;
ca alí mostrava ela muitos dos miragres seus
en guarir çopos e mancos e cegos alumẽar.
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

de … achar] *Om. F, E* | **é mui sen**] é sen *F*

Quand' esto viu don Martinno, pesoulle de coraçón,
porque da súa eigreja perdía a oblaçón
por estoutra que vos digo; e mandou log' un tiçón
fillar e põerlle fogo, assí que a fez queimar.
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

a] sa *F*

Par … achar] *Om. F* | **de … achar**] *Om. E*

Deste feito que fez ele muit' aa Virgen pesou,
e Jesucristo, seu fillo, logo sa madre vingou,
assí que d' ámbolos ollos Martín Alvítez cegou,
estand' assí ante todos; e fillouss' a braadar
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

estand'] estant' *E* | **fillouss'**] fillous' *E*

Dizend': «Ai, Santa María, est' eu mio fui merecer,
por quanto na ta ermida mandei o fogo põer;
mais por emenda daquesto fareia nova fazer,
toda de cal e de pedra». E logo a fez lavrar.
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

mais] mas *F*

guisa … achar] *Om. E* | **é mui sen**] é sen *F* | **de … achar**] *Om. F*

E des que foi toda feita, fez missa dizer alí
da Virgen, mui ben cantada, e mandousse levar i;
e tan toste que foi dita, per quant' end' eu aprendí,

viu logu' e foi ben são, e começou de chorar[331]
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

de … achar] *Om. F, E* | **é mui sen**] é sen *F*

De gran prazer que avía, ca aquest' avïir sol
que ome con prazer chora, e diss' el: «Sennor, eu fol
fui de que trobei por outra dona, ca niũa prol
non ouv' i aa mia coita. Por én te venno jurar
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

de … achar] *Om. F, E* | **é mui sen**] é sen *F*

Que enquant' eu vivo seja, nunca por outra moller
trobe nen cantares faça oimais, ca non m' á mester;
mais por tí direi de grado quanto ben dizer poder,
e des aquí adeante quero ja por tí trobar».
Par Deus, non é mui sen guisa de s' ende mui mal achar…

m' á] mi á *F, E*
mais] mas *F*
Par … achar] *Om. F* | **de … achar**] *Om. E*

CSM 317

To 107v-108r; F 116r; E 283v-284r

Esta é como Santa María se vingou do escudeiro que deu couce na porta da sa eigreja

Esta é] Esta LXXXIIII[a] é *To, Om. E*
deu couce] deu a couce *To*
eigreja] igreja *To*

Mal s' á end' achar
quen quiser desonrar
Santa María.

Como s' achou, non á i mui gran sazón,
en Galiza un escudeiraz peón
que quis mui felón
brita-la eigreja con felonía.
Mal s' á end' achar…

Santa María a ermida nom' á
do Monte, porque en logar alt' está;
e foron alá
de gentes entón mui gran romaría
Mal s' á end' achar…

logar] lugar *To*
foron] foran *To*
Mal s' á end' achar] *Om. F* | **end' achar**] *Om. E*

331 O verso resulta hipómetro nos dous manuscritos, a menos que falte algún elemento por transcribir.

En ũa festa, per com' eu aprendí,[332]
de meant' agosto. E pois chegou i
gran gent', e des i
começaron a tẽer sa vigía.
Mal s' á end' achar…

O escudeiro que vos dixe chegou
e viu ũa moça de que se pagou,
que forçar cuidou;
mais ela per ren non llo consentía.
Mal s' á end' achar…

E travando dela cuidou a forçar;
mais proug' a Deus e non o pod' acabar,
ca foill' escapar
e fogind', á eigreja se collía.
Mal s' á end' achar…

Aos braados a gente recodiu,
e a mininna mercee lles pediu
que daquel que viu
a quisessen guardar de sa perfía.
Mal s' á end' achar…

As gentes, temendo de lles vĩir mal,
foron serra-las portas logo sen al,
e chamando: «Val,
Madre de Deus, ca mester nos sería».
Mal s' á end' achar…

O escudeiro, tanto que viu fugir
a moça, leixousse depós ela ir
dizendo: «Guarir
non me podes, rapariga sandía».
Mal s' á end' achar…

E quando as portas sarradas achou,
per poucas que de sanna sandeu tornou,
e logo jurou
que a couces toda-las britaría.
Mal s' á end' achar…

vos] vus *To*

e] *Om. F, E*

fogind'] fugind' *To*

recodiu] recudiu *To*

pediu] pidiu *To*

serra-las] serrar as *To*, sarra-las *E*

leixousse] leixouse *To*

sarradas] serradas *F*

332 Esta cobra non foi transcrita en *E*, probablemente por un erro do copista ao coincidir co cambio de folio.

E com' era atrevudo e sandeu,
quis acabar aquelo que prometeu,
e o pé ergeu
e ena porta gran couce dar ía.
Mal s' á end' achar…

E com'] Como *F, E*

Mais avẽoll' én como vos eu direi:
britóuxell' a perna, segund' apres' ei,
per prazer do Rei,
fillo da Virgen, a que desprazía.
Mal s' á end' achar…

Mais] Mas *F*

E d' al ll' avẽo aínda mui peor:
esmoreceu con coita e con door,
e Nostro Sennor,
sen tod' aquest', a fala lle tollía
Mal s' á end' achar…

peor] peior *E*

En tal guisa, que pois nunca disse ren
ergo «Ai, Santa María». E des én
tolleit' e sen sén
viveu gran temp' e per portas pidía.
Mal s' á end' achar…

ergo] erg *To, F*

CSM 318

F 62r-62v; E 284r-285r

Esta é como Santa María fillou vingança na sa eigreja en Fita do crérigo que furtou a prata da cruz

Esta é] *Om. E*
fillou vingança] se vingou *E*
na sa eigreja en Fita] *Om. E*

Quen a Deus e a sa madre escarnno fazer quiser,
muito será gran dereito se ll' ende pois mal vẽer.

escarnno] escarno *E*

E desto, se m' ascuitardes, vos direi, per com' oí,
un miragre mui fremoso, e creo que foi assí,
que fez a que do linnage deceu do bon Rei Daví,
e tal miragre com' este de contar é u xe quer.
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser…

linnage] linage *E*

escarnno fazer quiser] *Om. E*

En Fita conteceu esto, en ũa vila que jaz
eno reino de Toledo, e é logar fort' assaz,
ena eigreja da madre de Deus, a que muito praz
con nosso ben e acórrenos cada u é mester.
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser…

escarnno fazer quiser] *Om. E*

Alí un crérig' avía de missa, que devoçón
mostrav' acá aa gente, mais non era assí, non;
e bõa paravl' avía, mas dentro no coraçón
en com' era de mal chẽo vos direi, se vos prouguer.
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser…

fazer quiser] *Om. F*
| **escarnno fazer quiser**] *Om. E*

Este cada que podía mui de grad' ía furtar;
e furtou na sa eigreja, per com' eu oí contar,
ũa cruz grande coberta de prata e esfolar
a foi toda, e a prata deu a ũa sa moller.
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser…

Quen … quiser] *Om. F*
| **escarnno fazer quiser**] *Om. E*

Outro día á eigreja foi, como soía ir,[333]
e mostrou a cruz a todos chorando, e enfengir
se foi que ren non sabía daquel feit' e a mentir
se fillou, dizendo muito: «Om' ou moller que souber
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser…

soía] soi *F*

Quen … quiser] *Om. F*
| **escarnno fazer quiser**] *Om. E*

De como foi este feito e o non diz, délle Deus
compridamente sa ira, e perça lume dos seus
ollos». E diss': «Ai, bẽeita Virgen, dos miragres teus
mostra sobre quen tal feito fez; e o que non disser
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser…

escarnno fazer quiser] *Om. E*

«Pater nostro» por aquesto, Deus lo cofonda por én».
E pois lo todos disseron, a que o mundo mantén
o cegou d' ámbolos ollos que deles sol non viu ren,
nen ar valer non lle pode física de Monpesler.
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser…

pois lo] poi-lo *E*

Monpesler] Monpisler *E*

escarnno fazer quiser] *Om. E*

E outra lijón mui forte sen esto lle conteceu:
que se lle fez atán grande o nariz, que lle deceu
sóbrela boca, e d' ambas partes tanto s' estendeu
que chegou aas orellas. E quen verdade quiser
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser…

Quen … quiser] *Om. F*
| **escarnno fazer quiser**] *Om. E*

333 En *F*, non podemos saber se o verbo era «soía», porque despois de «soy» hai una raspadura que impide saber que letra se grafou inicialmente.

Dizer, per ren non podía pouco nen muito comer
se ant' aquel nariz todo non ll' alçassen, nen bever; **ll'**] *Om. F*
e mil vezes eno día desejava de morrer. **desejava**] desseava *F*
Por én tenno por mui louco quen desto graças non der
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser… **Quen … quiser**] *Om. F* | **escarnno fazer quiser**] *Om. E*

Aa Virgen groriosa, reínna esperital,
que non quis matar aqueste, mas póselle tal sinal
por que quantos lo pois vissen leixassen de fazer mal; **vissen**] visen *F*
e dereit' é que tal aja quen a en pouco tever.
Quen a Deus e a sa Madre escarnno fazer quiser… **Quen … quiser**] *Om. F*

CSM 319

F 75v-76r; E 285r-286r

Esta é como Santa María guareceu en Terena ũa moça que raviava

guareceu] guariu *E*
moça que raviava] manceba raviosa *E*

Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa
de door guarir, non será tan coitosa.

Ca tan muitas graças deu e piadades
a ela seu fillo, que enfermidades **enfermidades**] enfermedades *F*
de muitas maneiras toll'; e ben creades **maneiras**] maneras *F*
que a quen a chama non é vagarosa.
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **Quenquer… groriosa**] *Om. F*

Por én quer' eu dela un miragr' onrado
dizer, se m' oírdes; e poi-lo contado
ouver, saberedes que faz mui guisado
o que faz serviço a esta piadosa.
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Riba d' Odian' á ũa sa eigreja
desta Virgen santa que bẽeita seja,
que chaman Teren'; e quenquer que deseja
saúd' en seu corpo de door dultosa
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Que aja de ravia ou doutra doença,
logo d' alí são vai pela sabença
desta Virgen santa, que nos atrevença
dá que a sirvamos come graciosa.
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Alén Badallouce en Xerez morava **Alén Badallouce**] A alén Badallouz *E*
un ome que muito na Virgen fiava;
e ũa sa filla a que muit' amava **a**] *Om. F*
doeceu de ravia, e foi tan raviosa
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Que a non podían tẽer en prijões, **prijões**] prijoes *F*
nen valían ervas nen escantações,
nen aínda santos a que orações
fazían por ela, tant' era queixosa.
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Vivían en coita con ela mui fort' e
non avían dela ja neún conorte
nen sabían que lle valvess' ergo morte; **valvess**'] valves' *E*
seu padr' era 'n coita, sa madre chorosa
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Por ela, ca outro fillo non avían.
Des i prometeron que a levarían
a Terena, ca ja per al non sabían
que saúd' ouvesse. E por én trigosa
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Foi desto sa madr' e levoua correndo
d' alí a Terena, gran doo fazendo
e pela carreira ind' assí dizendo:
«Virgen de Deus madre, santa preciosa,
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Sobr' esta mia filla mostra ta vertude
que a ta mercee santa i ajude;
fonte de bondades, tu lle dá saúde,
ca mui ben a podes dar, Virgen fremosa». **a**] *Om. E*
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **Quenquer … groriosa**] *Om. E*

Foi a bõa dona tanto demandando
a Santa María mercee, chorando

muito dos seus ollos, que foron chegando
preto da eigreja da de Deus esposa.
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Tanto que a moça que era doente
viu a eigreja, logo mantenente[334] **mantenente**] mantẽente *E*
foi mui ben guarida; e diss' aa gente
que a desliassen, ca a merceosa **merceosa**] merceõsa *E*
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Madre de Deus, Virgen, saúde lle dera
tal que se sentía que ben sãa era.
A companna toda gran lediça fera
ouve deste feito e foi mui goiosa.
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Ela diz: «Amigos, as sogas tallade,
ca ja sãa soon pola piadade **soon**] sõon *F*
de Santa María; ca da sa bondade,
ao que a chama, é muit' avondosa».
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Seu padr' e sa madre gran prazer ouveron
quand' a filla viron sãa, e fezeron
alí sa vegía e ofertas deron
quanto s' atreveron aa saborosa
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **a Virgen groriosa**] *Om. E*

Que é de Deus madr', e muito a loaron;
des i, a sa terra con ela tornaron
sãa e guarida, e da Virgen contaron
que a sa mercee non é dovidosa.
Quenquer mui ben pod' a Virgen groriosa… **Quenquer … groriosa**] *Om. F* | **a Virgen groriosa**] *Om. E*

334 O verso resulta hipómetro nos dous manuscritos, a menos que *viu* conte como dúas sílabas (*Vid*. CSM 316, v. 46).

CSM 320[335]

F 50v; E 286r-286v

Esta é de loor de Santa María

Esta é] *Om. F*

Santa María leva
o ben que perdeu Eva.

O ben que perdeu Eva
pela sa neicidade
cobrou Santa María
per sa grand' omildade.
Santa María leva
o ben que perdeu Eva.

pela] pola *E*

O ben que perdeu Eva
pela sa gran loucura
cobrou Santa María
cona sa gran cordura.
Santa María leva
o ben que perdeu Eva.

perdeu] perdou *E*

O ben que perdeu Eva,
a nossa madr' antiga,
cobrou Santa María
u foi de Deus amiga.
Santa María leva
o ben que perdeu Eva.

O ben que perdeu Eva
d' u perdeu Paraíso
cobrou Santa María
pelo seu mui bon siso.
Santa María leva
o ben que perdeu Eva.

O ben que perdeu Eva
u perdeu de Deus medo
cobrou Santa María

335 Como se pode apreciar, nesta cantiga cada cobra está ligada á anterior polo recurso das *cobras capfinidas*, polo que o último verso dunha estrofa é retomado como primeiro verso da seguinte. En casos coma este é preferible editar o refrán completo para apreciar o artificio. Para a numeración dos versos non temos en conta o segundo verso do refrán (non inicial), para axustar o número dos versos ao das transcricións paleográficas. *Vid*. tamén CSM 240.

creend' en el mui cedo.
Santa María leva
o ben que perdeu Eva.

O ben que perdeu Eva
britand' o mandamento
cobrou Santa María
per bõo entendimento.
Santa María leva
o ben que perdeu Eva.

Quanto ben perdeu Eva
fazendo gran folía
cobrou a groriosa
Virgen Santa María.
Santa María leva
o ben que perdeu Eva.

entendimento] entendemento *E*

CSM 321

F 27r-27v; E 286v-287v

Esta é como Santa María guareceu en Córdova ũa moça dũa grand' enfermidade que avía

Esta é] *Om. F*

O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna
sãar, en mui pouco tempo guareç' a Santa Reínna.

guareç'] guarez' *E*

Ca o que física manda fazer, por aver saúde
o enferm' en grandes tempos, sãa per sa gran vertude
tan toste Santa María; por én, se ela m' ajude,
vos direi un seu miragre que fez en ũa meninna.
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna…

Ca] a *E*

meninna] mininna *E*

ou … meezinna] *Om. F*
| **se pode por meezinna**] *Om. E*

Esta de Córdova era natural, e padecía
enfermedade mui forte que na garganta avía,
a que chaman lamparões, que é maa maloutía;
e passara ja tres anos que esta door tiinna.
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna…

tiinna] avía *E*

ou … meezinna] *Om. F*
| **se pode por meezinna**] *Om. E*

Sa madre con coita dela, en tal que lla ben guarissen,
non catou de dar a meges todo quanto lle pedissen,
nen a físicos da terra, rogándolles que a vissen,
e maravedís quinentos ou máis lles deu a mesquinna.
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna… **se pode por meezinna**] *Om. F, E*

Mais eles, por nulla cousa que lles désse, non poderon
sãala, nen prol lles ouve quanta física fezeron;
pero tódolos dinneiros que ela lles deu ouveron,
assí que a moller bõa ficou én cona espinna.
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna… **se pode por meezinna**] *Om. F, E*

A moller con esta coita non sabía que fezesse
e do aver e da filla que consello i presesse;
mas entón ũu ome bõo conselloulle que dissesse
est' al Rei e lla levasse, ca pera el convinna. **lla**] a *F*
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna… **se pode por meezinna**] *Om. F, E*

E díssell': «Ai, moller bõa, se Nostro Sennor m' ajude,
tódolos reis crischãos an aquesto por vertude
que sol que ponnan sas mãos sobre tal door, saúde
an. E por én vos consello que sejades mannaninna
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna… **se pode por meezinna**] *Om. F, E*

Ant' el Rei, e irei logo vosco, se Deus me defenda **Ant'**] Ont' *E*
de mal, e de vossa filla lle contarei a fazenda;[336] **a**] vossa *F, E*
e des que llo ouver dito ben sei logo sen contenda
que el Rei por sa mercee vos acorrerá aginna».
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna… **O … meezinna**] *Om. F*
| **se pode por meezinna**] *Om. E*

El foi al Rei e contoullo; e resposll' el Rei: «Amigo,
a esto que me dizedes vos respond' assí e digo
que o que me consellades sol non val un mui mal figo, **un**] ũu *F*
pero que falades muito e toste com' andorinna. **e toste**] tan toste *E*
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna… **se pode por meezinna**] *Om. F, E*

Ca dizedes que vertude ei, dizedes neicidade;
mais fazed' agora tanto eu direi, e vos calade, **eu**] ou *E*
e levarei a meninna ant' a bela majestade **meninna**] mininna *E*
da Virgen que é envolta ena púrpura sanguinna.
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna… **se pode por meezinna**] *Om. F, E*

336 Introducimos a corrección proposta por Mettmann para resolver a hipermetría do verso, substituíndo o posesivo «vossa» polo artigo «a».

E pois for a missa dita, lávena d' agua mui crara
a ela e a seu fillo, todo o corp' e a cara,
e bévao a meninna do cález que sobr' a ara
está, u se faz o sangui de Deus do vinno da vinna.
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna…

agua mui crara] auga crara *F*
todo o corp' e] tod' o corpo e *F*
se pode por meezinna] *Om. F, E*

E bévaa tantos días quantas letras son achadas
eno nome de María, escritas e feguradas;
e assí no día quinto serán todas acabadas,
e desta enfermidade guarrá log' a pastorinna».
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna…

tantos] tandos *E*
se pode por meezinna] *Om. F, E*

Esto foi feit', e a moça a quatro días guarida
foi do braç' e da garganta pola Sennor que dá vida
aos que aman seu fillo, e tal saúde comprida
ouve sen bever sarope nen aver banno de tinna.
O que mui tarde ou nunca se pode por meezinna…

foi feit'] foi foi feit' *F*
sarope] arrope *F* | **banno**] bano *E*
O … meezinna] *Om. F*
| **se pode por meezinna**] *Om. E*

CSM 322

F 28v; E 287v-288r

Como Santa María guariu ũu ome en Évora que ouvera de morrer dun ósso que se ll' atravessara na garganta

ll' atravessara] tiinna *F*

A Virgen, que de Deus madre éste, filla e criada,
d' acorrer os pecadores sempr' está aparellada.

Ca nos non acorr' en día sinaado nen en ora,
mais sempre en todo tempo d' acorrer non nos demora
e punna en todas guisas como non fiquemos fóra
do reino de Deus, seu fillo, ond' é reínna alçada.
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada…

mais] mas *F* | **non nos**] no nos *E*
A] *Om. E* | **que … criada**] *Om. E*

Demais sinaadamente nas grandes enfermidades
de doores e de coitas acorre con piadades.
E de tal razón com' esta vos direi, se m' ascuitardes,
un gran miragre que fezo esta Sennor muit' onrada.
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada…

Demais] Qemais *E*
coitas] cuitas *E*
éste, filla e criada] *Om. F, E*

En Évora foi ũu ome que ena Virgen fiava — **ũu**] un *E*
muito e que cada día a ela s' acomendava;
e avẽoll' ũa noite en sa casa, u cẽava,
que ouver' a seer morto a desora, sen tardada.
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada… — **éste, filla e criada**] *Om. F, E*

Ca el gran comedor era e metía os bocados
muit' ameúde na boca, grandes e desmesurados;
e aa noite u cẽava dũus cõellos assados, — **u**] *Om. F, E*
atravessóuxell' un ósso na garganta, e sarrada
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada… — **éste, filla e criada**] *Om. F, E*

A ouve de tal maneira que cuidou ser afogado;
ca aquel ósso ll' avía o gorgomel' atapado
assí que en pouca d' ora o ouve tan fort' inchado,
que fólego non podía coller nen ar falar nada.
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada… — **filla e criada**] *Om. F, E* | **éste**] *Om. E*

Assí esteve gran tempo que sol comer non podía — **gran**] grant *E*
nen bever neũa cousa senón cald' ou agua fría, — **neũa**] nengũa *E*
ata que chegou a festa da Virgen Santa María, — **ata**] fasta *E*
que cae no mes d' agosto, quand' ela foi corõada.
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada… — **éste, filla e criada**] *Om. F, E*

Entón todos seus parentes e amigos o fillaron
e aa egreja desta nobre Sennor o levaron, — **o**] a *F*
e tẽéndoo por morto ant' o altar o deitaron.
E tev' i aquela noite e contra a madurgada,
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada… — **filla e criada**] *Om. F, E* | **éste**] *Om. E*

Quand' a missa ja dizían, filloo tosse tan forte, — **tosse**] toste *F*
que todos cuidaron logo que era chegad' a morte.
Mais a Virgen groriosa, que dos cuitados conorte — **Mais**] mas *E* | **groriosa**] grorios *E*
éste, non quis que morresse alí daquela vegada,
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada… — **filla e criada**] *Om. F, E* | **éste**] *Om. E*

Mas guisou que en tossindo lle fez deitar mantẽente — **tossindo**] tosindo *E*
aquel ósso pela boca, ante toda quanta gente
i estava; e tan toste loores de bõa mente
deron a Santa María, a madre de Deus amada.
A Virgen, que de Deus Madre éste, filla e criada… — **filla e criada**] *Om. F, E* | **éste**] *Om. E*

CSM 323

F 29v-30r; E 288v-289r

Como Santa María ressucitou ũu meninno en Coira, ũa aldea que é preto de Sevilla[337]

Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas,
é de guardar ben as cousas que lle son acomendadas.

Ca ela, que é guardada, pode guardar sen contenda
ben o que ll' a guardar deren e tẽer en sa comenda.
E porend' un gran miragre direi, se Deus me defenda,
que fez esta que ja outros á feitos muitas vegadas.
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **vertudes … dadas**] *Om. E*

En Coira, cabo Sevilla, foi este miragre feito
no tempo que Aboiucef passou ben pelo estreito
d' Algizira e a terra de Sevilla tod' a eito
correu, e muitas aldeas foron dos mouros queimadas.
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **que … dadas**] *Om. F, E*

Alí era un bon ome que un fillinno avía **fillinno**] filinno *F, E*
pequeno, que tant' amava com' a vida que vivía;
a este deu ũa fever e foi mort' a tercer día.
O padre, con coita dele, en sas faces deu palmadas
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **que … dadas**] *Om. F, E*

E depenou seus cabelos e fez por ele gran doo
dizendo: «Ai eu, meu fillo, como fico de tí soo;
quisera eu que tu visses min com' eu vi teu avoo,
meu padre, que me fazía muitas mercees grãadas».
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **que … dadas**] *Om. F, E*

E el aquesto dizendo, os mouros logo deitaron
sas algaras e correron e roubaron quant' acharon;
e os de Coira correndo todo o logar leixaron
e fogiron, e ficaron as casas desamparadas. **fogiron**] fugiron *E*
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **que … dadas**] *Om. F, E*

Aquel ome que seu fillo pera soterrar estava,
quando viu correr a vila, o fillo desamparava
e aa Virgen bẽeita logo o acomendava
e todo quant' el avía, chorando a saluçadas.
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **Ontre … dadas**] *Om. F* | **que … dadas**] *Om. E*

337 *F*: Como Santa María resucitou en Coira, ũa aldea de Sevilla, ũu meninno de morte.

Foiss' o ome e os mouros tod' aquel logar correron,
mais na casa daquest' ome non entraron nen tangeron;
e pero tódolos outros quant' avían i perderon,
non perdeu o ome bõo valor de tres dinneiradas.
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **que aa Virgen son dadas**] *Om. F, E*

Ca logu' en aquela casa entrou a Sennor comprida
de todo ben, e tan toste deu ao mininno vida
e guardou as outras cousas, que non achou pois falida
ome de ren en sa casa, nen sol as portas britadas.
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **que aa Virgen son dadas**] *Om. F, E*

E achou seu fillo vivo e preguntoulle que era,
ond' e como resorgira, ca por morto o tevera
e el lle disse que ũa dona con el estedera
que o guardara dos mouros; e sas cousas ben guardadas
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **que aa Virgen son dadas**] *Om. F, E*

Foran, que sol non tangeran en elas, nen niũu dano **niũu**] niun *E*
fezeran nen eno leito nen na mesa nen no 'scano.
Quand' est' oíu o bon ome, com' era mui sen engano,
foi chamar a seus vezinnos, e pois lles ouve mostradas
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **que aa Virgen son dadas**] *Om. F, E*

Todas estas maravillas, loores por ende deron
aa Virgen groriosa; e a quantos llo disseron
bẽeizeron o seu nome e gran festa lle fezeron,
e ouv' i con alegría muitas lágrimas choradas.
Ontre tódalas vertudes que aa Virgen son dadas, … **Ontre … dadas**] *Om. F* | **dadas**] *Om. E*

CSM 324

F 25v-26r; E 289r-290r

Esta é como Santa María guareceu en Sevilla ũu mudo que avía dous anos que non falara

Esta é] *Om. E*
en Sevilla] na eigreja de Sevilla *F*

A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder
a Gabriel, mui ben pode lingua muda correger.

per] pe *E*

Daquest' un mui gran miragre vos direi, sen ren mentir,
mui fremos' e muit' aposto, e saboroso d' oír,
que mostrou Santa María, aquela que foi parir
deus e ome, Jesucristo, que por nós quis pois morrer.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder…

Daquest'] aquest' *E*
per sa lingua responder] *Om. E*

Aquesto foi en Sevilla, per quant' end' eu aprendí,
dũa omagen mui bela que trouxera el Rei i
da Virgen Santa María, que eu per meus ollos vi
fazer mui grandes miragres en enfermos guarecer.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder…

per sa lingua responder] *Om. F, E*

Esta era tan fremosa e de tan bõa feiçón,
que quenquer que a viía folgávall' o coraçón;
e porend' el Rei e todos avían gran devoçón
en ela, e amiúd' i a ían por én veer.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder…

feiçón] façón *F*
Rei e todos] Rei todos *F*
per sa lingua responder] *Om. F, E*

Ond' avẽo pois na festa do día en que naceu
esta Virgen groriosa que nos muito mal tolleu
que o demo nos fazía e ena graça meteu
de seu fillo, Jesucristo, que quis om' e deus seer.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder…

per sa lingua responder] *Om. F, E*

Esse día que vos digo, el Rei sa missa oíu
na grand' eigreja da see, que se nunca én partiu
ata que foi toda dita; mais o poblo lle pediu
que aquela sa omagen lles fezess' alí trager.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder…

per sa lingua responder] *Om. F*
| **A … responder**] *Om. E*

E el Rei con amor grande que avía do logar,
porque seu padr' e sa madre fezera i soterrar,
outorgoulles a omagen, que non quis per ren tardar
que lla non trouxesse logo, sen fillar neún lezer.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder…

E] *Om. E*
que] e *F*
per sa lingua responder] *Om. F, E*

E foi log' a sa capela, que se non deteve ren,
e levoulles a omagen apostament' e mui ben
con mui grandes procissões, com' a tal feito convén,
loand' a que é loada e deve sempre seer.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder… **per sa lingua responder**] *Om. F, E*

E tanto que a omagen aa eigreja chegou,
ũu mudo que dentr' estava per sinas empreguntou
que er'; e pois llo disseron, a lingua se lle soltou
faland', e a Virgen santa começou a bẽeizer. **a**] *Om. E*
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder… **per sa lingua responder**] *Om. F, E*

Dous anos foron que nunca falara el tal nen qual;
mais o que primeiro disse foi: «Santa María, val, **mais**] mas *F*
ca por tí sõo guarido, ai, Sennor esperital».
E começou log' as mãos contra os ceos erger.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder… **per sa lingua responder**] *Om. F, E*

El Rei e quantos i eran deron por én gran loor
aa Virgen groriosa, madre de Nostro Sennor,
porque a el e a todos lles mostrou atal amor,
que tan fremoso miragre foi ben ant' eles fazer.
A Sennor que mui ben soube per sa lingua responder… **A … responder**] *Om. F, E*

CSM 325[338]

F 130v-131r; E 290r-291v

Como Santa María de Tudía sacou ũa manceba de cativo que jazía en Tánjar

sacou] sancou *F*
que jazía en Tánjar] *Om. E*

Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día,
ca assí pelo mar grande come pela terra guía.

Ca a que nos abr' os braços e o inferno nos serra, **Ca**] a *F*
tan ben faz pelo mar vías come pela chãa terra;
e quen aquesto non cree maravillosament' erra
e de Deus en neún tempo perdón aver non devía. **neún**] niún *E* | **devía**] podía *F*
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… **Con**] on *F*

338 Como se poderá observar, moitas das cobras non foron copiadas no manuscrito *F*, no fol. 131r que, xustamente, é o último dos conservados. A copia do texto levouse a cabo en sentido horizontal, polo que quedou baleira a metade inferior do folio.

E de tal razón com' esta direi mui maravilloso — **E**] *Om. F*
miragre que fez a Virgen, e d' oír mui saboroso;
e quen parar i ben mentes terrao por piadoso
e averá máis fiança eno seu ben toda vía.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **Con**] on *F* | **á … Día**] *Om. E*

Na terra d' África ouve en Tánjar ũa cativa — **Na**] A *F*
moller a que davan pẽa cada día muit' esquiva
con pouco pan e mui mao, e mui máis morta ca viva
era, se lle non valvesse a Virgen Santa María.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **Con … Día**] *Om. F* | **á … Día**] *Om. E*

Aquesta natural era do gran reino de Sevilla, — **Aquesta**] questa *F*
dun logar en que miragres faz a de Deus madr' e filla,
que Tudía é chamado; e d' oír a maravilla
que avẽo deste feito muito m' ende prazería. — **avẽo**] aveo *F*
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **Con … Día**] *Om. F* | **á … Día**] *Om. E*

Esta con outra cativa jazían en prijón forte — *Cobra omitida en F*
dũa moura que o demo fillou pera sí en sorte,
que enfermidade grande adusse mui tost' a morte;
mais enante que morresse amba-las chamar fazía.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **á nome Strela do Día**] *Om. E*

E conselloulles que fossen mouras e crischãidade — *Cobra omitida en F*
leixassen, e fossen fóra daquela catividade,
e lles faría grand' algo e darlles ía erdade,
e que con mouros mui ricos a ambas casalas faría.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **á nome Strela do Día**] *Om. E*

E se fazer non quisessen esto, logo nas cadẽas[339] — **E**] O *E* | **quisessen**] quisesse *E*
ambas metelas faría e darlles tan grandes pẽas — **grandes**] gndes *E*
que lles non ficassen sãos coiros nen nervos nen vẽas,
e demais, sobre tod' esto, escabeçalas faría.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **á … Día**] *Om. E*

A ũa disse con medo que o faría de grado; — **A**] *Om. F*
mais a outra mui sannuda disse: «Sol non é pensado,
ca mia alma e meu corpo todo ei acomendado
aa eigreja da Madre de Deus que é en Tudía». — **Tudía**] Todía *E*
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **Con … Día**] *Om. F* | **á … Día**] *Om. E*

339 *Cobra omitida en F.*

A moura con mui gran sanna mandouas logu' essa ora
no cárcer deitar ontrambas; mais aquela sen demora
adormeceu, e a Virgen lle disse: «Sal acá fóra
deste logar e trei migo, ca eu te porrei na vía».
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día…

A] O *E, Om. F* | **mandouas**] mandavaas *F*
no] na *F*
Con … Día] *Om. F* | **á … Día**] *Om. E*

Pois a cativa esperta foi, achouss' en ũu caminno
ancho e chão, sen pedras, e andouo mui festinno,
que pan non comeu bocado nen beveu agua nen vinno,[340]
ata que preto de Silve foi quando aluzecía.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día…

Cobra omitida en F
comeu bocado] comeu nen bocado *E*
Con … Día] *Om. E*

E ascuitou ũa peça e oíu falar os mouros
que ían cavar as vinnas, deles brancos, deles louros;
e oíu mogir as vacas e oíu bruiar os touros,
e diss': «En terra de Tánjar me sõo como soía».
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día…

Cobra omitida en F
mogir] mõgir *E*
á … Día] *Om. E*

A pouco rato pois esto viu gran peça de crischãos[341]
que ían veer sas vinnas, todos sas lanças nas mãos;
e entendeu que seus sonnos non foron falsos nen vãos,
mais verdade mui certeira qual con seus ollos viía.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día…

A pouco rato] A pouco de rato *E* | **viu**] oíu *E*
á … Día] *Om. E*

E pois entrou ena vila, foisse log' aa eigreja
da Virgen Santa María, que é bẽeita e seja,
e viu estar ajuntada i mui gran gente sobeja,
e de com' o feito fora todo llelo retraía.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día…

E] *Om. F*
Con … Día] *Om. F* | **á … Día**] *Om. E*

E eles grandes loores deron logo da primeira
aa Virgen Groriosa, madre de Deus verdadeira;
mais o colar da cadẽa toller per nulla maneira
do colo non llo poderon, nen per nulla maestría.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día…

E] *Om. F*
verdadeira] verdad *F*
Verso omitido en F
Verso omitido en F
Con … Día] *Om. F* | **á … Día**] *Om. E*

Entón a moller lles disse: «Eu sõo pobr' e mesquinna,
e se m' alg' a dar avedes por Deus, dádemio aginna,
e irm' ei pera Tudía, a cas da Santa Reínna
que me sacou de cativo u mui coitada jazía».
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día…

Verso omitido en F
á nome Strela do Día] *Om. E*

340 Aceptamos a solución de Mettmann para corrixir a hipermetría do verso, suprimindo outra conxunción «nen» que figura no manuscrito.

341 Mettmann suprime a preposición «de» para corrixir a hipermetría e substitúe a forma en pretérito do verbo «oír» pola de «ver», o cal outorga maior sentido ao texto. Cobra omitida en *F.*

Eles déronll' algu', e foisse. E logo que foi entrada — *Cobra omitida en F*
en Tudía na eigreja da Reínna corõada,
caeull' o colar do colo, que se non deteve nada;
e o sancristán tan toste a gran campãa tangía.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **á nome Strela do Día**] *Om. E*

E quantos alí estavan e este feito souberon, — *Cobra omitida en F*
todos aa Virgen santa por ende loores deron;
des i aa moller bõa por ende algo fezeron,[342] — **ende**] end *E*
e ela dend' adeante ena eigreja servía.
Con dereit' a Virgen santa á nome Strela do Día… — **á nome Strela do Día**] *Om. E*

CSM 326

E 291v-292r

Como Santa María de Tudía prendeu os ladrões que lle furtaron as colmẽas

A Santa María muito ll' é greu — **A Santa**] Ssanta *E*
de quen s' atreve de furta-lo seu.

Ca a Sennor que o atán ben dá
non á ome razón de lle furtar
nen de roubarll' o seu nen llo fillar
ca, servíndoa ben, avelo á.
A Santa María muito ll' é greu… — **María**] *Om. E*

E daquesta razón vos contarei
un gran miragre que fez ũa vez
en Tudía esta sennor de prez,
e daqueles que foron i o sei.
A Santa María muito ll' é greu…

A aqueste logar con devoçón
vẽen i as gentes e son romeus
por servir a nobre Madre de Deus,
e dan i todos mui grand' ofreçón.
A Santa María muito ll' é greu… — **greu**] *Om. E*

342 Concordamos coa proposta de Mettmann para corrixir a hipometría do verso.

Onde foi que un ome mui fiel
desta sennor foi alí ofrecer
sas colmẽas, de que podess' aver
a eigreja muita cera e mel.
A Santa María muito ll' é greu…

E quen a verdade saber quiser,
saberá que as poseron alí
derredor da eigreja e, com' oí,
guardávaas ũa pobre moller.
A Santa María muito ll' é greu…

E ladrões ũa noit' ant' a luz
furtáronas todas e fórons' én,
assí que non envergonnaron ren
a ela nen o que morreu na cruz.
A Santa María muito ll' é greu…

Outro día, pois viron este mal,
os do logar fillárons' a carpir,
e log' a Santa María pedir
foron vingança deste feito tal.
A Santa María muito ll' é greu…

E log' un cavaleir' alí chegou
que de toda a terra arredor
era jostiça, e pois sabedor
foi deste feito, buscalos mandou.
A Santa María muito ll' é greu…

E el meesmo non foi i de dur
en pos eles, buscándoos assaz,
ata que os viu jazer como jaz
o cõello ascondud' ou o mur.
A Santa María muito ll' é greu…

E as colmẽas tiinnan atrás
deitadas, e non podían de pran
fogir con elas; entón manamán
os prendeu, que non atendeu a cras.
A Santa María muito ll' é greu…

Outro] Dutro *E*

A … greu] *Om. E*

CSM 327

E: 292r-293r

Como Santa María guariu o crérigo que se lle tornaran as pernas atrás porque fez ũus panos mẽores dun pano que furtou de sóbelo altar

Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar,
muito per faz gran folía
quen lle vai o seu furtar.

Onde, se m'oír quiserdes, daquesto vos contarei
un miragre mui fremoso que fez a madre do rei
Jesucrist' en Odimira, como vos ora direi,
u ela fez ende muitos outros en aquel logar.
Porque ben Santa María sabe os seus dões dar…

Mas este foi muit' aposto e feito con gran razón,
ca ũa moller seu pano foi dar en ofereçón,
a ũa eigreja súa, feita des mui gran sazón,
que está fóra da vila, assí com' oí contar.
Porque ben Santa María sabe os seus dões dar…

sabe os seus dões dar] *Om. E*

Pouco máis ũa vara o pan' era, com' oí,
e era mui ben teçudo e mui delgad' outrossí;
e por end' a moller bõa fórao põer alí
na eigreja, u o vissen estar sóbelo altar.
Porque ben Santa María sabe os seus dões dar…

sabe os seus dões dar] *Om. E*

Un crérigo da eigreja que o viu alí seer,
creceull' én tal cobiiça que o foi logu' én toller,
e levouo a sa casa e mandou ende fazer
panos con que cobress' ende o con que ía pecar.
Porque ben Santa María sabe os seus dões dar…

sabe os seus dões dar] *Om. E*

E pois que os ouve feitos e con eles se cobriu,
deitávass' a dormir logo; mais pero pouco dormiu,
ca os calcannares ambos pelos lombos os sentiu
que ll' entraron tan de rijo que os non pod' én tirar
Porque ben Santa María sabe os seus dões dar…

E pois] Ppois *E*

sabe os seus dões dar] *Om. E*

E con mui gran coita fera que avía de door;
braadou muit' e dizendo: «Ai, madre do Salvador,
rógote que eu non moira assí, se t' en prazer for».

E] P *E*

E do erro que fezera fillouss' a mãefestar — **fillouss'**] fillous' *E*
Porque ben Santa María sabe os seus dões dar… — **sabe os seus dões dar**] *Om. E*

Ante todos, e chorando ar fillouss' a repentir,
e dun gran pano de lenço fez log' o altar cobrir.
E por ende, meus amigos, quen este miragr' oír
nunca seja atrevudo en a Virgen desonrar.
Porque ben Santa María sabe os seus dões dar… — **sabe os seus dões dar**] *Om. E*

E sobr' esto á eigreja o levaron manamán,
e todos por el rogaron á sennor do bon talán;
e ela guariuo logo, que non prendeu i afán;
por én todos começaron o seu nome de loar.
Porque ben Santa María sabe os seus dões dar… — **sabe os seus dões dar**] *Om. E*

CSM 328

E 293r-294r

Esta é como Santa María fillou un logar pera sí eno reino de Sevilla e fez que lle chamassen Santa María do Porto

Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado,
que seu nome pelas terras seja sempre nomeado.

Ca se ela quer que seja o seu nom' e de seu fillo
nomeado pelo mundo, desto non me maravillo,
e corrudo del Mafomet' e deitado en eixillo
el e o diab' antigo que o fez seu avogado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … — **de … nado**] *Om. E*

E desto mui gran miragre a que éste madr' e filla
mostrou, e mui saboroso d' oír a gran maravilla,
preto de Xerez, que éste eno reino de Sevilla
un logar que Alcanate soía seer chamado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … — **Sabor … nado**] *Om. E*

Este logar jaz en terra mui bõa e mui viçosa
de pan, de vinno, de carne e de fruita saborosa
e de pescad' e de caça; ca de todo deleitosa
tant' é, que de dur sería en un gran día contado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … — **de … nado**] *Om. E*

Ca este logar é posto ontr' ambos e dous os mares,
o grand' e o que a terra parte per muitos logares,
que chaman Mediterrano; des i ambos e dous pares
s' ajuntan i con dous ríos, per que ést' o log' onrado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

Guadalquivir é ũu deles, que éste mui nobre río
en que entran muitas aguas e per que vén gran navío; **navío**] naviu *E*
o outro é Guadalete, que corre de mui gran brío; **brío**] briu *E*
e en cada ũu daquestes á muito bõo pescado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

Ond' en este logar bõo foi pousar ũa vegada
el rei don Afonso, quando sa frota ouv' enviada
que Çalé britaron toda, gran vila e muit' onrada,
e o aver que gãaron, de dur sería osmado. **gãaron**] gaaron *E*
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

El pousand' en aquel logar e sa frota enviando
e indo muitas vegadas a Cádiz e ar tornando,
e do que mester avía a frota ben avondando,
per que fosse máis aginna aquel feit' enderençado,
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

Non catou al, senón quando o alguazil mui sannudo
de Xerez a ele vẽo, mouro mui riqu' e sisudo,
dizendo: «Sennor, com' ousa seer null' om' atrevudo
d' Alcanate, u pousades, averll' o nome cambiado
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

E ar dizerll' outro nome, de que an gran desconorto
os mouros, porque lle chaman Santa María do Porto, **do**] del *E*
de que vén a nós gran dano e a vós fazen i torto?
E atal feito com' este deve ser escarmentado».
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

El Rei, quand' oíu aquesto, ouve gran sanna provada,
e mandou a sa jostiça que logo sen detardada
que pola ost' ascuitando de pousada en pousada **ascuitando**] ascuitado *E*
andass', e a quen oísse tal nome, foss' açoutado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

Sobr' esto muitos chrischãos foron mui mal açoutados
e outros a paancadas os costados ben britados,

e ar outros das orellas por ende foron fanados,
e per tod' esto non pode aquel nom' aver vedado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **Sabor … nado**] *Om. E*

Ante quanto máis punnava e provava e quería **punnava**] punnavan *E*
de vedar aquele nome, a gente máis lo dizía
ca a Virgen groriosa, reínna Santa María,
quería que do seu nome foss' aquel logar chamado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

Ond' el Rei en mui gran coita era daquesto, sen falla,
temendo que non crecesse sobr' esto volt' ou baralla
ontre mouros e crischãos; mais a Virgen, que traballa
por nós, tragía o preito doutra guisa ordinnado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

Ca ao alguazil mouro fezo logo que falasse
con el Rei e por mercee lle pediss' e lle rogasse
que aquel logar tan bõo pera crischãos fillasse.
El Rei, quand' oíu aquesto, foi én mui ledo provado,
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

Ca entendeu ben que Cádiz máis toste pobrad' ouvesse; **ouvesse**] ouvese *E*
mas temendo que o mouro por engano o fezesse,
non lle quis responder nada a cousa que lle dissesse.
Ond' o alguazil por esto foi én mui maravillado
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

E disso com' en sannudo al Rei: «Non saia dest' ano
se esto que vos eu rogo o faço por null' engano,
mas por meter paz na terra e por desviar gran dano
que pode seer, se este feito non for acabado».
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

E demais lle deu con este logar toda a ribeira
doutras aldeas que eran do Gran Mar todas na beira.
Esto fez a Virgen Santa, a sennor dereitoreira,
de cujo nome o mundo será chẽo per meu grado.
Sabor á Santa María, de que Deus por nós foi nado, … **de … nado**] *Om. E*

CSM 329

E 294r-295v

Como Deus fez a un mouro que fillou a oferta do altar de Santa María que se non mudasse do logar

Muito per é gran dereito de castigado seer
quen s' atrev' ao da Virgen pera furtar, contanger.

E com' é om' atrevudo de pensar nen comedir
de furtar ren do da Virgen, que faz os Ceos abrir
e darnos de Deus sa graça? Tal é como quen cospir
quer suso contra o ceo, e vaille na faz caer.
Muito per é gran dereito de castigado seer…

é] a *E*

Dest' un fremoso miragre avẽo, com' aprendí,[343]
en Tudía, na eigreja da Virgen, e foi assí
que de mouros mui gran gente vẽeron correr alí
tod' en redor pela terra e mui gran dano fazer.
Muito per é gran dereito de castigado seer…

Dest'] E est' *E*

de castigado seer] *Om. E*

E con quant' entón roubaron foron ben alí pousar
tod' en redor da eigreja, e do seu foron fillar
meallas d' our' e dinneiros que poseron no altar
a onra da Virgen Santa, de que Deus quiso nacer.
Muito per é gran dereito de castigado seer…

de que] que de *E*

de castigado seer] *Om. E*

Ca, según lles deu escrito Mafomat no Alcorán,
ben creen mouros sen falla, e desto dulta non an,
que do Espérito Santo s' emprennou sen null' afán
prender nen dan' a sa carne, e assí foi conceber
Muito per é gran dereito de castigado seer…

según] segund *E*

de castigado seer] *Om. E*

Virgen; e des que foi prenne ar pariu fillo barón
e depois ar ficou virgen, e demais ouve tal don
que sóbrelos anjos todos quantos eno Ceo son
a fezo Deus máis onrada e de todos máis valer.
Muito per é gran dereito de castigado seer…

anjos] angos *E*

é] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

Onde, pero que os mouros non teman a nossa fe,
tod' esto da Virgen Santa tẽen que gran verdad' é;[344]
e porend' alí oraron u a sa eigreja sé,

que] *Om. E*

343 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipermetría do verso.

344 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

e cada ũu do que teve foi sobr' o altar põer.
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **é**] a *E* | **dereito**] dereto *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

Quand' aquest' ouveron feito, logo se partiron én;
mas un mour' avizimao, atrevud' e de mal sén,
leixou ir os outros todos e foi en mui gran desdén
fillar quant' ofereceron e en sa bulsa meter.
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **é**] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

E pois los ouve fillados, atán tost' irse cuidou;
mais ante que aa porta chegasse, cego tornou
e perdeu todo o siso, e tan irto se parou
ben come madeiro duro, que se non pode mover.
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **é**] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

Os outros seus companneiros catárons' a derredor
e acharon este mẽos, e ouveron gran pavor
de se for mort' ou cativo; e o alcaide maior[345]
mandou que buscalo fossen e pera el o trager.
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **for**] *Om. E* | **fossen**] fosen *E* | **é**] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

Eles a buscalo foron e chegaron ben alá
aa eigrej', e un deles lles diss': «Entremos acá;
ca mui toste os crischãos o fillaron, e está
ascondudo na eigreja pera quand' escurecer
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **é**] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

O levaren». E tan toste entraron, com' apres' ei,
ena eigreja, e viron estar aquele sen lei
cegu' e atal com' ũa pedra. Diz ũu deles: «Que farei?
Aquest' om' está ja morto ou mui preto de morrer».
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **é**] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

E ũu deles foi a ele e faloull' e o tangeu,
mais aquel per nulla guisa non falou nen se moveu;
outros ao altar foron, e de quant' ofereceu
a companna que se fora, non viron i ren seer.
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **viron**] viu *E* | **é**] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

Entonce disseron todos: «Quiçai aqueste rapaz
foi furtar a oferenda, que lle Deus aquesto faz;[346]
e catemos se a trage e tornémola en paz | **aquesto**] esto *E*

345 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

346 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

sóbrelo altar u ante a foron oferecer».[347] | **oferecer**] ofrecer *E*
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **é**] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

Aquel mouro que estava mui máis negro que o pez
foi todo escodrunnado, e logo aquela vez
acháronll' a oferenda e aa Sennor de Prez
a deron outra vegada. E aquel mouro s' erger
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **de castigado seer**] *Om. E*

Foi, e os ollos tan toste se ll' abriron, e a luz
viu polo prazer da madre daquel que morreu na cruz.
E o miragre sabudo foi ben d' aquí ata Suz,
e dos mouros os crischãos o ouveron de saber.
Muito per é gran dereito de castigado seer… | **é**] a *E* | **de castigado seer**] *Om. E*

CSM 330

E 295v

Esta é de loor de Santa María

Qual é a santivigada
ant' e depois que foi nada?
Madre de Deus, Nostro Sennor,
de Deus, Nostro Sennor,
e madre de nosso salvador.

A qual diss' «Ave María»
Gabriel e que sería[348]
Madre de Deus, Nostro Sennor …

Qual é a que sen mazela
pariu e ficou donzela?
Madre de Deus, Nostro Sennor …

En qual per sa omildade
s' enserrou a trïidade?
Madre de Deus, Nostro Sennor …

347 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

348 Nesta estrofa, a interrogación parece estenderse ata o final do refrán que, como adoitamos facer, non transcribimos integramente; por iso non poñemos neste verso o sinal interrogativo correspondente.

Qual é a que sempre bõa
foi e dos santos corõa?
Madre de Deus, Nostro Sennor …

Qual é a que per seu siso
nos fez aver Paraíso?
Madre de Deus, Nostro Sennor …

CSM 331

E 295v-296v

Como Santa María de Rocamador ressocitou un meninno morto

Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece,
poder á d' enfermidades sãar e toda sandece.

Ca tant' é a sa vertude grande daquesta reínna, **reínna**] reĩuna *E*
que o que en ela cree non busc' outra meezinna;
que quant' é o mal chus forte, tanto o tol máis aginna,
ca, a cada door, sabe ela quant' i pertẽece.
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **grand' e sempr' en ela crece**] *Om. E*

Onde daquest' un miragre en Rocamador avẽo
na sa igreja da Virgen, onde tod' o mund' é chẽo
de sas graças e mercees, e que por nosso ben vẽo
Jesucrist' en ela carne fillar con que nos nodrece.
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **grand' e sempr' en ela crece**] *Om. E*

Ũa moller ouv' un fillo que mui máis ca sí amava,
boínno, dũus doz' anos, e sempre s' en el catava
en com' era fremosinno, e mil vezes lo beijava
como madr' a fillo beija con que muit' afán padece,
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **grand' e sempr' en ela crece**] *Om. E*

E faagávao tanto quanto faagar podía.
Mais o moç' a pouco tempo dũa gran fever morría;
e o doo que por ele entón sa madre fazía,
e contarvos de com' era grande, muito m' avorrece. **m' avorrece**] mi avorrece *E*
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **grand' e sempr' en ela crece**] *Om. E*

E braadava mui forte, depenando seus cabelos,
des i os dedos das mãos non quedava de torcelos,
e outrossí a seus braços non leixava de metelos,
dizendo: «Sen tí, meu fillo, este mundo m' escurece».
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **grand' e sempr' en ela crece**] *Om. E*

En quant' a missa disseron, sempre fez aqueste doo, **En quant'**] E quant' *E*
dizendo: «Sen tí mui soa fico, e tu sen mí soo;
e oimais jarás so terra ben como jaz teu avoo,
e muit' ei coraçón forte que agora non perece».
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **grand' e sempr' en ela crece**] *Om. E*

E pois a missa foi dita, o meninno soterraron,
e a madre come morta de sobr' ele a tiraron;
e ben assí seus parentes a sa casa a levaron
come a moller transida que niún nembro non mece.
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **grand' e sempr' en ela crece**] *Om. E*

Assí jouv' aquela noit', e outro día madurgada
foi veer u soterraran seu fillo a malfadada **soterraran**] soterravan *E*
[...] achou e foi tan coitada[349]
que tornou por én sandía; ca muitas vezes contece
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **grand' e sempr' en ela crece**] *Om. E*

Que con gran coita o siso perden os que mui coitados
son. E assí fez aquesta pelos seus maos pecados,
assí que tódolos santos eran ja dela nojados
andando dũus en outros. Mas a que nunca falece,
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **Ena … crece**] *Om. E*

Virgen santa groriosa, ouve dela piedade;
e pois foi ena sa casa de Rocamador, verdade
foi assí que atán toste lle deu logo sãidade:
ca u chega sa vertude, logo sen dulta guarece.
Ena que Deus pos vertude grand' e sempr' en ela crece, … **Ena … crece**] *Om. E*

349 O primeiro hemistiquio quedou sen copiar.

CSM 332

E 296v-297v

Esta é como en ũu mõesteiro eno reino de León levantousse fogo de noite, e matoo a omagen de Santa María cono veo que tiinna na cabeça

eno] en *E*

Atán gran poder o fogo non á per ren de queimar
como á Santa María, quando quer, de o matar.

Ca, macar grand' elemento foi Deus do fogo fazer
e de queimar toda cousa lle foi dar tan gran poder,
maior o deu a sa madre, de que ele quis nacer
e pois ena carne dela foi os infernos britar.
Atán gran poder o fogo non á per ren de queimar… **o … queimar**] *Om. E*

Ond' un mui maravilloso miragre vos contarei **maravilloso**] maravil *E*
que avẽo en Carriço, per com' en verdad' achei,
un mõesteiro que éste preto de León, e sei
que o fez Santa María por sa vertude mostrar.
Atán gran poder o fogo non á per ren de queimar… **non á per ren de queimar**] *Om. E*

Aquel mõesteiro éste desta ordin de Cistel,
e á i ũa omagen que ten seu fillo, mui bel
Eles, quand' oíron esto, atal acordo tomaron
que leixassen no castelo poucos omes; e leixaron
maos e tan mal guisados, e assí o aguisaron
que ante de meio día s' ouv' o castel' a perder.
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

faz aos seus entender] *Om. E*

E prenderon quantos eran en ele sen demorança,
e britaron a capela da que é noss' amparança,
e fillaron a omagen feita a sa semellança
e foron po-la queimaren, mas sol nunca pod' arder.
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

faz aos seus entender] *Om. E*

Aa ora que aquesto fazían, ben en Sevilla
jazía el Rei dormindo na sesta; e maravilla
viu en sonnos, com' aquela que é de Deus madr' e filla
oía ena capela de Xerez vozes meter.
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

faz aos seus entender] *Om. E*

E tragía en seus braços ũu tan fremoso mininno
que máis seer non podía, pero era pequeninno;
e correndo aa porta da capela mui festinno

pequeninno] pequenino *E*

viinna con el fugindo, ca viía fog' acender
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

Groriosa] grori *E*
| **faz aos seus entender**] *Om. E*

Dentro e de grandes chamas arder toda a capela.
E por end' ela changendo se chamava: «Ai, mesela,
se perec' este mininno, que é cousa atán bela,[369]
querría eu mil vegadas ante ca ele morrer».
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

perec' este] perez aqueste *E*
faz aos seus entender] *Om. E*

E a el Rei semellava que lle dizía: «Uviade
e, por Deus, este mininno que tragu' en braços fillade
que o non queim' este fogo, e sequer a mí leixade;
ca se ele ficar vivo, eu mal non posso aver».
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

faz aos seus entender] *Om. E*

El Rei, quand' aquest' oía, foi logo fillar correndo
ao meninn' e a madre do fogo que muit' ardendo
estava a grandes chamas. E el chorand' e gemendo
despertou daqueste sonno e fillouo a dizer
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

faz aos seus entender] *Om. E*

A sa moller, a Reínna, que jazía eno leito
cabo del, e este sonno lle contava tod' a eito.
E ela lle respondía ben de dereit' en dereito:
«Outro tal ei eu sonnado, que vos quero retraer».
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

Sempr' … entender] *Om. E*

E entón lle contou todo aquel sonno que sonnara,[370]
e como a Santa Virgen ben do fogo a chamara
que lle tirass' o mininno, e que ela os tirara
ambos do fogo e 'n salvo os fora entón põer.
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

E] *Om. E*
tirass'] tiras' *E*
Groriosa] grori *E*
| **faz aos seus entender**] *Om. E*

Logo el Rei e a Reínna por aquesto entendudo
ouveron que o alcáçar de Xerez era perdudo
e a omagen da Virgen avía mal recebudo,
e por ende se fillaron daquesto muit' a doer.
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender…

faz aos seus entender] *Om. E*

Mas depois a poucos días quiso Deus que gaannada
Xerez este Rei ouvesse e de crischãos pobrada,
e a omagen da Virgen ena capela tornada

369 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipermetría do verso.

370 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

con mui gran precissón fosse, según devía seer.
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender… **faz aos seus entender**] *Om. E*

E el Rei e a Reínna e seus fillos, que vẽeron
i con eles, a Deus graças por ende mui grandes deron.
E quantos aqueste feito oíron pois e souberon,
o nome da Santa Virgen fillaron a bẽeizer.
Sempr' a Virgen Groriosa faz aos seus entender… **faz aos seus entender**] *Om. E*

CSM 346

E 310r-311r

Como Santa María guariu ũa moller d' Estremoz do braço e da garganta que ll' inchara

Com' a grand' enfermidade en sãar muito demora,
assí quen guareç' a Virgen é guarid' en pouca d' ora. **guareç'**] guarez *E*

Onde desta razón grande miragre contar vos quero
que fezo Santa María, a madre do gran Deus vero
que no día do joízo verrá mui brav' e mui fero
e juigará o mundo tod' en mui pequena ora.
Com' a grand' enfermidade en sãar muito demora… **en sãar muito demora**] *Om. E*

En Estremoz, ũa vila de Portugal, foi aquesto
que guariu ũa enferma a madr' onde Jesucristo
naceu por salvar o mundo, que foi connosçud' e visto,
ond' o sol, quand' el pres morte, tornou máis negro ca mora.
Com' a grand' enfermidade en sãar muito demora… **en sãar muito demora**] *Om. E*

Aquesta moller manceba era e grande fremosa,
mais ũa enfermidade ouve mui perigoosa;
ca o braço ll' inchou tanto, de que foi mui temerosa[371] **mui**] *Om. E*
de o perder e o corpo. Mais a inchaçón foi fóra,
Com' a grand' enfermidade en sãar muito demora… **en sãar muito demora**] *Om. E*

E en mui pequeno tempo foi o braço tan inchado
que máis seer non podía, e vermell' e ampolado
muit' e de maa maneira; e sol carne nen pescado

371 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

non comía, nen al nada. Mais aquela que sempr' ora
Com' a grand' enfermidade en sãar muito demora… **en sãar muito demora**] *Om. E*

A Deus s' amercẽou dela ca, pois foi ena eigreja
súa, á que a levaron, log' a que bẽeita seja
a guariu ben daquela enfermidade sobeja
por mostrar a sa vertude que mui toste lavora.[372]
Com' a grand' enfermidade en sãar muito demora… **en sãar muito demora**] *Om. E*

Quand' esto viron as gentes, deron loores grãadas
aa Virgen Groriosa, a que sempre sejan dadas,
que as portas do inferno ten por noss' amor sarradas
e o dem' avezimao eno avisso ancora.
Com' a grand' enfermidade en sãar muito demora… **en sãar muito demora**] *Om. E*

CSM 347

E 311r-311v

Esta é como Santa María de Tudía resorgiu ũu meninno que era morto de quatro días

A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías,
pode resorgir o morto de mui máis ca quatro días.

Desto direi ũu miragre que en Tudía avẽo,
e porreio con os outros, ond' un gran livro é chẽo,
de que fiz cantiga nova con son meu, ca non allẽo,
que fez a que nos amostra por ir a Deus muitas vías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **A … Messías**] *Om. E*

Eno reino de Sevilla ũa moller bõa era,
en riba d' Aguadiana morava; mais pois ouvera
marido, del neún fillo aver per ren non podera,
per física que provasse nen per outras maestrías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **o verdadeiro Messías**] *Om. E*

E con gran coita d' avelo, foi fazer sa romaría
aa eigreja da Virgen Santa que é en Tudía;
e des que foi i chegada, teve mui ben sa vigía

372 É difícil acomodar estes dous últimos versos ao cómputo silábico por carecer doutros testemuños.

i con mui grand' omildade e non mostrand' ufanías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **o verdadeiro Messías**] *Om. E*

E os gẽollos ficados ant' o altar e chorando
estev' ant' a Virgen Santa e muito lle demandando
que fill' ou filla lle désse, e prometeulle que quando
o ouvesse, llo levasse e tevess' i sas vegías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **o verdadeiro Messías**] *Om. E*

Santa María seu rogo oíu daquela coitada.
E logo con seu marido albergou, e foi prennada
e ouve del ũu fillo, con que foi mui conortada;
pero non quis a Tudía con el fazer romarías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **o verdadeiro Messías**] *Om. E*

Assí a Santa María fez aquela moller torto
que pesou a Jesucristo; por end' o mininno morto
foi depois ben a tres anos. Mais tal foi o desconorto,
que sandía foi sa madre por el com' outras sandías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **o verdadeiro Messías**] *Om. E*

Pois que viu seu fillo morto, logu' entonce na carreira
se meteu pera Tudía, dizend': «Eu fui mentireira
contra tí, madre de Cristo; mas tu que es verdadeira,
se tu queres, dámio vivo, ca fazer o poderías».
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **o verdadeiro Messías**] *Om. E*

Quando chegou a Tudía e o meninno poseron
ant' o altar, log' a madre e seus parentes fezeron
gran doo por el sobejo; e pois a missa disseron,
rezaron sobr' ele salmos muitos e pois ledaías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **o verdadeiro Messías**] *Om. E*

Eles aquesto fazendo, tan toste, se Deus m' ajude,
ouve piadade deles a Reínna de vertude
e fez viver o meninno e chorar do ataúde,
assí que os que choravan fezeron pois alegrías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **o verdadeiro Messías**] *Om. E*

E o ataúd' abriron e sacaron o mininno,
de quatro días ja morto, são e tan fremosinno;
e pediulles que comesse, e déronlle pan e vinno;
ca os seus miragres dela non son feitos d' arlotías.
A madre de Jesucristo, o verdadeiro Messías, … **A … Messías**] *Om. E*

CSM 348

E 312r-312v

Como Santa María demostrou a ũu rei que trobava por ela gran tesouro d' ouro e de prata

Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros
aos que serven seu fillo ben e ela contra mouros.[373] **contra mouros**] contra os mouros *E*

Desto direi un miragre que avẽo en Espanna,
que mostrou Santa María, a piadosa sen sanna,
contra un rei que de gente levava mui gran companna
por onrar a fe de Cristo e destroír a dos mouros.
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

Aquel rei tesouros grandes despendera que avía
pera conquerer a terra que chaman Andaluzía;
mais atán muito fiava na Virgen Santa María,
que nunca ja máis cuidava aver mingua de tesouros.
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

Onde foi ũa vegada que sacara mui grand' oste,
e os que o seu guardavan non ll' acorreron tan toste,
nen er achava dinneiros muitos ena sa reposte
per que mantẽer podesse muito a guerra dos mouros.
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

El en aquesto cuidando, ũa noite en dormindo
viu a Virgen groriosa e foi contra ela indo,
chorando muito dos ollos e mercee lle pedindo
que se del amercẽasse per que ouvesse tesouros.
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

Ela lle disse: «Teu rogo de meu fill' é ja cabudo;
onde por mingua que ajas non dés ren, mais atrevudo
sei ben, ca mui gran tesouro te darei que ascondudo
jaz so terra, que meteron i mui peiores ca mouros».
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

Quando ll' aquest' ouve dito, foisse. E el rei pagado
ficou muito daquel sonno, e chamou ũu seu privado
e díssell' o que sonnara; e pois llo ouve contado,
foi alí u el cuidava achar aqueles tesouros.
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

373 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipermetría do verso.

E ja ante lle disseron que aquel aver sen falla[374] — **ante**] ant *E*
jazía omees certos, non achou i nemigalla
e disso con mui gran coita: «Santa María me valla,
porque a minguar non aja de fazer gran mal a mouros».
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… — **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

Assí quis Deus que daquela vez non achass' el Rei nada.
Mais depois ben a ũu ano fez oste sobre Grãada, — **Grãada**] graada *E*
e indo pera a oste fez per alí sa passada;
e mostroulle doutra parte a Virgen grandes tesouros
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… — **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

De prata, d' our' e de pedras mui ricas e mui preçadas,
e panos muitos de seda e cítaras ben lavradas
e outras dõas mui nobres de prata, todas douradas,
dos judeos, seus ẽemigos, a que quer peor ca mouros.
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… — **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

Quand' el rei achou tod' esto, foi mui led' a maravilla
e bẽezeu muit' a Virgen, que é de Deus madr' e filla;
e tan tost' est' aver dado enviou pera Sevilla
pera servir Deus e ela dest' e dos outros tesouros.
Ben parte Santa María sas graças e seus tesouros… — **sas graças e seus tesouros**] *Om. E*

CSM 349

E 312v-313v; E_1 347v-348r

Como Santa María mostrou muitos miragres por ũa sa omagen que tragía ũu rei en sa capela[375]

Muito praz aa Virgen Santa que Deus fillou por parenta[376]
de quen ll' as saudações de don Gabriel ementa.

Ca pero é mais que santa, sempre lle creç' a vertude
quando oe quen ll' ementa do ángeo a saúde; — **quen ll' ementa**] que ll' enmentan E_1
e de quequer que lle roguen entón con seu ben recude,

374 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

375 E_1: Como ũa omagen mui fremosa que tragía un rei fazía muitos miragres.

376 Nos refráns *aa* debe interpretarse como única sílaba para poder axustarse ao cómputo silábico.

porque do Santi Spírito log' outra vez s' escaenta. | **Spírito**] spiritus E_1
Muito praz aa Virgen Santa que Deus fillou por parenta… | **que Deus fillou por parenta**] *Om. E*

Onde daquest' un miragre vos direi, se m' ascuitardes, | **m' ascuitardes**] m' ascuitades *E*, mi ascuitardes E_1
mui fremos' a maravilla; e se i mentes parardes,
sa mercee averedes dela, e se a guardardes, | **a**] *Om. E*
do inferno seeredes quitos e de sa tormenta.
Muito praz aa Virgen Santa que Deus fillou por parenta… | **que Deus fillou por parenta**] *Om. E* | **parenta**] *Om.* E_1

Un rei consigo tragía ũa omagen fremosa
daquesta Virgen bẽeita, madre de Deus groriosa, | **groriosa**] gloriosa E_1
que a quantos la viían era atán graciosa
que achar non poderían tal ontre mil e setenta. | **mil**] mill *E* | **setenta**] setaenta *E*, sesaenta E_1
Muito praz aa Virgen Santa que Deus fillou por parenta… | **que Deus fillou por parenta**] *Om. E*

Aquesta fazía muitos miragres e maravillas,
sãand' omees e molleres, e seus fillos e sas fillas.[377]
E os que aquest' oían de máis longe ca cen millas
viinnan por seer sãos por esta que acrecenta
Muito praz aa Virgen Santa que Deus fillou por parenta… | **que Deus fillou por parenta**] *Om. E*

Nosso ben per sa vertude, que ela grande mostrava | **Nosso**] Posso *E*
en sãar enfermidades; e esta se lle dobrava
quand' o avangeo santo dizía como falava | **quand' o**] quando o E_1 | **dizía**] dezía *E*
o ángeo de Deus con ela, u ela disse: «Sergenta
Muito praz aa Virgen Santa que Deus fillou por parenta… | **que Deus fillou por parenta**] *Om. E*

Sõo do Sennor que dizes e estou aparellada | **Sõo**] Nõo *E*
de receber a sa graça». E por aquesto dobrada | **dobrada**] dobradae E_1
ouv' a omagen vertude quando ll' era ementada
esta saúde tan nobre; e por én ben quareenta | **quareenta**] quaraenta E_1
Muito praz aa Virgen Santa que Deus fillou por parenta… | **que Deus fillou por parenta**] *Om. E*

Sãou d' omes e molleres enfermos e mal coitados | **Sãou**] São E_1 | **omes**] omees *E*
en prazo de poucos días. E loores por én dados
foron aa Virgen Santa, porque sempr' aos culpados, | **foron**] forum E_1
macar é josticeira, con piadad' escarmenta. | **josticeira**] justiceira E_1
Muito praz aa Virgen Santa que Deus fillou por parenta… | **que Deus fillou por parenta**] *Om. E,* E_1

377 V. 19: **sãand' omees**] sãad' omes E_1 | **molleres, e seus**] molleres seus E_1

CSM 350

E 313v-314r

Esta é de loor de Santa María

rúbrica] *Om. E*

Santa María, Sennor,
valnos u nos mester for.

E valnos, Santa María,
ca mester é que nos vallas
ca tu por nós noit' e día
cono diabo barallas,
e ar punnas toda vía
por encobrir nossas fallas,
e por nos dar alegría
con Deus sempre te traballas
ca tu es razõador
a el polo pecador.
Santa María, Sennor, …

Valnos, Virgen groriosa,
cona ta mui gran vertude
pois ta carne preciosa
pres Deus por nossa saúde,
e por end', ai, Piadosa,
ta mercee nos escude
contra a compann' astrosa
do demo e nos ajude,
ca tu na coita maior
vales ao pecador.
Santa María, Sennor, …

E valnos, nobre Reínna,
con tas grandes piadades
e sei nossa meezinna
nas grandes enfermidades,
e nossa carne mesquinna
guarda de fazer maldades
ca tu nos podes aginna
acorrer con tas bondades,
e por tí Nostro Sennor
perdõa o pecador.
Santa María, Sennor, …

Valnos, Sennor de mesura,
ca por nós no mundo nada
fuste e o da altura,
Deus, fillou en tí pousada
e fez de tí, Virgen pura,
madre e noss' avogada
por nos meter na folgura
u te fez el corõada
e te fez dos santos fror
e guarda do pecador.
Santa María, Sennor, …

noss' avogada] nossa avogada *E*

e te fez] e fez *E*

E valnos por ta bondade
tan grande que sempr' ouviste,
porque a gran deidade
de Deus en tí enchoíste,
e mantennos con verdade,
que tu sempre manteviste,
e de mui gran falsidade
nos guarda, que mal quesiste
e queres, e ás sabor
de valer o pecador.
Santa María, Sennor, …

quesiste] quisiste *E*

CSM 351

F 74v; E 314r-315r

Esta é como Santa María acrecentou o vinno na cuba en Arconada, ũa aldea que é preto de Palença

Arconada] Daconada *F, E*

A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer
ben pod' avondar as outras cousas e fazer crecer.

tanto] tant *F*

E desta razón miragre mui fremoso vos direi,
que mostrou Santa María, com' eu en verdad' achei,
na eigreja d' Arconada, ũ' aldea que eu sei
que é preto de Palença; e oídem' a lezer.
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer…

direi] di *F*

verdad'] verdat' *E*

Arconada] Aconada *F*, *E*

que quiso dela nacer] *Om. E*

Ena sa festa d' agosto mui gran gente ven alí
por oír tódalas oras, e é costumad' assí
que tragen i pan e vinno en carretas, e ben i
o dan por seu amor dela a quen o quer receber.
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer… **que quiso dela nacer**] *Om. F, E*

Ond' avẽo, non á muito tempo, que s' i ajuntou
gran gent' a aquela festa, e cada ũu punnou
en fazer grand' alegría: quen soube luitar, luitou,
e quen soube chacotares bõos, i os foi dizer.
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer… **que quiso dela nacer**] *Om. F, E*

Outros ar corrían vacas que fazían pois matar,
que cozían en caldeiras grandes e ían dar **cozían**] cozía *E*
a pobres que as comessen. En tod' est' a lazerar
ouve per força o vinno, ca del foi grand' o bever.
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer… **que quiso dela nacer**] *Om. F, E*

E pero que ben comían, non tiinnan que era ren,
se daquele bõo vinno non bevessen a seu sén
e por ende foi minguando, ca aquesto sempr' avén:
que d' u tollen e non põen que á sempr' a falecer. **tollen**] collen *F*
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer… **que quiso dela nacer**] *Om. F, E*

Ond' ũa gran cuba chẽa de vinno pararon tal
que, se non foi a madeira, en ela non ficou al.
Entonce disseron todos: «Se nos a Virgen non val,
con coita deste bon vinno nos poderemos perder».
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer… **que quiso dela nacer**] *Om. F, E*

E por end' aquela gente se quisera ir entón; **aquela**] aquella *E*
mas chegou ũu ome bõo, que lles diss' esta razón:
«Vaamos catar a cuba e tirémoll' o tapón
máis de fond', e per ventura pod' i algũu pouc' aver». **algũu**] **algún** *E*
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer… **que quiso dela nacer**] *Om. F, E*

Entón log' aquela gente aa cuba se chegou,
e o que lles diss' aquesto ben per cima a catou
e achoua toda chẽa e a todos la mostrou,
e por end' a Virgen santa fillárons' a bẽeizer.
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer… **que quiso dela nacer**] *Om. F, E*

E os que ante choravan começaron de riir **de**] a *F*
e beveron daquel vinno e juraron, sen mentir,

que nunca atal beveran; e os enfermos guarir
foron, quantos del beveron, e pois mui sãos seer.
A que Deus avondou tanto que quiso dela nacer… **A … nacer**] *Om. F, E*

CSM 352

E 315r-316r

Esta é como Santa María del Viso guariu ũu açor dun cavaleiro

Fremosos miragres mostra a madre da fremosura
e grandes, ca á vertude do mui gran Deus sen mesura.

Dest' un fremoso miragre vos direi se m' ascuitardes, **Dest'**] E dest' *E*
que fezo Santa María; e se i mentes parardes,
por mui grande o terredes quant' en ele máis cuidardes,
e veredes com' a Virgen á poder sobre natura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra**] m. *E* | **a madre da fremosura**] *Om. E*

Aquest' a un cavaleiro conteceu que vassal' era
dun fi de rei, e por ele fazía jostiça fera,
e que ũu açor mui bõo ũa vegada lle dera
que fora dun cavaleiro natural d' Estremadura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra a madre da fremosura**] *Om. E*

Est' açor fillava garças e ãades e betouros
e outras prijões muitas; e nen crischãos nen mouros
atal açor non avían, e davan de seus tesouros
muito por el, que llo dessen. Mas non avía én cura
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra a madre da fremosura**] *Om. E*

O cavaleiro de darllo nen sol por aver vendelo;
mais avía voontade d' ante seu sennor tragelo,
porque mui máis doutra cousa lle prazería d' avelo
ante que o aver outre ou perdelo per ventura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **a madre da fremosura**] *Om. E*

E el con el cada día muit' a sa caça andava
e quantas aves podía fillar, con ele fillava;
pero foron ben dous anos que o açor non mudava,
e o cavaleiro avía desto pesar e tristura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **a madre da fremosura**] *Om. E*

E meteu muitos dinneiros en lle fazer meezinnas,
que nulla ren non valveron; pois no tempo quand' as vinnas
vendimian, foisse con ele aa Sennor das Reínnas
a sa eigreja do Viso, que jaz en ũa altura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra a madre da fremosura**] *Om. E*

E quando chegou a Touro ouv' outro gran desconorto **desconorto**] descornoto *E*
do açor, que non quería comer e tal come morto
era, e o biqu' inchado muito e o colo torto,
dizendo todos: «Mort' éste se lle dous días atura».
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra a madre da fremosura**] *Om. E*

O cavaleiro de cera fez log' ũa semellança
do açor e foi con ela, avendo grand' esperança
ena Virgen Groriosa e creendo sen dultança
que seu açor lle daría viv' e são sen laidura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra a madre da fremosura**] *Om. E*

E foisse logo con ela quanto pod' aa eigreja
da Virgen Santa María que é bẽeita e seja,
que ll' amostrou essa noite mui gran mercee sobeja,
ca tornou o açor são e a el tolleu loucura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra a madre da fremosura**] *Om. E*

E demais fezll' outra cousa, que as penas que mudadas
ante aver non podera, óuveas logo deitadas
e meteu outras tan bõas e atán ben cooradas,
que per ren non poderían taes pintar de pintura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra a madre da fremosura**] *Om. E*

Esto fez Santa María, madre do que formou suso
os ceos maravillosos e ar pos a terra juso,
que miragres mui fremosos fez sempr', e áo por uso,
por nos fazer ben creentes e guardarnos de loucura.
Fremosos miragres mostra a madre da fremosura… **mostra a madre da fremosura**] *Om. E*

CSM 353

E 316r-317v

Como un meninno que criava un abade en sa castra tragía de comer ao meninno que tiinna a omagen enos seus braços e díssoll' a omagen que comería con ele mui cedo

meninno] menino *E*
tiinna] tiina *E*
cedo] cedo e o abade *E*

Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar,
deles será muit' onrado no seu ben, que non á par.

E de tal razón com' esta vos direi, se vos prouguer,
miragre que fez a Virgen, que sempre nosso ben quer,
per que ajamos o reino de seu fill', ond' a moller
primeira nos deitou fóra, que foi malament' errar — **primeira**] primeiro *E*
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

En comer ũa maçãa, que ante lle defendeu
Deus que per ren non comesse; e porque dela comeu
e fez comer seu marido Adán, logo lles tolleu
o reino do Paraíso e foios end' eixerdar.
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Mas depois Santa María, en que á bondad' e sén,
buscou e busca carreiras com' ajamos aquel ben
de Deus, seu padr' e seu fillo, que el pera os seus ten,
en que vivan con el sempre sen coita e sen pesar.
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Este miragre mui grande foi, segundo que oí
dizer a omees bõos, que o contaron a mí,
dun ricome que morava en terra de Venexí,
a que morrían os fillos, que non podían durar.
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

E con mui gran pesar desto, ũu deles que lle ficou,
a ũu abade mui santo dun mõesteir' enviou
e deullo que llo criasse, e tan muito o rogou,
que o fillou por seu rogo e fézeo ben criar
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **Virgen e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Consigo no mõesteiro; e, per com' aprendí eu, — **Consigo**] E consigo *E*
cada que o faagava chamávalle «fillo meu»

e dizíall' ameúde: «Quant' aquí á, tod' é teu».
E mandávalle que fosse pela claustra trebellar.
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Andand' assí trebellando, na eigreja 'ntrou e viu
omagen da Virgen Santa con seu fillo, e cousiu
com' era mui fremosinno, e catoo e riíu,
e logu' en sa voontade o fillou muit' a amar.
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

E tan gran ben lle quería, que ameúde veer
o ía muitas vegadas, ca en al neũu prazer
tan grande non recebía; pero, porque de comer
non viía que lle davan, fillouss' a maravillar.
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

E logu' en aquela ora pos eno seu coraçón
que daquelo que lle davan que lle déss' én seu quinnón;
e des i foi comer logo, e apartou da raçón
súa a maior partida e foilla logo guardar.
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

E pois comeu, trebellando começousse logo d' ir
aa eigreja correndo, e eno altar sobir
foi de pees, e daquelo que lle davan a servir
se fillou ant' o meninno e começoull' a rogar
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Que comesse, e dizendo: «Cada día t' adurei
desta raçón que me deren e tigo a partirei;
e por én te rog', amigo, que comias, ca mui ben sei
que se desto non comeres, outro non cho verrá dar».
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Depois ben a quinze días o meninno esto fez
cada día; mais o fillo da Virgen de mui bon prez
lle diss' un día: «Contigo non comerei outra vez,
se cras migu' e con meu padre non quiseres ir jantar».
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

O abad' ao meninno viulle cambiar a faz
e ar enmagrecer muito, e disso com' en solaz
ao meninno: «Meu fillo, se tu non comes assaz,
eu te darei ben que comias, ca te vejo magr' andar».
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … **Quen … o onrar**] *Om. E*

Entón respós o meninno: «Carne e vinno e pan
vossos omees, ai, padre, me dan ben e sen afán;
mas eu ao bon meninno daquelo que m' a min dan — **m' a**] mia *E*
dou end' a maior partida e voullo sempre levar».
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Quand' est' oíu o abade, díssell': «Ai, fill' e sennor!
E qual é aquel meninno a que fazes ess' amor?»
Diss' el: «O fillo da dona que sé no altar maior,
a que non dan ren que comia, e véjoo lazerar».
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Entón lle diss' o abade, a que chamavan Fiiz:
«Meu fillo, o que lle levas cómeo, ou que che diz?»
Diss' el: «Come cada día; mas des que ll' aquesto fiz,
nunca m' ante falou nada, mais foim' oje convidar
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Que con el e con seu padre eu fosse a jantar cras».
Entón lle diss' o abade: «Pois que tu est' oíd' ás,
e creo certãamente que con eles jantarás,
rógot' eu que vaa tigo comer de tan bon manjar».
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Entón se foi o abade e chamou os monges seus
e dísselles: «Ai, amigos, cras me irei eu, par Deus,[378] — **me irei**] mirei *E*
esto sei certãamente; e por end' a don Mateus,
vosso monge, por abade escolled' en meu logar».
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

E contoulles en qual guisa esto sabía e qual
razón en con seu criado ouvera, e diss': «Atal
galardón aos que ama a Sennor Esperital
dá, con seu fillo bẽeito, a quen a ben sab' amar».
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **e de seu fillo onrar**] *Om. E*

Aquela noite passada, outro día ant' a luz
o abad' e o meninno enfermaron, com' aduz
o feito deste miragre; e á sesta, quand' en cruz
morreu por nós Jesucristo, morreron eles a par.
Quen a omagen da Virgen e de seu fillo onrar, … — **Quen … onrar**] *Om. E*

378 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso.

CSM 354

E 317v-318r

Como Santa María guardou de morte ũa bestiola que chaman donezinna

Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee
aos seus servos a Virgen, madre do que todo vee.[379]

Desto direi un miragre grande que fez a reínna,
madre de Deus, Jesucristo, a ũu rei que muito tiinna
en ela sa asperança, ca lle fez veer aginna
pesar e prazer mui grande dũa ren por sa mercee.
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

Este pesar foi por ũa bestiola que muit' amava
el Rei, que sigo tragía e a que mui ben criava,
a que chaman donezinna os galegos, e tirava
con ela aves das covas, e de taes ome vee.
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

Pero esta outras cousas muitas e bõas fazía
trebellando e saltando, onde gran prazer avía
aquel rei; e por aquesto atán gran ben lle quería
que tiinna que fezera Deus en darlla gran mercee.
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

E por esto lle fezera de fust', en que a guardava,
ũa arca mui ben feita, e dentro a enserrava
porque mal non recebesse, ca muito se receava
do gato, que ena noite mellor ca no día vee.
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

Onde ll' avẽo ũu día, indo per ũa carreira,
que a quis tirar da arca e, com' ela é ligeira,
caeu ontr' os pés das bestas, e foi en atal maneira
que el Rei con coita disse: «Santa María, mercee!
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

Guárdame mia donezinna que a non perça per morte».
E quantos alí estavan ouveron gran desconorte,
ca lle pose o cavalo del Rei o pé atán forte
sobr' ela, e el Rei disse: «Ai, varões, quen a vee?
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

379 Como se pode observar, nesta composición o autor xoga coas *palabras rima* do refrán de xeito que cada unha das cobras remata, alternativamente, con unha delas.

Dádemia qualquer que seja, sequer viva, sequer morta,
e conortarm' ei con ela come quen se mal conorta».
Entón fez Santa María, a que é dos Ceos porta,
que de só o pé saísse viva pola sa mercee.
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

Entón quantos alí eran e viron tal maravilla
que fezo a Groriosa, que é de Deus madr' e filla,
en fazer que o cavalo, que con seu pé tan mal trilla,
non a matasse. E esto fez aquel que todo vee
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

Por prazer da Groriosa, sa madr', a que comendada
a ouv' el Rei, u do pee do cavalo foi trillada.
Por én seja el bẽeito e ela seja loada,
e sempr' ambos de nós ajan piedade e mercee.
Eno pouco e no muito, en todo lles faz mercee… **en todo lles faz mercee**] *Om. E*

CSM 355

E 318r-320r

Esta é como Santa María de Vilasirga livrou ũu ome da forca, que non morreu, por un canto que dera a sa eigreja

O que a Santa María serviço fezer de grado,
na mui gran coita que aja seerll' á galardõado.

Ca o que lle faz serviço mui de grado ou dá dõa **ou**] o *E*
en algũa sa eigreja, mui ben llo per galardõa;
ca lle dá por ũu, cento, como sennor nobr' e bõa,
e nas coitas deste mundo pónlle consello guisado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, … **serviço fezer de grado**] *Om. E*

E por end' un seu miragre vos direi de bõa mente
que fez esta Virgen, madre de Deus, ante muita gente
en ũu ome de Mansella, mancebo barva pungente;
o miragr' é mui fremoso e bõo e muit' onrado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, … **serviço fezer de grado**] *Om. E*

Este manceb' en Mansela, com' eu aprendí, morava,
e ũa moça da vila feramente o amava;
el non quería seu preito nen por ela non catava,
porque cuidava que fosse con outra mellor casado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

O mancebo prometera por irse en romaría[380]
a Vilasirgu', e guisousse e foisse logo sa vía;
mais sóubeo a manceba e depós el se saía
por comprir sa voontade e o meter en pecado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

El catou e a manceba viu vĩir e pesoulle,[381]
e esteve e atendeua; e pois chegou, preguntoulle
e díssell' a que viinna. E ela entón rogoulle
que por Deus non lle pesasse d' ir dela acompannado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

E diss' el: «E non iredes comigo, se Deus me valla,
ca non querría con vossos parentes aver baralla;
demais vou en romaría, e non querría en falla
seer do que prometudo ei mui gran temp' á passado».
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Nunca tanto dizer pode que s' ela tornar quisesse
per rogos nen per mẽaças nen per ren que lle dissesse.
O mancebo foi mui triste e non soube que fezesse,[382]
pero foi ja sa carreira con ela muit' anojado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Eles indo per caminno ambos per ũa montanna,
rogoull' ela que quisesse seu amor e sa companna.
El foi mui maravillado e díssell' en mui gran sanna:
«Ante vós fóssedes morta nen eu nunca fosse nado
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Ca eu tal erro fezesse escontra a Gloriosa,
indo pera a sa casa. Non te tẽes por astrosa
de tal cousa demandares?». Ela foi én vergonnosa,
e ata en Vilasirga non llo ar ouv' enmentado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

casado] cassado *E*

irse] ir *E*
guisousse e foisse] guisouse e foi *E*

Non] no *E*

demais] e demais *E*
passado] pasado *E*

dissesse] disesse *E*
e] *Om. E*

caminno] camino *E*

380 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e engadimos o pronome enclítico.

381 O verso resulta hipómetro, a menos que *viu* conte como dúas sílabas (*Vid*. CSM 316, v. 46 e 319, v. 59). Pola contra, no verso seguinte hai que efectuar unha sinalefa para non alterar a isometría.

382 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e engadimos a conxunción.

Quando foron na igreja da madr' e virgen onrada,
mandou fazer o mancebo candeas logo d' entrada,
e dormio na igreja e aa nossa avogada
pedio mercé e ajuda que ll' ouvesse perdõado.[383]
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Mercé e] mercee e *E*

E comprou en outro día por seus dinneiros un canto
de pedra pera a obra de Vilasirga, e quanto
s' atreveu fez sa oferta e sas orações ant' o
altar de Santa María; e pois que ouve jantado,
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

dinneiros] dineiros *E*

Tornousse pera sa terra. E indo pela carreira,
a manceba que vos dixe dísselle desta maneira:
«Por que non casades migo?» Diss' el: «Ja vos eu primeira-
mente dixe mia fazenda e vos dei todo recado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

primeira] prmeira *E*

Ca, se mia Virgen María guardar, que é meu espello,
nunca me casarei vusco, non volo digo en trebello,
mais dígovos gran verdade; e por end' outro consello
avede, pois vos daquesto meu coraçón ei mostrado».
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Ela ouve gran despeito del por esto que dissera,
por ende lle buscou morte, poi-lle tal resposta dera;
e a entrante da vila ond' ele natural era,
meteu mui fort' apelido e ouve o rostro rascado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

E meteu mui grandes vozes e disse que a forçara
o mancebo na carreira e ferir' e desonrara
e a força per cabelos do caminno a sacara,
que ren valer no lle pode, pero ouve braadado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Os parentes da manceba aas justiças fezeron
queixume; e eles logo aquel mancebo preseron
e, sen saber a verdade, aa forca con el deron.
E el, pois viu que sería de tod' en tod' enforcado,
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

383 Presentamos a forma bisílaba do vocábulo para acadar a isometría no verso. *Vid.* CSM 207, v. 4.

Fezo a oraçón logo muit' e dos ollos chorando,
e diss': «Ai, Santa María de Vilasirga, e quando
eu fui ena ta igreja, por meus dinneiros, estando,
comprei pera a ta obra un bon canto, eicho dado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Por én, Virgen groriosa, madre de gran piedade,
non cates a meus pecados, mais, Sennor, por ta bondade
vei como moir' en gran torto, ca tu sabes a verdade
deste feito que m' apõen. Se eu non sõo culpado,
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Mostra aquí teu miragre, ai, Virgen Santa, comprida, [384]
vogada dos pecadores, de tódolos santos vida.
Se tu, Sennor poderosa, en algún tempo servida
de mí algún pouco fuste, fais esto que ch' ei rogado».
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Pois que a oraçón feita ouve, tan toste ll' ataron
as mãos atrás e logo aginna o enforcaron;
e seus parentes por ele mui feramente choraron.
E assí sev' aquel día o mancebo pendorado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Mais a Virgen gloriosa, que chaman os pecadores
e que ela mui de grado acorr' aas sas doores,
log' a santa verdadeira, madr' e sennor das sennores,
troux' aquel canto meesmo que el ouvera comprado
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Quando foi en Vilasirga, assí como ja contamos,
e pósello a seus pees, como por verdad' achamos;
e téveo viv' e são esta sennor que chamamos
aquel día e a noite, e de todo mal guardado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

En outro día vẽeron aa forca seus parentes
po-lo decenderen dela, e da vila outras gentes,
e viron so el o canto; des i, estando presentes,
oíron como falava e dizía: «Deus loado
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

dinneiros] dineiros *E*

m' apõen] mi apoen *E*

Mostra] Mostr' *E*

oraçón] coraçón *E*

assí] así *E*

meesmo] menesmo *E*

assí] así *E*

decenderen] decederen *E*

384 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e transcribimos a forma verbal íntegra.

Seja, ca estou vivo, c' assí quis a Virgen Santa
María de Vilasirga; ca sa mercee é tanta
que todo o mund' avonda e nosso ben sempre avanta,
e per ela ei eu vida, pero que estou colgado».
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

de grado] *Om. E*

Quando o todos oíron falar atán estrevudo,
talláronlle log' a soga; e pois que foi decendudo,
preguntaron como fora, e el ouve retraúdo
daqueste feito a verdade, que non ouv' én ren negado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

Quand' a verdade souberon de tod', assí com' oístes,
foron én maravillados que nunca tan muito vistes; [385]
e deron todos loores aa que nos faz de tristes
seer ledos e pagados, ca est' á ela usado.
O que a Santa María serviço fezer de grado, …

muito] muit *E*

CSM 356

E 320r-321r

Como Santa María do Porto fez vĩir ũa ponte de madeira pelo río de Guadalete pera a obra da sa igreja que fazían, ca non avían i madeira con que lavrassen

Non é mui gran maravilla se sabe fazer lavor
a madre do que o mundo fezo e é del sennor.

Desto direi un miragre que no Port' aconteceu,
que fezo Santa María, madre daquel que prendeu
paixón e ena cruz morte por nós, e que nos tolleu
das mãos do ẽemigo, o diab' enganador.
Non é mui gran maravilla se sabe fazer lavor…

Esto foi quando lavravan a igreja, com' oí,
daquel logar; e avían avondo, com' aprendí,
de cal, de pedra, d' arẽa e de agua outrossí.[386]
Mais madeira lles falía, de que estavan peor
Non é mui gran maravilla se sabe fazer lavor…

arẽa] area *E* | **de agua**] d' agua *E*

385 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e transcribimos o adverbio íntegro.

386 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e desfacemos a contracción.

Ca doutra cousa neũa que i ouvesse mester,
ca de tod' avond' avían; e por end' a comoquer[387]
punnavan de a averen. Mais esta santa moller
os tirou daquel enxeco, ca de tod' é sabedor.
Non é mui gran maravilla se sabe fazer lavor…

E por fazer que a obra s' acabasse ben sen al,
fez vĩir ũa gran chẽa d' agua, que pelo Portal
passou e troux' ũa ponte de madeira, toda tal
enteira como x' estava; nunca ome viu mellor.
Non é mui gran maravilla se sabe fazer lavor…

E per Guadalet' o río a fez logo, sen mentir,
chegar assí com' estava e bẽes alí vĩir
u fazían a igreja, por a obra non falir
de s' acabar ao tempo que o maestre maior
Non é mui gran maravilla se sabe fazer lavor…

Outorgara d' acabala, per como eu apres' ei,
a un tempo sinalado que lle posera el Rei;[388]
mais fazer non o podera, como por verdad' achei,
se a Virgen desta guisa non lle foss' ajudador.
Non é mui gran maravilla se sabe fazer lavor…

E quando viron a ponte vĩir a aquel logar
pera fazerlles ajuda, fórona logo fillar;
e pois a Santa María ar foron loores dar
dizendo: «Bẽeita sejas, santa dos santos maior».
Non é mui gran maravilla se sabe fazer lavor…

comoquer] com quer *E*

apres'] apress' *E*
lle] *Om. E*

guisa] guissa *E*

fórona] fóronna *E*

bẽeita] beita *E* | **dos**] do *E*
se sabe fazer lavor] *Om. E*

387 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e completamos o adverbio.

388 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e engadimos o pronome.

CSM 357

E 321r-321v

Como Santa María do Porto guareceu ũa moller que vẽera a sa casa en romaría e avía a boca torta e os nembros e começa assí

vẽera] veera *E*
e avía] e a avía *E*

Como torç' o dem' os nembros do ome per seus pecados,
assí os correj' a Virgen pois los á maenfestados.

E desto fez un miragre a que é chamada Orto
dos Viços do Paraíso, na sa igreja do Porto,
en ũa moller coitada que o rostro todo torto
muit' avía e a boca, e os ollos mal torvados.
Como torç' o dem' os nembros do ome per seus pecados, …

Dona Sancha nom' avía esta moller, e vẽera
alí por cobrar saúde, e que mui gran coita fera
daquela door sofría que des longo temp' ouvera,
que comer ja non podía nen sol trocir tres bocados.
Como torç' o dem' os nembros do ome per seus pecados, …

Mais pois entrou na igreja daquesta santa reínna,
chorando muit' e dizendo: «Sennor, acórrem' aginna,
ca en tal coita com' esta tu soa es meezinna;
se non, conta que agora meus días son acabados».
Como torç' o dem' os nembros do ome per seus pecados, …

Sennor] senor *E*
meezinna] meezina *E*

E quand' aquest' ouve dito, pos ant' o altar candeas
e teve i nove días. E pois compriu sas noveas,
soltoa a Virgen Santa, como soltan de cadeas
os reis aos seus presos que non sejan justiçados,
Como torç' o dem' os nembros do ome per seus pecados, …

Assí que o rostro todo e a boca com' ant' era
lle tornou fremos' e são como nunca máis ouvera.
E entón aquela gente toda que alí vẽera
os seus miragres teveron por dos outros máis preçados.
Como torç' o dem' os nembros do ome per seus pecados, …

máis] mas *E*
nembros] nen *E*
| **do ome per seus pecados**] *Om. E*

CSM 358

E 321v-322v

Como Santa María do Porto mostrou per sa vertude un logar u jazían muitos cantos lavrados, que meteron ena sa igreja

A que as cousas coitadas d' ajudar muit' é tẽúda, **tẽúda**] tẽeúda *E*
non vos é gran maravilla se x' ela a sí ajuda.

Desto fezo eno Porto que de seu nom' é chamado
gran miragr' a Groriosa, que será per min contado,
no lavor da sa igreja que fazían per mandado
de don Afonso que éste seu rei, cousa é sabuda.
A que as cousas coitadas d' ajudar muit' é tẽúda, … **tẽúda**] teúda *E*

Alí omẽes lavravan cada día ben quinnentos
e tragían muitas pedras pera fazer fundamentos;
mas o mar foi mui torvado un tempo per grandes ventos,
que a mẽor pedra delas non podía seer movuda **mẽor**] meor *E*
A que as cousas coitadas d' ajudar muit' é tẽúda, … **tẽúda**] teúda *E*

Per barcas nen per engennos, nen per arte nen per manna. **engennos**] engenos *E*
Entón diss' a maestr' Alí un ome de sa companna:
«Eu vos mostrarei un canto dũa medida tamanna
que, se muitos end' ouverdes, a lavor será creçuda
A que as cousas coitadas d' ajudar muit' é tẽúda, … **tẽúda**] teúda *E*

Mui tost'», e log' amostroullo, e sacárono de fondo
de terra; e pois lo viron quadrado, ca non redondo,
cavaron, e doutros taes acharon tan grand' avondo,
per que a lavor mui toste foi mui de longe veúda.
A que as cousas coitadas d' ajudar muit' é tẽúda, … **tẽúda**] teúda *E*

Pois maestr' Alí viu esto, empero que x' era mouro,
entendeu que ben guardadas tevera com' en tesouro
a Virgen aquelas pedras que tan preçadas com' ouro
foran pera lavrar toste e máis ca pedra mẽúda.
A que as cousas coitadas d' ajudar muit' é tẽúda, … **tẽúda**] teúda *E*

Entón, quando todos viron que assí foran achados
aqueles cantos so terra, grandes e mui ben quadrados,
por que a lavor foi feita tost' e os muros iguados
e as torres acabadas, est' é cousa connoçuda,
A que as cousas coitadas d' ajudar muit' é tẽúda, … **tẽúda**] teúda *E*

Deron por ende loores aa Virgen Gloriosa,
que quis pera sí igreja fazer nobr' e mui fremosa
e fort', en que s' acollesse a gente, que pavorosa
era porque non avía ant' u fosse defenduda.
A que as cousas coitadas d' ajudar muit' é tẽúda, … **d' ajudar muit' é tẽúda**] *Om. E*

CSM 359

E 322v-323r

Como Santa María do Porto se doeu dũa moller que vẽo aa sa igreja en romaría, a que cativaran un seu fillo; e sacoo de cativo da terra de mouros e pósollo en salvo

As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón
Jesucristo, mui ben poden sacar presos de prijón.

E daquest' un gran miragre avẽo en un logar
que é chamado o Porto da Virgen que non á par,
a un ome que vẽera a Xerez e i morar **vẽera**] veera *E* | **morar**] morrar *E*
fora con moller e fillos, que el mui de coraçón
As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón…

Amava máis doutra cousa. E des que chegou alí
fazía mui bõa vida, segundo quant' aprendí,
e era mui bõo vizinno a quantos moravan i
a San Salvador, ond' era chamada a colaçón.
As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón…

Este dous fillos avía, e Domingo o maior
chamavan, e ao outro Pedro, que era mẽor.
Estes ambos o servían muito, de que gran sabor[389] **de**] *Om. E*
avía o ome bõo, e fazía gran razón.
As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón…

Onde ll' avẽo un día que ao maior mandou
que foss' a ũa sa vinna veer que ele chantou;
e o moç', alá estando, avẽo que cativou, **avẽo**] aveo *E*
e levárono a Ronda por aver del remissón.
As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón…

389 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e introducimos a preposición «de».

E logo na almoeda o meteron essa vez;
des i comproo un mouro que deu por ele seu prez
de por quanto llo venderon, e mantenent' al non fez
e enviouo na recua a Aljazira entón.
As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón…

E alá u o levavan a Virgen que nos mantén
o foi fillar pela mão e disse: «Non temas ren,
ca eu te porrei en salvo, e esto verás tu ben,
mui cedo en cas teu padre e sen mal e sen lijón».
As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón…

Mais o padre e a madre cuidaron morrer sen al
con coita daquele fillo; e fezeron estadal
e foron log' ao Porto da Sennor Espirital
e pedíronll' aquel fillo, chorando con devoçón.
As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón…

E eles assí estando, viron seu fillo vĩir[390]
Pedro, o mẽor; e logo lles foi contar, sen mentir,
que Domingo era vẽúdo a sa casa e, se ir
quisessen i, o veerían. E eles de gran randón
As mãos da Santa Virgen que tangeron a carón…

que dun jaspis mui riqu' era, pedra nobre connosçuda,
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

E disse que lla daría. E pois foi en sa pousada
don Manuel, el Rei logo non quis máis fazer tardada,
mais envioull' a sortella, en ouro engastõada,
per un ome de sa casa e diz: «Muito me saúda **casa**] cassa *E*
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

Don Manuel e dálle este anel que ll' ei prometudo».
E o ome foisse logo, mais non foi apercebudo
de o guardar com' ouvera a guardalo e perdudo

419 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso, engadindo o pronome persoal «el».

o ouve ena carreira. E com' ũa cousa muda
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

Nemigalla non falava, mais diss' en sa voontade:
«Muit' é mester que me valla, Sennor, a ta piedade,
Santa María do Porto, e prométoch' en verdade
seis livras de bõa cera que en ta casa arduda
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

Seja. Sennor, e tu valme a esta coita tan fera».
El dizendo est', outr' ome que logo pos el vẽera
achou aquela sortella e viu ben que súa era
daquele que a levava; e pois que ouv' entenduda
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

Esta cousa, foi pos ele en tal que o preguntasse
se aquel anel perdera e des i que o fillasse.
E o outro tornou logo, dizéndolle se achasse
tal sortella, que lla désse e non lle foss' asconduda.
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

E o outr' o anel logo lle deu, dizéndoll': «Amigo,[420]
non querría por mia culpa que vós valía dun figo
perdéssedes; mais tomádeo logo, ca ben vos digo
que se outro a achasse, de vós non fora veúda
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

Esta sortella». E logo foisse con ela correndo
u don Manuel pousava, que o estav' atendendo,
e deulla; e pois lo feito lle contou, com' eu aprendo,
tornouss' al Rei. E pois ll' ouve esta cousa retraúda,
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

El Rei e quantos i eran deron por ende loores
aa Virgen gloriosa que mercees e amores
nos faz en muitas maneiras, macar somos pecadores,
e d' acorrernos nas coitas está sempr' apercebuda.
A Virgen, cuja mercee é pelo mundo sabuda, …

mundo sabuda] sabuda mundo *E*

dizéndoll'] dizéndolle E

tornouss'] tornousse *E*

gloriosa] glioriosa *E*

A … sabuda] *Om. E*

420 Elidimos o final vocálico do pronome enclítico para acadar a isometría do verso. Actuamos do mesmo xeito no v. 56.

CSM 377

E 338r-339r

Como un Rei deu ũa escrivanía dũa vila a un seu criado e avía muitos contrarios que o estorvavan contra el Rei e prometeo algo a Santa María do Porto e fezll' aver[421]

un Rei deu] un deu *E*

Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía
ajúdao per que vença gran braveza e perfía.

E de tal razón com' esta fez un miragr' a reínna
Santa María do Porto por un ome que se tiinna[422]
con ela e os seus livros pintava ben e aginna, — **aginna**] agina *E*
assí que a muitos outros de saber pintar vencía. — **a**] *Om. E*
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía…

E por end' ũa vegada ũa obra mui fremosa
pintava da Santa Virgen, madre de Deus groriosa,
e el Rei, cuj' om' el era, por amor da preciosa
sennor, que el muit' amava, prometeu que lle daría
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía…

Erdade ou outra cousa que ele darlle podesse,
en tal que aquesta obra sempre a mui ben fezesse;
mais o ome por mercee lle pediu que lle désse
en Vila Real a meia dũa sa escrivanía. — **escrivanía**] escrivannía *E*
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía… — **s' en ela**] se ela *E*

El Rei entón outorgoulla e mandou que sen tardada
a carta desta mercee aberta lle fosse dada;
mais o que tiinna os seelos lla ouve mui mal parada[423] — **seelos**] seellos *E*
ben preto de quinze días, mais el Rei non o sabía.
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía…

Mais depois que a verdade deste feit' ouve sabuda,
mandou logo que a carta non lle fosse detẽúda[424] — **detẽúda**] detẽeúda *E*
e que lle déss' outra toste, se non, pẽa connosçuda
lle faría que peitasse, en que al non avería.
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía… — **s' en ela**] se ela *E*

421 Como Mettmann, introducimos na rúbrica a primeira voz «Rei» para completar o sentido do texto.

422 No verbo «tiinna» hai que ler as dúas vogais nunha única sílaba para respectar a isometría.

423 Tanto no verbo «tiinna» como en «seelos» hai que ler as dúas vogais nunha única sílaba para respectar a isometría.

424 Concordamos con Mettmann e corriximos o erro de copia que afecta á voz «detẽúda» para resolver a hipermetría do verso.

Mais aquele, por meaças que el Rei ll' ameaçasse,
sol fazer non o quería, mais dizía que leixasse
aquele outro a carta e que dela se quitasse,
ca seu amig' o outr' era que a meadad' avía.
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía…

Sobr' esto muitas vegadas mandou el Rei que lla dessen
e que per nulla maneira de dar non lla detevessen,
e se non, que a sa ira averían, se fezessen
contra esto; mais aqueles alongavan cada día.
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía…

Mais aquel Pedro Lourenço que a carta demandava
rogou a Santa María do Port', en que se fiava,
que se el a cart' ouvesse e per ela a gãava,
que maravedís duzentos lle désse ou a valía.
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía…

Tanto que esta promessa el ouv' assí prometuda,
logo foi Santa María de todo en sa ajuda[425]
e fez contra o notario que el Rei cara sannuda
lle mostrou e log' a carta ouv' aquel que a pedía.
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía…

Quand' esto Pedro Lourenço viu, loores deu por ende
aa Virgen Groriosa que aos seus ben defende,[426]
e teve por de mal siso quen contra ela contende
e fillou logo sa carta e foi con ela sa vía.
Sempr' a Virgen Groriosa ao que s' en ela fía…

aquele] aquel *E*
meadad'] meadade *E*
todo en] tod' en *E*
sannuda] sanuda *E*
mostrou] mostro *E*
ben] *Om. E*
siso] sisso *E*
Sempr' … fia] *Om. E*

425 Concordamos con Mettmann e reproducimos completa a forma do indefinido «todo» para resolver a hipometría do verso.

426 Concordamos con Mettmann e engadimos o adverbio «ben» para resolver a hipometría do verso.

CSM 378

E 339r-340r

Como un ome bõo con sa moller, que morava na colaçón de San Salvador de Sevilla, tiinna ũa sa filla doente pera morte, e jouve tres días que non falou e prometérona a Santa María do Porto e guareceu

tiinna] tiina *E*

Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor,
u fez sa madr' avogada e seu fillo salvador.

Ca pois ela avogada é e nossa razón ten,
non pod' al fazer seu fillo senón juígarnos ben;
por én destorvo do demo non o tẽemos en ren,
macar s' el muito traballa de nos seer destorvador.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, …

Ca nos torva na saúde fazéndonos enfermar,
creendo o seu consello con que nos faz el pecar;
e faz mal aos meninnos polo seu poder mostrar
que é de fazer nemiga, ca dos maos é peor.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, …

meninnos] meninos *E*

Mais a nossa avogada, que ten ben nossa razón,
roga por nós a seu fillo que nos de sa tentación
daquel astroso nos guarde e nos livre d' ocajón
e que nos dea saúde cada que nos mester for.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, …

nos guarde] vos guarde *E*
dea] dia *E*
sennor] *Om. E*

Onde daquest' en Sevilla fez ela miragr' atal
qual vos ora contar quero e, des que oírdes qual
foi, por grande o terredes, ca ela que pod' e val
mostrou i sa gran vertude, ca sempre fez o mellor.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, …

sennor] *Om. E*

E por end' atal miragre é d' oír, se vos prouguer,
que fezo Santa María do Porto, e quen quiser
sabelo, que en Sevilla avẽo dũa moller
que era mui ben casada con un ome mercador.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, …

vos] vus *E*
sennor] *Om. E*

Estes avían sa filla que amavan máis ca sí,
a que pres enfermidade tan grande, com' aprendí,
que per narizes e ollos e da boca outrossí

deitava tanto de sangre, que foi perder a coor.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, … **sennor**] *Om. E*

E esteve ben tres días e noites que non falou[427] **E esteve**] Esteve *E*
e tẽendoa por morta, a mortalla lle mandou **tẽendoa**] teendoa *E*
tallar seu padr' e aginna as candeas ar comprou.
Mais un seu compadre logo se fez seu consellador[428] **un**] *Om. E*
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, … **sennor**] *Om. E*

E disse: «Se vós fezerdes o que vos quero dizer,
esta meninn' ao Porto ide logo prometer **meninn'**] menin' *E*
da Virgen Santa María, e se sãar, ofrecer-[429] **ofrecer**] oferecer *E*
lla ide, e mantenente perderá esta door.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, … **sennor**] *Om. E*

Ca eu mia moller tiinna que ja quería transir,
mais pois lla ouv' outorgada, Santa María guarir
a fez; e por én vos rogo que me queirades oír,
e prometédell' a filla, e seede sabedor
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, … **sennor**] *Om. E*

Que logo que ofrecerdes, que a meninna guarrá». **ofrecerdes**] ofrezerdes *E* | **meninna**]menina *E*
E eles lle prometeron que a levassen alá
con sas ofertas mui grandes e a moça log' acá
viveu e abriu os ollos e catou en derredor.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, … **sennor**] *Om. E*

E pois pediu que comesse e déronlle manamán
un ov' assado mui mole, e comeuo con do pan. **comeuo**] comeo *E*
E todos entón loaron a sennor do bon talán,
dizendo: «Bẽeita sejas, que dos teus es guardador».
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, … **sennor**] *Om. E*

Entón a moça fillaron e fóronse dessa vez
dereitament' ao Porto e passaron per Xerez;
e pois foron na igreja da raínna de gran prez,
teveron i sas noveas sempr' ant' o altar maior.
Muito nos faz gran mercee Deus Padre, nostro sennor, … **mercee … sennor**] *Om. E*

427 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría, engadindo a conxunción «e» a inicio de verso.

428 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría, engadindo o artigo indeterminado «un» ao sintagma «seu compadre».

429 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipermetría do verso, presentando o verbo «oferecer» na súa forma acurtada «ofrecer».

CSM 379

E 340r-341r

Como Santa María do Porto se vengou dos cossarios do mar que roubavan os omees que viinnan pobrar en aquela sa vila

cossarios] cosarios *E*
viinnan] viinan *E*

A que defende do demo as almas dos pecadores,
os seus defender ben pode d' omes maos roubadores.

Dest' avẽo no Gran Porto que el Rei pobrar mandava,
que é de Santa María, en que el muito punnava
de fazer i bõa vila; por én término lle dava
grande per mar e per terra, ca logar é dos mellores
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

Do mundo pera gran vila fazer ou mui gran cidade.
E el Rei de veer esto avía gran soidade;
por én quanto lle pedían lles dava de voontade,
en tal que pobrar vẽessen i mui ricos mercadores.
A que defende do demo as almas dos pecadores,

cidade] cibdade *E*
vẽessen] veessen *E*

E por aquesto sas cartas lles mandava que vẽessen
alí salvos e seguros con quanto trager quisessen,
e que non ouvessen medo, en quant' alí estevessen,
de perderen do seu nada nen prenderen dessabores
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

Per omẽes de sa terra. Sobr' esto de muitas partes
viinnan per a pobraren, des Genua te en Chartes;
mais lennos de catalães, cossarios chẽos d' artes,
fazían danos nos portos, ca desto son sabedores.
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

lennos] lenno *E*

E roubavan aos mouros que alí per mar querían
vĩir e muitos matavan deles e muitos prendían;
e neũa reverença aa Virgen non avían
en cujo término era, come omees malfeitores.
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

término] términno *E*
pecadores] pecado *E*

Onde foi ũa vegada que alí un salto deron
a mouros que i viinnan, e a tódolos preseron,
e quisérans' a sa terra tornarse; mais non poderon,

pero tiinnan navíos ligeiros e corredores.
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

Ca a Virgen Groriosa, cujos son aqueles mares,
fezlles que se non podessen mover daqueles logares
d' u estavan, con mal tempo, e tódolos seus chufares
fezo que nada non fossen, macar eran chufadores.
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

Assí que pela tormenta, que foi grand' a maravilla,
non souberon que fezessen, senón ir pera Sevilla
a tornar o que fillaran a pesar da madr' e filla
de Deus, a que desonraran. E daquesto fiadores
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

desonraran] dessonraran *E*

Deron al Rei en Sevilla; e depois que entregaron
todo quant' alí fillaran, en seu serviço ficaron,
ca ja per nulla maneira a sas terras non ousaron
tornar daquela vegada. E desto deron loores
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

Todos quantos lo oíron aa Virgen Gloriosa,
que faz ataes miragres come sennor poderosa,
madre do Rei Justiceiro. Ca, pero que piadosa
é, non quer que mal receban per ren os seus pobladores
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

quantos] quanto *E*

Nen outros que a sa casa vennan per mar e per terra
e, empero que os mouros a vezes lle fazen guerra,
aos que vee coitados nunca lle-la porta serra
d' acorrer con sa mercee, que é maior das maiores.
A que defende do demo as almas dos pecadores, …

casa] cassa *E*

lle-la] llella *E*

CSM 380

E 341r-341v

Esta é de loor de Santa María

Sen calar
nen tardar
deve toda vía
om' onrar
e loar — **e**] en *E*
a Santa María.

Ca ela non tardou
quando nos acorreu,
e da prijón sacou
d' u Eva nos meteu
u pesar
e cuidar
sempre nos crecía, — **nos**] nus *E*
mais guiar
e levar
foi u Deus siía.
Sen calar…

E amar outrossí
devemos máis d' al ren
e, com' eu vej' e vi,
sempre quer nosso ben,
ca britar
e deitar
foi da sennoría — **sennoría**] senoría *E*
quen mezcrar
e buscar
mal con Deus quería
Sen calar…

A nós, que somos seus
quitamente sen al
dela, porque de Deus
é madre que nos val
quand' errar
e pecar
per nossa folía — **nossa**] nosa *E*
imos, ar
perdõar

nos faz cada día.
Sen calar…

Ar en darlle loor
avemos gran razón
ca Deus a fez mellor
de quantas cousas son,
que sen par,
sen dultar,
ést' e quen diría
en trobar
nen cantar
quant' i converría?
Sen calar…

Por én non quedarei
de sempre lle pedir
mercé, e rogarll' ei[430]
que, se de mi servir
quer' e dar-
me logar
u quant' eu querría
eixalçar
e pojar
seus feitos, marría.[431]
Sen calar…

mercé] mercee *E*

marría] María *E*

430 *Vid*. CSM 41, v. 27. Aquí escollemos tamén a forma reducida para acadar a isometría.

431 Aínda que o sentido da estrofa está claro, sintacticamente é confusa.

CSM 381

E 341v -342r

Como Santa María do Porto ressucitou un meninno que morrera, fillo dun ome bõo que morava en Xerez

ressucitou] resuscitou *E*
meninno] menino *E*
Xerez] Xereç *E*

Como a voz de Jesucristo faz os mortos viver,[432]
assí fez a de sa madre un morto vivo erger.

os] aos *E*

Desto direi un miragre que no Porto conteceu
que é de Santa María, dun meninno que morreu,
de Xerez, por que sa madre por én tal coita prendeu
que a poucas a mesquinna ouvera d' ensandecer.
Como a voz de Jesucristo faz os mortos viver, …

meninno] menino *E*

Seu padre deste meninno morava na colaçón
de San Marcos e Joane avía nome; entón
de sa moller, Deus lle dera aquele fillo barón
con que muito s' alegrava e prendía gran prazer.
Como a voz de Jesucristo faz os mortos viver, …

colaçón] collación *E*

Sancha sa madre chamavan per nome, com' aprendí,
e amava aquel fillo atanto, segund' oí,
que máis amar non podía outra ren; e foi assí
que ben como llo Deus dera, assí llo ar foi toller,
Como a voz de Jesucristo faz os mortos viver, …

Ca enfermou o meninno dũa gran fever mortal
e o padre e a madre con coita del, non por al,
levárono ao Porto da Raínna Espirital;
e tẽéndoo a madre nos braços, lle foi morrer.
Como a voz de Jesucristo faz os mortos viver, …

tẽéndoo] teéndoo *E*

Sa madre, pois viu que morto era, ũa gran voz deu
dizend': «Ai, Santa María, dám' aqueste fillo meu;
se non, lévame con ele, ca máis non viverei eu
eno mundo». E con coita foi logo esmorecer.
Como a voz de Jesucristo faz os mortos viver, …

432 Retiramos a preposición porque o seu emprego co pronome é incorrecto e rompe a isometría do verso.

Da gran voz que deu a madre quando a Virgen chamou,
Jesucristo, o seu fillo, aquel que ressucitou — **ressucitou**] resuscitou *E*
Lázaro de quatro días e per nome o chamou,
fez levantar o meninno tan tost' e vivo seer — **meninno**] menino *E*
Como a voz de Jesucristo faz os mortos viver, …

Mui são e muit' alegre. E quantos eno logar
estavan e esto viron, começaron de chorar,
e en chorando a Virgen ar fillárons' a loar
por tan fremoso miragre que fora alí fazer.
Como a voz de Jesucristo faz os mortos viver, … — **faz os mortos viver**] *Om. E*

CSM 382

E 342r-343v

Como un ricome pidía un erdamento al Rei que lle avía a dar por outro que lle fillara e non o podía aver dele; e prometeu algo a Santa María e fezllo aver logo mui bõo

Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón[433]
que dos reis as voontades enas mãos de Deus son.

E ele assí as cambia como lle vén a prazer,
ca segund' é deus e ome e rei, pódeo fazer; — **ome**] omen *E*
deus porque á gran vertude e rei por seu gran poder
e ome porque á siso, entendement' e razón. — **siso**] sisso *E*
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

E de tal razón com' esta vos quero contar que fez
gran miragre a Santa Virgen do Porto, cabe Xerez,
dun ricome que pedía al Rei erdade ũa vez,
que de dar tẽúdo ll' era, mais dizíalle de non. — **tẽúdo**] teúdo *E*
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

E al Rei muit' aficava que lla désse sen tardar; — **al**] el *E*
mais al Rei non lle prazía, ca lla ía demandar — **al**] el *E*
en logares que ja dera, que non podía tomar
sen fazer tort' e pecado. Por én lle respós entón:
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

433 En *E* aparece transcrito *paravoa*, pero hai unha marca para que se efectúe a corrección en *paravla*, que nós xa aplicamos aquí.

«Se queredes que vos erde, de grado vos erdarei
alí u o fazer possa, ca per ren non fillarei
cousa que eu dada aja; mais tal logar buscarei
per que sejades erdado mui ben e vos dé bon don».
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

Salamón] Sala *E*

Mentr' el Rei esto catava, fóissell' alongand' assí
ao ricom' este preito, que ouv' a morar alí
muit' e o seu despendendo; e, segundo que oí,
era Sevilla mui cara de tod' a essa sazón,
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

alongand'] alogand' *E*

U el Rei entón morava. E por end' ameúd' ir
avía muit' a sa casa o ricom' e lle pedir
que lle déss' o erdamento e, se non, que s' espedir
quería dele e irse ao reino d' Aragón.
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

casa] cassa *E*

Mais al Rei muito pesava e tiínnao por mal
porque ele o criara e era seu natural
e en Toledo casara e leixara i sinal
de fillos que lle naceran. E aquel ricom' entón
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

Con gran coita que avía quis al Rei entrar por én;
mais porque o non colleron, acordouss' e fez bon sén,
e en terra os gẽollos ficou e disse: «Per ren
non poss' estar que non faça ora ũa oraçón
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

Aa Virgen gloriosa, u toda mesura jaz,
que ela na voontade al Rei meta, se lle praz,
que dé aos monges cambio por Alvaça; e assaz[434]
averei se me der esto e será bon gualardón.
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

Aa] A *E*

Alvaça] Alvaç' *E*

E se m' aquesta mercee Santa María fezer
do Gran Port', eu lle prometo que lle darei comoquer
dez livras de bõa cera e fílleas quen quiser;
demais irei a sa casa e levarei meu bordón».
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

casa] cassa *E*

434 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso, restituíndo a vogal elidida entre o topónimo «Alvaça» e a conxunción «e».

Mentr' a oraçón fazía o ricom', el Rei chamou
don Manuel, seu irmão, e con el se consellou
de lle dar aquel meesmo que o ricom' enmentou
en sa oraçón e disse a un seu de criaçón:
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

«Vai e chama a Reimondo de Rocaful, se non for
ido». E el vẽo logo e diz: «Que vos praz, sennor?»
Diss' el Rei: «Eu darvos quero Alvaça, que é mellor
pera vós ca outr' erdade, ca val muit' e sen mixón».
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

Reimón, pois ll' el Rei diss' esto, por én graças lle rendeu
e loores aa Virgen do Porto, porque meteu
al Rei est' en voontade; e o que ll' el prometeu
de cera, fezllo dar logo, chorando con devoçón.
Verdad' éste a paravla que disse rei Salamón…

lle] le *E*

paravla] paravõa *E*

CSM 383

E 343v-344v

Como Santa María de Segonça guardou ũa moller que quería entrar en ũa nave e caeu na mar e guareceu e sacoua Santa María

Segonça] Seguença *E*
sacoua] sacoa *E*

O fondo do mar tan chão faz come a terra dura
aos seus Santa María, sennor de mui gran mesura.

sennor] senor *E*

Dest' avẽo un miragre grand' e mui maravilloso
que fezo a Santa Virgen, madre do Rei Glorioso,
por ũa moller que tiinna o coraçón desejoso[435]
de a servir noit' e día. E foi en Estremadura,
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

avẽo] aveo *E*

Na cidade de Segonça que é mui rico bispado
e cabo da grand' igreja á un logar apartado
que chaman Santa María a Vella, a que de grado

435 O verso é hipérmetro, a menos que se considere a forma «tiinna» como bisílaba.

ía essa moller bõa, e en est' era sa cura.
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

Esta moller ũa filla avía que muit' amava
e a cada ũa delas ena voontad' entrava
d' iren veer o sepulcro de Jerusalén e dava
do seu a quen a guiasse por poder ir máis segura.
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

E pois aquest' ouve feito, foisse logo sa carreira
e levou sigo sa filla por que non fosse senlleira,
ca achar non podería pera sí tal companneira.
E passou per muitas terras e atal foi sa ventura
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

Que passou o mar en salvo sen neún detẽemento,
ca en quanto per el foron sempr' ouveron mui bon vento;
e des que foron en Acre, sen outro delongamento
foron veer o sepulcro no tempo da caentura.
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

E poi-lo ouveron visto, ar fezeron romarías
pelos logares máis santos dessa terra u Messías
Jesucristo, deus e ome, andou; e a poucos días
foron en Acre tornadas, mais non como quen atura
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

dessa] desa *E* | **Messías**] Mesías *E*

Fazendo mui gran morada, en Acre non i ficaron,
máis aginna se colleron ao porto e rogaron
a aquel cuja nav' era que as levass' e punnaron
d' entrar mui toste na nave. Mais foi tan grand' a presura
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

D' i entrar, e en querendo sobir per ũa escaeira
do batel en essa nave, sobiu a filla primeira-
mente, e depois a madre cuidou a seer arteira
de sobir tost', e na agua caeu con sa vestidura.
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

en] e *E*

E en caendo, chamando a grandes braados ía:
«Acórreme, Gloriosa, ai vella Santa María
de Segonça, en que fío, e fais que mia romaría
acabe compridamente». E tan toste da altura
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

ai] a *E*

Dos Ceos a Virgen Santa acorreua e passoua
bẽes per fondo da agua so a nave, e sacoua
mui longe da outra parte eno mar, e pois tornoua
arriba viva e sãa con fremosa catadura.
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

bẽes] bẽens *E* | **so**] su *E*
tornoua] tornoa *E*

Todos quantos esto viron foron mui maravillados
e os gẽollos en terra ouveron logo ficados
e aa Virgen mui santa por ende loores dados,
dizendo: «Bẽeita sejas, dos coitados cobertura».
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

Bẽeita] beita *E*
dura] *Om. E*

E pois esta moller bõa pela Virgen foi gardada
assí como ja oístes, e a sa terra tornada,
teve na vella igreja noveas e mui loada
foi logo Santa María per ela e fez cordura.
O fondo do mar tan chão faz come a terra dura…

igreja] igleja *E*
faz come a terra dura] *Om. E*

CSM 384

E 344v-345v

Como Santa María levou a alma dun frade que pintou o seu nome de tres coores

A que por gran fremosura é chamada Fror das frores,[436]
máis lle praz quando loan seu nome que doutras loores.[437]

por gran] por mui gran *E*
máis] mui máis *E* | **quando loan**] quando lle loan *E*

Desto direi un miragre, segundo me foi contado,
que avẽo a un monge bõo e ben ordinnado
e que as oras desta Virgen dizía de mui bon grado
e maior sabor avía desto que doutras sabores.[438]
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, …

bõo] boo *E* | **ordinnado**] ordinado *E*
sabor avía desto] sabor end' avía daquesto *E*
por gran] por mui gran *E* | **frores**] *Om. E*

Este bon clérigo era e mui de grado liía[439]
nas vidas dos santos padres e ar mui ben escrivía;
mais uquer que el achava nome de Santa María

bon] mui bon *E*

436 Seguindo a Mettmann, eliminamos o adverbio «mui» do refrán para acadar a isometría.

437 Seguindo a Mettmann, suprimimos o adverbio de intensidade e o pronome para acadar a isometría.

438 Seguindo a Mettmann, eliminamos o adverbio «end» e modificamos o deíctico para acadar a isometría, tal como se fixo no refrán, pois parece que se cambiou o plan inicial.

439 Seguindo a Mettmann, eliminamos o primeiro adverbio «mui» para acadar a isometría.

fazíao mui fremoso escrito con tres colores.
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E* | **frores**] *Om. E*

A primeira era ouro, coor rica e fremosa
a semellante da Virgen, nobre e mui preciosa;
e a outra d' azur era, coor mui maravillosa
que ao ceo semella quand' é con sas esplandores. **esplandores**] splandores *E*
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*

A terceira chaman rosa, porque é coor vermella;
onde cada ũa destas coores mui ben semella
aa Virgen que é rica, mui santa e que parella
nunca ouv' en fremosura, ar é mellor das mellores.
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E* | **frores**] *Om. E*

Ond' aqueste nome santo o monge tragía sigo
da Virgen Santa María, de que era muit' amigo,
beijándoo ameúde por vencer o ẽemigo **ẽemigo**] eemigo *E*
diabo que sempre punna de nos meter en errores.
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*

Onde foi ũa vegada que jazía mui doente
dũa grand' enfermidade, de que era én possente;
e pero assí jazía, viínnalle sempre á mente
de seer da Virgen Santa un dos seus máis loadores.
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*

O abade e os monges todos veer o vẽeron,
e poi-lo viron maltreito, un frade con el poseron
que lle tevesse companna; e pois alí esteveron
un pouco, fóronse logo. Mais a sennor das sennores
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*

Apareceu ao frade que o guardav', en dormindo,
e viu que ao seu leito se chegava passo indo, **seu**] *Om. E*
e dizíalle: «Non temas, ca te farei ir sobindo
mig' ora a Paraíso, u veerás os maiores.
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E* | **frores**...] fro *E*

Ca por quanto tu pintavas meu nome de tres pinturas,
levart' ei suso ao Ceo, u verás as aposturas,[440] **levart'**] levar' *E* | **suso**] susso *E* | **aposturas**] apusturas *E*
e eno Livro da Vida escrit' ontr' as escrituras
serás ontr' os que non morren nen an coitas nen doores».
A que por gran fermosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*

440 Seguindo a Mettmann, engadimos o pronome enclítico á forma verbal. Novamente, hai que forzar o verso para acadar a isometría.

Entón levou del a alma sigo a Santa Reínna.
E o frade espertou logo e foi ao leit' aginna,
e pois que o achou morto, fez sõar a campaínna
segund' estableçud' era polos seus santos doctores.
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*

Mantenente o abade chegou i cono convento,
que eran i de companna ben oiteenta ou cento;
e aquel monge lles disse: «Sennores, por cousimento
o que vi vos direi todo, se m' én fordes oidores».
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*

Entón contou o que vira, segundo vos ei ja dito;
e o abade tan toste o fez meter en escrito
pera destruír as obras do ẽemigo maldito, **ẽemigo**] eemigo *E*
que nos quer levar a logo u sempr' ajamos pavores.
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*

E pois souberon o feito, loaron de voontade
a Virgen Santa María, a sennor de piedade;
e se en alguna cousa ll' erraran per necidade,
punnaron de se gardaren que non fossen pecadores. **punnaron**] punaron *E*
A que por gran fremosura é chamada Fror das frores, … **por gran**] por mui gran *E*
| **é … frores**] *Om. E*

CSM 385

E 345v-346v

Como Santa María do Porto guareceu un ome dũa pedrada mui grande de que nunca cuidara a guarecer, ca tiinna a tela sedada e tornousse paralítico, e guareceo Santa María

tornousse] tornouse *E*

De toda enfermidade maa e de gran ferida
pode ben sãar a Virgen, que de vertud' é comprida.

Est' avẽo en Sevilla per vertude da raínna
dos Ceos, Santa María do Porto, u muit' aginna **aginna**] agina *E*
igreja u mui loada fosse, fez i na marinna,
pera guardar os creschãos dos mouros e ser bastida
De toda enfermidade maa e de gran ferida…

Pera guerrejar os mouros d' Espann' e os africãos.
E por end' en aquel logo mostrou miragres certãos
de muitos que i vẽeron enfermos e foron sãos,
ca os que a sa mercee mester an nunca oblida.
De toda enfermidade maa e de gran ferida…

africãos] aflicaos *E*
end' en] ende en *E*
foron] forun *E*

E tan gran sabor avían os omes de que sãava
os enfermos, que quen coita avía logo chamava:
«Santa María do Porto, valme» e s' acomendava
a ela; e pois guarían, fazían alá sa ida.
De toda enfermidade maa e de gran ferida…

sãava] sãavan *E*
avía] avían *E* | **chamava**] chamavan *E*

Ond' avẽo en Sevilla que deron ũa pedrada
a un ome na cabeça mui grand', assí que britada
ll' ouveron toda a fronte e a tea assedada,
assí que nunca cuidava da chaga aver guarida.
De toda enfermidade maa e de gran ferida…

E pois viu que non sãava, prometeu que ao Porto
da Virgen Santa María fosse, que éste conorto
dos coitados, se daquela ferida non fosse morto,
e que de cera levasse un estadal sen falida.
De toda enfermidade maa e de gran ferida…

Mais ante celorgiãos mostrou com' era maltreito,
dizendo que o sãassen; mais esto non foi en preito
que consello lle posessen. Por end' o ome contreito
ouve a seer dun lado e foi daquela partida[441]
De toda enfermidade maa e de gran ferida…

ouve] ouv' *E*

En que a chaga avía, u foi da pedra ferido.
E el, quando viu aquesto, tévesse por escarnido;
mais acomendousse logo ao Port' e foi guarido
e são, ben com' aqueles que tornan de mort' a vida.
De toda enfermidade maa e de gran ferida…

E por ende deu loores aa Virgen e noveas
foi tẽer ena sa casa e levou i sas candeas[442]
de cera, ca non de sevo nen d' azeite nen de teas
nen como doutras que arden en algũa pobr' ermida.
De toda enfermidade maa e de gran ferida…

ena] a *E*

e de gran ferida] *Om. E*

441 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e desfacemos a elisión vocálica.

442 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso e engadimos a preposición «en».

CSM 386

E 346v-347v

Como Santa María avondou de pescado al rei don Afonso con mui gran gente que convidara en Sevilla

A que avondou do vinno aa dona de Bretanna,[443] **vinno**] vino *E* | **Bretanna**] Bretana *E*
ar avondou de pescado un rei con mui gran companna.

Desto direi un miragre que avẽo en Sevilla,
ena cidade mui nobre que fez Deus por maravilla,
ca non á outra cidade que non semellasse filla **cidade**] cibdade *E*
daquelas que son máis grandes no sennorío d' Espanna.
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

Alí el rei don Afonso, fillo del rei don Fernando,
fez ajuntar mui gran corte; esto foi no tempo quando
tornou da oste da Veiga de Grãada, e tallando
a andou enredor toda, o chão e a montanna.
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

E pois que se partiu ende, vẽo a Sevilla cedo,
en que fazía sas cortes ajuntar, que des Toledo
ben ata en Santiago e depois d' alén d' Arnedo
non ouv' i quen non vẽesse por non caer en sa sanna.
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

Des que todos i chegaron e el Rei lles ouve dito
por que os vĩir fezera, por paravr' e por escrito,
todos mui ben llo couberon, dizendo: «Seja maldito
o que passar contra esto que mandades; ca tamanna **passar**] pasar *E*
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

Prol súa nunca fezeron omes como nós faremos
en fazer vosso mandado, e demais que seeremos
vosqu' en assessegamento, por que pois non temeremos
enquisas de mascarade, que contra todos reganna».
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

E pois aquest' outorgaron, foi deles el Rei pagado
e ar outorgoulles logo quant' ouveron demandado
en todas sas petições nas que pedían guisado;
ca quen a sennor demanda sen guisa, é cousa estranna.
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

443 *Vid.* CSM 23

En quant' as cartas fazían desto, foron convidados
todos del Rei que comessen con el e que avondados — **comessen**] comesen *E* | **avondados**] avundados *E*
serían de quant' ouvessen mester; e dest' acordados
foron quantos que i eran, des Tui ata Ocanna.
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… — **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E* | **Bretanna**] Breta *E*

Mais sábado aquel día era e muitos cuidavan
que pescado non ouvessen, ca per ren non o achavan
a vendelo en Sevilla; e por ende se queixavan — **a vendelo**] a vondolo *E*
al Rei os seus despenseiros dizendo: «Obra d' aranna[444] — **dizendo**] dizen *E*
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… — **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

É, sennor, se Deus nos valla, aquesto que vós fazedes
en convidar tan gran gente e pescado non tẽedes».
E resposlles el Rei logo: «Asperad' e veeredes
que fará Santa María, u jaz mercee quamanna
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… — **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

Non podería contada seer per ren, nen escrita.
E por aquesto vos mando que vaades tod' a fita
logo catar os canales meus que son mia renda quita;
e se algo i achardes, non o paredes per manna,
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… — **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

Mais aduzédemio logo; ca eu ei grand' asperança
na Virgen Santa María, que éste mia amparança,[445] — **éste**] ést *E*
que nos dará tal avondo de pescado, que en França
non achariamos tanto nen en toda Alemanna».
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… — **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E* | **Bretanna**] Bretana *E*

Eles foron mantenente a un canal e acharon
de pescado carregadas quatro barcas e chegaron
con elas log' a Sevilla e a todos avondaron,
que sol non lles minguou dele que valvess' ũa castanna. — **minguou**] migou *E* | **valvess'**] valves' *E*
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… — **vinno**] vino *E* | **aa**] a *E*

E quand' el Rei viu aquesto, ouve mui grand' alegría
e chorando loou muito a Virgen Santa María
que o assí de pescado avondara aquel día;
ca, o que a mui ben serve, sempre con ela gaanna. — **o que**] a que *E*
A que avondou do vinno aa dona de Bretanna… — **A … Bretanna**] *Om. E*

444 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso, completando a forma de xerundio «dizendo».

445 Editamos a forma verbal sen elidir para acadar a isometría.

CSM 387 / (CSM 349)

E 312v-313v; E_1 347v-348r

Como Santa María mostrou muitos miragres por ũa sa imagen que tragía ũu rei en sa capela

CSM 388 / (CSM 295)

E 264r-265r; E_1 348v-349v

Como Santa María apareceu en visión a un rei que a servía en todas aquelas cousas que el sabía e podía, e semellávalle que se omildava contra el en gualardón do serviço que lle fezera

CSM 389

E 349v-350r

Como Santa María do Porto guareceu un fillo de maestre Pedro de Marsella

Marsella] Maessela *E*

A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos,
poder á de sãar vellos e mancebos e meninnos.

caminnos] caminos *E*
meninnos] meninos *E*

Poder á de sãar vello se é tal que o merece,
e outro tal o mancebo se faz bõa mancebece,
outrossí ao meninno se algún mal lle contece
quand' an sas enfermidades seendo mui pequeninnos.
A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos, …

outrossí] outrosí *E*
seendo] sẽendo *E* | **pequeninnos**] pequeninos *E*
caminnos] caminos *E*

E daquesto en Sevilla mostrou miragre mui grande
a Virgen Santa María, que rog' a seu fill' e mande
que polos nossos pecados mui sannudo non nos ande,
mas que do seu Paraíso nos queira fazer vezinnos.
A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos, …

nossos] nos *E*
vezinnos] vezinos *E*
pera Paraíso] Peraíso *E* | **caminnos**] caminos *E*

Este miragre foi feito en Sevilla na cidade
por un meninno que era mui mal doente en verdade,
fillo de maestre Pedro de Marsella, que abade
foi ja e tornousse leigo; e dous fillos fremosinnos
A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos, …

cidade] cibdade *E*
meninno] menino *E*
tornousse] tornouse *E*
caminnos] caminos fazer *E*

De sa moller el avía, que mui máis ca sí amava.
E o mẽor foi enfermo; ond' a el muito pesava,
de tan grand' enfermidade que por morto o juigava
el e sa madr', e con coita del chamávanse mesquinnos.
A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos, …

mẽor] meor *E*
enfermidade] enfemidade *E*
mesquinnos] mesquinos *E*
caminnos] caminos *E*

E con gran coita sobeja que a madre del avía
comendoo ao Porto que é de Santa María,
dizendo que se vivesse, que logo en romaría
a sa casa o levasse e especias e cominnos
A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos, …

casa] cassa *E*
caminnos] caminos *E*

Con el alá ofrecessen; ca non tiinnan dinneiros[446]
que partir de sí podessen, nen ouvellas nen carneiros
dos seus dar non i querían, ca os santos son arteiros;
mais darll' ían dous capões ou ben leu dous ansarinnos.
A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos, …

ofrecessen] oferecessen *E*
darll' ían] darll' ía *E* | **ansarinnos**] ansarinos *E*
pera Paraíso] Peraíso *E* | **caminnos**] caminos *E*

E tal promessa com' esta, comoquer que pequeninna
foss', assí proug' aa Virgen, que dos Ceos é reínna;
fez que o moço pedisse de comer e foi aginna
guarid' e trebellou logo conos outros mocelinnos.
A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos, …

mocelinnos] mocelinos *E*

Quand' esto maestre Pedro viu, desta guisa loores
deu log' aa Groriosa; ca fez fillar dos maiores[447]
dous capões que criava, que fez assar, e sabores
fillou mui grand' en comelos e en bever bõos vinnos.
A que pera Paraíso irmos nos mostra caminnos, …

aa] a *E*
caminnos] caminos *E*

446 Concordamos coa proposta de Mettmann para corrixir a hipermetría do verso, presentando o verbo «oferecer» («oferecessen») na súa forma abreviada («ofrecessen»).

447 Concordamos coa proposta de Mettmann para corrixir a hipometría do verso, presentando a suposta contracción de preposición máis artigo «á» na súa forma desenvolvida («aa»).

CSM 390

E 350r-350v

Esta é de loor de Santa María

é] *Om. E*

Sempre faz o mellor
a madre do Sennor
Salvador.

A nós faz que non possamos errar
e a Deus que nos queira perdoar
e eno seu Paraíso nos dar
gran sabor.
Sempre faz o mellor…

A nós faz que queiramos Deus servir
e a el que nos faça repentir
dos erros e a emenda vĩir
con amor.
Sempre faz o mellor…

A nós faz que sabiamos Deus temer
e a ele que queira receber
nosso serviço, por nos pois meter
u el for.
Sempre faz o mellor…

A nós faz que connoscamos a Deus
e a ele que nos tenna por seus
pois por nós pres morte pelos judeus
con door.
Sempre faz o mellor…

A nós faz que a amemos máis d' al
e a ele que nos guarde de mal
e do fogo do inferno mortal
queimador.
Sempre faz o mellor…

CSM 391

E 350v-351v

Como Santa María do Porto corregeu ũa moça contreita dos nembros que levaron alá en romaría

Como pod' a Groriosa os mortos fazer viver,
ben outrossí pod' os nembros dos contreitos correger.

Desto direi un miragre que eno Gran Porto fez,
que é seu, desta reínna gloriosa de gran prez,
a ũa moça que vẽo i contreita de Xerez,
que bẽes assí nacera, según que oí dizer.
Como pod' a Groriosa os mortos fazer viver, …

E esta en tal maneira os pees tortos assí
avía: o qu' é adiante, atrás, com' eu aprendí,
tragía. Por én seu padre en romaría alí
a troux' e teve noveas por daquel mal guarecer.
Como pod' a Groriosa os mortos fazer viver, …

adiante] adeante *E*

teve noveas] noveas teve *E*

Ond' avẽo ũa noite que gran door a fillou
aos pees en dormindo e tan toste despertou;
e a door foi tan grande, e tan forte braadou,
come se ferida fosse ou que cuidass' a morrer.
Como pod' a Groriosa os mortos fazer viver, …

E seu padre, que jazía cabo dela, preguntar–
lle foi por que braadara; diss' ela: «Porque britar
me foi os pees a Virgen e tornouss' a seu altar,
e ouve door tan grande qual nunca cuidei aver».
Como pod' a Groriosa os mortos fazer viver, …

pod'] pode *E*

Logo foron ajuntados quantos i eran entón,
e os pees lle cataron e víronos de feiçón
que os a tẽer devía e tan ben sãos que non
podían mellor seelo. E por ende bẽeizer
Como pod' a Groriosa os mortos fazer viver, …

Se fillaron a reínna que taes miragres faz,
e cada ũu chorando poso en terra sa faz,
dizendo: «Bẽeita sejas, ca toda mesura jaz
en tí e toda mercee pora nos sempr' acorrer.
Como pod' a Groriosa os mortos fazer viver, …

ũu] un *E*

Onde te damos loores com' a tan bõa sennor
que perdõas os pecados e sãas toda door;[448]
e por ende te rogamos que, se ta mercee for,
que no santo Paraíso nos faças tigo caber».
Como pod' a Groriosa os mortos fazer viver, …

pecados] pecadores *E*

CSM 392

E 351v-352v

Como Santa María do Porto consentiu que enforcassen un ome que jurou mentira pelo seu nome

Macar é Santa María sennor de mui gran mesura,
muit' estranna quen por ela mente ou faz falsa jura.

gran] grand *E*

Ca aquel' ora que mente jurando pelo seu nome,
tal ora é juigado que o diabo o tome
e que dentro no inferno o tormente e o dome,
ca diabos son monteiros de Deus, segund' Escritura.
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

E dest' un mui gran miragre avẽo eno Gran Porto,
dun ome que con dereito foi enforcado e morto
porque jurou jura falsa na igreja u conorto
achan tódolos coitados, aquest' é verdade pura.
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

sennor] senor *E*

Est' om' era pastorinno entón e barvas pungentes,
quando pelos seus pecados en al non metía mentes
senón furtar quant' achava a vezinnos e parentes;
e macar o castigavan, sol non avía én cura.
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

Ond' avẽo que un día furtou a ũa mesquinna
un alfamar e vendelo foi a casa da reínna,
madre de Deus, do gran Porto, mais foi preso muit' aginna,
e ant' o alcaide vẽo por sa gran malaventura,
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

mesquinna] mesquina *E*
casa] cassa *E*

448 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipermetría do verso, substituíndo a voz «pecadores» por «pecados».

Que lle disse se verdade era o que querelava
aquela moller mesquinna. E el todo o negava,
e ela non o podía provar. E por én mandava
o alcaide que jurasse, ca for' é d' Estremadura
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

De jurar sobre tal feito. E el a jura fazía,
e o alcaide meesmo del a jura recebía.
E el meteulle na jura a Deus e Santa María,
e que ambos lo cofondessen se fezera tal loucura
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

E que ante tercer día enas sas mãos tornasse
do alcaide, en tal guisa que logo o enforcasse.
Entón mandou a un ome que da prijón o tirasse;
e el foiss' e fez un furto, en que passou a postura.
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

foiss' e] foisse e *E*

E logo que fez o furto, tan toste foi recadado
dentro na vila do Port' e ant' o alcaide levado
foi con esso que furtara, que lle disse: «Malfadado,
ja outro furto ás feito como maa criatura».
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

E respós ao alcaide: «Por Deus e por caridade,
fazede de min justiça, ca jurei gran falsidade;
por én non vos detennades en destruír gran maldade,
ca d' oimais ena mia vida non é senón amargura».
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

Quand' est' oíron as gentes, loaron os justiceiros,
Jesucristo e sa madre, sennores dereitureiros;
e logo aquel astroso fillárono os monteiros
e posérono na forca suso na maior altura.
Macar é Santa María sennor de mui gran mesura, …

astroso] astrosso *E*

CSM 393

E 352v-353r

Como Santa María do Porto guareceu a un meninno que trouxeron a sa casa ravioso

Macar é door a ravia maravillosa e forte,
aginna a toll' a madre do que ena cruz pres morte.

toll' a] tolla a *E*

Ca segund' enfermidade ravia de melanconía
vén, que é negra e forte e dura e de perfía.
Tod' aquesto á no demo, e por én Santa María,
que éste dele contralla, a tolle e dá conorte[449].
Macar é door a ravia maravillosa e forte…

Tod'] E tod' *E*

Desto mostrou no Gran Porto mui gran maravilla fera
a Virgen Santa María a un ome que vẽera
d' Arcos, e que ja raivoso seu neto alí trouxera
en tal que chegass' i ante que uviasse prender morte.
Macar é door a ravia maravillosa e forte…

Aquel meninno Afonso nome de baptism' avía,[450]
assí come seu avoo que o alí aduzía;
e chegaron ao Porto mércores, primeiro día
d' abril, e ena igreja entraron con gran conorte,
Macar é door a ravia maravillosa e forte…

meninno] ninno *E*

primeiro] primero *E*

Que a Virgen groriosa aquel mininno sãasse,
que atal ravia avía, que quenquer ll' ementasse
que bevess' agua ou vinno, que logo non s' espantasse,
e tan forte se torcía come quen coita a morte.
Macar é door a ravia maravillosa e forte…

Desta guisa quatro días passara que non bevera
cousa que de bever fosse e tan gran coita sofrera,
que tod' ome que o visse terría que ja morrera;
mas non quis a que nas coitas acorre e dá conorte.
Macar é door a ravia maravillosa e forte…

E ena primeira noite que teve ena igreja
vigía da Virgen santa, que sempre bẽeita seja,
de sa enfermidad' ouve melloría tan sobeja,

449 Obsérvese como en cada cobra se alternan «conorte» e «morte» que funcionan como palabra rima, a segunda delas, reiterada desde o refrán.

450 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso, corrixindo a voz «ninno» en «meninno».

que beveu muita d' agua, con que ben guareceu de morte. **ben**] *Om. E*
Macar é door a ravia maravillosa e forte…

E des alí adeante foi guarid' e mui ben são;
e pois desto don Afonso, seu avoo, foi certão:
entendeu quen ben servía aa Virgen, que en vão
non fazía seu serviço, ca nas coitas dá conorte.
Macar é door a ravia maravillosa e forte…

E por end' el e os outros todos quantos i estavan
as mãos contra o ceo de consũu as alçavan,
e log' a Santa María por ende loores davan,
porque assí o meninno guariu de tan cruel morte.
Macar é door a ravia maravillosa e forte…

CSM 394 / (CSM 187)

T 244v; E 174v-175r; E_1 353r-353v

Esta é dun mõesteiro de Jerusalén, como lles deu Santa María muito trigo en un ano caro e depois muito ouro

CSM 395 / (CSM 165)

T 220v-221r; E 158r-159r; E_1 354r-355r

Esta é como Santa María defendeu ũa vila que chaman Tortosa, en Ultramar, dun soldán que a quería fillar

CSM 396 / (CSM 289)

E 259r-259v; E_1 355r-355v

Como Santa María de Tocha guariu un lavrador que andava segando en día de san Quíreze, que se lle cerraron os punnos ambos

CSM 397 / (CSM 192)

T 251v-252r; E 177v-179r; E_1 355v-357r

Como Santa María tirou un mouro que era cativo en Consogra do poder do demo

CSM 398[451]

E 357r-358r

A madre do pastor bõo que connosceu seu gãado
ben pode guardar aquele que lle for acomendado.

Ca o día da gran cẽa, pois ouv' os pees lavados
a seus discípulos, disse que per ele mui guardados
serían, ca pastor era bõo e que seus gãados
connoscía sí meesmo por dar a todos recado.
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado…

connoscía] conoscie *E*
connosceu] conoceu *E*

Onde en atal semellança demostrou Santa María
gran miragre no seu Porto, que ant' o seu nom' avía,
que de Xerez é mui preto, na fin da Andaluzía,
u o mar Mediterrano cono mui grand' é juntado.
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado…

Mediterrano] Mediterano *E*
connosceu] conosceu *E*

Alí el rei don Afonso de León e de Castela
fez fazer ũa egreja muit' aposta e mui bela,
que deu a Santa María por casa e por capela,
en que dela foss' o nome de muitas gentes loado.
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado…

Castela] Castella *E*

E en quanto a lavravan, demostrou i mui fremosos
miragres Santa María, e d' oír mui saborosos,
pera os que sa mercee d' avela son desejosos;
mais un deles ontr' os outros vos será per min contado.
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado…

desejosos] desejos *E*
connosceu] conosceu *E*

Un poblador i morava que vẽera dos primeiros,
e don Domingo avía nom', e triinta cordeiros
que i tiinna perdera; e per vales e outeiros

451 A rúbrica que precede esta cantiga é incorrecta, pois, polo contido, pertenece á CSM 197: «Como Santa María de Terena guariu un ome porcariço de demo e re[s]suscitoo de morte a vida». Como a rúbrica errónea tamén se constata no índice, non se puido corrixir aquí.

os andou tod' aquel día buscando, o mui coitado. — **o**] os *E*
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado… — **connosceu**] conosceu *E*

Enquanto os el buscava con mui gran coita sobeja,
a sa moller, dona Sancha, foi chorand' aa igreja
e diss': «Ai, Santa María, pela ta mercee seja
que aquel gãado aja de lobos per tí guardado».
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado… — **connosceu**] conosceu *E*

E seu marido, con coita de os achar, non quedava
de buscalos pelos montes, e pero non os achava;
mais depois a tercer día viu o gãad' u estava — **día**] daa *E*
de consũu e de lobos tod' en derredor cercado.
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado… — **connosceu**] conosceu *E*

E do pesar que ouvera grande ouv' entón conorto, — **grande**] grand' *E*
e foi fillar seu gãado e levoo ao Porto,
que nunca daqueles lobos un dos cordeiros foi morto;
ca o bõo pastor tiinna a sa madre por caiado.
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado… — **connosceu**] conosceu *E*

Pois esto viron as gentes, deron por ende loores
aa Virgen groriosa, que é sennor das sennores,
porque fez que os cordeiros ouvessen por guardadores
os lobos. E por én seja seu nome sempr' eixalçado.
A madre do pastor bõo que connosceu o seu gãado… — **A … gãado**] *Om. E*

CSM 399

E 358r-359r

Esta é como ena vila d' Elvas ũa moller quiso matar seu fillo e meteulle ũa agulla pela cabeça e apareceulle Santa María ante que o matasse e dísselle que tomasse pẽedença[452]

Quen usar na de Deus madre falar, e amiga,
non lle falirán razões mui bõas que diga.

Ca ben assí cada día lle crece vertude,
como creç' a Deus, seu fillo, assí el m' ajude;
e por ende o poder dela e o del recude — **e o**] e u *E*

452 A rúbrica non foi copiada, aínda que se deixou espazo para facelo. Recuperamos o texto do Índice, prescindindo da numeración.

a creceren en ben sempre e toller nemiga.
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

Por end' un miragre dela direi mui fremoso
que mostrou na vila d' Elvas, e maravilloso,
a ũa moller mui pobre, e des i astroso,
que quisera dun seu fillo seer ẽemiga.
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

mostrou] mostro *E*

seer] sẽer *E*

Ela se preçava muito de sa fremosura,
e avía un seu fillo, bela creatura;
mais tanto cobiiçava a fazer loucura,
que non dava por matalo sol ũa formiga.
Quen usar na de Deus madre falar e amiga…

Ond' avẽo que un día, seend' enserrada
en sa casa, foi cuidando muit' a malfadada
como matass' o meninno; ca desembargada
sería se o colgasse sequer dũa viga.
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

casa] cassa *E*

meninno] menino *E*

E pois cuidou muit' aquesto, fillou eno braço
o meninno e deitouo eno seu regaço,
buscando redor sí pedra; e achou un maço
e fillou ũa agulla longa com' espiga,
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

meninno e deitouo] menino e deitoo *E*

E diss' assí: «Par Deus, fillo, mui pouco me presta
de perder por tí meu tempo». E logo na testa
lle foi põer a agulla, e diss': «Oje festa
será pera mí ta morte». Mais a que abriga
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

Os pobres e os coitados pareceulle logo,
seend' as portas serradas e diss': «Eu te rogo
que non mates o meninno, mais a un moogo
te vai confessar correndo, ca Deus, que castiga
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

Os maos feitos, dart' ía por ende maa morte,
e levaría o demo ta alma en sorte;
mais contra todas tas coitas darei gran conorte,
por én maa voontade de tí derraíga.
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

E por én fill' a teu fillo nos braços privado
e vai log' aa igreja dizer teu pecado
e tan toste nas tas coitas porrei eu recado;
e come moller non faças maa que se triga
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

A fazer mal sa fazenda». E foiss' a reínna
dos Ceos, pois ll' esto disse. E log' a mesquinna
maenfestouss' e en orden entrou muit' aginna
e contra o demo froque vestiu por loriga.
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

Quantos aqueste miragre tan grande souberon
a Santa María graças logo por én deron;
des i aquele meninno criar o fezeron
e a madre polo demo non deu ũa figa.
Quen usar na de Deus madre falar e amiga, …

maenfestouss'] maenfestous' *E*

aqueste] aque *E*

CSM 400

E 359r-359v

Esta é de loor de Santa María

Pero cantigas de loor
fiz de muitas maneiras,
avendo de loar sabor
a que nos dá carreiras
como de Deus ajamos ben,
sol non tenno que dixe ren,
ca atant' é comprida
a loor da que nos mantén
que nunca á fiida.

Pero fiz com' oí dizer
que fez santa Sofía,
que sa mealla ofrecer
foi, ca máis non avía,
a Deus de mui bon coraçón;
mais o meu é mui mẽor don
que lle dou mui de grado

e cuid' end' aver gualardón
mui grand' e muit' onrado.

Ca, pero o don mui pouqu' é,
segund' a mia pobreza,
non catará est', alafé,
a Sennor da franqueza,
ca por un don, esto sei ja,
que ll' eu dé, cento me dará
dos seus mui nobres dões
e a mia mingua comprirá
conos seus gualardões.

E por én lle quero rogar
que meu don pequeninno
receb' e o queira fillar
por aquel que meninno
no seu corpo se figurou
e se fez om' e nos salvou
por nos dar Paraíso
e pois consigo a levou
e foi i de bon siso.

pequeninno] pequeno *E*

CSM 401[453]

To 133v-136r; E 359v-361v

Esta é a pitiçón que fez el rei don Afonso a Santa María por galardón destos cen cantares que ouve feitos dos seus miragres

Rúbrica] *Om. E*

Macar poucos cantares acabei e con son,
Virgen, dos teus miragres, péçoch' ora por don
que rogues a teu fillo, Deus, que el me perdón
os pecados que fige, pero que muitos son,
e do seu Paraíso non me diga de non,

Macar poucos cantares] Pois cen cantares feitos *To*

453 Este é un dos textos máis coñecidos porque era o que puña o peche á colección inicial de cen cantigas, tal e como o reflectía o primeiro verso que transmite o Códice *To*, que alude á centena de cantigas xa rematadas. Cando o proxecto se viu ampliado, este texto aproveitouse igualmente porque expresaba a solicitude que o rei Afonso lle elevaba á Virxe, pero como o número de cantigas se viu multiplicado, este verso inicial tivo que ser modificado de acordo ao novo proxecto, tal como recolle o Códice *E*; e o mesmo sucede no verso 12, pero non na rúbrica que non foi transcrita en *E*.

nen eno gran joízo entre migu' en razón, — **joízo**] juízio *E*
nen que polos meus erros xe me mostre felón; — **xe**] se *E*
e tu, mia sennor, rógall' agora e entón
muit' aficadamente por mí de coraçón
e por este serviço dám' este galardón.

Pois a tí, Virgen, prougue que dos miragres teus
fezess' ende cantares, rógote que a Deus, — **ende**] eu cen *To*
teu fillo, por mí rogues que os pecados meus
me perdon' e me queira receber ontr' os seus — **receber**] recebir *E*
no santo Paraíso, u éste san Mateus,
san Pedr' e Santiago, a que van os romeus, — **Santiago**] Santigo *E*
e que en este mundo queira que os encreus
mouros destroír possa, que son dos filisteus, — **destroír**] destruír *E*
com' a seus ẽemigos destroíu Macabeus — **destroíu**] destruíu *E*
Judas, que foi gran tempo cabdelo dos judeus.

E al te rog' aínda, que lle queiras rogar — **queiras**] queras *To*
que do diab' arteiro me queira el guardar, — **queira**] quera *To*
que punna toda vía pera om' enartar — **punna**] puna *E*
per muitas de maneiras, por fazelo pecar,
e que el me dé siso que me poss' amparar
dele e das sas obras, con que el faz obrar
mui mal a quen o cree e pois s' én mal achar,
e que contra os mouros, que terra d' Ultramar
tẽen e en Espanna gran part', a meu pesar,
me dé poder e força pera os én deitar.

Outros rogos sen estes te quer' ora fazer: — **te**] ti *To*
que rogues a teu fillo que me faça viver
per que servilo possa, e que me dé poder
contra seus ẽemigos e lles faça perder
o que tẽen forçado, que non deven aver, — **tẽen**] teen *To*
e me guarde de morte per ocajón prender, — **ocajón**] oqueijón *To*
e que de meus amigos veja sempre prazer,
e que possa mias gentes en jostiça tẽer, — **jostiça**] justiça *E*
e que sempre ben sabia empregar meu aver,
que os que mio fillaren mio sabian gradecer.

E aínda te rogo, Virgen, Bõa Sennor,
que rogues a teu fillo que, mentr' eu aquí for
en este mundo, queira que faça o mellor,
per que del e dos bõos sempr' aja seu amor; — **per**] por *To*
e, pois rei me fez, queira que rein' a seu sabor,
e de mí e dos reinos seja el guardador,

que me deu e dar pode quando ll' en prazer for;
e que el me defenda de fals' e traedor,
e outrossí me guarde de mal consellador
e d' ome que mal serve e é mui pedidor.

E pois ei começado, Sennor, de te pedir — **te**] ti *To*
mercees que me gães se o Deus por ben vir,
rógalle que me guarde de quen non quer gracir
algo que ll' ome faça nen o ar quer servir,
outrossí de quen busca razón pera falir, — **de quen**] do que *To*
non avendo vergonna d' errar nen de mentir,
e de quen dá joízo sen o ben departir — **joízo**] juízio *E* | **sen o**] sẽn o *To*
nen outro gran consello sen ant' i comedir,
e d' ome mui falido que outro quer cousir, — **outro**] outri *To*
e d' ome que mal joga e quer muito riir.

Outrossí por mí roga, Sennor do bon talán, — **Outrossí**] Outrosí *E* | **Sennor**] virgen *E*
que me guard' o teu fillo daquel que adamán
mostra sempr' en seus feitos, e daqueles que dan
pouco por gran vileza e vergonna non an,
e por pouco serviço mostran que grand' afán — **serviço**] servico *E*
prenden uquer que vaan, pero longe non van;
outrossí que me guardes d' ome torp' alvardán,
e d' ome que assaca, que é peor que can, — **peor**] peior *To*
e dos que lealdade non preçan quant' un pan,
pero que sempr' en ela muito faland' están. — **sempr' en**] sempre en *To*

E aínda te rogo, Sennor Espirital,
que rogues a teu fillo que el me dé atal
siso, per que non caia en pecado mortal,
e que non aja medo do gran fogu' infernal, — **infernal**] ifernal *To*
e me guarde meu corpo d' ocajón e de mal — **d' ocajón**] d' oqueijón *To*
e d' amigu' encuberto, que a gran coita fal, — **encuberto**] encoberto *To*
e de quen ten en pouco de seer desleal,
e daquel que se preça muit' e mui pouco val,
e de quen en seus feitos sempr' é descomunal.
Esto por don cho peço, e ar pedirch' ei al, — **pedirch' ei**] pidirch' ei *E*

Sennor Santa María, pois que começad' ei;
de pedirche mercee, non me departirei, — **me departirei**] m' ende partirei *To*
por én te rogu' e peço, pois que teu fillo rei
me fez, que del me gães siso, que mester ei,
con que me guardar possa do que me non guardei, — **me guardar**] guardarme *To*
per que d' oj' adeante non erre com' errei — **com' errei**] se errei *To*
nen meu aver empregue tan mal com' empreguei

en algũus logares, segundo que eu sei,
perdend' el e meu tempo e aos que o dei;
mas des oimais me guarde, e guardado serei.

guarde] guarda *To*, guardo *E*

Tantas son as mercees, Sennor, que en tí á,
que por ende te rogo que rogues o que dá
seu ben aos que ama, ca sei que o fará
se o tu por ben vires; que me dé o que ja
lle pedí muitas vezes: que quando for alá
no Paraíso, veja a tí sempr' e acá
m' acorra en mias coitas por tí, e averá-
me bon galardón dado; e sempre fiará
en tí quen souber esto e máis te servirá
por quanto me feziste de ben, e t' amará.

que o] ca o *E*
por] *Om. To* | **vires**] rogares *To*
m'acorra] mi acorra *To, E*
feziste] fiziste *To*

CSM 402[454]

E 361r-361v

Santa María, némbrevos de mí
e daquelo pouco que vos serví.

Non catedes a como pecador
sõo, mais catad' a vossa valor
e por un mui pouco que de loor
dixe de vós, en que ren non mentí.
Santa María, némbrevos de mí…

mí] min *E*

Non catedes como pequei assaz,
mais catad' o gran ben que en vós jaz,
ca vós me fezestes como quen faz
sa cousa quita toda pera sí.
Santa María, némbrevos de mí…

némbrevos] nembre *E* | **de mí**] *Om. E*

Non catedes a como pequei greu,
mais catad' o gran ben que vos Deus deu,
ca outro ben senón vós non ei eu

454 A cantiga carece de rúbrica, aínda que se deixou espazo para a súa copia.

nen ouve nunca des quando nací.
Santa María, némbrevos de mí… **de mí**] *Om. E*

Non catedes en como fui errar,
mas catad' o vosso ben que sen par
ést' e de como Deus a perdõar-
nos á por vós; e sei que est' assí.
Santa María, némbrevos de mí… **de mí**] *Om. E*

Non catedes a como fui falir,
mais catade como non sei u ir
senón a vós por mercee pedir,
u a achei cada que a pedí.
Santa María, némbrevos de mí… **de mí**] *Om. E*

E querede que vos veja alí
u vós sodes, quando me for d' aquí.

CSM 403[455]

To 63r-64r

Esta é dos sete pesares que viu Santa María do seu fillo

Esta é] Esta L[a] é *To*

Aver non podería
lágrimas que chorasse
quantas chorar querría,
se m' ante non nembrasse
como Santa María
viu con que lle pesasse
do fillo que avía
ante que a levasse.

Un daquestes pesares
foi quando a Egito
fugiu polos millares,
segund' achei escrito,

455 Como se pode advertir pola rúbrica de *To*, esta cantiga ocupaba o lugar central do proxecto tal como foi programado no seu inicio, cando só se pensaba nunha colección de cen cantigas.

dos mininnos a pares,
que Herodes maldito
fez matar a logares
por seu rein' aver quito.

O segundo foi quando
seu fill' ouve perdudo
tres días, e cuidando
que judeus ascondudo
llo tiinnan, e osmando
que morto ou traúdo
foss', e por el chorando,
ant' ela foi vĩúdo.

E o pesar terceiro
foi mui grand' aficado,
quando ll' un mandadeiro
disse que recadado
seu fillo verdadeiro,
Jesucrist', e liado
levavan mui senlleiro,
dos seus desamparado.

Do quarto foi coitada
u seu fillo velido
viu levar a pesada
cruz, e el mal ferido
d' açoutes e messada
a barva e cospido,
e a gent' assũada
sobr' el en apelido.

O quinto pesar forte
foi quando o poseron
na cruz e por conorte
azed' e fel lle deron;
sobre seus panos sorte
deitaron e fezeron
per que chegou a morte,
onde prazer ouveron.

O sesto foi sen falla
quando o despregaron
da cruz e con mortalla
a soterrar levaron,

e temendo baralla
o sepulcro guardaron;
mais pois, se el me valla,
alí non o acharon.

Segund' a Escritura
conta, foi o setẽo
pesar de gran tristura
e de gran doo chẽo
quando viu na altura
Deus sobir, onde vẽo,
e ficou con rancura
pois en poder allẽo.

CSM 404

To 97v-99r

Esta é como Santa María guareceu con seu leite o crérigo de grand' enfermidade, porque a loava

Esta é] Esta LXXVI[a] é *To*

Non é sen guisa d' enfermos sãar
o santo leite que Deus quis mamar.

Toller deve mal e aduzer ben
o leite que criou o que nos ten
en seu poder e nos fez de non ren
e desfará quando lle semellar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

Por end' un miragre desta razón
vos direi, que xe valrá un sermón,
de como guareceu un crerizón
Santa María, que el foi loar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

De bon linage foi aquest' assaz
e mui fremoso de corp' e de faz,
e leterado e de bon solaz,

que en sa terra non avía par.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

Cantar sabía el ben e leer
e ar dava de grado seu aver;
mas non leixav' ao demo fazer
obras que xas ant' el non foss' obrar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

E pero fazía tan muito mal,
Santa María amava máis d' al;
e en aquesto era tan leal,
que cada u viía seu altar,
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

Agẽollávasse, dizend' assí,
catand' a sa omagen, com' oí:
«Santa María, eu venno a tí
polo ben que Deus pos en ti loar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

Entr' as molleres bẽeita es tu;
ca tal come tí, u acharán, u?
Ca tu parist' o bon Sennor Jesú
que fez o ceo e terra e mar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

Por end' o teu ventr' u s' el enserrou
bẽeito seja, ca en el fillou
carne teu fillo, que Deus enviou
por salvarnos e por a tí onrar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

E as tas tetas que el mamar quis
bẽeitas sejan, ca per elas fis
somos de non irmos, par san Dinís,
a iferno, se per nós non ficar».
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

Assí loando a Madre de Deus
foi el caer polos pecados seus
en tal enfermidad' a que judeus
nen crischãos non podían prestar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

leixav' ao] leixava ao *To*

enfermos] efermos *To*

a] ao *To*

Ca frenesía o tornou sandeu
tan muito que sa lengua xe comeu,
e ar os beiços desfez e mordeu,
e comera se lle dessen vagar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

E por end' a boca e o nariz
ll' encharon tanto, com' o livro diz,
que non podían dele a serviz
nen o rostro qual era estremar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

E assí jazendo pera fiir,
un ángeo viu pera sí vĩir
que o quería guardar de falir
se podesse; e fillouss' a chorar,
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

E dizend' a grandes vozes: «Sennor,
Santa María, némbret' o amor
que t' avía aqueste pecador
que en gẽollos t' ía saudar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

E ja sa lengua, que de bon talán
te saudava, comeu come can
e os seus beiços que feos están,
con que soía no teu ben falar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

Por én, Sennor, val ao servo teu
que se non perça; ca eu sõo seu
ángeo, e acomendad' é meu,
e por én te venno por el rogar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

E que non queras que aquesta vez
se perça polos pecados que fez,
nen que o demo máis negro ca pez
o possa ao iferno levar».
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

Esto dizendo, a madre do Rei
dos Ceos toste, com' escrit' achei,
chegou e dísselle: «Porque tardei

é] *Om. To*

t' avía] ti avía *To*

vénnot' agora grand' emenda dar».
Non é sen guisa d' emfermos sãar…

vénnot' agora] vénnoti agora *E*

E entón a sa teta descobriu
e de seu leit' o rostro lle ungiu
e os peitos, e assí o guariu
que con sabor o fez adormentar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

E pois dormiu com' ome são sol
dormir, sãou do mal ond' era fol,
e entendeu que fezera sa prol
en se a Santa María deitar.
Non é sen guisa d' enfermos sãar…

CSM 405

To 101v-102v

Esta é como Santa María faz en Costantinobre decer un pano ante sa omagen

Esta é] Esta LXXVIIII[a] é *To*

De muitas guisas mostrar–
xenos quer Santa María
por xe nos fazer amar.

Nas grandes enfermidades
s' amostra con piedades,
e polas nossas maldades
toller se leixa catar.
De muitas guisas mostrar…

Dest' un miragre mui nobre
mostrou en Costantinobre
aquela que nos encobre
e que nos faz perdõar,
De muitas guisas mostrar…

Madre do que nos governa,
e que é nossa lenterna,
ena que chaman Luzerna,

igreja cabo do mar.
De muitas guisas mostrar…

Alí á ũa fegura
da Virgen santa e pura,
fremosa sobre mesura,
posta sóbelo altar.
De muitas guisas mostrar…

Ant' ela está un pano
colgado todo o ano,
que poo nen outro dano
non a possa afolar.
De muitas guisas mostrar…

Mas sesta feira ergendo[456]
se vai e aparecendo
a omagen, e correndo
a van todos aorar.
De muitas guisas mostrar…

E diz un a outr': «Aqué o
ángeo que vén do ceo,
que alça aquele veo
e faz no aire parar».
De muitas guisas mostrar…

Tod' essa noit' e o día
de sábado romaría
vén i e gran crerezía
pera as oras cantar.
De muitas guisas mostrar…

E pois veen descoberta
a omagen, grand' oferta
dan i, est' é cousa certa;
demais fíllans' a chorar
De muitas guisas mostrar…

Todos mui de voontade,
pois veen a majestade,
loand' a gran piedade
da Virgen que non á par.
De muitas guisas mostrar…

456 É dicir, os venres, víspera do día consagrado á Virxe.

Poi-lo sábad' acabado
é, o ángeo privado
á log' o pano deitado
como x' ante sol estar
De muitas guisas mostrar…

Ant' a omagen. E isto
é cada sábado visto
por prazer de Jesocristo,
que se quer sa madr' onrar.
De muitas guisas mostrar…

CSM 406[457]

To 148r-148v

Esta primeira é das maias[458]

Ben vennas, maio, e con alegría;
por én roguemos a Santa María
que a seu fillo rogue toda vía
que el nos guarde d' err' e de folía.
Ben vennas, maio, e con alegría[459].

Ben vennas, maio, con toda saúde,
por que roguemos a de gran vertude[460]

roguemos] loemos *To*

457 Con esta cantiga dá comenzo o terceiro apéndice das cantigas contidas no Códice *To*. Veremos como na CSM 411, o Rei indica que, despois de pechar a súa colección de cen cantares (*Vid*. CSM 401 e CSM 422), decide facer outras cinco cantigas máis para conmemorar as cinco *festas da Virxe*: serán estas a Natividade da Virxe, CSM 411; o saúdo do anxo Gabriel, CSM 415; a virxindade de María, CSM 413; a presentación do Neno no templo, CSM 417 e a Asunción da Virxe, CSM 419. Pero o cancioneiro aínda non rematou aquí xa que o Rei decidiu compoñer outras cinco cantigas máis que conmemorasen as cinco *festas de Cristo*, como advirte na rúbrica que precede a CSM 423: *Pois que el Rei fez cinco cantigas das cinco festas de Santa María, teve por ben de fazer outras cinco cantigas das cinco festas de Nostro Sennor Jesucristo.* A estes diferentes apéndices é ao que fai referencia a rúbrica explicativa que precede esta CSM 406: *Depois que el Rei fez estas cinco cantigas das cinco festas de Nostro Sennor fez outras cantigas de miragres de Santa María,* que presenta un novo bloque de cantigas dedicadas a outras *festas da Virxe*, sendo esta a primeira delas. A desorde que amosa a numeración destes textos nesta edición débese a que respectamos a numeración da edición de Walter Mettmann (que é a coñecida por todos/as os/as estudosos/as deste corpus), quen se viu na obriga de numerar correlativamente unha serie de cantigas que aparecen dispersas nos códices.

458 Como xa se indicou, esta rúbrica vén precedida doutra, de carácter máis xeral que figura unicamente no Códice *To* e que indica que se abre un novo capítulo na colección. A rúbrica di: *Depois que el Rei fez estas cinco cantigas das cinco festas de Nostro Sennor fez outras cantigas de miragres de Santa María.*

459 Antes deste verso 5 copiouse, por erro, e en tinta negra, o primeiro hemistiquio do refrán, *«Ben vennas, maio»*.

460 Corriximos o verbo para manter a uniformidade no texto. Procedemos do mesmo xeito no v. 12.

que a Deus rogue que nos sempr' ajude
contra o dem' e des i nos escude.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, e con lealdade,
por que roguemos a de gran bondade
que sempre aja de nós piadade
e que nos guarde de toda maldade.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, con muitas requezas;
e nós roguemos a que á nobrezas
en sí mui grandes, que nos de tristezas
guard' e de coitas e ar d' avolezas.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, coberto de fruitas;
e nós roguemos a que sempre duitas
á sas mercees de fazer én muitas,
que nos defenda do dem' e sas luitas.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, con bõos sabores;
e nós roguemos e demos loores
aa que sempre por nós, pecadores,
rog' a Deus, que nos guarde de doores.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, con vacas e touros;
e nós roguemos a que nos tesouros
de Jesocristo é, que aos mouros
cedo cofonda, e brancos e louros.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, alegr' e sen sanna;
e nós roguemos a quen nos gaanna
ben de seu fillo, que nos dé tamanna
força, que saian os mouros d' Espanna.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, con muitos gãados;
e nós roguemos a que os pecados
faz que nos sejan de Deus perdõados,
que de seu fillo nos faça privados.
Ben vennas, maio, e con alegría.

roguemos] loemos *To*

Ben vennas, maio, con bõo verão;
e nós roguemos a Virgen de chão
que nos defenda d' ome mui vilão
e d' atrevud' e de torp' alvardão.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, con pan e con vinno;
e nós roguemos a que Deus mininno
troux' en seus braços, que nos dé caminno
por que sejamos con ela festinno.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, mans' e non sannudo;
e nós roguemos a que noss' escudo
é, que nos guarde de louc' atrevudo
e d' om' eanno e desconnoçudo.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, alegr' e fremoso;
por end' a Madre do Rei Grorioso
roguemos que nos guarde do nojoso
om' e de falso e de mentiroso.
Ben vennas, maio, e con alegría.

Ben vennas, maio, con bõos manjares;
e nós roguemos en nossos cantares
a Santa Virgen, ant' os seus altares,
que nos defenda de grandes pesares.
Ben vennas, maio, e con alegría.

con alegría] *Om. To*

CSM 407

To ff. 158v-159r

Esta é como Santa María fez veer ao ome que cegara porque se comendara ao demo

Esta é] Esta XII[a] é *To*

Como o demo cofonder,
nos quer acorrer
Santa María e valer
e del defender.

Dest' un miragre vos contarei que vi
escrit' en livro, e dizía assí
com' oiredes adeante per mí,
que foi a Virgen fazer
Como o demo cofonder, …

En un cativo d' ome que foi errar[461]
porque do pee en ũa pedra dar
foi e doeuss' e por én a braadar[462]
começou e descreer:
Como o demo cofonder, …

En] E *To*

a] *Om. To*

«Aquesta pedra o demo a ficou
aquí por mí que mi meu pee britou;
e pois que pode tan muit', a el mi dou
e non quer' en Deus creer».
Como o demo cofonder, …

Aquesto disse con gran sanna mortal;
e log' alí o prendeu un tan gran mal,
que come tolleito se parou, atal
que cuidou log' a morrer.
Como o demo cofonder, …

E demais la vista dos ollos perdeu,
e o poder do corpo si ll' ar tolleu,
e con mui gran coita en terra caeu
que se non pod' end' erger.
Como o demo cofonder, …

461 Concordamos coa proposta de Mettmann, que mellora o sentido da secuencia.

462 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría.

Mas seus parentes o fillaron d' alí
e o levaron a sa casa, e i
o deitaron en un leito e assí
leixárono i jazer.
Como o demo cofonder, …

E pidindo por Deus jouv' i gran sazón,
chorand' e rogándolle de coraçón
que dos seus erros podess' aver perdón
e que lle foss' en prazer.
Como o demo cofonder, …

Mas pois, na festa en que Deus resurgiu,
dos madodinnos a campãa oíu
e ũa dona cabo sí estar viu,
e começoull' a dizer:
Como o demo confonder, …

«Porque sofriste teu mal e ta door
en paz, por ende praz a Nostro Sennor
que cedo sães e recebas sabor
per que possas ben viver.
Como o demo cofonder, …

E crei ora esto que ti digu' eu:
fas que te leven tost' ant' o altar meu;
e pois i fores, saúd' o corpo teu
logo poderá aver».
Como o demo cofonder, …

Respós el: «Esto farei logo de pran».
E fézess' entón levar i manamán,
e tornou são pela do bon talán,
a de que Deus quis nacer.
Como o demo cofonder, …

CSM 408

F 15v

Esta é como Santa María sãou o escudeiro a que deron a saetada polo costado

De spirital cilurgía
ben obra Santa María.

Ca non vos obra con ervas, nen con raízes nen frores,
nen con especias outras, macar x' an bõos odores;
mas val aos pecadores
con vertude que en sí á.[463]
De spirital cilurgía…

Dest' avẽo un miragre que mostrou ũa vegada
en Salas, u mostra muitos esta benaventurada,
dun que grande saetada[464]
recebeu en Lombardía.
De spirital cilurgía…

Este de que vos eu falo era fidalgu' escudeiro
e foi en ũa fazenda bõo, ardid' e ligeiro;
mas foi per un baesteiro
mui mal chagad' aquel día.
De sperital cilurgía…

Ca lle falsou os costados a saeta que de forte
baesta fora tirada e colleu tal desconorte
que ben cuidou prender morte
que al i non avería.
De sperital cilurgía…

Por end' a Santa María s' ouve log' acomendado
e tiráronll' a saeta ben pelo outro costado;
des i o logar sarrado
foi que ren non parecía.
De spirital cilurgía…

E desto Santa María de Salas quantos estavan
no logar, que o miragre viron, muito a loavan,[465]

grande] gran *F*

loavan] loaron *E*

463 Aínda que distingamos gráficamente a 3P do verbo *haber*, a rima indica que se debe ler «sía».

464 Concordamos coa proposta de Mettmann para resolver a hipometría do verso, substituíndo a voz «gran» pola súa forma desenvolvida «grande».

465 Eliximos a solución de Mettmann para restituír o patrón de rimas.

e a aquel consellavan
que foss' i en romaría.
De spirital cilurgía…

CSM 409

F 109v

Esta é de loor de Santa María

Esta é de] *Om. F*

Cantando e con dança
seja por nós loda
a Virgen corõada
que é noss' asperança.

Seja por nós loada
e dereito faremos
pois seu ben atendemos
e d' aver o tẽemos
por cousa mui guisada,
ca é noss' avogada
e de certo sabemos
que de Deus averemos
perdón e guannaremos
sa mercé acabada[466]
per ela, que á dada
per muitas de maneiras
a nós e dá carreiras
d' avermos perdoança.
Cantando e con dança…

Cantando e con dança] *Om. F*

Por ende se loada
é de santa eigreja,
esto convén que seja,
pois gran graça sobeja
per ela an gãada
de Deus, per que onrada
é de quanto deseja,
de que o dem' enveja
á, e por que peleja

466 Vv. 14 e 44, *Vid.* CSM 207, v. 4.

nosco muit' aficada-
ment' e non gãa nada
ca ela toda vía
destrúe sa perfía
e dános del vingança.
Cantando e con dança…

Reis e emperadores
todos comũalmente
a todo seu ciente
deven de bõa mente
darlle grandes loores,
ca per ela sennores
son de toda a gente
e cada ũu sente
dela compridamente
mercees e amores,
e macar pecadores
sejan, a Virgen bõa
mui toste os perdõa
sen nulla dovidança.
Cantando e con dança…

Des i os oradores
e os religiosos,
macar son omildosos,
deven muit' aguçosos
seer e sabedores
en fazerlle sabores,
cantando saborosos
cantares e fremosos
dos seus maravillosos
miragres, que son frores
doutros e mui mellores,
est' é cousa sabuda,
ca por nossa ajuda
os faz sen demorança.
Cantando e con dança…

Outrossí cavaleiros
e as donas onradas
loores mui grãadas
deven per eles dadas
seer, e mercẽeiros,
e demais deanteiros
en fazer sinaadas

mercẽeiros] mercẽeros *F*

cousas e mui preçadas
por ela, que contadas
sejan, que verdadeiros
lles son e prazenteiros,
ca serán perdõados
por ende seus pecados
e guardados d' errança.
Cantando e con dança…

Donzelas, escudeiros,
burgeses, cidadãos,
outrossí aldeãos,
mesteiraes, ruãos,
des i os mercadeiros
non deven postremeiros
seer, mais com' irmãos
todos alçand' as mãos
con corações sãos,
en esto companneiros
deven seer obreiros
loand' a Virgen santa,
que o demo quebranta
por nossa amparança.
Cantando e con dança…

Cantando e con dança] *Om. F*

CSM 410[467]

E_1 1v

Prólogo das cantigas das cinco festas de Santa María

Quen Santa María servir,
non pode no seu ben falir.

E porque eu gran sabor ei
de a servir, servila ei,
e quanto poder punnarei

467 A rúbrica que precede esta cantiga, transcrita en letras maiúsculas e combinado as cores azul e vermella, desprégase polos dous primeiros folios escritos do Códice *E*, pois «María» está copiado no f. 2r, e a continuación atopamos «Primeira», que dá paso, efectivamente, á primeira cantiga das festas da Virxe (*Vid.* CSM 406). Corresponde este bloque ás cantigas que aparecen copiadas nos últimos folios do Códice *To* que, como se sabe, foi desmembrado e aproveitados os seus textos (e música) para compoñer os outros códices, pero non sempre se respectou a orde orixinal. Esta é a proba: as cantigas que celebran as festas da Virxe aparecen en *E* ao principio de todo, nun caderno que puido circular solto antes de que se unira ao códice tal como o coñecemos hoxe.

dos seus miragres descobrir.
Quen Santa María servir, …

Pero direi ant' en bon son
das sas cinque festas, que son
mui nobres, e direi razón
que praza a quen a oír.
Quen Santa María servir, …

Santa Egreja ordinou
cinque festas, porque achou
cinque letras no nome sou,
como vos quero departir.
Quen Santa María servir, …

departir] depatir *E*

A primeira, que M é,
mostra de com' a nossa fe,
nacend' ela, naceu e sé
i firm' a quen o comedir.
Quen Santa María servir, …

A mostra a saudación
d' *Ave* que Gabriel entón
lle disse que fillo barón,
deus e om', iría parir.
Quen Santa María servir, …

R mostra como reinou
ontr' as virgẽes, u amou
sa virgiīdad' e guardou
por toda bondade comprir.
Quen Santa María servir, …

I, indo de ben en mellor
foi ofrecer o salvador,
seu fill', a Deus con gran sabor
de fazernos a Ceo ir.
Quen Santa María servir, …

A ar mostrou carreira tal
u desta vida temporal
sobiu aa celestial
por nos fazer alá sobir.
Quen Santa María servir, …

CSM 411[468]

To 136r-139r; E 2r-4r

Esta é a primeira, da Nacença de Santa María, que cae no mes de setembro

Esta é a primeira] E esta primeira *To*
setembro] setembro e começa assí *To*

Bẽeito foi o día e benaventurada
a ora que a Virgen, madre de Deus, foi nada.

E daquesta nacença falou muit' Isaía,
e profetando disse que árvor sairía
ben da raíz de Jesse, e que tal fror faría
que do Sant' Espírito de Deus fosse morada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

nacença] nacencia *E*
da] de *E*

Outros profetas muitos daquesto profetaron,
e os evangelistas desta sennor falaron
com' era de gran guisa, e dos reis ar contaron
do linnag' onde viinna esta sennor onrada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

evangelistas] evvangelistas *E*
dos] os *To*
linnag'] linaj' *To*
Bẽeito] Beeito *E*

Mas pero de seu padre, que Joaquín chamado
foi, e sa madre Ana, direivos seu estado:
quanto no mund' ouveron partiron per recado
que de quanto avían non lles ficava nada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

mund'] mundo *E*

Ca Joaquín e Ana tal acordo preseron,
que fezeron tres partes de quant' aver ouveron:
a ũa pera pobres, a outra reteveron
pera sí, a terceira ao templ' era dada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Bẽeito] Beeito *E*

Enquant' esta companna santa assí obrava,
Deus tódalas sas cousas dous tant' acrecentava;
mais non lles dava fillo, por que coitad' andava

mais] mas *E*

468 Unha vez rematado o proxecto inicial de compoñer cen cantigas en honor da Virxe (CSM 422) e engadir a cantiga de *Petiçón* (CSM 401), o Rei aínda se anima a compoñer outras cinco cantigas nas que se conmemorasen as cinco festas da Virxe, que se corresponden con momentos especialmente ditosos na súa biografía, e así o indica cunha rúbrica explicativa en prosa que se intercala entre o final da *Petiçón* e esta primeira *festa* no Códice *To* (f.136r), que di: «Pois que el Rei fez cen cantares de miragres e de loores de Santa María e ouve feita sa pitiçón, teve por ben de fazer outras cinco cantigas das sas festas do ano». Estas festas son: a Natividade da Virxe, CSM 411; o saúdo do anxo Gabriel, CSM 415; a ofrenda dos Reis Magos, CSM 424; a presentación do Neno no templo, CSM 417 e a Asunción da Virxe, CSM 419. Como xa se ten comprobado, o marial aínda non rematou así.

muit' end' ele; mas ela era én máis coitada,
Bẽeito foi o día e benaventurada… **benaventurada**] benaveturada *To*

Porque os rezõavan por malditos as gentes.
E por én fillou ele ofertas e presentes
que levass' ao templo con outros seus parentes;
mas Rubén e Simeón vedáronll' a entrada,
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Que lle disseron logo: «D' aquí entrar es quito,
Joaquín; por én vaite, pois de Deus es maldito,
que te non quis dar fillo, ca assí é escrito;
por end' entrar non deves en casa tan sagrada».
Bẽeito foi o día e benaventurada…

El ouve dest' embargo e vergonna tamanna,
que non foi a sa casa nen o viu sa companna; **casa**] cassa *E* | **nen o**] nen no *E*
mais fillou seus gãados e foiss' aa montanna, **mais**] mas *To*
assí que por gran tempo non fez alí tornada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Ana, quando viu esto, ouvo tan gran despeito **quando viu esto**] quande esto viu *E*
que con coita chorando se deitou en seu leito
e de grado morrera; mas non ll' ouve proveito,
ca Deus pera gran cousa xa tiinna guardada.
Bẽeito foi o día e benaventurada… **Bẽeito**] Beeito *E*

E alí u jazía gemend' e sospirando
e sa desaventura a Deus muit' enmentando **enmentando**] ementando *E*
de que era sen fillos de Joaquín, chorando,
quis Deus que do seu ángeo foss' ela confortada,
Bẽeito foi o día e benaventurada…

E dísselle: «Non temas, Ana, ca Deus oída
a ta oraçón ouve; e por én sen falida
de teu marido filla averás, que comprida
será de todos bẽes máis doutra e preçada». **bẽes**] bẽens *E*
Bẽeito foi o día e benaventurada… **Bẽeito**] be *E*

E pois ll' est' ouve dito, foiss' o ángeo logo
a Joaquín, que era metudo no meogo
dũas grandes montannas, e díssell': «Eu te rogo **díssell'**] díssel' *E*
que tornes a ta casa logo sen alongada».
Bẽeito foi o día e benaventurada…

El, cuidando que era ome, resposll' atanto:
«Com' irei a mia terra u recebí quebranto
grand' entre meus vezinnos, que eu, pelo Deus santo,
quisera que a testa me foss' ante tallada?
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Ca á porta do templo disséronmi os porteiros,
pois non avía fillos como meus companneiros,
non entraría dentro, nen aves nen cordeiros
nen ren de mia oferta non sería fillada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

E por esta vergonna e por este dẽosto
fogí a esta terra, e ei ja assí posto
que nunca alá torne; e eno mes d' agosto
averá ben seis meses que fiz aquí estada
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Entr' aquestas montannas, que é terra esquiva,
con estes meus gãados; ca máis me val que viva
en logar apartado, que vida mui cativa
fazer entre mias gentes, vergonnos' e viltada».
Bẽeito foi o día e benaventurada…

O ángeo lle disse: «Eu soon mandadeiro
a tí de Deus do Ceo por te fazer certeiro
que de ta moller Ana averás tal erdeiro
per que toda a terra será enlumẽada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

E se esto que digo tẽes por maravilla,
certãamente cree que te dará Deus filla,
que o que perdeu Eva per sa gran pecadilla
cobrars' á per aquesta, que será avogada
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Entre Deus e as gentes que foren pecadores.
Por én vaite ta vía e leixa teus pastores
que guarden teus gãados; ca muito son maiores
de Deus as sas mercees ca ren que foss' osmada».
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Quando Joaquín esto oíu, logu' esmorido
caeu e jouv' en terra fóra de seu sentido,
atẽes que o ángeo foi d' alí partido,

vezinnos] vizinnos *To* | **pelo**] palo *To, E*
foss'] fosse *E*
companneiros] compannos *E*
enlumẽada] enlumeada *E*
cree] crei *To*
as] las *To*
atẽes] atães *E*

que seus omens o foron erger sen detardada
Bẽeito foi o día e benaventurada…

E que lle preguntaron logo o que ouvera,
que tal peça en terra esmorido jouvera.
E el contoulles quant' o ángeo lle dissera;
e eles lle disseron: «De vos ir é guisada
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Cousa, e non passedes de Deus seu mandamento,
e id' á vossa casa logo sen tardamento;
ca se o non fezerdes, quiçai por escarmento
vos dará Deus tal morte que será mui sõada».
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Tanto ll' esto mostraron e per tantas razões,
que lles respós chorando: «Pois que vos praz, varões,
farei vosso consello; mais, por Deus, companões,
guardádemi os gãados en aquesta mallada».
Bẽeito foi o día e benaventurada…

E pois lles esto disse, meteuss' aa carreira
por s' ir pera sa casa veer sa companneira,
que o bẽeit' ángeo fezera ja certeira
que Joaquín verría pela porta dourada,
Bẽeito foi o día e benaventurada…

E que a el saísse recebelo aginna,
ca Deus enas sas coitas porría meezinna
e lle daría filla dele tal que reínna
sería deste mundo e dos ceos chamada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Quand' aquest' oíu Ana, que jazía gemendo
e sospirand', ergeusse e foi alá correndo,
e levou seus parentes sigo, com' eu aprendo,
ben como se ouvess' a casar outra vegada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

E pois viu seu marido, obridou seus pesares
e con muitas saúdes e muitos abraçares
o acolleu mui leda, e pois muitos manjares
lle guisou, e sa casa mui ben encortinnada,
Bẽeito foi o día e benaventurada…

omens] omees *To*

mais] mas *To*

meteuss'] meteusse *E*
companneira] companeira *E*
bẽeit'] bẽeito *E* | **ja**] *Om. E*

aginna] agina *E*
meezinna] mẽezinna *E*

sospirand', ergeusse] sospirand' e ergeusse *E*

ouvess'] ouvesse *E*

Na qual aquela noite, est' é cousa sabuda,
foi na bẽeita Ana a Virgen concebuda,
a que pelos profetas nos fora prometuda
ante que esto fosse mui gran sazón passada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

mui] mi *To*

E logo que foi viva no corpo de sa madre,
foi quita do pecado que Adán, nosso padre,
fezera per consello daquel que, pero ladre
por nos levar consigo, a porta ll' é serrada
Bẽeito foi o día e benaventurada…

Do inferno. Ca esta lle pos a serradura
e abriu Paraíso, que per malaventura
serrou nossa madr' Eva, que con mui gran loucura
comeu daquela fruita que Deus ll' ouve vedada.
Bẽeito foi o día e benaventurada…

inferno] iferno *To*

madr'] madre *E*

Bẽeito] Beeito *E* | **e benaventurada**] *Om. E*

CSM 412 / (CSM 340)

E 304v-305r; E_1 4r-4v

Esta segunda das festas de loor de Santa María

CSM 413

To 139v-140r; E 4v-5v

Esta terceira é da virgĩidade de Santa María, e esta festa é no mes de dezembro, e fézea Sant' Alifonso

Rúbrica] *Om. E*
sant' Alifonso] sant' Alifonso e começa assí *To*

Tod' aqueste mund' a loar devería
a virgĩidade de Santa María.

Ca ela foi virgen ena voontade,
e foio na carne con tan gran bondade,
por que Deus do Ceo con sa deidade

en ela pres carne que el non avía,
Tod' aqueste mund' a loar devería…

Ond' ela foi prenne, mas como x' ant' era
ficou virgen, que foi maravilla fera;
ca tant' ouve door como x' ant' ouvera
que ouvesse fillo. Quen o cuidaría
Tod' aqueste mund' a loar devería…

x' ant'] ant' *E*

Que aquestas cousas dessũu juntadas
fossen e en corpo de moller achadas,
que ouvess' as tetas de leit' avondadas
e pariss', e fosse virgen toda vía?
Tod' aqueste mund' a loar devería…

dessũu] des ũu *To, E*

Mas aquesta virgen amou Deus atanto
que a emprennou do Espírito Santo,
sen prender end' ela dano nen espanto;
e ben semella de Deus tal drudaría.
Tod' aqueste mund' a loar devería…

E desto vos mostro prova verdadeira
do sol quando fer dentro ena vidreira,
que pero a passa, en nulla maneira
non fica britada de como siía.
Tod' aqueste mund' a loar devería…

Que macar o vidro do sol filla lume,
nulla ren a luz do vidro non consume;
outrossí foi esto que contra costume
foi madre e virgen, ca Deus xo quería.
Tod' aqueste mund' a loar devería…

CSM 414

E 5v-6r

Esta quarta é da Trĩidade de Santa María[469]

Como Deus é comprida Trĩidade
sen enader nen minguar de sí nada,
est' é cousa certa e mui provada:
tres pessoas e ũa deidade.
Segund' esto quero mostrar razón
per que sabian quantos no mundo son
de como foi virgen Santa María
en tres guisas dũa virgĩidade.

virgĩidade] virgiidade *E*

Ca ela foi virgen na voontade
e ena carn' ante que fosse dada
a José, con que foi esposada,[470]
e foi virgen tẽendo castidade,

tẽendo] tẽedo *E*

e ar foio en aquela sazón
que foi prenn' e pariu fillo barón
e ficou virgen como xe soía:
e assí foron tres en unidade.

E por end', amigos, mentes parade
e veredes obra muit' ordinnada

ordinnada] ordinada *E*

de como Deus buscou carne sagrada
en que nos mostrasse humanidade
comprida de todo ben, e d' al non,
con que podesse pois sofrer paxón
e morrer, e viver a tercer día
e destruír o dem' e sa maldade.

E macar é sennor, quis igualdade
con sa madre, a benaventurada;
ca seendo sa filla e criada,
non catou grandeza nen quantidade
de sí a ela, mais fillou faiçón
d' ome na carne dela, e entón
foi fillo da que el criad' avía
e da filla fez madr', est' é verdade.

469 Esta é a cuarta das cantigas que conmemoran as festas de Santa María que anunciaba o Prólogo copiado no Códice *E*, xusto antes de proceder á copia da CSM 410, que funciona como auténtico «Prólogo das cinco Festas de Santa María». Como se pode observar, non coincide coa cuarta «festa» do Códice *To* (CSM 417), xa que en *E* se duplicou o número destas festividades conmemorativas, seguindo unha tradición distinta.

470 O verso resulta hipómetro. Regularizamos a grafía arcaizante do manuscrito (*Josep*), pero que non sumaría unha sílaba máis.

E tant' ouv' ela en sí omildade
que dos Ceos, u era sa morada,
o fez decer na sa santivigada
carne comprida de toda bondade
en que el pose tan gran bẽeición
